A estación máis fría do ano ten unha mesma denominación en tódalas linguas neolatinas. O lat. cl. HĪĒMS ‘mala estación, inverno; mal tempo, tempestade’ foi substituído en todo o ámbito románico polo lat. vg. HĪBĒRNŪM (abreviación de TĒMPŪS HĪBĒRNŪM ‘estación invernal’) que deu lugar ás formas *inverno* do galego, que na fase medieval concorre con *iverno*, *ivierno* do asturiano²; *invierno* do castelán, *inverno* do aragonés³, *biverm* do catalán e occitano, *biver* do francés, *inverno* do italiano, *iviern* do romanche engadino, *inviarn* do friulano, *ierru* do sardo e *iarnă* do romanés⁴.

Sen embargo a estación máis quente do ano désignase popularmente con lexemas diferentes nas linguas neolatinas. Nos extremos da Romania a forma galega *verán* (e asturiano *branu*, castelán *verano*) e a romanesa *vară* son derivados do lat. UĒR ‘primavera; primavera da vida’, mentres que a forma aragonesa, catalana e occitana *estiu*, occitano *estat*⁵, francés *été*, italiano *estate*, romanche engadino *sted*, friulano *instat* e sardo *istade* derivan do lat. AESTAS ‘verán’.

En galego antigo a estación na que florecen as plantas e verdecen os prados designábase co termo *verão*, do lat. vg. VĒRĀNU (TĒMPUS), mentres que a

1 *Inverno* documéntase na poesía profana (Pero da Ponte: “Eno *inverno*, sabedes prender / logar cabo de fogo, ao comer”) e na prosa (documento de Allariz de 1302: “de que eu ey dauer cada ano çen morauedís e un jantar en *yverno* e outro en uerao”). Nas *Cantigas de Santa María* hai dous rexistros de *iverno* e un de *inverno*, mentres que nunha cantiga de Johan Baveca se rexistra a forma *invernada* coa significación de invernía, tempo de chuvia (Fernández Rei 2002a).

2 As formas do asturiano estándar están tiradas do *DALLA* (2000).

3 É a forma de Meyer-Lübke (1935: s.v. *hibernus*). En Andolz (1992: s.v. *ibierno*) é a forma do aragonés de Echo e Nobés; pero noutras falas aragonesas hai as formas *iber*, *ibern*, *ibert* (p. 244).

4 A orixe da forma romanesa está no plural neutro (TĒMPŌRĀ) HĪBĒRNĀ.

5 En aragonés *estiu* é propia dos falares de Peralta de la Sal, Ribagorza e Benasque (Andolz 1992: s.v. *estiu* e *verano*).

6 Meyer-Lübke (1935) sinala para o provenzal as formas *estat* e *estiu* nas entradas dos derivados latinos de *aestas*, *-āte* e *aestivm*, respectivamente. No occitano languedociano a forma para verán é *estiu* (Alibert 1966: s.v. *estiu*).

7 Documéntase con esa acepción tanto na poesía relixiosa como na profana: “Ben vennis, Mayo / con bõo *verão*” (*Cantigas de Santa María*); “Que muito m’eu pago deste *verão* / por estes ramos et por estas flores / e polas aves que cantan d’amores” (Airas Nunes). Tamén hai moita documentación na prosa para *verão* “primavera”: “Et daly tornaronse i para as marismas d’Espanna et ynuernarom hy. Et entrado o *verão* forõse para sua terra” (*Crónica de Casti-*

estación da calor se denominaba *estío*¹ do lat. vg. AESTIVU (TEMPUS) e tamén *estade*², que corresponde á forma clásica AESTATEM, aínda que debe tratarse dun empréstimo occitano³.

Cando apareceu a forma *primavera* aplicouse ó comezo da estación na que florecían os campos e *verão* ó final da ‘primavera’ e ó comezo da estación do ‘verán’, mentres que *estío* designou o resto do ‘verán’ (Lorenzo 1977: s.v. *verão*). O sintagma PRĪMŌ VĒRŌ, que en latín clásico significaba ‘no comezo da primavera’ e que en textos vulgares se rexistra coa significación ‘na primavera’ vai concorrer xa en latín vulgar con PRĪMĀ VĒRĀ, con cambio de xénero do neutro UĒR ou con posible xeneralización popular dun plural clásico PRĪMĀ VĒRĀ (Corominas e Pascual 1983: s.v. *verano*). Desta forma vulgar procede a *primavera* galega (e a das outras linguas románicas⁴), que non se documenta no galego medieval⁵.

No castelán medieval *verano* equivale a ‘primavera’ e *estío* era a denominación popular para a estación da calor. Segundo Corominas e Pascual (1980: s.v. *verano*), cando se introduciu *primavera* esta forma era sinónimo de *verano*, mentres que *estío* seguía designando o ‘verán’; pero houbo quen reservou *primavera* para o comezo da estación que segue o inverno, consonte co sentido do seu compoñente *prima-*, retrasando o valor de *verano* ós meses de maio, xuño e mesmo máis tarde. Isto explicaría as cinco estacións en *El Quijote* de Cervantes: “[a] la primavera sigue el verano, al verano el estío, al

lla); “o verão foy entrado en que os prados soen enverdecer” (*Crónica Troiana*). No *Tratado de albeitería* hai varios rexistros de *tempo de verão*: “E demais pois que o cauallo for de jdade ou de mais coma eruas domadas et non domadas no *tempo de veraão*” (Fernández Rei 2002a).

- 1 A forma documéntase na poesía profana: “Vi coteifes de gran brio / eno medio do *estio* / estar tremendo sen frio” (Afonso X); “que sempre avedes a morrer en invern ‘o[u] en *estio*” (Afonso X); “Ei eu gran viç[o] e grand’alegría / quando mias aves cantan no *estio*” (Aires Nunes). Na prosa rexístrase *estío* e tamén *tempo do estio*, por ex., na *General Estoria*: “que sal estonçes *oestio* et entra ho outono”, “nêgũa soonbra que elles y dem nõ podem temperar acaentura do *têpo do estio*” (Fernández Rei 2002a).
- 2 *Estade* documéntase nas *Cantigas de Santa María*: “e leytos en que jouvessen / en yvern’e en estade”; “per muitas vezes a Salas / en yvern’e en *estade*” (Fernández Rei 2002a).
- 3 En occitano medieval, á parte de *temps d’estieu* e *estiu*, documéntase a forma *estat*: “Tota la *estat*z anava per cortz”, V. de Giraud de Borneit. *Vid.* Raynouard (1836-45, s.v. *estat*).
- 4 A forma *printemps* do francés moderno vén da perífrase PRĪMUM TEMPUS (posiblemente por cruzamento de PRĪMUM VER e PRĪMUM TEMPUS).
- 5 No corpus do Proxecto de Gramática Histórica da Lingua Galega do ILG a primeira documentación está nun poema das Festas Minervales, de 1697: “E ò mar que fecunda, è rega / A Madre arida, è esteril / Bolvendo a *Primaveira*. / Prantoulle à Vniversidade, / Que è pasmo da mesma ciencia”. En portugués o primeiro rexistro de *primavera* é do séc. XVI, nun texto de Diogo Bernardes: “Não amas Filis já, a quem trazias / Na doce *Primavera* doces frutas, / sinal do gram bem que me querias?”. Nas *Décadas* de João de Barro, Diogo de Couto, etc. do séc. XVI rexístrase *verão* para a primeira estación: “O qual curso de todo ano, também como cá se reparte em quatro tempos de Verão, Estio, Autono e Inverno” (Machado 1995: s.v. *primavera*).

estío el otoño, y al otoño el invierno, y al invierno la primavera y assi torna a andarse el tiempo”.

En sardo e en corso *beranu* segue sendo actualmente a forma popular para ‘primavera’, como o era na fase medieval do galego e do castelán.

2.1.2. A ‘(man) dereita’ e a ‘(man) esquerda’

Practicamente panrománica é a denominación da man que está no lado contrario do corazón, como se ve no galego (*man*) *dereita*, asturiano e castelán (*mano*) *derecha*, catalán (*mà*) *dreta*, francés (*main*) *droite* e romanés (*mână*) *dreaptă*. En italiano (*mano*) *dritta* é forma literaria, pois o normal é (*mano*) *destra*, mentres que en galego *destro*, *-a* é forma culta. Nos textos galegos medievais está ben documentado o sintagma (*mão*) *destra* tanto na poesía como na prosa, ó igual que se documenta (*mão*) *dereita* en diversas obras en prosa (Lorenzo 1977: s.v. *dereyto* e *destro*). En latín DĒXT(Ē)RA designaba a man dereita.

Nas denominacións da man que está do lado do corazón hai un *continuum* léxico que vai de Galicia a Occitania: galego *esquerda*, asturiano e castelán *izquierda*, aragonés, catalán e occitano *esquerra*, cun radical semellante ó euskera *ezker(r)*, probablemente dunha lingua prerromana hispano-pirenaica. Para alá de Occitania hai hoxe formas con radicais tan diversos como o francés *gauche*, de orixe xermánica, e o italiano *sinistra* ou romanés *stângă* de orixe latina².

Da forma latina SINISTRA ‘man esquerda’, de onde procede a forma italiana, provén igualmente a forma galega medieval *sēestra*, que se documenta na poesía (“*mão sēestra*” nas *Cantigas de Santa María*) e na prosa (“*aa mão seestra*” na *General Estoria*; Lorenzo 1977: s.v. *seestro*); e o mesmo o castelán *sinistra* (*mano*), francés *senestre*...

2.2. De Fisterra ós Picos de Europa

2.2.1. Continuidade léxica entre galego e asturiano

Hai léxico característico do galego que tamén o é do asturiano, con semántica semellante, aínda que as palabras poden ser diferentes por mor da diferente evolución fonética propia de cada idioma. É o caso de substantivos como gal. *bouza* e ast. *boza* (*bouza* no ast. occidental), gal. *colo*³ e ast. *cuellu* como sinónimos de ‘regazo’ nas dúas linguas, gal. *pescozo* e ast. *pescuezu*, gal. e

1 En aragonés *esquerra* é forma do benasqués. Noutras falas dise *cucha* para a man esquerda (Aldolz 1992: s.v. *izquierda*, p. 550).

2 O romanés (*mână*) *stângă* e o italiano antigo (*mano*) *stanca*, que en principio significa ‘(man) cansa’ procede, do lat. (MANUM) *STANCAM. Cf. Cioranescu (1966, s.v. *stîng* (-gă)).

3 No galego de Asturias, ademais de *colo*, hai a variante palatalizada *collo*.

ast. *zuna* ‘teima, manía’; verbos como gal. *esque(n)cer* e ast. *escaecer*¹, gal. *que(n)cer* e ast. *(es)calecer*², gal. e ast. *esmorecer*, *refugar* e *xantar*³; e adverbios como gal. *arreo*⁴ e ast. *(d)arréu*, gal. *daquela* e ast. *daquella*.

Hai léxico propio do galego que á súa vez o é de falas do asturiano occidental, como ocorre con *toxu* (semellante á *árgoma* do asturiano centro-oriental) e *xeito*⁵. Por outra parte, hai léxico característico do galego oriental de Lugo e da Terra Navia-Eo veciña, que tamén o é de todo o asturiano, non só do occidental; é o caso de *aburar* ‘queimar’ (*aburiar* no ast. occidental e *amburar* no central e oriental), *cuito* ‘esterco’ e *cuítar* ‘estercar’ (no ast. central e oriental *cucho* e *cuchar*) e *freita* ‘corremento de terra; fendedura no terreo’ (no ast. central e oriental *frecha*).

E situación semellante é a de formas como *mércores* (ast. *miércoles*), *venres* (ast. *vienres*) e *xabaryl* ‘porco bravo’⁶, que no caso do galego eran características desta zona oriental pero que hoxe forman parte do galego común. O gal. *xebrar* e o ast. *(di)xebrar* ‘separar’, de emprego común nos respectivos estándares, eran formas propias do galego oriental e do asturiano occidental.

- 1 De Luarca ó Eo dise *esqueicer* (Acevedo / Fernández 1932: 101). No *DALLA* (2000) hai entrada para *esquecer*, con remisión a *escaecer*.
- 2 Esta é tamén a forma do galego de Asturias, onde non hai perda do -L-. Azevedo / Fernández (1932: s.v. *calecer*) din que de Valdés ó Eo se usa *calecer*, que é forma rexistrada máis recentemente en Mántaras-Tapia (Súarez Fernández 1996: s.v. *calecer*) e na Veiga (Fernández Vior 1998: s.v. *calecer*).
- 3 En galego *xantar* é substantivo e verbo, mentres que en asturiano hai unha forma para o verbo e outra para o substantivo: *xantar* e *xanta* (comida do mediodía) no ast. occidental, *xintar* e *xinta* no ast. central e oriental (Neira e Piñeiro 1989: s.v. *yantar*). E idéntica distinción dáse no galego da Terra Navia-Eo, tal como anotaron Azevedo e Fernández (1932: s.v. *xanta* e *xantar*) e máis recentemente Díaz López e García Galano (1996) para A Roda-Tapia e Suárez Fernández (1996) para Mántaras. E o mesmo na Veiga (Fernández Vior 1998), aínda que neste concello en Añides se usa *almorzo* e *almorzar* para *xanta* e *xantar*, de igual xeito que en puntos do leste de Lugo próximos (García 1985: s.v. *almorzar* e *almorzo*).
- 4 O adverbio *arreo* rexistrouse en puntos da Coruña (García 1985: s.v. *arreo*) e da Terra Navia-Eo, aínda que en Azevedo e Fernández (1932: s.v. *arreo*) non se indica onde se anotou. En Mántaras-Tapia rexistrouse na loc. adv. *(al) arreo de* ‘da que, de paso que’ (Súarez Fernández 1996: s.v. *arreo de*).
- 5 No *DALLA* (2000) hai entrada para *xeitu*, con indicación de que é forma occidental, e para *toxu*.
- 6 En puntos do leste de Lugo dise *xabaryl* (na estrema coa Terra Navia-Eo) e *xabarin* (na estrema co Bierzo), que pode concorrer con *porco bravo* (García 1985 s.v. *porco* e *xabaryl*). De Valdés ó Eo a forma é *xabaryl* (Acevedo e Fernández 1932: s.v. *xabaryl*), que na Veiga concorre con *cocho bravo* (Fernández Vior 1998: s.v. *cocho*). No asturiano popular dise *xabalí* ou *xabaryl*, con distinción *xabaryl* / *xabarila* nalgún falar occidental (Neira e Piñeiro 1989: s.v. *jabalí*). No *DALLA* (2000) as entradas para este animal montés son *xabalín*, *-ina* e *xabaryl*, *-ila*; ademais na entrada *gochu* ‘porco’ figura, entre as expresións fixas, *gochu montés* para ‘xabalín’.

2.2.2. Descontinuidade léxica entre galego e asturiano

Hai léxico propio do galego, incluído o da Terra Navia-Eo, que non se rexistra en asturiano, o que explica que non se incluíse no *DALLA* (2000). É o caso de formas galegas como *ameixa*, *freixo*, *maceira* (*maceiro* entre o Navia e o Eo), *pechar* e *pexego* ou *péxego* (*pésigo* de Valdés ó Eo) que se corresponden coas asturianas *nisu*, *fresnu*, *mazaneru* (e *mazanal*, *pumar*), *pesllar* e *piescu* (Andrés 2001: 130; Azevedo e Fernández 1932).

E hai léxico característico do asturiano, inexistente en galego agás nalgún caso en falas da Terra Navia-Eo e nalgunha de Lugo da estrema con Asturias. Entre esas formas tipicamente asturianas, usadas na lingua popular pero tamén en rexistros cultos, ás veces con ampliación de significado, están adxectivos como *sele* ‘calmo’ e substantivos como *andecha* ‘grupo de xente que colabora nun traballo’, *cacia* ‘vaixela’, *llercia*¹ e *llezza* ‘medo grande’, *seronda* ‘outono’ (estación) e *árgoma* ‘pranta silvestre de flores marelas e pinchos nas ramas’². Esta forma non se documenta no galego oral, nin sequera no da Terra Navia-Eo³; pero a *árgoma* como equivalente de toxo e especialmente o verbo *argomar* están en diferentes dicionarios galegos, mesmo nos máis recentes como Estravís (1995) e Xerais (2000)⁴.

Verbos propios do asturiano de moito uso literario son, entre outros, *albidrar* e *(en)camentar* ‘presentir’, *algamar* ‘poñerse no sitio de algo ou alguén

1 En Navia de Suarna (Lugo) existe *lercia* (García 1985: s.v. *lercia*), forma recollida por Antón Santamarina, que me informou así mesmo da existencia desa mesma forma en Negueira de Muñiz, tamén na estrema con Asturias. En S. Xorxe de Piquín, tamén no leste de Lugo, dise *lercioso* ‘temeroso’, en especial aplicado ós “castaños que por su altura y por estar situados al borde de precipicios, infunden temor al que sube a ellos” (Otero 1977: s.v. *lercioso*).

2 Na primeira acepción do *DALLA* é “planta montés del xénero *Ulex* [de flores pequenas de color mariello, con muchos pinchos]”, un tipo de toxo, mentres que na segunda acepción é a *Genista hispanica*, un tipo de xesta. No vocabulario do bable de Somiedo hai entrada para *árgoma* “Árgoma, planta de la familia de las *fabaceae* (*leguminosae*). *Genista hispanica* subsp. *Occidentalis*” e unha entrada diferente para *toxo* “tojo” (Cano 1982).

3 A forma *árgoma* non figura no material inédito do *ALGa* nin no *Glosario* de García (1985) e tampouco en vocabularios do galego da Terra Navia-Eo (Azevedo e Fernández 1932, Díaz López e García Galano 1996, Fernández Vior 1998 e Suárez Fernández 1996).

4 No incompleto dicionario da RAG publicado entre 1913 e 1928 hai entrada *argoma* (posible erro por *árgoma*), con indicación de que é dunha papeletea do Padre Sobreira: “El tojo según que sirve para *argomar*: es el tojo arnal o bravo”; e entrada e definición semellante aparecerán nos dicionarios de Eladio Rodríguez e Carré. No mesmo dicionario da RAG hai unha entrada *argomar* coa acepción tirada de Sobreira: “Tender el tojo o argoma sobre las paredes o vallados, sin ponerlo en forma de sebe” (que repite Eladio Rodríguez); e logo engádese “bar-dar. Poner tojos, zarzas, espinos, etc., sobre los vallados, muros o tapias, para impedir la entrada de personas o ganado”. O verbo (pero non o substantivo) aparecía no dicionario de Rodríguez (1863) definido como “poner una capa de tojos sobre un muro para tornar el ganado y la gente en tiempo de uvas”, acepción que repiten Cuveiro e Valladares (Santamarina 2001).

que vai diante’, (*a*)*tapecer* ‘escurecer, facerse de noite’, *entamar*¹ ‘comezar’, *entregar*² ‘preguntar’, *esbillar*³ ‘quitarlle a folla ó millo ou o ourizo á castaña; escolmar, seleccionar’ e *esguilar* ‘rubir, trepar’.

E tamén hai léxico característico do asturiano, que se rexistra no galego de Asturias, pero non no de Galicia. É o caso da *fuina* ‘garduña’ do ast. occidental e central (*b.núna*, con aspiración do F-, no ast. oriental), que na Terra Navia-Eo é *fuíña* na Veiga ou ben *fuina* en Mántaras e *fuina* na Roda, onde ademais ten unha acepción figurada para a persoa ruiña⁴.

3. ÁREAS LÉXICAS DA GALLAECIA

Alguns dos mapas fonéticos do vol. I do *ALPI* (1962) permiten apreciar unha distribución de áreas léxicas na Gallaecia. A parte do NO peninsular que terei en conta nos Mapas 1-5 corresponde ó que sería unha visión algo ampliada da Gallaecia altoimperial, xa que abrangue polo sur un territorio algo máis alá do Douro e polo leste inclúo o territorio do astur-leonés occidental (e parte do asturiano central nos Mapas 1 e 2), para mostrar cartograficamente esa continuidade e discontinuidade léxica entre galego e asturiano moderno de que acabo de falar⁵.

Ademais, con esta Gallaecia algo ampliada quería incluír todo Trás-os-Montes, que na parte oriental trasmontana ten falares que son astur-leoneses occidentais (221 Rio de Onor e 225 Duas Igrejas), onde as formas léxicas dos mapas analizados, son as leonesas, especialmente en Rio de Onor, e non as galegas (ou portuguesas) de Entre-Douro-e-Minho.

- 1 En Cedofeita (Ribadeo) existe *entamarse* ‘entumecerse’ (García 1985: s.v. *entamarse*).
- 2 Aparece como entrada en Azevedo e Fernández (1932), recollida por Azevedo no sentido de ‘preguntar’, pero non se indica onde se rexistrou.
- 3 Azevedo e Fernández (1932) non recollen *esbillar*, pero si o fai Suárez Fernández (1996) que na entrada *esbilar* dá estas acepcións: “Escoyer [cousas miudas] (bígáros, garbanzos, avellanas). 2. Sacar del arizo [as castañas]. 3. Sacar del babuyo [as fabas, os garbanzos]”. Na Fonsagrada existe *esbilar* para referirse a sacarlle as frebas a un óso e, secundariamente, para tirarlle á castaña a segunda pel, segundo información fornecida por A. Santamarina. En García (1985: s.v. *esbilar*) documéntase esta forma en Suarna e Burón (do concello da Fonsagrada) e tamén en Compostela, pero neste caso debe tratarse dunha errata. En S. Xorxe de Piquín *esbilar* dise da acción de quitarlle a casca á noz ou o ourizo da castaña, e tamén de mondar un óso (Otero 1977: s.v. *esbilar*).
- 4 En Mántaras-Tapia a acepción figurada é “persona ruiña y astuta” (Suárez Fernández 1996, s.v. *fuina*) e na Roda-Taia é “persona solapada y de mala uva” Díaz López e García Galano 1996: s.v. *fuina*). Na Veiga recolleuse a expresión “este è ruin como fuiña” (Fernández Vior 1998: s.v. *fuíña*).
- 5 Quero deixar constancia do meu agradecemento a Irimia Fernández Álvarez polo tratamento informático dos Mapas 1-5 e 11-14. E tamén o meu agradecemento ás bolsseiras do ILG Mónica Martínez Baleirón e Begoña Varela Vázquez pola informatización dos Mapas 6-10.

3.1. Auga / *angua* / *agua*

O concepto ‘auga’ exprésase en tódalas linguas románicas con derivados da mesma forma latina AQUA (lat. vg. ACQUA condenada no Appendix Probi). De Fisterra a Occitania os resultados son moi semellantes, como se ve en galego *auga* / *agua*, asturiano *angua* / *agua*, castelán *agua*, catalán *aigua* e occitano *aiga*; nas outras linguas hai formas próximas á forma orixinaria (italiano *acqua*) ou ben presentan innovacións fonéticas salientables (francés *eau*, friulano *age*, sardo *aba* e romanés *apă*).


No Mapa 1 pode apreciarse que no astur-leonés occidental a forma común é *angua*, que penetra no galego máis oriental (302 Freal-Navia¹ e 323 Cuantas-Ibias na Terra Navia-Eo, 340 O Padornelo-Lubián e 341 Hermisende nas Portelas) e no centro de Galicia (125 Chantada). No norte de Portugal só aparece nun punto, pegado ó Douro (241 Sobrado de Paiva).

A forma máis estendida en galego é *agua*, mesmo na Terra Navia-Eo, pois en 300 Salgueiras-Vilanova de Oscos, 301 As Campas-Castropol e 303 Boal se rexistrou *auga* (e non *angua* do asturiano occidental). A forma *agua* é propia de falas do galego occidental, especialmente da área pontevedresa. En todo o norte de Portugal se rexistra *auga*, que máis alá do Douro chega á zona de Aveiro e Viseu; pero tamén se anotou *águ*a preto do litoral miñoto e en falares trasmontanos darredor de Vila-Real e Bragança. E as dúas formas, a “galega” *auga* e a “portuguesa” *águ*a documéntanse no sur do Douro.

A forma *agua*, en principio, parece máis conservadora que *auga*, que se explicaría por metátese do *u*; pero tamén se podería pensar que houbo unha forma xeral *angua*, con propagación do *u* de *agua*, o que explicaría as formas *angua* no territorio da Gallaecia, mentres que *auga* e *agua* serían resultado da disimilación en *angua*². Nos textos galegos medievais documéntase *agua* (e a variante *ágoa*), e tamén hai algunha documentación de *auga*; pero nos séculos XIV-XV foi moi usada a variante *angua*, que xa emprega Pero Meogo no séc. XIII (“o ceruo do monte / a augua uoluya”), tal como sinala Lorenzo (1977: s.v. *agua*), que considera que *angua* é cruce de *agua* + *auga*.

1 No mapa das áreas dialectais do concello de Navia trazado por Babarro (1994: 119), Freal (302 no *ALPI*) pertence á área do galego e non á do galego de transición nin á de asturiano, mentres que Busmente (304 no *ALPI*) é da área asturiana do concello de Villallón, na estrema coa área de galego de transición do mesmo concello (*Ibidem*, p. 123).

2 Segundo Corominas e Pascual (1980: s.v. *agua*) a variante *angua*, tan difundida dialectalmente en leonés e aragonés, presenta propagación do *u* de *agua*; e por disimilación de *angua* procederían as formas *aigua* do catalán e *aiga* do occitano.




Mapa 1: Auga (fonte: ALPI, mapa 10 agua)

3.2. Aceiro / aço

O lat. tardío ACIARIUM (derivado do lat. ACIES ‘punta’), glosado como FERRUM DURUM, é a orixe das formas para ‘aceiro’ nas linguas románicas occidentais. Así, galego *aceiro*, asturiano *aceru*, castelán *acero*, aragonés *acer*, catalán (*a*)*cer*, occitano e francés *acier*, italiano *acciaio*, sardo *ataru* e friulano *atsar*. A forma romanesa *oțel* é de orixe eslava.

No Mapa 2 vese que a forma do norte do Miño e do astur-leonés occidental é *aceiro* (*aceru* no asturiano central e castelanismo *acero* en 303 Boal); pero do Miño e a raia seca ourensá cara ó sur a forma é *aço*, que é a forma común en portugués, con retroformación na forma antiga *aceiro*. A forma portuguesa *aço*, pero sen seseo, rexistrouse en 138 Arbo, punto galego pegado ó Miño.

Nos falares leoneses de Trás-os-Montes anotouse a forma galega e astur-leonesa occidental *aceiro*, con seseo, en 221 Rio de Onor, mentres que en 225 Duas Igrejas (na Terra de Miranda) o rexistrado foi *aço*.




Mapa 2: Aceiro (fonte: ALPI, mapa 9 acero)

3.3. Nu / espido / despido

En lat. cl. ‘espido’ dicíase NŪDUS, de onde proceden formas da Romania occidental como galego, catalán, francés e sardo logudorés *nu*, occitano e friulano *nut* e italiano *nudo* (e castelán *desnudo*). En romanés a forma latina foi substituída polo eslavismo *gol*.

En lat. cl. coexistían os verbos NŪDARE e DENŪDARE, derivados de NŪDUS, sendo algo máis frecuente o primeiro, que só sobreviviu no francés antigo *nuer* e no italiano *nudare*. De DENŪDARE procede o portugués *desnuar*, que xa se documenta no séc. XV, o antigo occitano *de(s)nudar*, o francés *dénuer* e o italiano *snudare* (*la spada*, por ex.). Este verbo sufriu a concorrencia

victoriosa de formas como DESPOLIARE, que deixou derivados en case toda a Romanía¹, EXPEDIRE (galego *espir*, portugués *despir*, occitano languedociano *espezi*) ou diversas formacións máis modernas que son a base do francés *déshabiller*, galego *desvestir* e it. *svestire*, entre outras. Unicamente en castelán se conservou DENŪDARE con plena vitalidade mercé á combinación con *desnudo*, que desde as orixes do idioma substituíu a *nudo*, sen restos populares en castelán (Corominas e Pascual 1980: s.v. *desnudar*).



Mapa 3: Espido (fonte: ALPI, mapa 66 desnudo)

A forma *nu* do gal. literario moderno era normal en gal. antigo, fase na que tamén se rexistra *desnuu*, *desnuo* (do arcaico *nuu*), formado sobre *desnuar*. A partir do séc. XV xa se documenta *desnudo* (Lorenzo 1977: s.v. *desnuu*).

No Mapa 3 vese que a forma antiga *nu* é xeral nas falas trasmontanas, como tamén o é nas miñotas, aínda que na zona costeira de Entre-Douro-e-

1 Deste verbo procede o romanés *despoia*, italiano *spogliare*, sardo logudorés *ispodzare*, romanche engadino *spoglier*, friulano *spoyá*, francés *dépouiller*, occitano *despolhar*, catalán *despullar*, castelán (> portugués) *despojar* (Meyer-Lübke 1935: s.v. *despoliare*).

Minho hai puntos onde concorren o arcaico *nu* e o moderno *despido* (e *espido* nunha fala miñota interior). Nas falas galegas non se rexistra nunca *nu*, senón a innovación (*d*)*espido*, participio de (*d*)*espir*. A forma *espido* debeu ser xeral en galego, a vulgar pola súa distribución xeográfica: norte da área mindoniense, Terra Navia-Eo, As Portelas (en 341 O Padornelo concorre con *desnudo*), galego ourensán e puntos espallados do galego pontevedrés, na costa e no interior). A forma *despido* rexistrouse, fundamentalmente, en falares coruñeses e lucenses, agás na maioría dos da área mindoniense.

O castelanismo *desnudo* desprazou a forma galega *espido* (e a posterior *despido*) en puntos do galego occidental. En puntos da franxa exterior do galego tamén se rexistra *desnudo* (302 Freal-Navia, 303 Boal, 324 Ponte de Rei-Vilafraanca e 333 Castroquilame-A Ponte de D. Flórez) e o mesmo en 147 Rubiá-Ourense, na raia co Bierzo. Esta forma podería explicarse por propagación da forma *desnudo* do astur-leonés occidental ou ben por cruce do antigo *desnuo* e a forma castelá e astur-leonesa *desnudo*. E nos dous falares leoneses de Trás-os-Montes (221 Rio de Onor e 225 Duas Igrejas) *desnudo* foi a forma rexistrada.

3.4. *Aguillón / ferrón / ferrete / pico*

A puga que teñen algúns insectos na parte terminal do abdome e que usan como arma defensiva ou ofensiva denominábase ACULEUS en lat. cl. Dunha forma do lat. vg. *AQUILEONE procede o galego *aguillón*, asturiano *aguiyón*, castelán *aguijón*, catalán *agulló*, occitano *agullbon*, francés *aiguillon* e antigo italiano *aguglione*¹, mentres que a forma romanesa *ac* vén do lat. ACU que, en principio, significa ‘agulla’ e ‘alfinete’. Tamén se chama *aguillón* a punta ou pico de ferro da *aguillada*², vara longa para afala-los bois ou as vacas.


No Mapa 4 pode apreciarse que en galego é xeral *aguillón*, que en puntos do galego occidental e central foi substituído por *ferrón* ou *ferrete*³, derivados de ferro. No galego oriental hai unha pequena área coa forma *pico* no galego do Bierzo, que continúa cara ó centro de Ourense. E na Terra Navia-Eo

1 En italiano dise popularmente *pungiglione* (un derivado do lat. *PUNGELLUS ‘pincho’), pero tamén existe o cultismo *aculeo*.

2 Procede do lat. vg. *AQUILEATA, abreviación de PERTICA *AQUILEATA ou ACULEATA ‘bastón provisto de aguillón’, que á súa vez deriva de ACULEUS ‘aguillón’ (Corominas e Pascual 1980: s.v. *aguijada*).

3 Hoxe *ferrón* (ou *ferrete*) tamén designa a lingua bífida dunha cobra cando ataca ou se defende; é o caso de *ferrón* no galego de Cambados.

concorren *pincho* e *aguillón*¹ en 323 Cuantas-Ibias, mentres que en 302 Freal-Navia se rexistrou *guiyón* como no asturiano occidental.




Mapa 4: Aguillón (fonte: ALPI, mapa 11 aguijón de la abeja)

Nas falas miñotas e trasmontanas o xeral é *ferrão* (e a variante *ferrete* nalgún punto), con algún resto espallado de *aguillón*. Nas falas leonesas de Trás-os-Montes rexístrouse en 221 Rio de Onor *guillón*, que é a forma xeral do astur-leonés occidental, mentres que en 225 Duas Igrejas a forma documentada foi a portuguesa *ferrão*.

1 Nun punto pontevedrés arraiano a forma rexistrada foi *[x]arrote*. Nos falares astur-leoneses as formas teñen o mesmo radical có galego *aguillón*, xunto con formas minoritarias como *lubreiro*, *obleiro* do asturiano e outras como *pico* ou *gabilán* na raia de Zamora con Portugal.

3.5. Coitelo, faca

Do lat. CULTELLUM ‘coitelo pequeno’ (diminutivo de CULTER ‘toda especie de coitelo’ e en particular a ‘rella do arado’) procede galego *coitelo*, asturiano *cuchiellu*, castelán *cuchillo*, catalán *coltell*, occitano *coltel*, francés *couteau* e italiano *coltello*. A forma romana *cujit* é latina, pero derivada de *COTIRE ‘afiar’.



Mapa 5: Coitelo (fonte: ALPI, mapa 58 cuchillo)

No Mapa 5 vese que en galego se di *coitelo* (e variantes), que en 302 Freal-Navia e nos dous puntos galego do Bierzo do ALPI (324 Ponte de Rei-Vilafranca e 333 Castroquilame-A Ponte de D. Flórez) e nalgúns puntos do galego interior foi desprazado polo castelanismo *cuchillo*, ou ben polo híbrido

cochilo (cruce de *coitelo* e *cuchillo*) en 127 San Clodio ou por *cuchilo*, que en 143 Rubiá concorre coa forma galega.

Nos falares miñotos e trasmontanos a forma é *faca* (ou a variante *fáquia*), que nalgúns puntos coexiste con *cutelo* (e variantes fonéticas). Nas falas leonesas de Trás-os-Montes rexistrouse *cuchielu* en 221 Rio de Onor, parcialmente semellante a formas como *cuchiellu* e *cuchietsu* do astur-leonés occidental, mentres que en 225 Duas Igrejas a forma anotada foi *faca*.

A voz portuguesa *faca* equivale ó galego ‘coitelo’, mentres que *cutelo* designa unicamente un sable curto ou varias especies particulares de coitelo. A forma castelá *faca*, que probablemente se tomou do portugués, designa un coitelo grande, con punta e gume moi cortantes e forma levemente arqueada. É vocábulo sobre todo andaluz, estremeño e salmantino; pero fronte á andaluza, a *faca* portuguesa pode non ter punta, só gume, á vez que pode designar instrumentos parecidos, como é no Barroso trasmontano (próximo ó Couto Mixto ourensán) a lámina de ferro que fai de punteiro do reloxo de sol (Corominas e Pascual 1980: s.v. *faca*).

En galego a *faca*, que xa se documenta en Sarmiento en 1745 como ‘navalla’, especialmente a que é algo curva, defínese no dicionario da RAG (1997) como “tipo de navalla de tamaño considerable, co cabo do corno e a cota recta ou algo curvada cara a abaixo” e no Xerais (2000) como “navalla de folla curvada e grandes dimensións”.

4. A SEMANA E AS ESTACIÓNS EN GALEGO MODERNO

Neste capítulo voume centrar, fundamentalmente, no comentario de mapas do *ALGa*, con referencias ó portugués e ás outras linguas ibéricas tiradas de diverso material bibliográfico. Nos cuestionarios con material inédito do *ALPI* relativo ó norte de Portugal, depositados no ILG, non hai preguntas dos días da semana nin das estacións cos que poder completa-la información da Gallaecia, o que tampouco foi posible co material inédito dos puntos miñotos e trasmontanos do futuro *Atlas Lingüístico de Portugal* por non figuraren preguntas relativas ó tempo cronolóxico, polo menos, na primeira fase dos inquéritos xa finalizada.


4.1. Días da semana

4.1.1. Designacións pagás

No galego oral as principais formas para o primeiro día da semana (Mapa 6) son a oriental *luis* ~ *lluis*¹, a central *lus* e a occidental e estándar *luns*. Cando

1 No *ALGa* rexistrouse *lluis* en A.1 Calvario de Salave e A.4 Boal. Acevedo e Fernández (1932: s.v. *lluis*) din que os vellos de Navia a Tapia usan *lluis*, mentres que de Tapia ó Eo se usa *luis*.

se recolleu o material do *ALGa* nos anos 1974-76 o castelanismo *lunes* era xeral en falas orientais, igual que en moitos puntos do galego central, non sendo descoñecido do galego occidental. Cando concorria o castelanismo coas formas patrimoniais *luis*, *lus* e *luns*, en xeral estas eran consideradas como formas anticuadas.




Mapa 6: Luns (fonte: ALGa IV, mapa 32)

Para o terceiro día da semana (Mapa 7) a forma xeral recollida no *ALGa* é o castelanismo *miércoles*, con algunha mostra do patrimonial (e actual forma estándar) *mércres* no leste de Lugo (L.23 Rao-Navia de Suarna e L.29 Lama-Cervantes) e no Bierzo (Le.3 Cadafresnas-Corullón). En varios puntos espallados na provincia de Lugo, nun de Asturias e en dous da área fisterrá

Recentemente aínda se rexistrou *luis* na Veiga (Fernández Vior 1998) e en Mántaras-Tapia (Suárez Fernández) e a forma palatalizada *lluis* na Roda-Tapia (Díaz López e García Galano 1996).

rexistrouse *mércores*, que podería ser, especialmente en puntos orientais, evolución de *mércores*, máis que galeguización da forma castelá¹.




Mapa 7: Mércores (fonte: ALGa IV, mapa 34)

Para o cuarto día da semana (Mapa 8) a forma hoxe estándar *xoves* só se rexistrou na área mindoniense, en puntos de Lugo alleos a esta área e nalgúns puntos da Terra Navia-Eo², mentres que *venres*, forma do galego están-

1 Acevedo e Fernández (1932: s.v. *mércores*) indican que *mércores* é usada polos vellos de Valdés ó Eo. Estes autores recolleron o cantar “Lúis, martes y mércores, tres; xoves y venres y sábado, seis”, onde aparecen, ademais, as formas patrimoniais *xoves* e *venres*. Fernández Vior (1998) recolleu *mércores* na Veiga, xeralmente substituído polo castelanismo *miércoles* e *mércores* foi tamén a forma rexistrada na Roda-Tapia por Díaz López e García Galano (1996), mentres que Suárez Fernández (1996) en Mántaras-Tapia recolleu *mércores*.


2 Na Veiga úsase actualmente o castelanismo *jueves*, e só en Abres un informante lembra terlle oído a forma *xoves* a algúns vellos (Fernández Vior 1998: s.v. *xoves*). No concello de Tapia recolleron a forma *xoves* Fernández Suárez (1996) en Mántaras e Díaz López e García Galano (1996) na Roda.

dar para o quinto día da semana (Mapa 9), é forma exclusiva do galego oriental, onde forma unha área que vai da Mariña lucense e asturiana¹ ó Bierzo. Os castelanismos *jueves* (adaptado foneticamente como *xueves* en C.25 e C.28) e *viernes* eran as formas máis usadas no galego popular, rexistrándose por todo o dominio do galego. A forma *vernes* anotada en puntos do galego oriental e nalgúns occidentais², como no caso de *mércoles*, podería ser evolución de *venres* máis que adaptación do castelanismo, especialmente na conservadora zona oriental.



Mapa 8: Xoves (fonte: ALGa IV, mapa 35)

1 Na Veiga a forma *vernes* foi substituída polo castelanismo *viernes* (Fernández Vior 1998: s.v. *vernes*). Fernández Suárez (1996) recolleu *vernes* en Mántaras-Tapia.
2 Nos puntos fisterráns C.38 e C.43 coinciden *mércoles* e *vernes*.



Mapa 9: Venres (fonte: ALGa IV, mapa 36)

4.1.2. Designacións cristiás con *feira*

A Igrexa cristiá pretendeu suprimi-las designaciones pagás dos días da semana, baseadas nos nomes dos planetas, polo que estendeu nas comunidades cristiás o emprego numeral que ten como base o sábado. A partir do séc. II os grupos de cristiáns procuran independizarse do rito xudeu, polo que se abandona cada vez máis a festa do sábado, que se substitúe polo día seguinte como festa do Señor. Isto vai favorecer nos países occidentais un novo sistema do tipo *sabbatus*, *dies dominica*, *secunda sabbati*, *tertia sabbati*, etc., e pouco a pouco o *secunda sabbati* irá perdendo terreo ante unha nova designación oficial, SECUNDA FEIRA.

No séc. IV houbo unha forte campaña por parte da Igrexa para que se adoptasen as formas cristiás e se rexeitasen os nomes pagáns, entre os que

participou Santo Agostiño, que pide que se diga ‘cuarto sábado’ ou ‘cuarta feira’ no canto do ‘día de Mercurio’ dos pagáns e de moitos cristiáns’:

Quarta sabbatorum, quarta feria, qui Mercurii dies dicitur a paganis et a multis Christianis, sed nollemus atque utinam corrigant et non dicant sic...

Por outra parte, Caesarius, bispo de Arles, fai unha exhortación para que se eviten as denominacións pagás por considerar que os nomes dos planetas eran *sordidissima nomina*. Pero esa loita da Igrexa a favor de usar ordinais fracasou, agás no portugués moderno e no grego do sur de Italia.

En lat. cl. FERIAE, -ARUM designaba os días en que se suspendía o traballo por seren feriados, e ata o séc. III tamén se usaba en singular FERIA con sentido semellante. Os primeiros cristiáns poida que adoptasen este termo para indicar unha festividade relixiosa ou civil, distinta do día dedicado a Deus, e que implicaba non ir a traballar. De aquí FERIA evolucionou semanticamente para designar un día feriado que non cae en domingo (francés *foire*, catalán *fira*, etc.); ou ben, ó se referir FERIA á festa que non cae en domingo, entre os primeiros cristiáns vai ter unha significación de ‘non domingo’ e, xa que logo, ‘día de traballo’, co que FERIA vai reemplazar a SABBATI: FERIA SECUNDA ou SECUNDA FERIA.

En portugués triunfaron plenamente as formas *segunda feira* ‘luns’, *terça feira* ‘martes’, etc., aínda que actualmente se van impondo na lingua falada as formas reducidas *segunda*, *terça*, etc., con perda do substantivo *feira*. Actualmente rexístranse por tódalas partes como variantes libres as formas *segunda feira* ou *segunda*, *terça feira* ou *terça* (ALIR 1996: 39), mentres que en galego o sistema cristián de feiras é un sistema incompleto, lembrado pola xente (moi) maior máis que usado, e especialmente nos casos da *cuarta* / *corta* e da *quinta* feiras².

Polo que respecta ós datos do ALGa, para o luns só se anotou *segunda feira* en tres puntos moi afastados xeograficamente, P.32 Vilachán-Tomiño no Baixo Miño, L.14 Cospito na Terra Cha e O.28 Calvos de Randín na raia con Trás-os-Montes. Nestes mesmos puntos tamén se anotaron nomes con ‘feira’ para o martes (*terceira feira* en P.32 e L.14, *tercia feira* en L.14), xunto con *primeira feira* en P.32 e L.14 para o domingo, pero non en O.28.

Moito máis documentadas están *cuarta feira* (13 puntos dos 167 da rede do ALGa), *corta feira* (27 puntos) e *carta feira* (7 puntos) para o mércores e

1 A cita e estas notas sobre as designacións cristiás dos días da semana en lat. vg. están tiradas de ALIR (1996: 38-40). A cita figura na p. 39.

2 No *Coloquio de vintecatros galegos rústicos* o Padre Sarmiento emprega as formas *luns*, *terça feria*, *corta feira*, *quinta feira*, *sexta feira* e *sábado*; o feito de que use *luns* e *corta feira* (e non *segunda feira* e *cuarta feira*) fíame pensar que Sarmiento non acode ó portugués, senón que usa denominacións que no séc. XVIII debían ser xerais, poida que en Pontevedra e arredores.

quinta feira (33 puntos) para o xoves, que nalgúns puntos poden aparecer sen o substantivo nas formas *cuarta* (6 puntos) ou *corta* (4 puntos) e *quinta* (9 puntos). Á parte das formas rexistradas na Terra Cha e no norte de Lugo, a denominación con *feira* para mércores e xoves anotouse, sobre todo, no occidente de Ourense e en localidades das dioceses de Santiago e Tui-Vigo. Xeralmente a forma usual, mesmo na xente maior, eran os castelanismos *miércoles* e *jueves*, pero nalgún punto do galego meridional *quinta*, por ex., foi a única rexistrada.

Nas entradas correspondentes a *luns*, *martes*, *mércores*, *xoves* e *venres* (e entre as acepcións da entrada *feira*) dos dicionarios galegos, as formas estándares minoritarias no galego oral teñen sempre como sinónimo os termos con *feira*, con algunhas variantes nos adxectivos das formas con *feira* para martes e mércores (Fernández Rei 2002b). A observación final da entrada *feira* do RAG (1997) reflicte axeitadamente a realidade do galego oral respecto do uso dos nomes non pagáns dos días da semana:

O sistema de denominación dos días da semana por feiras, de orixe cristiá, convive na fala en situación de desvantaxe fronte ó sistema máis común, de orixe pagá: a 2ª e 3ª feiras están case en desuso e as outras van cedendo paso tamén á denominación pagá, cada vez máis estendida.

4.2. O circo do ano

Se *oçirco do ãno* medieval da *General Estoria* tiña catro estacións (*verão*, *estío*, *outono* e *inverno*), no galego moderno tamén hai catro estacións astronómicas, tal como recollen tódolos modernos dicionarios monolingües galegos: *primavera*, *verán* (e o sinónimo literario *estío*), *outono* e *inverno*¹.

4.2.1. O tempo da calor e o tempo do frío

No galego oral hai dúas estacións inequivocamente populares, o *verán*, tempo da calor, que se asocia con xullo e, fundamentalmente, con agosto; e o *inverno*, tempo do frío, que comeza en outubro, cando non en setembro, e que pode durar moitos meses. Entre o *inverno* e o *verán* adoita haber momentos indeterminados de temperatura agradable e de relativo bo tempo, especialmente cando floreal os campos e cando comezan a cae-las follas. Son os días das *primaveras* que preceden o *verán* e o *inverno*.

O termo *primavera* é xeral en todo o dominio lingüístico para a estación que está entre o inverno e o verán (*ALGa IV*: mapa 121). Rexistrouse tamén *primaveira* en 33 puntos espallados por todo o territorio como única forma ou en concorrencia con *primavera*, sendo esta a habitual nos casos de conco-

¹ Neste apartado sigo, fundamentalmente, o redactado sobre as estacións en galego en dous traballos xa citados que previsiblemente se editen no 2002 (Fernández Rei 2002a, 2002b).

rreren. Outra forma popular rexistrada foi *primadera* no occidente da Coruña e nalgún punto de Lugo. Nalgúns puntos do galego centro-oriental para esta estación úsase unha perífrase con *primave(i)ra*. Así, en O.9 Robledo-Carballeda a única forma documentada foi *primavera de vrao* e en L.27 Ouselle-Becerreá *primave(i)ra de abril*, mentres que en L.20 Friol se anotou *primavera* e *primavera de vrao*¹.

Para ‘verán’ o xeral no galego oral son as formas sincopadas *vran* no galego occidental, *vrao* (ou *vran*) no centro-oriental e *vra* (e *vran*) na zona de Ferrol (*ALGa IV*: mapa 122). O castelanismo *verano* (e variante *vran*) rexístrase especialmente no galego da franxa exterior, pero non é descoñecido no galego atlántico. A forma estándar *verán* só se rexistrou como única forma en C.18 Sísamo-Carballo e en C.48 Cabo de Crus-Boiro, e en concorrencia con *vran* en C.42 Cacheiras-Teo e P.28 Sela-Arbo².

A forma *inverno* é xeral en todo o dominio do galego, co castelanismo *invierno* nalgún punto do galego da franxa exterior³. En Z.1 Porto rexistrouse *invernía*, que noutros puntos do *ALGa* equivale a un tempo de chuvias seguidas e frío, de igual xeito que hai lugares onde a forma *inverno* tamén se usa como sinónimo de ‘invernada, invernía’. A nivel popular o inverno son sempre moitos máis meses cós tres considerados polos astrónomos; así, en C.31 Deixebre-Oroso anotouse que o *inverno* vai de outubro a abril e en P.25 Guillade-Pontearas rexistrouse que o *inverno* comeza a finais de outubro e comezos de novembro. En Cambados hai o dito “despois da Peregrina, inverno encima”, para se referir ó fresco no serán e nas noites da segunda quincena de agosto, que indica que o verán está acabando e que se achega o ‘inverno’.

4.2.2. A indeterminada estación outonal

Tanto en galego como noutros dominios lingüísticos o outono é a máis indefinida de tódalas estacións, o que explica a presenza de moi diferentes lexemas para a súa denominación. Nas linguas románicas ibéricas uns termos relaciónanse coa colleita de froitos serodios ou tardíos, como o asturiano *seronda* e variantes *seruenda* e *seroñu* (Neira e Piñeiro 1989: s.v. *seronda*) e o

1 No *Glosario* de García (1985: s.v. *primaveira*) documéntanse 14 *primaveiras*, espalladas polo dominio do galego e outras 14 *primaveras*, unha *primadera* en Toba-Cee, na Costa da Morte, e unha *primaveira de S. Xoán* para ‘primavera’ en Pereiramá, no centro de Lugo.

2 A forma *verao* (ou variante *veran*) anotouse en C.36 Outeiro-Santiso, L.36 A Barrela-Carballedo, L.38 Nogueira-Ribas de Sil, O.2 Ponte Brués-Boborás, O.10 San Cristovo-Ridadavia e P.11 Dozón, mentres que en L.35 A Pobra do Brollón, O.6 San Amaro e O.27 Baltar *verao* concorre con *vrao* (ou *vran*).

3 En A.7 e Le.1 só se rexistrou *invierno*, mentres que en A.4 esta forma concorre con *inverno*. No caso de Le.5 *invierno* é a forma agardada, porque neste punto máis leonés ca galego é xeral a ditongación.

catalán *tardor* (Coromines 1988: s.v. *tardor*), mentres que outros posiblemente se relacionen co mes de ‘agosto’ como aragonés *agüerro*¹ (e o gascón *agor*, *abor*), igual que o euskera *agor* ‘setembro’ (Corominas e Pascual 1983: s.v. *verano*). Igual que en aragonés tamén existen formas relacionadas con ‘tarde’: *tardagó*, *tardaó* e *tardío* (Andolz 1992: s.v. *otoño*).

En euskera a forma máis empregada para ‘outono’ é *udazken*, en principio ‘fin do verán’, xunto con outras menos estendidas igualmente relacionadas coa estación da calor (*udagoien* ‘verán tardío’, *udondo* e *udaraitze* ‘despois do verán’). Outras veces o ‘outono’ relaciónase co ‘inverno’ (*neguleben* e *neguaitzén* ‘pre-inverno’, *neguantz* ‘semellante ó inverno’), cos pastos (*larrazken* ‘fin do pasto’, *ibartz* ‘seca dos vexetais’) ou coa idea de ‘escaseza’ nos termos con *urri* ‘escaso’ (denominación ademais para o mes de outubro), como *urriaro* ‘estación da escaseza’ e *urrite* ‘tempo da escaseza’ (Knörr 1999: 187).

Nalgunhas linguas románicas as formas para ‘outono’ son cultismos ou semicultismos, como o catalán *autumne*, o italiano *autunno* (*utunno* é forma arcaica) ou o sardo *attunzu*, mentres que en galego a forma *outono* (do lat. AUTUMNU) é un popularismo, como tamén o é *toamnă* do romanés e *utuon* do romanche engadino. De tódolos xeitos, cómpre ter en conta que no galego popular *outono* non designa a estación propiamente dita, senón máis ben o mes de outubro².

Cando se recolleu o material do *ALGa*, nos puntos do litoral costeiro e zona próxima, así como nos puntos arraianos con Portugal o xeral era o emprego do castelanismo *otoño* para a estación e o da forma *octubre* (e variante *outubre*) para o décimo mes do ano (Mapa 10); e caso de conservarse *outono* neses puntos designaba a herba que se sega verde (O.27 Baltar, onde o mes se chama *san Miguel*) ou a herba que se sega en setembro (A.2 Coaña)³. No resto do dominio galego o xeral era o uso da forma *outono* para a estación, pero tamén en moitos puntos para o mes de outubro, e mesmo nalgún lugar se anotou como herba que nace a finais de verán⁴. De concorreren *outono* e *otoño* para a estación, o termo máis frecuente era o castelanismo.


1 *Agüerro* rexístrase en benasqués (catalán aragonésido ou aragonés catalanizado) e nas falas aragonesas de Bielsa e Chistau. Neste concorre co derivado *agorrada* (Andolz 1992: s.v. *otoño*).

2 En friulano dise *mes di tom* ‘outubro’ e *mes di tomuts* ‘novembro’ (Meyer-Lübke 1930: s.v. *autumnus*). En galego tamén existe *outonín* e *outoniño* para o mes de novembro nunha pequena área do centro-sur de Lugo.

3 En L.8 Trabada non é *outono* senón *outonía* a “herba que dan os prados en outubro despois da herba seca”. Na zona do galego de Asturias, en Mántaras-Tapia *el outono* é a “primeira herba que sal despois de segar el herba seca” e tamén a estación que vén despois do verán, mentres que *outubre* é o décimo mes do ano (Suárez Fernández 1996: 128). Na Roda-Tapia *outono* é estación do ano, pero tamén é sinónimo de *outonada* “hierba que producen los prados después de segar la destinada a heno” (Díaz López e García Galano 1996: 155).

4 Este é o caso de L.33 Ferrería do Incio, onde tamén se usa o termo *routono* para esa herba.

En Z.1 Porto rexistrouse o castelanismo *otoñada* para ‘outono’, igual que se dicía *invernía* para ‘inverno’. En O.20 Xinzo de Limia colleuse *outonada* xunto co castelanismo *otoño*. En C.31 Deixebre-Oroso rexistrouse *inverno* para ‘outono’, pois segundo o informante o *inverno* vai do mes de *outono* ‘outubro’ ó de abril, e despois xa se considera que é verán.



Mapa 10: Outono (fonte: ALGa IV, mapa 53)

4.2.3. A primavera de outono e o verán de san Martiño

Na zona centro-oriental do dominio lingüístico galego onde *outono* designa a estación, en doce puntos colleuse a perífrase *primavera de outono*

como única forma para a estación¹, en once puntos anotouse a perífrase en concorrencia con *outono*² e nun punto (O.24 A Mezquita) recolleuse *segunda primaveira* xunto co castelanismo *otoño*, mentres que para o mes de outubro a forma usada era *outono* na maioría dos puntos do *ALGa*³. García (1985 s.v. *primabeira*) documenta para a estación a perífrase *primavera de outono* en Monterroso (Lugo) e *primaveira de outono* en Pereiramá (Lugo) e Montederramo (Ourense).

Polo que respecta á duración cronolóxica desta *primavera de outono* hai diverxencias no material recollido para o *ALGa*. En C.26 Mezonzo-Vilasantar anotouse que vai do 20 de setembro ó mes de decembro e en L.20 Friol recolleuse que é a estación que vén despois do verán e precede ó inverno, mentres que en P.10 Forcarei se rexistrou que é a época na que caen as follas das árbores e en L.37 Outeiro-Quiroga recolleuse que chega ó 21 de novembro, incluíndo o *vrao de san Martín*. En C.40 Novefontes-Touro anotouse que vai desde setembro ó San Martiño, e algo semellante en L.11 Goiriz-Vilalba e en L.36 A Barrela-Carballedo onde a *primavera de outono* se di fundamentalmente de outubro. Por outra parte, en O.5 Abelenda-Avión anotouse que no mes de *outono* ‘outubro’ hai a *primavera de outono*, distinta do *vrau de san Martiño*, que corresponde ó mes de *santos* ‘novembro’.

No galego central, onde o clima non é tan chuvioso como no occidental nin o inverno tan rigoroso como nas serras orientais, debe haber outros lugares como O Caritel (parroquia de San Pedro de Froián do concello lugrés de Sarria) onde actualmente se di *primavera de vrao* para a estación despois do inverno en que florecen os campos e *primavera de outono* para unha franxa indeterminada de tempo na que cae a folla⁴, que coincide cos meses de setembro e de outubro (no Caritel *outono*), quedando fóra o mes de novembro (no Caritel *mes morto*). En Lamas (parroquia de Pardesoa do concello pontevedrés de Forcarei) a *primavera*, á parte da época en que reverde-

1 Recolleuse en C.26 Mezonzo-Vilasantar, C.40 Novefontes-Touro, L.7 Muras, L.27 Ouselle-Becerreá, L.34 Bóveda, L.37 Outeiro-Quiroga, L.39 Pacios-Sober, O.1 Cea, O.9 Robledo-Carballeda, O.16 Allariz, P.7 Santiso-Lalín e Le.3 Cadafnas-Corullón.

2 Recolleuse en L.11 Goiriz-Vilalba, L.18 Viladonga-Castro de Rei, L.20 Friol, L.26 A Pobra de San Xulián-Láncara, L.36 A Barrela-Carballedo, O.2 Ponte Brués-Boborás, O.5 Abelenda-Avión, P.2 Agolada, P.8 Rodeiro, P.9 Saiáns-Moraña e P.10 Forcarei.

3 En C.26, P.2 e P.9 concorren a forma galega *outono* e o castelanismo *octubre*; en O.24 e Le.3 só se rexistrou *outubre* e en L.7 e L.37 só *octubre*, que en O.9 concorre con *Santos*.

4 Cf. o termo *fall* ‘outono’ do antigo inglés e do actual inglés americano, que é tamén o verbo ‘caer’, mentres que o *spring* ‘primavera’ en inglés é a mesma forma que significa ‘abrollar’ referido ás plantas ou á auga.

cen os campos por abril e maio, son tamén os días entre o verán e o inverno en que chove, pero en que aínda fai certa calor¹.

No que respecta á lingua literaria na Base Lexicográfica do ILG, con material de Sarmiento á actualidade, só achei a *primave(i)ra de outono* en dous escritores lucenses, Dino Pacio Lindín e Xosé Miranda². Pacio Lindín, da Pastoriza, ten varios rexistros desa perífrase no breve relato “O outono” da obra *Terra húmeda* (1979): “¡A terra húmeda da primaveira de outono é un portento de fertilidade polo inverno adiante!”; “a primaveira do outono non tén que ver co pó seco nin coas froles mortas: ten que ver coa sementeira e co eterno voltar”. Miranda, de Lugo, úsao unha vez en *O demo á orella* (1996): “Comezara a primavera do outono e follas de tóda-las cores caían”³.

Para os días de agradable calor que xeralmente existen a comezos de novembro arredor do san Martiño, recolleuse en bastantes puntos a perífrase *vran* (ou *vrao*) *de san Martiño* (e variantes *vrao de san Martín*, *verao de san Martiño...*), e mesmo algunha perífrase como *primaveira de san Martiño* en C.28 Sobrado e *primavera de outono* en L.18 Viladonga-Castro de Rei, onde *outono* é o mes de outubro. Por outra parte, en C.36 Outeiro-Santiso o *veranillo de san Martiño* dise da época de recolle-la froita, mentres que en C.22 se fala do *vran de san Miguel* para o final de setembro e en L.5 *san Miguel* designa os días bos do outono.

4.2.4. As estacións na lexicografía galega

Nos dicionarios monolingües galegos a entrada *primavera* ten como primeira acepción a estación do ano que está entre o inverno e o verán. Para a estación seguinte hai a entrada *verán* no Xerais (1993, 2000), no RAG (1997) e no Cumio (1999) e *verao* e *verán* no Estravís (1995).

Nos primeiros dicionarios e vocabularios bilingües do galego moderno só aparece a entrada *estío* como equivalente de “verán, vran” no *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de D. Eladio Rodríguez González⁴, mentres que nos dicionarios monolingües máis recentes sempre hai a entrada *estío*, que era forma popular no galego medieval. No Xerais (1993, 2000), Estravís (1995) e Cumio (1999) figura *estío* como equivalente de *verán*, e viceversa,

1 A información do Caritel forneceuma Arturo Riguera (outubro do 2000) e a de Lamas Carme Hermida (novembro do 2000). En xaneiro de 1975 eu recollera *primavera de outono* para a estación no lugar de Forcarei (P.10 do *ALGa*).

2 Consultei o Proxecto Base de Datos Lexicográfica do ILG, que dirixe A. Santamarina, que a finais do 2001 tiña unhas mil obras concordadas e lematizadas, con máis de dez millóns de rexistros.

3 En 1949, en *Lirios de Compostela* Dictinio del Castillo Elejabeitia usara a perífrase *primaveira outonal*.

4 Manexei para o dicionario de D. Eladio (e para os anteriormente publicados) a versión electrónica de Santamarina (2001).

pero sen indicación de que *estío* é unha forma literaria; na entrada *verán* do RAG dise que o sinónimo *estío* é máis culto e na entrada *estío* dise que o *verán* é menos culto.

Nas varias acepcións da entrada *outono* dos dicionarios monolingües modernos a (1) é sempre para a definición astronómica da estación. No Estravís (1995) na acepción (2) indícase que *outono* é forma popular para *outubro*, pero nesta entrada non hai referencia a *outono*. No dicionario da RAG (1997) a acepción (2) de *outono* é “mes de outubro”, e na entrada *outubro* remítese a *outono*. No Cumio (1999) a acepción (2) de *outono* é “mes de outubro” e na entrada *outubro* sinálase como sinónimo *outono*. No Xerais (1993) na entrada *outono* na acepción (2) “mes de outubro”, e o mesmo na acepción (5) do Xerais (2000); pero na entrada *outubro* destes dous dicionarios non se indica que *outono* é voz popular para ese mes nin se remite á entrada *outono*. En ningún dos dicionarios e vocabularios clásicos editados por Santamarina (2001) e en ningún dos dicionarios modernos aparece a perífrase *primavera de outono*.

Na entrada *inverno* do dicionario de Eladio Rodríguez a acepción (1) é “invierno, estación del año que astronómicamente comienza en nuestros climas en 22 de Diciembre y concluye en 21 de Marzo” e a acepción (2) é “época la más fría y más lluviosa del año”. Estas dúas acepcións están en certo modo refundidas na única acepción de *inverno* dos dicionarios de Xerais (1993, 2000), RAG (1997) e Cumio (1999)¹.

4.2.5. As estacións en portugués e noutras linguas ibéricas

Igual que en galego, en portugués moderno hai catro estacións (*primavera*, *verão*, *outono* e *inverno*); pero popularmente pode rexistrarse unha división semellante á de falares galegos.

En Matosinhos, concello estremeiro co do Porto, o ano divídese popularmente en dúas estacións, *meses de inverno* e *meses de verão*. A forma *inverno* non é o inverno propiamente dito, senón que comprende os meses desta estación e os do outono, mentres que a forma *verão* (e a variante *brão*) engloba a primavera e o verán. Hai ademais a expresión *estar inverno* para indicar que fai mal tempo (Lima 1963: 352, 395) e existe o termo *outono*, que designa

¹ Xerais (1993): “Estación máis fría e chuviosa do ano, entre o outono e a primavera que, no hemisferio Norte, transcorre entre o 22 de decembro ó 21 de marzo e, no hemisferio Sur, entre o 22 de xuño e o 23 de setembro”; RAG (1997): “Estación máis fría das catro que ten o ano, e que, no hemisferio norte, vai do 21 ou 22 de decembro ó 20 ou 21 de marzo. A *laranja* é unha froita de inverno”; Cumio (1999): “Estación máis fría do ano, que se estende entre o 22 de decembro e o 21 de marzo no hemisferio boreal, e entre o 22 de xuño e o 23 de setembro no austral”. En Estravís (1995) hai unha acepción (1) “Estazón do ano entre o outono e a primavera, que se caracteriza polo frío e a chuva” e (2) “ext. Tempo frío. pl. Fig. Anos da vellez. *Inverno da vida*: a vellez”.

en Matosinhos as herbas que nacen nos campos ou as herbas parasitas (*Ibidem*, 367). En Vila do Conde, uns km ó norte do Porto, os labradores usan o termo *inverno* para as estacións de inverno e outono (Netto 1949: 152).

Polo que respecta a Trás-os-Montes na zona fronteiriza con Galicia e Zamora dise *outono* (e variantes *oitono*, *outoño*) para a estación¹; pero en Lavia-dos (concello de Bragança) dise *primavera do fim de verão* para a estación que precede o inverno (Santos 1967: 337). Por outra parte, en Lageosa-Sabugal na raia portuguesa con Cáceres as estacións son *primavera*, *brôu* (e o sinónimo *estío*), *outono* e *inverno* (Maia 1977: 380).

No dominio astur-leonés, *primavera*, á parte da estación do ano, nas terras leonesas de Babia e Laciana designa o primeiro pasto nos prados de regadio (Álvarez 1949: 323), mentres que en Candamo, na Asturias central, úsase en plural para designar unha planta, a PRIMULA VERIS, que medra espontaneamente nas praderías, bosques e sebes (Díaz González 1986: 249).

No dominio lingüístico catalán a nivel popular hai tamén dúas estacións do ano fundamentais, o *estiu* ‘verán’ e o *hivern* ‘inverno’. Logo están a *primavera de l'estiu* no canto de *primavera* e a *primavera de l'hivern* (en valenciano *primavera d'estiu* e a *primavera d'hivern*) no canto de *tardor* ‘outono’. Nestes termos perifrásticos a palabra *primavera* ten vulgarmente “el sentit de ‘estació preparatòria d’una de les principals’ (que són l’estiu i l’hivern)”. En Mallorca rexístrase entre os labregos a forma *sa primavera d’es fred* (literalmente ‘a primavera do frío’) para o outono. Por outra parte, en catalán hai quen considera que *primavera* é sinónimo de estación do ano en xeral: *les quatre primaveres* (Alcover e Moll 1993: s.v. *primavera*).

No que respecta ó euskera, se atendemos ás denominacións dos nomes das estacións, vemos que hai dúas formas léxicas claramente diferenciadas, *uda* ‘verán’ (e *udaro* ‘estación do verán’) e *negu* ‘inverno’. Os nomes das outras dúas estacións relaciónanse con ‘verán’: a ‘primavera’ é *udaberri*, que significa ‘novo verán’² e a forma máis empregada para o ‘outono’, como xa se sinalou, é *udazken* ‘fin do verán’. Isto explica que se considere que no modo de pensar tradicional vasco houbo só dúas estacións *uda* e *negu* (Knörr 1999: 187).

1 O mes de outubro nos falares fronteirizos trasmontanos é *outubro* (e variantes como *oitubro* e *outubre*), *mês da sementeira*, *São Miguel*, *mês das castanbas*, *mês dos Grazes* e (*mês dos*) *Santos* (Santos 1967: 330).

2 Para ‘primavera’ tamén se usan outras formas menos coñecidas como *udabaste* ‘o comezo do verán’, *udaleben* ‘primeira primavera’ e *bedats* que posiblemente signifique ‘o comezo do pasto’.

5. LÉXICO DA GALLAECIA LITORAL

Como mostra do léxico mariñeiro da Gallaecia voume centrar na análise das designacións de dous peixes (*Atherina presbyter* e *Argentina sphyraena*) e nas dun invertebrado equinodermo (*Asterias rubens*). Para o litoral galego basea-reime no “atlas” da *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia* de Ríos Panisse (1977), con datos de 58 portos, desde As Figueiras na Terra Navia-Eo ata A Guarda e Caminha na foz do Miño; e para o sur do Miño a fonte será o *Atlas Lingüístico do litoral portugués. Fauna e flora* de Vitorino (1987), con 23 puntos, dos que os tres primeiros (1 Vila Praia de Âncora, 2 Castelo de Neiva e 3 Caxinas-Vila do Conde) corresponden á costa que está entre a foz do Miño e a desembocadura do Douro.

A seguir tratarei un vento, o *vento do mar* ou *vento mareiro*, baseándome en material tirado de mapas dos ventos do *ALGa IV* e no *Léxico de los marineros peninsulares* de Alvar (1985), que contén datos de 15 portos galegos (2 de Lugo, 9 da Coruña e 4 de Pontevedra) e 27 do litoral portugués, dos que os tres primeiros (1 Viana do Castelo, 2 Vila do Conde e 3 Matosinhos) son da Gallaecia. Estes tres puntos portugueses e os da costa galega foron enquisadas por Carme Ríos Panisse e Antón Santamarina nos anos 70 do pasado século.

5.1. Dous peixes: *Atherina presbyter* e *Argentina sphyraena*5.1.1. O *pión* ou *piarda* nos falares mariñeiros

O *Atherina presbyter* ten diversas denominacións no litoral da Gallaecia (Mapa 11), das que salientan dúas: *pión* (e variantes), que é a única rexistrada desde S. Cibrao (na Mariña de Lugo) ata Muxía (na costa da Morte); e *piarda* (e variantes), propia da Ría da Arousa e da de Pontevedra e tamén do litoral entre A Guarda e Castelo de Neiva, abaixo de Viana do Castelo¹.


Na Mariña oriental de Lugo, onde o *Trachurus trachurus* se denomina *chicharro* como noutros portos especialmente do Cantábrico galego, o *Atherina presbyter* recibe o nome de *xurelo*² (Ribadeo e Rinlo-Ribadeo), coa especificación *xurelo de terra* (Burela) e as variantes *xerele* (Foz) e *xuelo* (As Figueiras-Castropol). A forma *xurelo*, que é a máis estendida no litoral galego para o *Trachurus trachurus*, deriva de SAURUS ‘lagarto, xurelo’; e con *xurelo* relaciónase a forma *xura* de Noia e Portosíño e *xulia* do Porto do Son³, portos do Bar-

1 A distribución xeográfica das designacións galegas da *Atherina presbyter* están tiradas de Ríos Panisse (1977: 249-251), con anotacións etimolóxicas de Santamarina.

2 No litoral portugués o *Atherina presbyter* denomínase *sorel*, *sorelo* (Mapa 12) en Cascais, preto de Lisboa.

3 A forma *xulia* de Ríos Panisse (1977: 251) está tirada de Aníbal Otero. Na etimoloxía desta forma sinalaba Santamarina que se o dato é exacto “el nombre se debe a una confusión entre

banza que dá á ría de Muros. No Sardiñeiro-Fisterra dise *xurelo de terra*, cunha especificación necesaria para distingui-lo *Atherina presbyter* do *xurelo* propiamente dito (o *Trachurus trachurus*), especificación, en principio, innecesaria no caso de Burela onde este peixe ten o nome de *chicharro*.



Mapa 11: Denominacións de piarda ou pión (*Atherina presbyter*) no litoral galego (fonte: Ríos Panisse 1977: 249-251)

Na área léxica de *xurelo* da Mariña cantábrica para o *Atherina presbyter*, este peixe denomínase *corcón* en Cangas de Foz¹, emparentada posiblemente co

esta especie y la verdadera *xulia* 'doncella, *Coris julis* L.'. La transposición de nombres es justificable debido a una cierta semejanza entre las dos especies, y más concretamente a su tamaño¹, sen descartar que se trate dunha deformación de *xura* ou **xuria*. O dato de *xulia* no Porto do Son é realmente exacto, tal como puiden comprobar no 2001.

¹ Neste porto da Mariña tamén se rexistrou *arancón*, de etimoloxía descoñecida, poida que relacionada coa forma galega *aranquelo* ~ *aranguelo* 'espiñazo', que pode ter na voz *arancu* 'va-

cast. *carcoma*, cat. *corcó*, aragonés e murciano *corcón* “carcoma”, entre outros; e a mesma denominación *corcón* se registrou en Lira-Carnota, Muros e Abeleira-Muros.



galume' do portugués trasmontano a forma primitiva. Semanticamente xustificárase esta denominación, do mesmo xeito que *corcón* ten en galego o significado de 'verme' (Ríos Panisse 1977: 249-251).

A forma *pión* é xeral de S. Cibrao a Muxía, coa variante *peón* (Pantín, Ares e Malpica, nesta en concorrencia con *pión*) e coas formas con especificación *pión de praia* (Espasante, Bares), *pión de baixura* (Viveiro), *pión sin sangbre* (Cedeira), que coexisten con *pión* (agás en Espasante). Fóra desa área rexistrouse *pión* no Ézaro-Dumbría e na Ría da Arousa, onde pode ser forma única (Escarabote) ou coexistir con *piobardo* (Ribeira, Rianxo e O Carril).

A voz *piarda* forma unha área no litoral que vai de Cambados a Bueu, sendo denominación única nos portos da ría de Pontevedra, mentres que en Cambados concorre con *piabardo* e *piardo*¹ e no Grove con *piardo* e *pialla*. Tamén se chama *piarda* na Guarda e nos dous primeiros puntos do atlas do litoral portugués (Mapa 12), en Vila Praia de Âncora e Castelo de Neiva. En Caminha, na beira portuguesa da foz do Miño, o *Atherina presbyter* denomínase *morca*, igual que no Sardiñeiro-Fisterra, mentres que a forma *piarda* se usa para o peixe *Argentina sphyraena*, ‘peón de altura’ ou ‘piarda brava’.

As formas *pión*, *peón*, *piarda* *piobardo*, etc. constitúen unha familia léxica que Santamarina considera que se deben relacionar con PĪLUM ‘lanza’, que debeu converterse nunha forma romance **pío*, logo eliminada por homonimia (Ríos Panisse 1977: 216). Desta forma, co sufixo *-ón* (< -ŌNEM, cfr. fr. *lançon*) derivan as denominacións *pión* e *peón*; co sufixo prerromano *-arro*, disimilado en *-ardo*, proceden as formas *piardo*, *piarda*; e dunha forma hipersufixada **pionardo* saen *pioardo*, *piuardo* e, con consonantización de *-u-*, *piobardo*.

Na costa que vai de Cangas do Morrazo a Panxón o *Atherina presbyter* denomínase *boghón*, forma que tamén se rexistrou en Vilanova da Arousa, en coexistencia con *pioardo* / *piuardo* e en Mogor-Marín, concorrendo con *piarda*. Outras denominacións son *sufre* en Caión (entre A Coruña e Malpica), pola coloración verde-amarela deste peixe que lembra o xofre ou xufre, e *xugbra* no Sardiñeiro-Fisterra, relacionado con *xura* de Noia e Portosíño pero cruzado con *xufre*.

Un peixe semellante ó *Atherina presbyter* é o *Argentina sphyraena* (Ríos Panisse 1977: 215-217), que en moitos portos ten a mesma denominación do *Argentina sphyraena*, pero cunha especificación: (a) *bravo*: *boghón bravo* en Cangas, *corcón bravo* en Muros, *piarda brava* en Cambados e *pión bravo* en Laxe, Mugardos, Corme e Escarabote; (b) *de afora*: *boghón de afora* en Cesantes; (c) *de altura*: *boghón de altura* en Bouzas, Cangas e Panxón, *corcón de altura* en Muros, *peón de altura* en Burela, *piardón de altura* en Mogor, *pión de altura* en Espasante,

1 A forma usual en Cambados é *piarda*. O termo *piardo* é sinónimo de *piarda brava* nese porto arousán, moito menos apreciada cá *piarda*. Polo que respecta a *piabardo*, termo que nunca escoitei en Cambados, aparece como denominación dubidosa en Ríos Panisse (1977: 250).

2 Trátase dun derivado do nome doutro peixe, a *boga*. A forma aumentativa debe ser despectiva xa que se trata dun peixe máis pequeno cá *boga*, o *Boops boops*.

Bares, Viveiro, Muxía, Camariñas, Pontedeume, Miño, Cedeira, Burela e S. Cibrao e *xurelo de altura* en Foz; (d) *da praia: pión da praia* en Cariño (dubidoso); (e) *moscón: xuelo moscón* en Portosíño e *xurelo moscón* en Foz e Ribadeo.

As formas *pión* de Pantín e Malpica, *piuardo* de Vilanova da Arousa e *sufre* de Caión poden referirse tanto ó *Atherina presbyter* como ó *Argentina sphyraena*. Outras denominacións para este último, non recollidas entre as do *Atherina pr.*, están *ollón* en Cambados, en referencia ó desmesurado tamaño dos ollos deste peixe en relación co tamaño da cabeza; *pabardo* en Corme, posible deformación de *piobardo* cruzado co nome doutro peixe, a *alpabarda*; *pioabardo* en Bueu, onde o *Atherina pr.* se denomina *piarda*; *tomás* en Miño, Corme, A Coruña e Laxe¹; *torno* en Ribeira, probablemente relacionado co utensilio de carpintería do mesmo nome.

O *Argentina sphyraena* chámase *peixe sin sangue*, en Caión, denominación que segundo Santamarina “responde a la creencia, muy difundida en la costa gallega, de que este pescado, así como la *Atherina presbyter*, no tienen sangre” (Ríos Panisse 1977: 216). E en Portonovo chámase *peixe rei*, sen dúbida un termo irónico para un peixe como a *piarda brava*.

No litoral portugués *peixe rei* (e *peixiño rei*) designa o *Atherina presbyter* en Caxinas-Vila do Conde (punto 3 do Mapa 12), en case toda a costa que vai de Nazareth (9) a Sesimbra (13) e nos portos do Algarve, de Sagres (17) a Monte Gordo (23). Sen embargo en Vila do Conde o *peixe-rei*² é o *Acipenser sturio*, popularmente coñecido como *esturjão* ou *solbo-rei* (Netto 1949: 135).

5.1.2. O *pión* ou *piarda* na lexicografía

Polo que respecta á lexicografía galega no diccionario de Cuveiro, de 1876, hai unha entrada *peixe rei*, para *Atherina hepsetus*, e nela remítese ás formas *pialla*, *piarda* e *pion*. No de Eladio Rodríguez non se acha *peixe rei*, hai unha entrada para *piarda* (“pez marino que también se conoce por *pialla* y *pión*”), pero si hai *peixe-rei* no diccionario de Carré, do que se dá o equivalente castelán *peje-rey* (Santamarina 2001).

No diccionario da RAG (1997) non hai a forma *peixe rei* na entrada *peixe* nin hai entrada para formas como *pión* ou *piarda*.

1 A forma *tomás* é dubidosa. Trátase dunha denominación recente e humorística, tirada da antroponomástica que posiblemente designe o *Argentina silus* (Ríos Panisse 1977: 216).

2 O *Argentina sphyraena* denomínase *peixe sin sangre* en Candás, porto asturiano próximo a Xixón, denominación que segundo Barriuso Fernández (1986: 51) obedece á transparencia corporal. A forma *peixe sem sangue* dise do *Atherina presbyter* no SO da costa portuguesa, en Zambujeira do Mar e Arrifana (Mapa 12).

3 Este peixe chámase *sollo rei* en Caminha. O determinante *rei* “parece deberse a que el primer ejemplar que se pescaba de este pez se reservaba para la mesa real” (Ríos Panisse 1977: 209).

No Estravís (1995) hai unha entrada *peixe-rei* con dúas acepcións (1) “Peixe clupeídeo mais coñecido por *bogón* ou *pión de altura*. N. C. *Argentina sphyraena*. (2) Peixes muxilídeos mais coñecidos como *piarda*. N. C. *Atherina hepsetus* e *Atherina presbyter*”. Neste diccionario non hai entrada para *bogón* nin para *piarda*, mentres que as acepcións (6) e (7) da entrada *peón* se refiren ó *Argentina sphyraena* e ó *Atherina presbyter*, respectivamente.

No Xerais (2000) na entrada *peixe* a frase *p. rei* ten dúas acepcións: (1) ‘pión da altura’ (*Argentina sphyraena*) e (2) ‘piarda, peón, piobardo, pión’ (*Atherina presbyter*). E a este peixe refírense as entradas *bogón*, *piarda*, *pión* e *piobardo* e maila acepción (6) da entrada *peón*.

No *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos* propónse como nome galego *peixe rei* para *Atherina (Hepsetia) presbyter* Cuvier, cos sinónimos *bogón* e *piarda cabezuda*, mentres que para o *Atherina (Atherina) hepsetus* Linnaeus¹ a denominación proposta é *peixe rei do alto*, co sinónimo *piarda* (Lahuerta e Vázquez 2000: 148). Para o *Argentina sphyraena* a forma proposta é *pión de altura*, co sinónimo *arxentina branca* (p. 107).

Tendo en conta as denominacións do peixe *Atherina pr.* e do *Argentina sph.* no galego mariñeiro considero que non se debe propoñer como estándar a forma *peixe rei* en ningún dos dous casos, xa que esta forma non se rexistrou para o *Atherina pr.* en ningún punto, mentres que para *Argentina sph.* só se rexistrou nun punto (en Portonovo). *Peixe rei* é a forma portuguesa maioritaria no litoral luso para o *Atherina pr.*

As formas do galego común poderían ser *pión* e *piarda* (para o *Atherina pr.*) e *pión de altura* e *piarda de altura* (para o *Argentina sph.*). Deste xeito estarían representadas as “dúas” Galicia mariñeiras, a que vai do Cantábrico á Costa da Morte e a das Rías Baixas: a da *chalana* e a *ghamela*, a da *palometa* e a *castañeta*, a da *parrocha* e a *xouba*.

5.2. Un invertebrado equinodermo: *Asterias rubens*²


5.2.1. A ‘gradicela’ nos falares mariñeiros

Como se ve no Mapa 13, desde As Figueiras de Castropol ata a Guarda na foz do Miño é moi rara a forma *estrela* para designar este equinodermo, pois só se recolleu no porto de Espasante no mar de Ortegal e no fiesterrán Sardiñeiro (e en Caminha fronte á Guarda), xunto con *estrela de mar* en Ares.

1 As formas recollidas en Ríos Panisse (1977: 249) para *Atherina hepsetus* (L.) son *bogón* en Cangas do Morrazo e Panxón, *peixe rei* (do diccionario de Cuveiro); *pialla* (das obras de Lozano Cabo, Cornide e Cuveiro); *piarda* en Cambados e A Guarda; *piobardo* (de Cuveiro, rexistrado nas Rías Baixas); *pión* en Bares, Laxe, Muxía (e nas obras de Lozano Cabo, Cornide e Cuveiro); *pión sin sangbre* en Cedeira; *xerelo* en Foz e *xuelo* nas Figueiras.

2 Neste apartado sigo no esencial o relativo á *gradicela* en Fernández Rei (1999: 118-122).

En moitos portos úsase o castelanismo *estrella*, ás veces como única forma rexistrada, que nalgún caso leva a especificación *de mar / do mar*.



Mapa 13: Denominacións da gradicela ou estrela de mar (*Asterias rubens*) no litoral galego (fonte: Ríos Panisse 1977: 13-14)

En portos da Mariña de Lugo dise *grade* (Burela, Cangas de Foz e Foz) e *ghrade* con gheada rexistrouse en portos da ría de Vigo (Paxón, Coruxo). Segundo Santamarina a denominación *grade* para a *Asterias rubens* provén da semellanza do animal coa grade (do lat. CRATEM ‘enreixado’), apeiro de labranza a xeito de grella, con dentes por abaixo para achaias-las terras de semente (Ríos Panisse 1977: 13-4). E dun diminutivo CRATICELLA procede o termo *ghradisela*, propio da ría de Pontevedra (Portonovo, Mogor-Marín) e de portos do Salnés da ría da Arousa (O Grove, Cambados), mentres que nou-

1 *Estrella del mar* nas Figueiras-Castropol, *estrella de mar* en Bares e Ares e *estrella do mar* en Escarabote e Mogor-Marín.

tros portos desta ría se rexistra o castelanismo *estrella* (Vilanova da Arousa, O Carril e Rianxo), que no caso do Carril convive coa forma *comeostra*.

No costado de leste arousán e especialmente na praia que os mariñeiros chamaban As Carballas (no concello de Vilanova) que remata no puntal do Terrón (de aí que hoxe se coñeza a praia por este nome), sempre houbo moitas gradicelas, que se tomaban cando viñan ó limpo para comeren *espadín*, termo que en todo o litoral galego só se usa en Cambados para o *Ensis ensis*, molusco que en moitos portos chaman *longueirón* ou *navalla* (Ríos Panisse 1977: 125-126). E tamén se tomaban no Vao, próximo á praia das Carballas, cando viñan á ameixa ou ó berberecho escachado polos rastros de vara, despois da ceifa que comezaba en outubro. A *gradicela* é un excelente fertilizante natural, como tamén o son os *pateiros* e os diferentes tipos de *argazos*, aínda que estes últimos teñen a vantaxe sobre *gradicelas* e *pateiros* de podreceren moito antes. Que a *gradicela* fose tan apreciada como fertilizante polos labregos do Salnés explica que nun porto coma o de Cambados houbera mariñeiros que noutrora se dedicasen a andar a elas para llellas vender á xente do campo.

Na costa comprendida entre Ribeira e Malpica a *Asterias rubens* denomínase *tallanta* (Ribeira, Lira), *tixeira* (Malpica, O Sardiñeiro, Ézaro, Muxía, Camariñas e Corme, e tamén en Espasante-Ortigueira xa no Cantábrico) e *tixeira do mar* (Portosín) cunha especificación. Santamarina considera que o parecido cunha *tixeira* aberta pode explicar semanticamente a denominación para este invertebrado (Ríos Panisse 1977: 14). Téñase en conta que *tallanta* (do lat. TALIARE “cortar”) é forma tradicional de falares fisterráns no canto do xeral *tixeira*.

Na Costa da Morte *tixeiras* e *tallantes* son formas comúns aínda hoxe entre os mariñeiros, como pode verse neste texto de García Allut (1996: 94) relativo a Lira e a Muxía:

Ó recoller un aparello a bordo, como nos di o informante, non só pode vir peixe, senón que o acompañan, segundo onde se estea pescando, certo tipo de algas, cunchas, pedras, “tixeiras e tallantas”, etc., trazas do substrato mariño que representan unha información accesoria e útil para unha representación aproximada da imaxe do fondo.

1 Hai un peixe cientificamente coñecido como *Clupea sprattus* que se denomina *espadín* en Portonovo, Escarabote, Bouzas, A Guarda, Panxón, Cangas, Cesantes, P. Morrazo, Mogor, Marín e Redondela. Ese *espadín* corresponde ó *trancho* dos portos da Ría da Arousa, da Ría de Muros e Noia e da Costa da Morte ata Corme; e á *trancha* do resto do litoral galego, de Malpica a Rinlo-Ribadeo, e mesmo nas Figueiras-Castropol (Ríos Panisse 1977: 217-218).

2 O autor pon entre comiñas as “tixeiras e tallantas”, pero non explica qué son. En dous traballos de 1998 García Allut reproduce este mesmo texto, nun pon ese sintagma en cursiva,

Outras denominacións relaciónanse co ‘polbo’ porque, segundo Santamarina, a cor violeta escura e os longos brazos danlle á a *Asterias rubens* certa semellanza co polbo (Ríos Panisse 1977: 14). Isto explicaría formas como *pulpo cezho* en Miño e Sada, *nai do polbo* en Caión e *pólbera macha* na Guarda. Neste caso e no de Caión trátase de costa moi batida polo mar, onde moi probablemente a gradicela se alimente de polbos, como ocorre no litoral miñoto, o que contribúe a relacionar ámbolos animais, á parte da similitude dos brazos do equinodermo cos raxos do cefalópodo.

Outras formas rexistradas son *curceta* en Cesantes, cun diminutivo de *cruz*, e *sartaña* en Abelleira-Muros; *rapaconas* en Laxe e *rapacricas* en Rinlo e *sersella* en Cangas do Morrazo. A *sersella*, ó igual que as *tallantas* (e *tixeiras*) da Costa da Morte e a *rapaconas* (e *rapacricas*) “posiblemente aludían a la práctica de raerse los pelos frotando la piel con ejemplares de esta especie” (Ríos Panisse 1977: 14).

Na costa portuguesa da Gallaecia temos denominacións rexistradas no litoral galego: *estrela* en Caminha e Caxinas-Vila do Conde, *estrela do mar* en Castelo de Neiva, *rapacona* tamén en Caxinas e *polbo bravo* en Vila Praia de Âncora, no litoral miñoto onde hai rebastais chamados *fragas*, que quedan en seco cando baixa a marea; e segundo Magalhães (1998: 54) no caso de Carreço (lugar entre Âncora e Viana do Castelo) nas “poças de água que se formam nessas fragas, escondem-se estrelas do mar, alimento dos polvos, e denunciam a relativa abundância do pesqueiro”.

No resto do litoral portugués, como se ve no Mapa 14, desde a desembocadura do Douro á do Guadiana o xeral é *estrela*, que pode estar especificada (*estrela de / do mar*). Nun punto do Algarve a forma especificada é *estrela da tarde / da água*.

explicando o seu significado en nota: “Estrelas de mar (*Marthasterias glacialis*) e arañas de mar (*Ophiocoma nigra*)”; e noutro traballo tamén está en cursivas, pero entre parénteses aclárase que son “estrelas de mar, ofiuras” (Fernández Rei 2001: 119, nota 193).

- 1 Na costa centro-oriental de Asturias, o equinodermo *Marthasterias glacialis* L. ten como denominación xeral *estrela* (en Xixón *estrela de mar*), pero en Lastres (máis cara ó oriente) denomínase *madre del pulpu*, forma que “sigue el procedimiento ya observado de adjudicar a ciertos animales marinos el nombre de *madre* de otro, por ejemplo, *madre de la boga* (*salema*, *Sarpa salpa*), *madre de la sardina* (*sábalo*, *Alosa alosa*), el primero entre los peces neríticos y el segundo dulceacuícola. El animal invocado suele ofrecer cierta semejanza externa. En nuestro caso, los brazos de la estrella se comparan con los tentáculos del pulpo” (Bariuso Fernández 1988: 425). Para os mariñeiros asturianos, segundo Bariuso, este equinodermo é inútil e desagradable: “no valen pa nada”, din os de Candás; entran nas nasas e “comen la carnada”, din os de Tazones, que está agardando mellores presas (*Ibidem*).
- 2 A etimoloxía pode ser SARTAGINEM ‘tixola’, foneticamente posible de igual xeito que FARRAGINEM deu o galego *ferraña*. Segundo Santamarina, *sartaña* semanticamente responde á mesma motivación que *gbradisela* ‘grella’ > ‘estrela de mar’ (Ríos Panisse 1977: 14).



Mapa 14: Denominacións de estrela de mar (*Asterias rubens*) no litoral portugués (fonte: Vitorino 1988: mapa 184)

5.2.2. A 'gradicela' na lexicografía

No dicionario de Eladio Rodríguez (Santamarina 2001) hai unha entrada *estralamar* coa seguinte definición referida a un equinodermo:

Marisco como de nueve pulgadas de largo, que es un equinodermo que tiene la piel erizada de espinas. En la isla pontevedresa de Ons llámase RAÑACÚ y también se conoce como *ortiga do mar*. El marisco *estrelamar* está cubierto por una ligera concha caliza en sus radios; y a través de esta concha y por la parte inferior salen multitud de piecillos carnosos que rodean la boca; y por encima tiene espinas semejantes a las del erizo, de donde sin duda proviene el nombre de RAÑACÚ que se le da en la isla de Ons. Es muy común en las Rías Bajas de Galicia; vive en distintas profundidades, según las especies; dicese que es enemiga de las ostras; aparece a veces en las playas, arrojado por el mar en grandes cantidades, que se recogen y se emplean como excelente abono en las tierras de litoral.

Na versión provisoria do *VOLGa* (1989) aparece *estrelamar* e *gradicela*, aínda que ó tratarse dun listado un non sabe a qué se refire a *gradicela*, se a un tipo de cercado ou de reixa ou a un equinodermo. No diccionario da RAG (1997) non aparece a entrada *gradicela*, mentres que na entrada *estrela* hai a frase *estrela de mar* para “animal mariño do tipo dos equinodermos, en forma de estrela con cinco ou máis brazos”.

En Estravís (1995) hai unha entrada *estrela-mar* ou *estrela-do-mar* que na acepción (2) se refire á *Asterias aranciaca* e *Asterias rubens* (“Nome vulgar de varios equinodermos do grupo dos asteroides, cuxo corpo ten forma de estrela”), e o mesmo na acepción (7) da entrada *gradicela* (“Nome vulgar de un animal invertebrado mariño da familia dos equinodermos, máis coñecido por *estrela* ou *estrela-do-mar*”).

No Xerais (2000) a acepción (1) da entrada *estrelamar* refírese ó “animal equinodermo mariño (*Asterias rubens*), de corpo comprimido, coa forma dunha estrela de cinco puntas; cercella, estrela do mar, gradicela”, e igualmente a acepción (4) da entrada *gradicela* (“Un dos nomes que recibe a estrela do mar; cercella, estrelamar”).

Lahuerta e Vázquez (2000: 342) proponen o nome galego *gradicela* para a *Asterias rubens* e o de *estrela de mar común* para a *Masthasterias glacialis*.

5.3. Un vento: o vento do mar e o vento mareiro

Na ribeira do mar o *vento* ten unha grande importancia fronte á Galicia interior, onde normalmente se fala de *aire* (no sur de Pontevedra de *airo*) e de *vento* cando é moito máis forte có *aire*. No interior, o *aire* xeralmente vén de arriba ou de abaixo (ou de tal sitio ou de tal serra), mentres que na costa hai unha gran riqueza de *ventos*, con cadanseu nome. Ademais, no litoral úsase o verbo *ventar* para a acción de soprar (con forza) o vento.

1 Esta forma xa se documenta en 1895 no *Castelo de Pambre* e na *Tecedeira de Bonaval* de López Ferreiro para referirse a unha ‘reixa’ na igrexa dun convento; pero na Base Lexicográfica do ILG non hai ningún rexistro para o equinodermo.

5.3.1. O literario e agarimoso ‘vento mareiro’

Na Galicia atlántica hai ventos temidos como o duro *leste*, que os mariñeiros arousáns de Cambados, entre outros, tamén chaman vento *terral*, e que tanta fame ten traído á ribeira atlántica. De aí o *pasar leste* ‘pasar (moita) fame’, que se oe en vilas da Arousa, no Porto do Son ou en portos da Costa da Morte como Lira ou Fisterra, expresión que non recollen os dicionarios de Estravís (1995), RAG (1997), Cumio (1999) e Xerais (2000) nas entradas *pasar* e *leste*.

Outros ventos son agarimosos como o *vento mareiro*, que dá título a un famoso poemario que o cambadés Cabanillas editara na Habana en 1915. Aínda que as primeiras documentacións dese sintagma están nos pontevedreses Sarmiento e Pintos¹, a través de Cabanillas o *vento mareiro* debeu pasar a moitos outros autores. Poida que sexa o caso do tamén pontevedrés Amado Carballo², que quedara impresionado pola beleza e pola forza expresiva, pola modernidade e pola ‘posta en marcha’ da lingua galega despois da lectura do devandito poemario de Cabanillas (Pena 1996: 106).

Para a xente do mar de Cambados o *vento mareiro* é maino e leve, e sopra do noroeste (da parte do Barbanza) na primavera e no verán, desde o mediodía á tardiña baixa, mentres que no solpor o *vento mareiro* é substituído polo *nordés*, que vén da terra (e non do mar). No inverno, o agarimoso vento mareiro da primavera e verán, en Cambados pasa a denominarse (*vento da travesía*, non precisamente maino, pero segue soprando da mesma zona do Barbanza).

Para a xente do mar de Rianxo o *vento mareiro* é sempre unha brisa suave, que sopra de calquera sitio e que permite navegar con tranquilidade, mentres que o *vento do mar* sopra do sur e trae temporal e chuva³. O *vento mareiro* aparece na poesía de Manuel Antonio e na prosa de Rafael Dieste⁴, e é o

1 A primeira documentación de *vento mareiro* está no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) do pontevedrés Frei Martín Sarmiento, que tamén usa o adxectivo *mareiro* referido ó golfe (un tipo de alga mariña) e ó estrume de golfe *mareiro*, xeba, argazo, bocho e verdélb. A segunda documentación de *vento mareiro* está en *A gaita gallega* (1853) do tamén tamén pontevedrés Xoán Manuel Pintos, que vivira uns anos en Cambados exercendo de xuíz.

2 Na obra de Amado Carballo rexístrase en frases como “vento mareiro da Carnota” (*Os probes de Deus* 1925) e “aldeán vento mareiro” ou “vento mareiro silenzoso” (*Proel* 1927).

3 Esta información foime fornecida por Carme García, estudiosa do léxico mariñeiro de Manuel Antonio e do galego oral de Rianxo.

4 En Manuel Antonio aparece nun poema de 1924 (“Ó volver, vento mareiro / c’o teu arrollo de fel / trai o ronsel silandeiro / d’aquel mozo mariñeiro”). No poema “Guarda de 12 a 4” do poemario *De catro a catro* (1928), o poeta rianxeiro inclúe unha cantiga onde aparecen o *vento do mar* e o *vento mareiro* como sinónimos (“Vente ventiño d’o mar / vente ventiño mareiro / Vente ventiño d’o mar / vente noso compañeiro”), aplicados a esa brisa suave que dá bo navegar. Tamén son sinónimos na cantiga “Vente ventiño do mar / vente ventiño mareiro / qu’unque me léve-la gorra / tamén sei andar en pelo”, e o mesmo en “non lle temas

título dun cadro de Castela e da portada, tamén de Castela, do poemario *Vento mareiro* de Cabanillas, moi parecida ó cadro; pero nestas obras de Castela non se trata dun vento agarimoso, senón máis ben do *vento do mar* rianxeiro, porque a auga do mar ten a cor gris dos días do mal tempo (e non o azul mariño dos días do *vento mareiro*) e as copas dos piñeiros están dobradas. Como forma popular o *vento mareiro* parece ser propio do costado de leste da ría da Arousa, pero non do costado de noroeste, pois en Ribeira, por ex., non é popular. Tampouco o é no Porto do Son¹ nin en Noia, na parte do Barbanza que dá á ría de Muros.

5.3.2. O ‘vento do mar’ do litoral galego e portugués

Nos distintos mapas dos ventos do *ALGa IV* hai moi poucos puntos onde se rexistrasen nomes de ventos coa forma *mar* e derivados.

No Mapa 56 *aire / vento do norte* rexistrouse *aire / vento do mar* en L.1 Pelourao-Viveiro e *mareiro / vento da Coruña* en C.25 Xanceda-Mesía, xunto co refrán “vento mareiro, merda pró troiteiro”. No Mapa 57a *aire / vento sur* rexistrouse *marexiña* (e o verbo *marexiar*) en C.37 S. Mamede de Carnota e *vento do mar / vento de abaixo* en C.47 Rianxo, distinto do *vento mareiro* que sopra de calquera sitio.

No Mapa 59 *aire / vento do noroeste* anotouse *vento mareiro* en P.12 Fefiñáns-Cambados e *maraxe* en P.13 O Grove para a brisa de mediodía, no verán, que vén sendo como o vento mareiro de Cambados. E no Mapa 63b *aire / vento do oeste* anotouse *aire da mar* en L.20 Friol, *aire do mar aberto* en P.22 Lougares-Mondariz e *aire da costa* en P.32 Vilachán-Tomiño.

No material recollido nos anos 70 por Ríos Panisse e Santamarina para o *Léxico de los marineros peninsulares*, correspondente a 15 portos galegos e a tres portugueses entre o Miño e o Douro (Viana do Castelo, Vila do Conde e Matosinhos), o ‘vento do mar’ (Alvar 1985,1: 337-339) nos portos galegos do Cantábrico denomínase *vento mareiro* no Porto de Bares, *nordeste* e *norte* en Foz e *brisa do mar* en S. Cibrao.

Nos portos atlánticos o rexistrado foi *maraxe* en Cedeira, *briza* en Sada, *brisa* en Malpica, Sardiñeiro e Ribeira (e *brisiña* no Porto do Son), *nordeste* e *vento de afóra* en Laxe, *vento foreno* en Muxía, *airexa* e *b[r]isa* en Cambados, *maraxote* en Cangas, *maraxe* en Panxón e *vento de fóra* na Guarda.

mariño / ó veintiño do mar / que o vento mareiro / dá mellor navegar”. Dieste úsao nos *Arquivos do trasno* no relato “Pampín”: “Un nós de moita largueza, no que caben rafegas de vento mareiro, disputas de gavotas arremuíñadas, escumas e dondas a correr pola area...” (p. 67 da ed. de Galaxia, 1973³).

1 Cando non se indica a procedencia bibliográfica, a diversa información sobre o léxico mariño do Porto do Son foime fornecida por Francisco Calo Lourido.

Na costa portuguesa da Gallaecia correspondente a ese *Léxico de los marineros* o ‘vento do mar’ chámase *oeste*¹ nos tres puntos interamnenses, forma que concorre con *vento mareiro* en Viana do Castelo e Vila do Conde e con *vento do mar* en Matosinhos. No resto da costa portuguesa, desde a desembocadura do Douro á do Guadiana as formas máis rexistradas para ‘vento do mar’ foron *vento de fóra*, *vento do mar* e sobre todo (*vento*) *mareiro*².

5.3.3. O ‘aire / vento mareiro’ na lexicografía

No dicionario da RAG (1997) na entrada *mareiro*, -a, despois das acepcións deste adxectivo aparecen os sintagmas *aire mareiro*, *vento mareiro* definidos como “vento que vén do mar”, co sinónimo (*vento de*) *travesía*, e na entrada *travesía* a acepción (3) é “vento que sopra do poñente, do mar”.

No Xerais (1993) aparece o *vento mareiro*, sen definición propia, na entrada *mareiro*, -a “pertencente ó mar, que procede do mar, mariño (*aire ou vento mareiro*)”, e o mesmo no Cumio (1999) na acepción (1) de *mareiro*, -a “relativo ó mar ou procedente del (*vento mareiro*)”. No Estravís (1995) na acepción (1) da entrada *mareiro* dise “que é propio ou procede do mar como o vento ou a chuvia”.

Aire e *vento* son practicamente sinónimos, o que non quere dicir que a carón de *vento mareiro* haxa que incluír un *aire mareiro*, como se fai no dicionario da RAG (1997) ou no Xerais (2000)³, especialmente de termos en conta a oralidade e a semántica de *aire* e de *vento*, este máis usado na beiramar e aquel no galego non costeiro. A única documentación de *aire mareiro* na Base Lexicográfica do ILG é de 1886 e corresponde a unha das cantigas recollidas no *Cancionero Popular Gallego* de Pérez Ballesteros (“Eí vén o aire do mar / eí vén o aire mareiro”).

BIBLIOGRAFÍA

- Acevedo y Huelves, Bernardo e Marcelino Fernández y Fernández (1932): *Vocabulario del bable de occidente*. Madrid: Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas. Archivo de Estudios Históricos.
- Alcover, Antoni M^a e Francesc de B. Moll (1988): *Diccionari català-valencià-balear*. Palma de Mallorca: Moll.

1 En Vieira de Leiria (indo cara a Lisboa) o ‘vento oeste’ denomínase *vento do mar* (Alvar 1985, 1: 303).

2 O *vento mareiro* designa en Cascais, preto de Lisboa, o ‘vento noroeste’ (Alvar 1985, 1: 306), mentres que en Lagos, no Algarve, úsase para o ‘vento sur’ (*Ibidem*. 297). En Odeleite, lugar do Algarve pero a uns 15 km. da costa e a 4 km. do río Guadiana, o *vento mareiro* designa o vento que sopra do leste (Cruz 1991: 306).

3 No Xerais (2000) na entrada *mareiro*, -a defínese este adxectivo como “pertencente ó mar, que procede do mar. *Aire* ou *vento m.*, o que vén do mar; vento da travesía”.

- ALGa IV* [2002] = Francisco Fernández Rei (coord.): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. IV Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa” (no prelo).
- Alibert, Louis (1966): *Dictionnaire occitan-français d'après les parlers languedociens*. Toulouse: Institut d'Études Occitanes.
- ALJR* (1996): *Atlas Linguistique Roman. I Commentaires*. Redactado por Gaston Tuauillon e Michel Contini. Roma: Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato. Libreria dello Stato.
- ALPI* (1962): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica I. Fonética, 1*. Madrid: CSIC.
- Alvar, Manuel (1984-89): *Léxico de los marineros peninsulares*, 4 vols. Madrid: Arco e Curso de Filología de Málaga.
- Álvarez, Guzmán (1949): *El habla de Babia y Laciana*. Madrid: CSIC. Anexo XLIX da RFE.
- Andolz, Rafael (1992): *Diccionario aragonés. Aragonés-castellano, castellano-aragonés*. Zaragoza: Mira.
- Andrés, Ramón d' (2001): *Cuestiones d'asturianu normativu*. Uviéu: Ámbitu.
- Arias Vilas, Felipe (1992): *A romanización de Galicia*. Vigo: A Nosa Terra.
- Babarro González, Xoán (1994): “A fronteira lingüística do galego co asturiano. Delimitación e características das falas de transición dos concellos de Navia, Villallón, Allande e Ibias”, en F. Fernández Rei (ed.): *Lingua e cultura galega de Asturias*. Vigo: Xerais, 79-148.
- Barriuso Fernández, Emilio (1986): *El léxico de la fauna marina en los puertos pesqueros de Asturias central*. Oviedo: Principado de Asturias. Instituto de Estudios Asturianos (CSIC).
- Cano González, Ana Mª (1982): *Vocabulario del Bable de Somiedo*. Oviedo: Principado de Asturias. Instituto de Estudios Asturianos (CSIC).
- Cioranescu, Alejandro (1966): *Diccionario etimológico rumano*. Tenerife / Madrid: Universidad de la Laguna / Gredos.
- Corominas, Joan e José A. Pascual (1980-91): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- Coromines, Joan (1983-1993): *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana*. Barcelona: Curial Edicions Catalanes / Caixa de Pensions “La Caixa”.
- Cruz, Mª Luisa Segura da (1991): *O falar de Odeleite*. Lisboa: INIC.
- Cumio (1999) = Xosé Feixoo (dir.): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Ed. do Cumio.
- DALLA* (2000) = *Diccionariu de la Llingua Asturiana*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- Díaz González, Olga Josefina (1986): *El habla de Candamo (aspectos morfosintácticos y vocabulario)*. Oviedo: Universidad.
- Díaz López, Jacinto e Manuel García Galano, (1996): *Vocabulario d'A Roda (Tapia)*. [Uviéu]: Principáu d'Asturies. Conseyería de Cultura.
- Estravís (1995) = Isaac Alonso Estravís (dir.): *Dicionário da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

- Fernández Rei, Francisco (1991): “Trazos lingüísticos nos límites orientais da galeguidade”, en X. M. González Reboredo e X. A. Fernández de Rota (coords.): *Actas do Simposio de Antropoloxía “Lindeiros da Galeguidade I” (5 -6-7 de xullo 1990, O Cebreiro-A Proba de Navia-Vilafranca)*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 113-128.
- Fernández Rei, Francisco (1999): *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o Mar da Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Fernández Rei, Francisco (2001): “O mar na literatura galega: ondas, ventos, illas, ribeiras e vagallóns”, en Pérez Alberti, Augusto (coord.): *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. IV As paisaxes de Galicia*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 219-260.
- Fernández Rei, Francisco (2002a): “As estacións do ano en galego: o inverno, o verán e as primaveras”, en Ramón Lorenzo (ed.): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Santiago de Compostela: USC, pp. 129-143.
- Fernández Rei, Francisco [2002b]: “O tratamento do léxico patrimonial na lexicografía galega”, en Dolores Sánchez Palomino (ed.): *Actas do Simposio de Lexicografía Galega (A Coruña 20-24 novembro 2000)* (no prelo).
- Fernández Vior, José Antonio (1998): *Vocabulario da Veiga*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- García, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.
- García Allut, Antonio (1996): “A ‘outra’ ciencia: saberes artesanais e adaptación en dúas poboacións mariñeiras galegas”, en *A Trabe de Ouro* 25, 87-101.
- García García, José (1983): *El habla de El Franco (una variante lingüística del Occidente de Asturias)*. Mieres del Camino: Instituto “Bernaldo de Quirós”.
- Knörr, Henrike (2000): “Astronomy and basque language”, en C. Esteban e J. A. Belmonte (eds.): *Oxford VI and Seac 99 ‘Astronomy and cultural diver sity. Astronomía y diversidad cultural’*. Tenerife: OACIMc, 183-192.
- Lahuerta Mouríño, Fernando e Franciso X. Vázquez Álvarez (2000): *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro / Termigal
- Lima, Maria Alves (1963): *Matosinhos. Contribuição para o estudo da linguagem, etnografía e folclore do concelho*. Coimbra: RPF.
- López Pereira, Eduardo (1989): *O primeiro despertar cultural de Galicia. Cultura e literatura nos séculos IV e V*. Santiago de Compostela: USC.
- Lorenzo, Ramón (1977): *La traducción gallega de la “Crónica General y de la Crónica de Castilla”. II Glosario*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos ‘Padre Feijoo’.
- Machado, José Pedro (1995): *Dicionário etimológico da língua portuguesa. Com a mais antiga documentação escrita e conhecida dos vocábulos estudados*. Lisboa: Horizonte.
- Magalhães, Ivone Baptista de (1998): *Embarcações tradicionais: Em busca de um património esquecido. Traditional boats. In search of a forgotten heritage*. Viana do Castelo: Grupo desportivo e cultural dos traballadores dos estaleiros navais de Viana do Castelo.

- Maia, C. de Azevedo (1977): *Os falares fronteiriços do concello de Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilla*. Suplemento IV da *Revista de Filologia Portuguesa*. Coimbra.
- Méndez Ferrín, X[osé] L[uís] (1992). “Limiar”, en García Crego, Xosé M. (ed.): *Comunicacións. I Congreso da Lingua e a Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora [Celanova 21-22 decembro 1989]*. Vigo: Clube Cultural Adiante, 5-6.
- Meyer-Lübke, Wilhelm (1935): *Romanisches Etymologisches Wörterbuch*. Heidelberg: Carl Winters.
- Neira, Jesús e M^a Rosario Piñeiro (1989): *Diccionario de los bables de Asturias*. Oviedo: IDEA.
- Netto, M^a Teresa de M. Lino (1949): *A linguagem dos pescadores e lavradores do concello de Vila do Conde*. Coimbra: Casa do Castelo.
- Otero, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Anexo 8 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.
- Pena, Xosé Ramón (1996): *Manuel Antonio e a vangarda*. Sotelo Blanco: Santiago de Compostela.
- RAG (1997) = García, Constantino e Manuel González González (dirs.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- Raynouard, François (1836-45): *Lexique roman ou Dictionnaire de la langue des troubadours comparée avec les autres langues de l'Europe latine*. Heidelberg: Carl Winters.
- Ríos Panisse, M^a C. (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces. Con anotaciones etimológicas de Antonio Santamarina*. Anejo 7 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.
- Santamarina, Antón (ed.) (2001): *Diccionario de diccionarios*. Biblioteca Filológica Galega. Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.
- Santos, M^a José de Moura (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Coimbra: RPF.
- Suárez Fernández, Xosé Miguel (1996): *Vocabulario de Mántaras (Tapia). Aportacións al léxico del galego-asturiano*. A Caridá: Xeira.
- Vitorino, Gabriela (1987): *Atlas Lingüístico do litoral portugués. Fauna e flora (mapas e notas)*. Lisboa: Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa / INIC.
- VOLGa [1989] = Manuel González e Antón Santamarina (coords.): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega.
- Xerais (1993) = Ares Vázquez, M^a Carme *et alii*: *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- Xerais (2000) = Carballeira Anllo, Xosé M^a (coord.): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.

ÁREAS LEXICAIS GALEGAS E PORTUGUESAS. A PROPOSTA DE CINTRA APLICADA Ó GALEGO

Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández

Instituto da Lingua Galega. USC

No ano 1962, Cintra publica unha investigación sobre as áreas léxicas dialectais no portugués continental (neste traballo citarémola pola edición de 1983). Para emprender este estudio, escolleu oito conceptos que polo seu ámbito de uso non se visen influídos pola forza homoxeneizadora da lingua común; seis están relacionados coa cría do gando: ‘mugir’, ‘ubre’, ‘soro’, ‘fêmea esteril’, ‘cria da ovelha’ e ‘cria da cabra’; e os dous restantes con ámbitos semánticos distintos: ‘queixo’ e ‘maçaroca’. Coa excepción de ‘maçaroca’, os obxectos denominados gozan dunha pervivencia moi delongada na historia da cultura portuguesa: os nomes referidos ás partes do corpo son tomados sempre como aqueles para os que se supón unha maior permanencia na historia das linguas, entre eles está *queixo*; e a cría de gando bovino, ovino e caprino dátase na Península desde tempos remotos. Sen embargo, o millo chegou á Península a finais do século XVI (véxase a contribución de Rosario Álvarez neste volume).


As conclusións tiradas deste traballo permitíronlle a Cintra establecer unha distribución de áreas lexicais que aínda hoxe segue nos manuais de lingua ou de dialectoloxía do portugués continental. Cintra soubo extraer interesantes ensinanzas do seu estudio, de entre as que cabe destacar a coincidencia da distribución léxica coas áreas de avance da Reconquista e coas zonas que recibiron un maior influxo árabe. Ademais disto, as isoglosas que sinalan os lindes das áreas léxicas coinciden coas isoglosas doutros fenómenos lingüísticos, co que a división do territorio portugués en dúas áreas (dialectos setentrionais e dialectos centromeridionais) se ve afianzada e resulta máis significativa.

Dando por boas as razóns coas que Cintra xustifica a escolla dos oitos conceptos con que traballa, decidimos acometer un estudio similar no territorio galegófono. Os nosos obxectivos fundamentais son dous: primeiro, comprobar se o estudio da distribución das denominacións deses conceptos permite reconecer áreas lexicais dentro do dominio galego; e segundo, comprobar se as falas galegas manteñen continuidade coa área que Cintra localiza no norte de Portugal. Para acometer este noso estudio e para realizar os nosos mapas, empregamos fundamentalmente os materiais inéditos do *ALGa*. Ó pé dos mapas que cartografan as respostas do *ALGa*, tamén pre-

sentamos, para facilitarlle ó lector o contraste entre os datos galegos e portugueses, os mapas que Cintra realizou no seu traballo.

1. *Muxir*


No seu traballo, Cintra recolle as seguintes denominacións portuguesas do concepto 'muxir': *moger ~ monger ~ munger*, *mugir ~ mungir ~ mongir*, *ordenhar* e *amojar ~ mojar*, convén sinalar que nalgúns puntos do territorio portugués o concepto de 'muxir' tamén pode expresarse a través dunha variante analítica: *tirar o leite* (véxase Mapa 1a).



Mapa 1a

Pola súa parte, a pregunta do cuestionario do *ALGa* correspondente a este concepto é a número 1648; o cartografado no Mapa 1b das respostas recollidas móstranos que o conxunto maioritario de significantes que expresan o significado 'tirarlles o leite ás vacas, ovellas e cabras' está constituído por unha serie de cognados descendentes da palabra latina *MŪLGĒRE*. No Mapa 1b agrupamos as formas básicas rexistradas baixo as lendas *muxir*,

munxir, *muquir*, *munguir*, *monxer*, *mocer* e *moncer*. Ó revés do que pasa no territorio portugués, non se rexistra *ordeñar*. Algúns puntos da costa pontevedresa, pola súa parte, ofrecen diversas formas analíticas: *quita-lo leite* cabo de *muxir* en P.12, *saca-lo leite* en P.13, *tirarlle o leite* a carón de *menxer* (menos usado) en P.18, *tirar o leite* en P.21 e *monxe-las vacas* pero *tirarlle o leite ás cabras* en P.26.



Mapa 1b

Verifícase, pois, nas falas iberorrománicas do norte da Península unha continuidade no uso dos descendentes de MÜLGĒRE, dos que Cintra nos di

1 Baixo a lenda *muxir* agrupamos [muʃir] coas variantes [muʃir] de C.17, C.21, C.27, C.29, C.33, C.38, C.41 e C.43; [muʃir] de C.22 e C.34; [muʃir] ~ [muʃir] ~ [muʃir] de C.45 e C.48; [muʃir] de C.31; [muʃir] ~ [muʃir] de Z.3; [moʃir] de L.29, L.32 e O.9; [moʃir] e [muʃir] de Z.2. Baixo a lenda *monxer* integramos [mõŋʃer] coas variantes [mẽŋʃer] de P.18, [mẽŋʃer] de P.22, [mowʃer] de P.24 e [mõŋʃer] ~ [mõŋʃer] de P.28. Baixo a lenda *mocer* sometemos [moʃer] e as formas [meʃer] de A.1, A.2 e A.4.

que están “só conservado[s] na Península Ibérica (ora sob a forma de representantes de MULGERE, ora de EMULGERE) numa zona periférica (catalão, algúns dialectos aragoneses e castelhanos da montanha de Santander, asturiano, galego)” (Cintra: 63-64). A presenza destes restos de MÜLGÈRE no galego e no portugués non constitúe, pois, un trazo definidor que permita agrupar estas dúas linguas históricas fronte ás outras falas iberorrománicas, senón que é un trazo que agrupa as falas do norte de Portugal e o galego coas do norte románico peninsular; de por parte, a presenza de *ordenbar* no leste e centro e sur de Portugal tórnase nun trazo compartido cos dialectos do centro da Península, pois *ordenbar* entrou en Portugal “através da fronteira política” (Cintra: 64).

Cómpre, en todo caso, sinalar a existencia dun *amoxar* ‘muxir’ na Mezquita, cognada da portuguesa *amojar* que Cintra (p. 61) recolle “em via de desaparecimento” en dous puntos portugueses; e doutro *amoxar* “crecer la ubre de la vaca algún tiempo antes de parir” tamén na Mezquita e en Porto-Zamora, relacionado co *amojar* portugués ‘encherse de leite o peito’ (Santamarina 2001, s.v. *amoxar*).

A presenza de *amoxar* ‘muxir’ en galego podería descartar unha hipótese de García de Diego, apoiada por Cintra, de que o portugués *amojar* ‘muxir’ pode resultar dun cambio de conxugación de *mugir*~*moger* baixo a influencia de *ordeñar*:

Piel [...] aduce el ant. port. *amojar* ‘ordeñar’ y el brasil. *mojar* ‘id.’ con el nombre *amojo* ‘dureza del pecho o ubre’. La duda está en si *amojo* es deverbativo de **amogir*, y *amojar* es denominativo de *amojo*, o *amojar* se ha producido de **amogir* por influjo de otro verbo como *ordeñar* (véxase DEEH, s.v. EMÜLGÈRE).

A razón é clara: no territorio galego non existen os *ordeñar* que expliquen os *amoxar* ‘muxir’ (e o *amojar* recollido por A. Otero, véxase Santamarina 2001) galegos. Ademais, os *amojar* ‘muxir’ portugueses aparentan non ter na actualidade continuidade xeográfica cos *amoxar* ‘muxir’ galegos, polo que resulta tamén difícil aceptar a posibilidade de préstamo interdialectal. Do mesmo xeito, estes rexistros de *amoxar* ‘muxir’ galegos tamén parecen invalidar a hipótese máis complexa de Cintra (pp. 61-65), que aposta por derivar o *amojar*₁ ‘encherse de leite o peito’ do portugués de *amojo* ‘ubre, teta’ e por derivar *amojar*₂ ‘muxir’ (conforme a García de Diego) do cruce de *mugir* ~ *moger* con *ordenbar*. Esta é unha hipótese complexa que esquece os habituais corrementos metonímicos: nos significado de *amojar*₁ e de *amojar*₂ está presente a idea do leite e na referencia está presente o *ubre*. Baste sinalar como reforzo que C. García móstranos que existen un galego *aubrar* e outro *ubrar* ‘crecerlle o ubre á vaca pouco antes de parir’, provenientes de *ubre* (véxase Santamarina 2001 s.v. *aubrar*). Todos estes feitos xuntos poderían avalar a

hipótese máis simple de Piel (1953), para quen *amojar* é derivado deverbal de *amojo*, e este derivado de *moger* ~ *mugir*.

Piel	<i>amogir</i> > <i>amojo</i> > <i>amojar</i>
García de Diego	<i>amogir</i> > <i>amojar</i> (influxo de <i>ordenbar</i>) > <i>amojo</i>
Cintra	<i>amogir</i> > <i>amojar</i> ₂ ‘muxir’ (vía <i>ordenbar</i>) <i>amogir</i> > <i>amojo</i> > <i>amojar</i> ₁ ‘encher-se de leite o ubre’

Sen embargo, tamén cómpre tomar en consideración outras propostas. Dun lado, Machado (véxase DELP, s.v. *amojar*) deriva *amojo* e *amojar* de *apojo* e *apojar*, sendo *apojo* deverbal de *apojar*, evolución do latín *APPUDIARE, de PODIUM ‘pedestal’: “do sentido de «subir (ao pedestal)» saíu o de «crescer» e, depois, «encher, entumescer» em referencia às velas dos barcos e aos úberes”¹. Machado non explica o cambio /p/ > /m/, que quizais podería atribuírse á influencia de *moger* ~ *mugir*. A. Otero deriva de PULSARE o *apojar* “hacer bajar la leche de las reses, golpeándoles la ubre” recollido en Campo-verde, eliminando unha relación con *amojar* ~ *amoxar*; C. García tamén ofrece *apoxa* en Cabalar, *apochada* en Laxe, *apoxo* en Razo, *apuxa* ~ *puxa* ~ *puxada* ~ *puxo* ~ *repuxón* en Santiago de Compostela, *sopexo* en Monterroso, *zopexa* “golpe que da el ternero contra la ubre de la vaca para que baje la leche” na Gudiña, *puxas* “mamas de la cerda” en Santiago de Compostela, *apoxar* en Cabalar, Santaia e Santiago de Compostela e *puxar* “golpear el ternero la ubre de la vaca para que baje la leche” en Sobrado (véxase Santamarina 2001). Como vemos, a cuestión é complicada e non se poden descartar diversos tipos de cruzamentos, aínda que hoxe en galego as formas con /p/ tenden a significar regularmente ‘provocar a saída do leite a través de golpes’, mentres que as formas con /m/ tenden a significar ‘muxir’ ou ‘inchar o ubre’.

Pola súa parte, para explicar os diferentes resultados de MŪLGĒRE no territorio galegófono cómpre ter en conta tres aspectos:

a) A ausencia/presencia dun segmento nasal trala vocal radical e antes da consoante radical, o que permite comprobar a existencia de alternancias do tipo *muxir* ~ *munxir*. Aparece o incremento nasal sobre todo nas falas da zona centro-occidental do sur de Galicia e nas falas dalgunhas áreas máis ou menos compactas do norte da provincia da Coruña e de Lugo.

1 Machado (véxase DELP) ofrece *apojadura* e *amojadura* co significado de “força do leite no seio materno”; compárese con Carré *apoxadura* “afluencia excesiva de leche al pecho de las mujeres”, *apoxar* “llenarse el pecho de leche” e *apoxo* “primera leche de la hembra recién parida” (véxase Santamarina 2001). DCECH tamén rexistra *apoyadura* ou *apoyo* “raudal de leche” en varios textos casteláns; véxase *apoyo* e *apoyadura* no diccionario da RAE; véxase tamén *apojadura*, *apojado*, *apojar*, *apojo*, *amojar*, *amojo* e *amojado* no diccionario de Cândido de Figueiredo (1899).

b) A forma que toma a consoante radical, xa que ou ben xorden consoantes coronais sibilantes coma [ʃ, ʂ, ʐ, ʒ], descendentes dunha antiga postalveolar fricativa sonora (véxase Fernández Rei 1990); ou ben aparece no galego nororiental unha consoante coronal dental [θ], descendente dunha antiga africada dentoalveolar; ou ben encontramos consoantes dorsais sonoras ([g, ŋ]) que se deben agrupar por motivos históricos con outras consoantes glotais coma [h] e con fricativas dorsais xordas coma [x]¹. Como se pode supor, a distribución dialectal de cada unha das consoantes radicais débese a un antigo nivelamento analóxico que non tódolos dialectos realizaron do mesmo xeito: unhas falas estenderon a toda a conxugación unha raíz rematada en /ʒ/, que en principio só aparecía ante as vocais anteriores, e outras falas estenderon a raíz complementaria rematada en /g/, que ó primeiro só aparecía ante as outras vocais. Deste modo, as alternancias tipo *munxir* e *munguir* son paralelas ás do tipo *tanxer* ~ *tanguer* (véxase Santamarina 1974: 38-39). No portugués non parecen rexistrarse descendentes de MÜLGÈRE con consoante dorsal do tipo *muquir* ~ *munguir*; estas formas parecen ser só galegas e ocupan o suroeste de Lugo, o centro de Ourense e o surlleste de Pontevedra.


c) O vocalismo morfofonolóxico do tema: vocal radical alta harmonizada en altura coa vocal temática da CIII (que tamén é alta) ou vocal radical media alta harmonizada en altura coa vocal temática da CII (que tamén é media alta). No mapa galego é salientable que as formas co vocalismo morfofonolóxico máis arcaico, i.e., o que liga vocal radical media alta coa vocal temática da CII, aparezan no galego de Asturias e áreas colindantes (L.16, L.19 e L.23) e no recuncho suroccidental da provincia de Pontevedra (Áreas Fragoso-Morrazo e Tudense de Fernández Rei 1990); como é xa notorio, estas áreas comparten outros moitos trazos (*tu teís* ‘ti tes’ ou *cuatro* ‘catro’). A aparición da vocal radical alta harmonizada coa vocal temática da CIII ocupa todo o resto do territorio. De por parte, parece existir unha continuidade imperfecta deste trazo coas falas portuguesas do norte a través do suroeste pontevedrés.

En canto á forma *muñir* de Le.5 só nos cabe dicir que debe ser considerada leonesa (o *ALCL*, Mapa 884, sinala que *ordeñar* é a “palabra general” en Castela-León para o concepto ‘muxir’, salvo en Le 100-303, 501, onde se recolle *muñir*; en Za 102, onde aparece *muxir* [mu'fír] ~ [mu'zir]; e en Le 306, onde se atopa *musir*).

1 É evidente que a razón deste agrupamento establécea a presenza/ausencia de gheada, pois todas estas consoantes son resultados modernos dunha antiga consoante oclusiva velar sonora.

2. Ubre


As formas portuguesas presentadas no traballo de Cintra para denominar o concepto 'ubre' son *ubre* ~ *úbere* no noroeste e *amojo* ~ *mojo* ~ *amonjo* no resto (véxase Mapa 2a). Segundo nos mostran as respostas á cuestión 1593 do *ALGa*, a denominación en galego máis común para o concepto 'ubre' é *ubre*, pois ocupa practicamente todo o territorio galegófono; salvo en O.13, onde alternan *o ubre* e *a ubre*, e en Le.4, onde aparece *a ubre*, esta palabra presenta case sempre xénero masculino (véase Mapa 2b). Como é sabido, a forma *ubre* provén da latina de xénero neutro *ŪBER*: “apenas o castelhano, o portugués e algúns dialectos italianos setentrionais, réticos e franceses de leste mantiveram esta designação” (Cintra: 65).



Mapa 2a

No centro mesmo de Galicia, nomeadamente en C.32, C.36, L.28 e P.2, aparece *cocho* [koʃo]; en O.11 aparece *cochorro* [koʃoro]. C. García ofrécenos *cocho* 'ubre' en terras de Melide, Sobrado, Oirós, Monterroso; *cochorro* en Castro Caldelas; *acochar* 'crecer o ubre da vaca algún tempo antes de parir' en Santiago de Compostela. E. Rivas recolle *cochorro* 'ubre' en Taimende-Ou-

rense (véxase Santamarina 2001). Fernández González (1981: 246) recolle *cochigo* “primera leche después de parir la vaca” nos Ancares de León. No *DBA* aparece *coxa* ‘ubre’ e *coxada* “ubre abultada por la leche” en Colunga como formas do bable central. Quizais exista unha relación, probablemente discutible, entre estas formas e outra *coxoxo* que E. Rodríguez define como “nombre que se da en algunas comarcas orensanas a una erupción granular cutánea”, Carré como “nombre general comprensivo de varias enfermedades de la piel como erisipela, herpes, erupciones furunculosas” e C. García como “erupción cutánea” (véxase Santamarina 2001).



Mapa 2b

Nos datos do *ALGa* aparece tamén unha forma *remollo* [re'moʝo] ~ [re'moʎo] nos puntos asturianos de fala galega (fóra de A.7) e en L.13, L.16, L.19 e L.27 (neste último punto, *remollo* encóntrase a carón de *ubre*). A. Otero recolle *remollo* ‘ubre’ en Barcia; C. García ofrécenos *remollada* “cantidad de leche que la vaca alberga en la ubre” en Laxe, Santiago de Compostela, Ce-

dofeita, Burón e Suarna e *remollo* ‘ubre’ en Cedofeita, Burón e Suarna; tamén Carré introduce *remollo* ‘ubre’ no seu dicionario (véxase Santamarina 2001). Finalmente, o *DBA* documenta *remoyo* e *remueyo* no bable occidental.

Outra variante isoléxica de moito interese da que xa falei antes e que é a resposta recollida nos puntos de fala galega enquisados en Zamora é *amoso* [a'moʃo] (en Z.3 [a'moʒo]); no glosario de C. García comprobamos a presenza de *amoso* “ubre de la vaca” na Mezquita e en Porto-Zamora, xunto con *amosar* “crecer la ubre de la vaca algún tiempo antes de parir” nos mesmos puntos e *amosar* ‘tirar o leite’ na Mezquita; A. Otero recolle *amojo* ‘ubre’ en Reguengo. Aparece *moxal* ‘ubre’ na fala do Alto Aller (bable central, véxase *DBA*). O *ALCL* (Mapa 483) recolle [a'moʃo] en Za 102, Za 103; [a'moxo] en Za 100, Za 300, Za 301, Za 302, Sa 100 e Sa 101; e [a'moŋxo] en Za 104. Como se ve, todas estas variantes galegas, asturianas e leonesas manteñen continuidade co tipo portugués *mojo* ~ *amojo* ~ *amonjo* e esténdeno polo norleste máis alá da fronteira portuguesa¹.

No norte de León, Le.1 e Le.2, xorde *aleixo* [a'lejʃo], forma que tamén recollen Fernández González (1978: 196 e 198; 1981: 197) e A. Otero (Santamarina 2001, s.v. *alejo*). No *DBA* aparecen *llexar* e *allexar* no bable central co significado de ‘endurecerse ou aumentar o ubre cando a vaca vai parir’. Segundo Fernández González son derivados de LAXARE; A. Otero deriva *aleixo* de LACTEM, pero antóllasenos imposible.

Formas que resultan doutras extensións metonímicas diferentes son *faltriqueira* en C.46 e *curreallo* (pé de *ubre*) en O.12. Con relación a esta última cabe sinalar que C. García rexistra *correacho* “pliegue que forma la ubre de la vaca al estar seca” na Mezquita, *correola* en Gundín (coa mesma definición), *currial* “conducto venoso que lleva la leche a la ubre” en Santaia, *currial* “ubre seca” en Santa Comba, *correal* “ubre seca” en Santiago de Compostela; é evidente que todas estas formas proveñen de *correa* ‘tira de coiro’.


En todo caso, *ubre* é a forma máis común que aparece en galego, en castelán e nunha parte significativa do territorio portugués.

3. Soro

O traballo de Cintra móstranos que en case toda a metade norte de Portugal se emprega a palabra *soro* para o concepto ‘parte aquosa que se separa do leite, quando este se coagula ou quando se forma o queijo’; no centro de Portugal aparece *almécere* ~ *almícere* e no sur *almece* ~ *almice* (véxase Mapa 3a).

1 Como vemos, nestes puntos do occidente de Zamora e do noroccidente de Salamanca en que se recollen formas tipo *amojo* ‘ubre’, dáse a mesma distribución ca nas falas do leste, centro e sur de Portugal: *ordenbar* e *amojo* (coa excepción de Za 102, que presenta *amoso* e *muxir*).

Segundo nos mostran as respostas á *Cuest.* 1659 do *ALGa*, a palabra que máis comunmente se emprega para denominar en galego o 'líquido que aparece despois de callar o leite' é *soro* [ʃoro], aínda que aparece [ʃoro] en L.4, L.12, L.16, O.6, P.24, A.7 e Le.2, [ʃoro] en C.1 e C.27, [ʃor] en C.8 e derivados coma *sorón* en O.10, *desoradura* en Le.4 e *desora* en Z.2. Tamén aparece *suero*, fundamentalmente con [e], aínda que tamén se rexistren formas con [e] en P.25, P.31, P.32 e P.33; e recóllese tamén [sero] en L.37, posible resultado da redución do ditongo que aparece no castelanismo (véxase Mapa 3b).




Mapa 3a

Os investigadores do *ALGa* toparon tamén *auga* e derivados: *augadilla* en C.12, *aguacilla* en O.12, *agnadilla* en P.27 e Le.4, *agua* en C.49, *angua* en Z.3, *agua que descorre* en L.38, *auga do leite* en O.3, O.9 e O.28, *auga mazada* en O.23, *auga* en O.31. En P.15 recóllese o castelanismo *jugo*, pronunciado con *gbeada*: [xuxo]. Tamén se recolleu *leite de manteiga* en O.5.

En todo caso, as formas máis destacables xorden no galego de Asturias, onde se obtivo [bira] en A.2, A.4 e A.5. En Tineo aparece *bura* e en Luarca *bira* (véxase *DBA*). García de Diego nas *EE* dáo como resultado do latín

BUTYRUM a partir do grego *bútyron*, de onde sae tamén o *burro* do italiano, o *beurre* do francés ou o *butter* do inglés.




Mapa 3b

Polo tanto, a maior parte das falas galegas manteñen unha continuidade coas do norte de Portugal e co castelán, pois todas elas presentan resultados procedentes do latín ibérico *SÖRUM, e non aparece a variante de orixe árabe *almece*.

4. *Vaca que non empreña*

Cintra móstranos que todo o norte de Portugal e practicamente toda a fronteira con España emprega a palabra *machorra* para referirse ó concepto ‘estéril’; aínda que existen espaxadas outras formas minoritarias (coma *machia*, *forra*, *sandeira*, *capoa*, *boieira* e *alfeira*), a variante maioritaria, estendida polo resto do territorio, é *maninba* (véxase Mapa 4a). Polo que ó galego se refire, un elemento que destaca na análise das respostas ás preguntas 1589 “machorra” e 1733 “égoa marzoa” do *ALGa* é a enorme riqueza dos datos recolectados, i.e., a cantidade de variantes isoléxicas que os investigadores rexistraron. Tamén destacan os numerosos corrementos metonímicos, de modo que non só é posible que un mesmo significado teña diferentes signi-

ficantes segundo o dialecto, senón que tamén significados diferentes (tales coma ‘femia que empreñaba antes e agora non’, ‘femia que nunca empreñou’, ‘femia que agora non está preñada’) poden ser expresados cun significante formalmente idéntico en dialectos diferentes: *selleira* significa en L.1 e en C.13 ‘que non ten cría’, mentres que en C.5 significa ‘que non empreña’. Por estas razóns non sempre é fácil sistematizar os datos. Podemos adiantar, en todo caso, que as tres principais variantes recollidas para o significado ‘que non empreña’ son tres: *marroa* [ma’roa], *maronda* [ma’ronda] e *machorra* [ma’jora] (véxase Mapa 4b).




Mapa 4a

4.1. Marroa, verroeira, maronda vs. machorra

Como se pode apreciar no Mapa 4, as formas *marroa*, *verroeira* e *maronda* ocupan o noroeste de Lugo, practicamente toda a Coruña e puntos do norte de Pontevedra. Pola contra, *machorra* ocupa todo o territorio restante: o galego exterior, o leste e o sur de Lugo, Ourense e Pontevedra (os numerosos datos que achega C. García corroboran claramente esta distribución) e ten continuidade no territorio portugués antes sinalado (Helena Pousa, *vid.*

infra, neste volume, recolle *maré machorra* aplicado a “unha marea [que] non produce peixe” en Vilanova de Cerveira).



Mapa 4b

Agrupamos *marroa*, *maronda* e *verroeira* fronte a *machorra* por representaren, ó noso xuízo, tres das primitivas variantes “locais”, hoxe acobilladas no noroeste por mor da entrada da forma iberorrománica central *machorra*. Como iremos vendo, mentres que en Portugal o “castelanismo” *machorra* entrou en competencia coa primixenia *maninba*, a penetración de *machorra* en Galicia supuxo unha competencia cun número superior de formas preexistentes: non só *maniña* ~ *mania* (cognados da portuguesa *maninba*), senón tamén *maronda*, *marroa* e outras. Deste xeito, é posible supor que, ó contrario do que levamos visto, e con respecto ás denominacións deste concepto, antes da penetración de *machorra* non existía unha continuidade perfectamente clara entre as falas portuguesas e as galegas.

Segundo Cintra (p. 72), *machorra* [maˈtʃora] resulta dun derivado da palabra *macho*, proveniente do latín MASCULUS, á que se lle engade o sufixo prerromano *-orra*. No territorio lingüístico galego, a carón de *machorra* encontramos outros derivados de *macho*: *machón* en O.12 (ó lado de *machorra* “ó sacarlle a cría”), *machoeira* en P.27, *marimacho* en L.34 e O.1, *macho* en O.12. En todo caso, a existencia dunha illa coma a de *maronda* (a forma recollida é [maˈroa], con raíz [mar]-, non [marʰ-]) en L.32 mostra algún resto das formas antigas ante o avance de *machorra*. Baixo a lenda *machorra* acollemos a forma máis común *machorra* e a variante *amachorrada* de P.29.

Baixo a denominación *marroa* agachamos unha grande diversidade formal: [maˈroa], [moˈroa], [maˈrɔa], [maroˈejra], [malˈroa], [malˈrua], [maˈlua], [maˈnua], [moˈnua], [maˈθɔa], [maˈrɔnda] (posible cruzamento con *maronda*). As formas con vocal tónica alta [u] agrúpanse todas arredor da ría de Muros e na ladeira norte da serra do Barbanza: C.37, C.38, C.41, C.43, C.45 e C.49. As formas con [t] ou [r] explícanse dentro da fonética histórica da lingua galega se recordamos as variantes coma *alritar* ‘irritar’ ou *alrotar* ‘arrotar’; formas con [n] ou [rθ] quizais sexan cambios secundarios a partir das formas con [r].

A variante *maronda* [maˈrɔnda] é máis uniforme e só se observan mínimas variacións: [maˈrɔnda] en C.9 e [maˈroa] en L.32¹.

Baixo a etiqueta *verroeira*, forma que desce de VERRES por medio do derivado *verrón* ‘porco semental’, agrupamos as formas que se localizan no punto máis noroccidental da provincia da Coruña: [beruˈejra] en C.12 e C.13; [aβuruˈejra] en C.18. En Razo documéntase *verroeira* “hembra no preñada”; evidentemente relacionadas con estas están a forma *verronda* “que está en celo” recollida por Pintos e a expresión “andar na *vorroalla* as cabras: andar en celo” que presenta Leiras Pulpeiro, ou *verroallo* ‘cheiro do gando lanar e cabrún en celo’ (véxase Santamarina 2001).

Tanto *machorra* coma *verroeira* teñen unha explicación etimolóxica ben clara; non é este o caso de *marroa* e *maronda*, relacionadas cos casteláns *morueco* ~ *marueco* ou co portugués *maroto* (véxase o desacordo de Corominas e Pascual no DCECH con García de Diego nas EE e no DEEH). Para nós, *maronda* resulta un derivado claro de MAREM ‘macho’ ó que se lle engadiu o sufixo -BUNDA (seguindo a García de Diego) e *marroa* quizais derive dun cruzamento entre *verrón* (< VERRES) e a raíz *mar-* (< MAREM) de *marón* (ma-

1 Cándido de Figueiredo (1899) recolle *maronda* ‘ovelha que leva ao macho’ e García de Diego (nas EE) recolle *marrionda* en Asturias e *morionda* ~ *murionda* en Soria co significado de ‘oveja en celo’.

cho ‘sen castrar’), *maronda*, etc¹. Creemos que o feito de que *maronda*, *marroa* e *verroeira* aparezan no mesmo espazo e de que o territorio ocupado por *marroa* se sitúe entre a área de *maronda* e de *verroeira* reforza esta hipótese.

4.2. Maniña ~ manía

Como xa dixemos, *maninba* é a forma portuguesa tradicional para referirse á ‘vaca que non empreña’; coma no caso do galego, esta forma foi substituída en parte do territorio portugués pola variante centropeninsular *machorra*.

Os cognados galegos correspondentes ó portugués *maninba* son *maniña* [mãˈɲiɲa] e *manía* [mãˈɲia], coa distribución dialectal que lles corresponde en galego ós descendentes da terminación latina -INA que figura no seu étimo *MANNINA (véxase *ALGa II*, Mapas 91 e 93).

Sen embargo, *maniña* ~ *manía* remite en galego, polo menos, a dous conceptos distintos, segundo o dialecto: como resposta á pregunta 1590 ‘baleira’ do *ALGa*, aparece *maniña* ~ *manía* co significado ‘que non está preñada’ en A.1, A.2, A.3, L.8, L.9, L.19, L.29, L.31, C.47, P.14, P.19 e O.2 (coa excepción de L.9, zonas de *machorra*); con este significado tamén a recolle C. García en Oirós, Valadouro, Ramirás, A Gudiña, Cedofeita, Burón, Suarna e Pedrafitá (terras que xeralmente tamén empregan *machorra*). Pola súa parte, nos dicionarios clásicos do galego (véxase Santamarina 2001) *maniña* significa ‘que non empreña’ e con este significado tamén aparece *maniña* ~ *manía* nalgúns puntos do territorio lingüístico galego: conviven *maniña* ~ *manía* e *machorra* en L.33, O.15, P.10 e A.7; en L.2 e L.5 *maniña* coexiste con *maronda*; en L.29 só aparece *manía*, cos significados ‘que non empreña’ e ‘que non está preñada’; e en A.7 tamén recolle estes dous significados. Estes correntos semánticos son moi comúns e aparecen de contino. Precisamente a existencia de *manía* en L.29 coma outra illa similar á de L.32 con respecto a *maronda* permite mostrar restos da situación anterior á penetración de *machorra*. Deste modo, é posible que a extensión de *maniña* na antigüidade tivese continuidade no territorio portugués, continuidade que foi á vez crebada e creada pola entrada de *machorra*.

4.3. Outras denominacións

Sexa como for, a descrición precedente non esgota aínda a realidade dos datos, que resulta ben máis complexa. Ciscadas por aquí e por acolá aparecen máis formas que pasamos agora a enumerar.

1 O apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez (véxase Santamarina 2001) recolle en Lemos *marondo* ‘íntegro, refiriéndose a un animal macho, especialmente el cerro y el buey’ (por íntegro enténdase ‘sen castrar’).

Existe un grupo de variantes léxicas que relacionan a esterilidade co apetito sexual. Isto é claro en denominacións coma *puta* en C.28, L.30, L.33, O.3, O.18, O.25 e Le.3; *que anda de puta* en L.29 e O.14; en P.1 emprégase *touronda*, forma que noutras partes do territorio serve para aludir á femia ‘que está en celo’ (véxanse as respostas á *Cuest.* 1587 *vaca touronda* do *ALGa*). No fondo, relacionadas semanticamente con estas deben estar *maronda*, *marroa* e *verroeira*, pois todas tres proveñen de formas que aludían ó macho en celo ou ó macho non capado.

Tamén se relaciona a esterilidade coa masculinidade formas coma *touroa* de L.15, *tourona* de C.44, e *atorada* de L.39, que se vencellan semanticamente con *machorra*, *machón*, *machoeira*, etc. Existen apelativos referidos á incapacidade de concibir: *mula* (aplicado a ‘egua que non emprefña’ en L.6); *capona* en O.1, O.20 e O.25. Denominacións orixinadas polo posible influxo da lúa: *aluada* en L.32 e O.28; *lueira* en P.5; *luega* en Le.2; e *alunada* en L.39; esta motivación tamén aparece en puntos de Castela-León (*lunera* en Bu 302, Va 502, Za 101, Za 301, Sa 103, Sa 200 e Sa 203; *luniega* en Sa 103), onde a forma “de mayor difusión” é *machorra* (*ALCL*: 930, mapa 841).

Interesantes son as variantes tipo *senlleira*, descendentes de SINGULARIA. Recóllense en C.5 e C.8 [se'kejra], sinónimo de [ma'ronða], en L.25 [si'kejra] “cando non emprefña moito tempo despois de tida a cría”, en C.11 [sen'kejra], en L.18 [θin'kejra], en L.26 [se'kejra] co mesmo significado ca [ba'lejra] e distinto có de [ma'tjora]. Como se ve, aparecen no norte, son formalmente idénticas ás que noutros dialectos serven para expresar o significado ‘que non está preñada’ (véxase a cuestión 1590 do *ALGa* e C. García en Santamarina 2001) e volven a mostrarnos os correntos metonímicos de que vimos falando desde o inicio.


Existen, en todo caso, outras denominacións moi minoritarias coma *escueta* en L.18, *boleira* en O.26 (variante de *baleira* ‘que non está preñada’), *estéril* en L.8, *tenreira* e *libre* en L.16, *agachada* en L.21, *corrida* en O.26...; e outras denominacións analíticas: *que non dá crías*, *que non emprefña* en C.10, L.8, L.31 e L.34, *que non agarra* en L.29, A.3, A.5 e A.6 e *que non alcanza* en P.8.

En definitiva, vemos que o territorio galego presenta unha gran riqueza de formas, e que esta riqueza xa era alta antes da entrada da forma central *machorra*.

5. Cría da ovella


As formas máis comúns que se recolleron no *ALGa* como respostas á pregunta 1608 do cuestionario foron *año* [año], *cordeiro* [korðejro] e *carneiro* [karnejro] (Mapa 5b). A primeira é a que se rexistrou en máis ocasións e tamén a que ocupa unha área territorial maior. A resposta *cordeiro* enche unha faixa que se sitúa no territorio de fala galega máis oriental: parte do Princi-

pado de Asturias, algúns puntos da provincia de Lugo próximos, a zona do Bierzo leonés e o tercio occidental da provincia de Ourense. A forma *carneiro* só constitúe unha área compacta no extremo suroccidental da provincia de Pontevedra, aínda que se rexistrou tamén noutros puntos illados e case sempre como forma secundaria. Respecto do valor co que se empregan estas voces e atendendo ó texto recollido nos cuestionarios, os símbolos do mapa representan as denominacións que se deron como primeira resposta á pregunta ‘cría da ovella’. Nalgúns dos puntos en que se recolleu como primeira resposta *año*, utilízase *cordeiro* ou *carneiro* para o animal de máis de seis meses ou dun ano. Cando a primeira resposta dada é *cordeiro*, é a voz *carneiro* a empregada de xeito máis habitual para darlle nome á cría de maior idade¹. Deixo fóra deste comentario e sen representación no mapa as voces *perica*, *perico* e *ovella*, xa que sempre que aparecen consignadas no cuestionario é para facer referencia a animais adultos.



Mapa 5a

1 A diferenciación de idade entre os distintos nomes que sinalan os informantes é moi variable: “ata os dous ou tres meses”, “ata os seis meses”, “ata o ano”, “mentres non vai ó monte”, “en canto non paire”, “novo” (para *año/cordeiro/carneiro*); “ó ano”, “desde que ten cría”, “desde que vai ó monte”, “vello” (para *cordeiro/carneiro*).



Mapa 5b

As orixes de *año* e *cordeiro* foron sinaladas con detalle por Cintra e Rohfls. A voz *año* provén do vocábulo latino para denominar a cría da ovella (AGNUS). Os descendentes desta voz rexístranse hoxe en dúas zonas periféricas da Romania occidental (oeste peninsular —Galicia e Portugal— e Italia meridional). No portugués, como se aprecia no mapa de Cintra (Mapa 5a), é voz norteña e considerada hoxe polos dicionaristas como rexionalismo. Nos lugares en que se rexistrou esta forma no territorio de fala galega utilízase sempre co significado de ‘cría da ovella ó nacer’. Nalgúns puntos recolléronse variantes sufixadas: *añagoto*, *añiño*, *añico*, *añego*, *añín*, *añigote*. *Cordeiro* é un vocábulo derivado do lat. CORDUS, adxectivo que se aplicaba en principio ós animais e plantas nacidos tardiamente (AGNUS CORDUS). Segundo o *DCECH* esta voz puido empregarse primeiro para denominar a carne e a pel do animal e máis tarde para darlle nome a este. A homonimia de *año* (de AGNUS e tamén de ANNUS) explica para este estudioso o triunfo e fortuna de

cordero en castelán e xustifica a conservación das dúas voces en portugués. *Cordeiro*, ou algunha das súas variantes (*cordeirín*, *cordeiriño*, *curdeirolo*), rexistrouse como forma única na zona máis oriental da área lingüística galega; nuns poucos puntos recolleuse como segunda resposta despois de *año*, na maioría dos rexistros como sinónima e outras veces como denominación para a cría máis vella.

A voz *carneiro* recolleuse como resposta única en seis puntos da provincia de Pontevedra (P.24, P.28, P.29, P.30, P.31 e P.32). Non resultan doadas de xustificar estas respostas, xa que *carneiro* é a denominación máis común en todo o galego para o macho da ovella adulto. Nos cuestionarios do *ALGa* aparece consignada noutros puntos, pero sempre coa indicación de que é nome para o animal de máis dun ano. En moitos casos *año* é o nome que recibe a cría ('ata un ano') e *carneiro* a voz para o animal adulto macho. Deriva do latín *CARNARIUS* (*DCECH*) e co valor de macho da ovella é palabra común a galego, portugués e castelán (*carnero*).

Como se pode observar nos mapas, as áreas de *año* e *cordeiro* galegas encontran continuidade no territorio portugués. Pola súa distribución cabe pensar, como supón Cintra, que *año* é a voz máis antiga e que se viu desprazada, posiblemente xa desde antigo, por *cordeiro*. Esta mudanza foi consecuencia da expansión desde o centro da Península da forma que en castelán solucionaba a hominimia dos derivados de *AGNUM* e *ANNUM*¹. A denominación galega *carneiro*, que posiblemente como consecuencia dunha extensión significativa se pasou a utilizar nalgúns lugares como sinónima das anteriores, non se testemuña en portugués. Pola súa banda, da forma común ó portugués meridional e ó castelán *borrego* (de *borra* 'la grosa' < lat. *BURRA*) non se encontrou ningún testemuño².

En O.2 e como forma sinónima a *año* rexistrouse *carruxo* ([ka'ruʃo]). Varios dicionaristas galegos testemuñan a súa existencia noutros lugares cos significados de 'cría da ovella' (E. Rivas recolleo en Frades e en Fondo de Vila como 'carneiro vello'; C. García en Pantón; E. Rodríguez en Monforte e Lán cara; Santamarina 2001 s.v. *carruxo*) e 'cría do porco'. Para a súa etimoloxía pódese tomar como moi atinada a hipótese do *DCECH*, que a pesar de indicar que é voz de orixe incerta, supón para o castelán *encarrujarse* ("retortirse, ensortijarse") unha relación cun derivado do latín *ROTULA* ('roda


1 No *ALCL* pódese comprobar que *cordero* e *cordeiro* se estenden por boa parte das provincias de León e Zamora (Mapa 497).

2 Si se consignou como resposta á pregunta 1626 "cordeiro de un a dous anos": *borrego* en O.18, O.21, O.24, Le.4, Le.5, Z.1, Z.2 e Z.3 e *borro* en L.22. O primeiro dicionario da RAG e o lexicógrafo Eladio Rodríguez (Santamarina 2001 s.v. *borrego*) recollen a voz, no primeiro coa definición "el cordero que no ha llegado a un año" e no segundo dando como correspondente o castelán *cordero* e advertindo que a designación máis común en galego é *año*.

pequena). A motivación sería semellante á do devandito *borrego* e atopa confirmación no galego *encarruxarse* ‘retorcerse o pelo’: os años, sobre todo o naceren, presentan o pelo crecho. Non encontramos rexistros desta voz nos dicionarios portugueses.

6. Cría da cabra

A distribución na carta das formas correspondentes á pregunta 1637 “cría da cabra” non permite delimitar con claridade áreas compactas (Mapa 6b).



Mapa 6a

As tres respostas máis frecuentes son *cabrito*, *cabuxa* e *chiba*. *Cabrito*, forma estendida por todo o territorio, ten a súa orixe no lat. tardío CAPRITUS


1 Rexistráronse variantes de tódalas formas en maculino e en feminino e con sufixación: [ka'βrito], [ka'βrita], [kaβri'tiño], [ka'βirto], [ka'βirta], [ka'βufo], [ka'βofo], [ka'βuiffo], [kaβu'fiño], [kaβu'fiña], [kaβu'fiña], [t'iβa], [t'iβiño], [t'iβaro] e [t'iβiña]

(participio de CAPRIRE ‘parir a cabra’). Nos lugares en que se recolleron ademais algunha das outras respostas, *cabrito* resérvase sempre para denominar a cría nova (‘ó nacer’, ‘ata os seis meses’, ‘ata o ano’, ‘ata que non crían’, ‘ata os dous anos’). A voz *cabuxa* consígnouse por todo o territorio con distinta frecuencia e parece ser forma máis usual nas provincias da Coruña e Pontevedra. Polas anotacións dos cuestionarios das preguntas 1637 e 1639 “cabra, cabuxa” comprendemos que nos puntos destas dúas provincias en que se recolleu como primeira ou única resposta emprégase *cabra* como nome xenérico e para o animal femia adulto e *cabuxa* para a cría; nos outros lugares utilízase habitualmente como sinónimo do xenerico *cabra*. Sobre a orixe de *cabuxa* non hai total acordo entre os estudiosos. Algúns investigadores relacionan a voz con *cabra*, sen clarexar a súa evolución e composición. Outros cren que é forma vinculada a CAPPÁ a través dun derivado no árabe hispano *kanbux*. Corominas e Pascual (DCECH) ó tratar *cabuxo* e *encabuxarse* dubidan da relación destes vocábulos con *capuz* e CAMBUJ e propoñen, sen moita convicción, un cruzamento entre *cabuzado* e *enoxado*. A voz *chibo* é a menos común das tres e rexístrouse en puntos illados do territorio¹. Segundo manteñen a maioría dos estudiosos, foi en orixe forma expresiva para chamar polo animal (DCECH). Das tres formas consignadas só *cabrito* se emprega exclusivamente para denominar o animal que aínda non é adulto. *Cabuxa* e *chibo* úsanse de xeito máis común como nome do animal adulto (1639 “cabra, cabuxa”), o que permite entender que como resposta á pregunta que nos ocupa abundan os derivados diminutivos.

O predominio de *cabrito* no territorio galego e a súa distribución en Portugal (Mapa 6b) lévannos a acordar con Cintra que é forma antiga, mentres que *chibo* e *cabuxa* semellan ser innovacións. A repartición de *chibo* en Portugal permítelle a Cintra afirmar que o seu foco de irradiación está ó leste da fronteira política portuguesa². A escasa e aleatoria ocorrencia desta denominación en galego non permiten aventurar hipótese sobre a súa procedencia.

1 Como advirte Cintra, a voz *chibo* non a rexistran a maioría dos dicionarios galegos. E. Rodríguez inclúe *chivo* como ‘castrón’ e *chiva* como ‘cabrita, cabra pequena’, tamén a recollen E. Rivas (*chivo* ‘macho cabrío e *chiva* ‘cabra’) e C. García (*chibo* ‘castrón e *chiba* ‘chiva’) (Santamarina 2001 s.v. *chivo*, *chiva*, *chibo* e *chiba*).

2 En León, segundo os datos do ALCL, a forma máis comúns é *cabrito* (Mapa 508).



Mapa 6b

7. Espiga

As dúas últimas preguntas analizadas pertencen a dous campos distintos do da cría de gando. A primeira delas é a das designacións para o conxunto de grans unidos que forman o froito do millo (*ALGa Cuest.* 928 “espiga, mazorca”)¹.

A resposta máis frecuente é *espiga* (do lat. *SPICA* ‘espiga dos cereais’ e ‘punta ou cabeza doutras plantas’) que se estende pola maior parte do territorio (Mapa 7b). Nos tres puntos da provincia de Zamora, noutros estremeiros de Ourense e León e nun illado da Coruña a forma recollida foi *mazaroca* ou algunha das súas variantes. Tamén se rexistrou esta forma como

¹ As variantes recollidas son: [es'piɣa], [es'piha], [es'piha], [es'pixa], [maθa'ɾɔka], [maθɔrka], [maθɔɾɣa], [pa'ɔla], [pa'ɔja], [pa'noi]a e [pa'no]a]. C. García recolle tódalas variantes de *mazaroca*, amais de *mazaruca*, co significado de ‘porción de lino puesto en el uso’.

resposta secundaria nuns poucos lugares limítrofes dos anteriores, especialmente na provincia de Lugo. O terceiro grupo de respostas consignadas no cuestionario constitúeno *paolla* e variantes. Aparecen estas últimas no territorio asturiano e nun punto lindante da provincia de Lugo. A etimoloxía de *mazaroca* non está establecida de xeito definitivo. Xa Sarmiento discutira a orixe árabe formulada por Covarrubias, ó parecerlle que esta, coma as outras voces pertencentes á “Historia Natural”, debía ser vocábulo primitivo e fundamental nunha lingua¹. Para o estudioso berciano *mazaroca* ascendía do “puro latín” MASSA, coa significación de *maza* que xa se rexistra no latín vulgar. Tamén Meyer-Lübke a xulga voz de procedencia latina a partir dos elementos *maza* e *roca*. Con poucas modificacións seguen ó filólogo suízo Leo Spitzer (*mazo* + os sufixos *-ar* e *-oco/a*) e García de Diego. Á tese latinista oponlle o DCECH reparos fonéticos que o conducen a retomar o camiño sinalado por Covarrubias e a defender unha ascendencia árabe. No DCECH suponse un cruzamento entre o árabe *masura* e o portugués *roca* (para o port. *maçaroca*) ou o castelán *horca* (para o cast. *mazorca*)². *Paolla* e as súas variantes son formas con orixe no lat. vulgar PANUCULA, diminutivo de PANUS, que tiña como significado máis común en latín o de ‘novelo de fio que se pon na roca’, pero que xa se utilizaba tamén para denominar a espiga dos cereais. Tanto *mazaroca* como *paolla* foron en orixe denominacións para o conxunto de liño que se poñía dunha vez no fuso³ e que ampliaron o seu uso para dar nome a outras realidades semellantes⁴, entre elas a espiga do millo.


1 “Entro con gusto en este género de averiguaciones [a explicación de voces castelás e galegas de vexetais] porque debo saber en conciencia, según el texto del Génesis, que los nombres de la Historia Natural, v.g., *animales, peces, aves, testáceos, insectos, árboles, plantas, yerbas, metales, fósiles, piedras, conchas*, etc., son y deben ser los vocablos primitivos y fundamentales de una lengua; no los vocablos de los entes sin substancia, que fingió la fantasía (y en su fantasía) del hombre.” (Sarmiento 298). A. Otero tena por voz derivada do verbo *mazar*. E. Rivas descarta que sexa arabismo e defende que se trata dun derivado de *maza* co sufixo *-ara* (*mázara*) e o sufixo despectivo *-oca* > *mazaroca* (Rivas: 171-172).

2 Parecen confirmar a orixe árabe as observacións feitas polo arabista Corriente “del and[alusí] *mas/ sírqa* o *ma/ usríqa*, hibridación del neoár[abe] *masīrab* ‘tubo’ < neop[ersa] *masure*, con el sufijo rom[ance] adjetivo {+IKA} con el sentido primero de ‘(hilo) de tubo’, o sea, enrollado en el canuto” (p. 369, s.v. *maçaroca*).

3 Con este significado *mazaroca* é forma común en todo o territorio galego (pregunta 1121 ‘mazaroca’ do ALGa).

4 En galego rexístrase *mazaroca* tamén como nome da flor da cebola, da bugalla do carballo, do rabo da raposa e do óso da froita (Santamarina 2001 s.v. *mazaroca*). No DALA recóllense como definicións de *panoya* “fruto do miyo”, “flor do castiñeiro”, “piña del piñeiro” e “parte do rabo da vaca”.

Pola distribución semella que *espiga* é a forma que primeiro se empregou en galego para darlle nome ó froito deste novo cereal traído de América e que se foi difundindo desde occidente ó par que se estendía o cultivo do millo (*gr.* colaboración de R. Álvarez). *Paolla* e *mazaroca* son voces introducidas desde o oriente para a denominación da espiga do millo. A primeira ten como cognados correspondentes unha serie de formas comúns a toda faixa setentrional peninsular (*panoya* do asturiano, *panolla* do aragonés e *panoja* do castelán de Cantabria, Rioja e da metade meridional de Navarra). A área da denominación *mazaroca* ten a súa continuación no territorio leonés, en Extremadura e no occidente de Andalucía. As áreas dos dous tipos máis comúns en galego, *espiga* e *mazaroca*, encontran a súa continuación no territorio portugués (Mapa 7a).



Mapa 7a



Mapa 7b

8. *Queixo*

O último conxunto de formas que analizamos é o que se recolleu como designación da parte dianteira e máis prominente da mandíbula inferior das persoas (*ALGa Cuest.* 2115 “queixo”). Os catro tipos básicos son *queixo*, *barba*, *bico* e *papo*. *Queixo* e as súas variantes son as formas máis espalladas, pois ocupan unha área continua que abrangue a metade occidental do territorio (a provincia de Pontevedra, a maior parte da provincia da Coruña e os puntos máis ó oeste das de Ourense e Lugo). O segundo tipo máis frecuente é *barba*, que se estende pola metade oriental da provincia de Lugo, os puntos asturianos e leoneses e a comarca ourensá de Valdeorras. A denominación *papo* recolleuse nunha área con forma de lingua que desde os puntos zamoranos e a metade suroriental da provincia de Ourense se espalla polo centro ata os límites con Pontevedra e Lugo. A extensión do tipo *bico* coincide coa

1 As variantes rexistradas foron: [barβa], [barβela], [barβa'ðela], [barβa'ðeja], [barβa'rote], [balβa'rote], [barβi'rote], [balβi'rote], [barβe'rote], [barβari'ute], [parpari'ute], [kejfo], [kejfelo], [papo], [papi'rote], [biko].


área que na dialectoloxía galega se denomina mindoniense (Fernández Rei 1990: Mapa 40) e que corresponde aproximadamente na súa extensión coa diocese de Mondoñedo-Ferrol. Na representación do Mapa 8b advírtese que os catro tipos presentan unha distribución en áreas bastante homoxénea, ademais pódese apreciar a continuidade das áreas entre as formas meridionais galegas e as setentrionais portuguesas (Mapa 8a). Seguindo a análise proposta por Cintra para o portugués, a extensión e distribución de *queixo* parecen indicar que no territorio galego é palabra antiga (lat. CAPSA > CAPSEUS ‘semellante a unha caixa’). Posiblemente nun inicio deu nome só á mandíbula inferior ou ás dúas mandíbulas e posteriormente, xa na época medieval, nomeou o extremo externo e agudo da queixada inferior¹ (*DCECH*). Os outros tres tipos son designacións máis modernas no territorio lingüístico galego. *Barba* (lat. BARBA ‘pelo da barba’) supón o *DCECH* que foi o nome máis común e antigo na Rumania para chamarlle á parte inferior do rostro. As variantes deste tipo son todas formas derivadas con sufixos diminutivos, a máis común e con distribución máis compacta é *barbarote*. As dúas formas restantes son menos frecuentes. Estendida por case toda a área que se denomina mindoniense rexístrase a forma *bico*. Segundo o *DCECH* é voz con orixe no celta BECCUS ‘pico das aves’ que tamén deixou restos en Francia e Italia. Este vocábulo emprégase noutros lugares de Galicia para denominar o fociño, a parte saínte debaixo do nariz de animais e persoas, ademais de para darlle nome ó peteiro das aves. A cuarta forma é *papo*, vocábulo relacionado na orixe co latín PAPPÁ ‘comida’; en moitos falares galegos esta forma emprégase para darlle nome ó avultamento que se lles forma ás persoas entre a queixada e o pescozo, ás meixelas, ó bocio e a outras partes avultadas e carnosas do corpo (pernas, brazos, palma da man, etc.) (Santamarina 2001, s.v. *papo*). A historia destas palabras e as súas significacións actuais en galego móstrannos que todas elas sufriron un cambio metonímico semellante e que é compartido con outros termos que dan nome ás distintas partes da cabeza.

Para o portugués Cintra rexistra representación de tres tipos: *queijo*, *barba* e *papo*. A forma máis común do portugués, *queijo*, atopa continuidade na faixa occidental galega de *queixo*. O tipo *papo* forma tamén unha área continua, aínda que ocupa unha extensión maior no territorio galego ca no portugués². Para a forma *barba* non encontramos continuidade entre as áreas galegas e as portuguesas, pero si na área lingüística do leonés e do castelán como

1 No castelán máis occidental de Andalucía e en Canarias aínda se rexistran as voces *quejo* e *quejada* para denominar a mandíbula de animais e persoas (vid. Alvar).

2 En Portugal recóllese unicamente en catro lugares de Trás-os-Montes (Cintra: 88)


dá conta o *ALCL*. Quizais debamos supoñer que a conexión entre as dúas zonas se encontre no territorio lingüístico castelán, na comunidade de Castela e León.



Mapa 8a

En A.1 e Le.1 recolleuse *perilla* e en C.7 *pera*, como segunda resposta; estas formas relaciónaaas o *DCECH* co lat. *PIRA* 'pera'. En C.34 *carrillo* e en C.21 e C.24 *carrinho*; o castelán *carrillo* significou antigamente 'queixada' e, aínda que a súa etimoloxía é discutida, adoita aceptarse a hipótese de L. Spitzer que relaciona esta voz con *carro* (polo movemento das queixadas ó comer). En L.26 rexistrouse como segunda resposta *beche*, forma que tamén recollen os dicionarios galegos coa acepción máis común de 'barba da cabra' (Santamarina s.v. *beche*). Aníbal Otero supón que esta palabra provén do hispanolatino IBEX.

1 As formas máis comúns en León, Zamora e Salamanca son todas derivadas de *barba* (*barba*, *babirote*, *balbarote* e *barbilla*) (*ALCL*, Mapa 662).



Mapa 8b

9. Conclusións

Cando comezamos este traballo, expuxemos que os nosos obxectivos eran dous: comprobar se o estudo da distribución das denominacións deses conceptos permiten establecer áreas lexicais dentro do dominio galego e se as falas galegas manteñen continuidade coa área que Cintra localiza no norte de Portugal. As conclusións que agora presentaremos responden estas dúas preguntas. En primeiro lugar, os conceptos empregados non permiten, no caso do galego, establecer ningún tipo de área lexical, fóra de que a zona nororiental se mostra sempre máis diferenciada. En segundo lugar, a pesar de que se verifica unha continuidade entre as formas rexistradas aquí e alén Miño, as falas galegas non crean áreas léxicas xunto coas portuguesas que as opoñan, en bloque, ás falas do centro da Península; as formas comúns ó galego e ó portugués existen nas falas do centro da Península, de modo que o galego non conforma máis ca un esteo no contínuum lingüístico que se

estende por todo ó norte da Península. Máis aínda, non se aprecia no caso galego unha coincidencia entre a distribución de fenómenos fonolóxicos e morfolóxicos, dun lado, e as áreas lexicais, do outro, como si acontece na área portuguesa. Por outra parte, a distribución dalgunha das variantes autorízanos a dicir que, xeralmente, galego e portugués recibiron innovacións léxicas semellantes do centro da Península a través das falas orientais (*machorra, mazaroca, cordeiro, barba...*).

É claro que estas conclusións dependen dos criterios léxicos establecidos por Cintra; non saberíamos dicir qué acontecería se os campos léxicos estudados foran outros.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALCL = M. Alvar (1999): *Atlas Lingüístico de Castilla y León*. Salamanca: Junta de Castilla y León.
- ALGa = Instituto da Lingua Galega: *Atlas Lingüístico Galego*.
- Alvar Ezquerro, M. (2000): *Tesoro léxico de las hablas andaluzas*. Madrid: Arco/Libros.
- Carvalho, H. de (1953): *Coisas e palavras*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- Cintra, L. F. Lindley (1983): “Áreas lexicais no territorio português”, en *Estudos de dialectología portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa, 55-94.
- Corriente, F. (1999): *Diccionario de arabisismos*. Madrid: Gredos.
- DALA = Academia de la Llingua Asturiana (2000): *Diccionariu de la Llingua Asturiana*. Uviéu: ALIA.
- DBA = J. Neira e M. R. Piñeiro (1989): *Diccionario de los bables de Asturias*. Oviedo: Principado de Asturias / IDEA.
- DCECH = J. Corominas e J. A. Pascual (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- DEEH = V. García de Diego (1954): *Diccionario etimológico español e hispánico*. Madrid: Saeta.
- DELP = J. P. Machado (1971): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Díez Suárez, M. S. (1994): *Léxico leonés*. León: Universidad de León.
- EE = V. García de Diego (1964): *Etimologías Españolas*. Valencia: Aguilar.
- Fernández González, J. R. (1981): *El habla de Ancares (León)*. Oviedo: Universidad.
- Fernández González, J. R. (1978): *Etnografía del Valle de Ancares: estudio lingüístico según el método palabras y cosas*. Santiago de Compostela: USC.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía galega*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Sevilla, J. (1975): *Formas y estructuras en el léxico agrícola andaluz*. Madrid: CSIC.
- Figueiredo, C. de (1996⁵): *Dicionário da língua portuguesa*. Venda Nova: Bertrand.
- Meyer-Lübke, W. (1923): “Garbel almiar, mazorca”, en *RFE* X, 395-396.
- Piel, J. (1953): *Miscelánea de etimología portuguesa e galega*. Coimbra: Universidade, 217-218.

- Rivas, E. (1992): *Tear, tecido e complementos*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- Rivas, E. (1996): *Millo e bórreo. Legumia e cestos*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Rohlf, G. (1960): *Diferenciación léxica de las lenguas peninsulares*. Madrid: Instituto M. de Cervantes.
- Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego*. Santiago de Compostela: USC.
- Santamarina, A. (ed.) (2001): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: ILG / Fundación P. Barrié de la Maza.
- Sarmiento, M. (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Ed. e estudio de J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- Spitzer, L. (1925): "Notes etymologiques", en *RFE* XII, 245-248.

CONTRIBUCIÓN Ó ESTUDIO DA FRONTEIRA ENTRE OS BLOQUES ORIENTAL E CENTRAL NO SUESTE DA PROVINCIA DE OURENSE

Aquilino S. Alonso Núñez

Universidade de Vigo

1. INTRODUCCIÓN

A profesora Rosario Álvarez invitoume a participar nun congreso sobre léxico e dialectoloxía cunha comunicación sobre isoglosas léxicas na raia seca. Non obstante, despois de varios meses de pescudas bibliográficas sobre a dialectoloxía desa zona, considerei que, primeiro, debía estudar con certo detalle a realidade dialectal do lado galego, a cal coñezo mellor, e que, no futuro, estudiaría a dialectoloxía da zona portuguesa para contrasta-los resultados. Desta maneira, neste traballo, céntrome nun territorio do sueste da provincia de Ourense que separa, no norte, o actual concello de Vilariño de Conso dos actuais concellos de Laza e Castrelo do Val, e que separa, no sur, o actual concello de Riós do actual concello da Gudiña. Río Barja (1989) informa que no século XVIII Vilariño de Conso estaba fragmentado nas xurisdiccións de Conso, Mormentelos e Sabuguido, que a franxa oriental dos actuais concellos de Laza e Castrelo do Val formaba parte da xurisdicción de Laza do Conde¹, que o actual concello de Riós e o de Vilardevós pertencían á xurisdicción de Souto Vermud e que o actual concello da Gudiña coincidía na súa maior parte coa xurisdicción do mesmo nome, a cal se segregara da de Souto Vermud no século XVIII (Dasairas Valsa 1999: 214). A coincidencia nominal tiña unha excepción: a freguesía de Santiago de Carracedo da Serra, que, hoxe, pertence ó concello da Gudiña pero que, no XVIII, formaba parte da xurisdicción de Viana do Bolo (Río Barja 1989: 57).

Os obxectivos do presente traballo son os seguintes: (a) trazar con máis precisión a fronteira entre o bloque oriental e o bloque central (Fernández Rei 1990: 106-160); (b) buscar outros elementos morfolóxicos e fonéticos que separen o bloque oriental do central; (c) investigar se hai isoglosas léxicas que caractericen o xeito de falar oriental fronte ó central; (d) relacionar a

¹ Esta xurisdicción estaba integrada polo actual concello de Laza, agás a parroquia de Santa María de Alberguería, e as parroquias de San Miguel de Portocamba e de Santiago de Campobeceros do actual concello de Castrelo do Val (Río Barja 1989: 39-40). Esta última parroquia estaba constituída por Campobeceros, Sanguñedo e Veiga de Nostre.

marxe lingüística entre o bloque oriental e o central, previamente trazada, con causas históricas (conventos xurídicos romanos, dioceses eclesiásticas, arciprestados, xurisdiccións do antigo réxime, etc.) ou con factores xeográficos (cadeas montañosas, ríos, etc.).

A metodoloxía usada foi a enquisa directa a unha persoa de cada lugar, aínda que algunhas veces corroborei a información con máis falantes. Na maioría dos casos o informante era vello e, ademais de nacer no punto estudado, os seus pais tamén naceran alí. Así a todo, tamén me valín de informantes novos cando me vin obrigado (no Bolaño só hai dúas casas habitadas e algunhas persoas non son de alí) ou cando o considerei pertinente para estudia-la penetración do modo de falar central no bloque oriental (en Pradoalbar, lugar que se mantivo moi illado ata hai uns quince anos).

A continuación cito os puntos analizados neste traballo e indico a parroquia, o concello actual, a diocese actual e a xurisdicción do século XVIII.

1. Camba (parroquia de San Salvador de C., concello de Laza, diocese de Ourense, xurisdicción de Laza do Conde no XVIII).
2. Pradoalbar (parroquia de Santo André de P., concello de Vilariño de Conso, diocese de Astorga, xurisdicción de Conso no XVIII).
3. Hedrada (parroquia de San Mamede de Hedrada, concello de Vilariño de Conso, diocese de Astorga, xurisdicción de Sabuguido no XVIII).
4. Entrecinsa (parroquia de Santa María de Sabuguido, concello de Vilariño de Conso, diocese de Astorga, xurisdicción de Sabuguido no XVIII).
5. Campobeceros (parroquia de Santiago de C., concello de Castrelo do Val, diocese de Ourense, xurisdicción de Laza do Conde no XVIII).
6. Bolaño (parroquia de San Martiño de Veigas de Camba, concello de Vilariño de Conso¹, diocese de Astorga, xurisdicción de Conso no XVIII).
7. Veigas de Camba (parroquia de San Martiño de V. de C.², concello de Vilariño de Conso, diocese de Astorga, xurisdicción de Conso no XVIII).

1 Aínda que a marxe entre o convento romano asturicense e o bracaraugustano pasaba polo medio do Bolaño (Rodríguez Colmenero 1997: 20) e aínda que Madoz, s.v. *Veigas de Camba*, considere que a parroquia de San Martiño de Veigas de Camba tiña a metade da venda do Bolaño, as casas deste lugar están, na actualidade, todas do lado asturicense e por iso pertencen ó concello de Vilariño de Conso.

2 Esta parroquia desapareceu en 1970 porque a cabeza dela foi alagada polo salto das Portas. Os dous barrios que tiña (O Bolaño e A Venda da Capela pasaron a formar parte de San Lourenzo de Pentas (Pazo Labrador / Santos Solla 1995:314).

8. A Venda da Capela¹ (parroquia de San Martiño de Veigas de Camba e San Lucas de Parada da Serra, concellos de Vilariño de Conso e A Gudiña², diocese de Astorga e de Ourense).
9. Carracedo da Serra (parroquia de Santiago de C. da S., concello da Gudiña, diocese de Ourense³, xurisdicción de Viana do Bolo no XVIII).
10. Veiga de Nostre (parroquia de San Lucas de Parada da Serra⁴, concello de Castrelo do Val, diocese de Ourense, xurisdicción de Laza do Conde no XVIII).
11. A Gudiña (parroquias de San Martiño e San Pedro da Gudiña, concello da Gudiña, diocese de Ourense⁵, xurisdicción da Gudiña no XVIII).
12. Pedroso (parroquia de San Pedro de Trasverea, concello de Riós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).
13. Parada da Serra (parroquia de San Lucas de P. da S.⁶, concello da Gudiña, diocese de Ourense, xurisdicción da Gudiña no XVIII).
14. Herosa (parroquia de San Mamede de Pentes, concello da Gudiña, diocese de Ourense, xurisdicción da Gudiña no XVIII).
15. Pentes (parroquia de San Mamede de Pentes, concello da Gudiña, diocese de Ourense, xurisdicción da Gudiña no XVIII).
16. Navallo (parroquia de San Vicente do Navallo⁷, concello de Riós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).
17. San Lourenzo (parroquia de San Lourenzo de Pentes⁸, concello da Gudiña, diocese de Ourense, xurisdicción da Gudiña no XVIII).

1 Antes, nomeada A Venda de Xoán Pérez (Rodríguez Cruz 2000: 335).

2 A marxe entre o convento asturicense e o bracaraugustano pasaba polo medio do lugar dividindo as casas segundo se construísen a un lado do camiño ou do outro (Rodríguez Colmenero 1997: 20).

3 Pertenceu á diocese de Astorga xa que formaba parte da xurisdicción de Viana do Bolo no XVIII (Río Barja 1989: 57).

4 En 1887 Veiga de Nostre era un lugar da parroquia de Santiago de Campobeceros e non existía a parroquia de San Lucas de Parada da Serra (Pazo Labrador / Santos Solla 1995: 244; *vid. tamén* Madoz, s.v. *Campo de Becerras*).

5 No século XIX, a parroquia de San Pedro, anexa de Santa María do Canizo, pertencía á diocese de Astorga e a freguesía de San Martiño, anexa de San Mamede de Pentes, pertencía á diocese de Ourense (Madoz, s.v. *Gudiña ó Agudina*).

6 En 1887 integrábase na parroquia de San Lourenzo de Pentes (Pazo Labrador / Santos Solla 1995: 255), anexa de San Mamede de Pentes e chamada San Lourenzo da Gudiña en Madoz, s.v. *Gudiña (San Lourenzo)*.

7 En 1887 pertencía á parroquia de Santa María de Riós (Pazo Labrador / Santos Solla 1995: 290).

8 No século XIX, segundo Madoz, s.v. *Gudiña (San Lourenzo)*, esta parroquia comprendía os lugares de San Lourenzo, A Xestosa e Parada da Serra.

18. A Barxa¹ (San Xoán da B.², concello da Gudiña, diocese de Ourense, xurisdicción da Gudiña no XVIII).
19. Florderrei (parroquia de Santa María de Riós, concello de Riós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).
20. Covelas (parroquia de Santa María de Castrelo de Cima³, concello de Riós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).
21. Castrelo de Cima (parroquia de Santa María de Castrelo de Cima, concello de Riós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).
22. Mourisco (parroquia de Santa María de Castrelo de Cima, concello de Riós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).
23. A Veiga do Seixo (parroquia de Santa María de Castrelo de Cima, concello de Riós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).
24. San Paio (parroquia de Santa María de Castrelo de Cima, concello de Riós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).
25. A Silva (parroquia de Santa María de Castrelo de Abaixo⁴, concello de Riós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).

26. Castrelo de Abaixo (parroquia de Santa María de C. de A., concello de Riós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).
27. Arzoá (parroquia de San Bartolomeu de Berrande, concello de Vilardevós, diocese de Ourense, xurisdicción de Souto Vermud no XVIII).

Considero que é moi importante ter en conta as seguintes particularidades sobre os lugares investigados: A diocese de Astorga, no século pasado, comprendía o actual concello de Vilariño de Conso, unha das parroquias da capital do concello da Gudiña, San Pedro (Madoz, s.v. *Gudiña ó Agudina*), e a parroquia de Santiago de Carracedo da Serra (GEG, s.v. *Astorga, Diócesis de*), que agora pertence ó concello da Gudiña e que no XVIII pertencía á xurisdicción de Viana (Río Barja 1989: 57); sen embargo, na actualidade o conce-


1 A fronteira política entre os terreos da aldea portuguesa de Cisterna e os da Barxa estableceuse definitivamente en 1864 (García Mañá 1988: 136).

2 En 1887 constituía unha parte da parroquia de San Mamede de Pentes (Pazo Labrador / Santos Solla 1995: 255).

3 No século pasado, pertencía á parroquia de Santa María de Riós (Madoz, s.v. *Covelas*). Os máis vellos do lugar dixéronme que se acordaban de cando tiñan que enterrar no cemiterio de Florderrei por mor de non posuíren eles un.

⁴ Segundo Madoz, s.v. *Verrande (San Bartolomé)*, esta parroquia era anexa de San Bartolomeu de Berrande.

llo da Gudiña, que forma parte do partido xudicial de Viana do Bolo e que constitúe xunto co concello da Mezquita o arceprelado da Gudiña, pertence á diocese de Ourense (Torres Luna / Pazo Labrador 1994: 343). Igualmente, forman parte do bispado ourensán o arceprelado de Riós e o arceprelado de Laza. O arceprelado de Riós abrangue os actuais concellos de Riós e Vilardevós e a parroquia de Santa Eufemia de Piornedo. O arceprelado de Laza inclúe o concello de Laza, excepto a parroquia de Santa María de Alberguería, e o concello de Castrelo do Val¹, excepto a parroquia de Santa Eufemia de Piornedo (Torres Luna / Pazo Labrador 1994: 354-359). En consecuencia, a diocese de Astorga só inclúe do territorio estudiado o arceprelado de Viana do Bolo, do cal forma parte o actual concello de Vilarinho de Conso. Por outra parte, o extremo sur da xurisdicción de Souto Vermud (Arzádegos, Terroso, Rexosende, Soutochao, Berrande, Moialde, Santa Comba, Mourisco, Castrelo de Abaixo, Castrelo de Cima e A Veiga) pertencía a Portugal no século XIV segundo consta nun foral de 1325 que emitiu o rei portugués Afonso IV, onde ós habitantes destes lugares os denominaba como meus homes (Taboada 1979a: 109; e Dasairas Valsa 1999: 41).



Mapa 1


Mapa 2

1 Cómpre lembrar que na actualidade o lugar de Veiga de Nostre forma parte da parroquia de San Lucas de Parada da Serra e é atendido polo párroco de Santiago de Campobeceros, freguesía á cal pertencen no século XIX (Madoz, s.v. *Campo de Beceros*).

Resultoume moi difícil escolle-las palabras adecuadas para poder trazar isoglosas rigorosas; con todo, non se debe perder de vista que a lingua galega se caracteriza por posuír un léxico básico común. Ademais disto, o galego desta zona presenta moitas verbas singulares. Así, en tódolos lugares estudiados se di *vrau*, *gran*, *aira*, *abelaira*, *fraga* ‘pedra grande que non se move’ (vid. Mapa 1; e *cfr.* os topónimos *fraga* ‘pedra, rocha’, rexistrados na fala da Gudiña por Rodríguez Cruz 2000: 339), etc. Tamén observei que algúns trazos particulares da zona como a inexistencia de interdental en posición final de sílaba só é perceptible nalgunhas palabras fosilizadas como *rapá* (vid. Mapa 2).

2. A FRONTEIRA DE -IS

Para traza-la marxe entre o bloque oriental e o central, non só me baseei na isoglosa de *cais* (vid. Mapa 6), usada por Fernández Rei (1990: 114-115), senón que tamén tiven en conta a formación do plural doutras palabras rematadas en *-n*, especialmente, *pantalois* (vid. Mapa 3; e *cfr.* Mapa 68 do *ALGá*), *pais* (vid. Mapa 4) e *escambrois* (vid. Mapa 5).



Mapa 3

Mapa 4

A isoglosa *pantalois* revelóuseme insuficiente para o meu propósito porque a forma *pantalois* alternaba con *pantalós* en lugares que me parecían do bloque oriental como Pradoalbar (2), O Bolaño (6), Parada da Serra (13),

Herosa (14), Pentes (15), A Barxa (18) e A Veiga do Seixo (23). A razón disto radica en que *pantalón* non debe ser unha forma moi vella en galego. A este respecto, cómpre lembrar que Corominas, s.v. *pantalón*, cre que esta verba entrou no castelán por volta do ano 1800 a través do francés *pantalón*, derivado do nome da Comedia italiana *Pantalone*, personaxe que vestía un pantalón longo de tipo veneciano.

Así mesmo, os datos da isoglosa de *pais* (vid. Mapa 4) tampouco trazan a marxe entre o bloque oriental e o central pero serven para corroborar que os falantes dalgúns lugares do bloque oriental, situados cerca da liña divisoria dos dous bloques, tenden a corrixir expresións que os marcarían moito dende un punto de vista dialectal, xa que, como dicía Jespersen (cito por Neto 1979: 394), a mellor pronuncia é aquela que non permite identificar inmediatamente a orixe dialectal do falante. Desta maneira, os informantes de Parada da Serra (13), San Lourenzo (17), Castrelo de Cima (21) e O Mourisco (22) usan *pas* e con iso evitan que os seus veciños do bloque central se rían da secuencia *metín os pais ó forno*.



Mapa 5



Mapa 6

No Mapa 5, rexistrei *escambrois* como expresión exclusiva nos puntos 2, 3, 4, 6, 7, 8, 9, 11, 13 e 18; en contraste, recollín *escambrois* e *escambros* nos puntos 15, 17, 21, 22 e 23. No punto 22, os primeiros informantes que entrevistei escondéronme a terminación *-is* en tódalas preguntas que lles fixen. En

virtude disto, interroguei a outro señor de 67 anos, quen dixo empregar máis *escambrois* ca *escambros* e quen usou *pantalois*, *millois*, *pas* e *cas*.

Para acabar de defini-la fronteira de *-is*, utilicei a palabra *cais* (vid. Mapa 6). Esta forma é a única empregada nos puntos 2, 3, 4, 6, 7, 8, 9, 11, 14 e 15 e alterna con *cas* nos puntos 17, 21 e 26. Dado que neste último punto, nun primeiro momento, só recollín a forma oriental *cais*, decidín investigar con máis detalle as particularidades dos dous lugares da parroquia de Castrelo de Abaixo: A Silva (25) e Castrelo de Abaixo (26). Constatei que na Silva só se emprega *-s* e que en Castrelo de Abaixo *-is* está perdendo vitalidade xa que o segundo informante entrevistado deste lugar, que tiña 75 anos, usou *millós*, *cas*, *escambros* e *pantalós* ó lado de *explicaciois* e *pais*. En contraste, Taboada (1979a: 124-125) incluía Castrelo de Abaixo entre os sitios que tiñan o plural *-óns* para as palabras rematadas en *-on*. Con respecto a isto, eu só recollín que unha muller de 65 anos, nacida e criada alí pero residente en San Paio dende os 21 anos, dixo tódolos plurais en *-s*, agás *pans*. Esta muller tamén me indicou que os vellos de Castrelo de Abaixo dicían *explicaciois*.



Mapa 7



Mapa 8

Todos estes datos resumíno no Mapa 7, que traza a fronteira entre o bloque oriental e o central por puntos máis occidentais cós que presenta o *ALGa* (vid. Mapa 68) pois este marcaba a marxe cos puntos orientais de Soutelo (parroquia de Santa María de Sabuguido, concello de Vilaríño de

Conso, O. 18) e da Gudiña (O. 21) e cos puntos centrais de Campobeceros (concello de Castrelo do Val, O. 22) e de Vilardevós (O. 29). No norte do meu mapa, a fronteira coincide coa liña divisoria do actual concello de Vilariño de Conso e dos actuais concellos de Laza e Castrelo do Val, pertencentes na súa maioría ó arciprestado de Laza. Así, as palabras que rematan en *-n* presentan o plural en *-is* nos puntos do concello de Vilariño de Conso (2, 3, 4, 6, 7 e 8), aínda que nos puntos 2 e 6 rexistrei *pantalós* ó lado de *pantaloís*; pola contra, nos puntos da antiga xurisdicción de Laza do Conde 1, 5 e 10 só documentei *-s*. Entre o actual concello da Gudiña e o actual concello de Riós, a marxe só é nítida entre o punto non oriental 12 (Pedroso), onde se usa *-ns*, e o punto oriental 13 (Parada da Serra), onde as formas centrais están avanzando incluso na fala de persoas moi maiores, xa que, ó lado de *escambroís* e *pantaloís*, a miña informante de 76 anos usou *pas* e *pantalós*. Sen embargo, nos demais puntos a fronteira deixa de ser nítida. Así a todo, dos datos analizados pode concluír dun xeito provisional:

a) O punto 16 é central mentres que o punto 17 foi do bloque oriental¹ e aínda se pode considerar oriental dado que nel recollín formas con *-s* (*escambros, cas, pas*) e con *-is* (*escambroís, caís*).

b) Os puntos 21, 22, 23 e 26 pertencen ó bloque oriental a pesar de que documentei neles formas con *-s* e de que nos puntos 22 e 26 me esconderon os primeiros informantes a pronuncia con *-is*, mentres que non son orientais os puntos 19 e 20, onde se di *-ns*, e os puntos 24, 25 e 27, onde só se usa *-s*. A propósito da terminación con *-ns* dos puntos 12, 19 e 20, cómpre lembrar que tamén Taboada (1979b: Mapa 9 do apéndice) recollera no Val de Verín esta terminación nos lugares fronteirizos con Portugal de Mandín, Rabal, Feces de Abaixo, Feces de Cima e San Cibrao. Tamén existe *-óns* noutros puntos do sur da provincia de Ourense e do norte de Portugal (Taboada 1979a: 124-125).

Co Mapa 8, que traza a isoglosa da palabra *ladreais*, constatee que a fronteira entre o bloque oriental e o central pasaba case polos mesmos puntos cá isoglosa do plural das palabras rematadas en *-n*. Deixando de lado que *ladreales* en moitos puntos centrais e orientais é, na actualidade, a única forma rexistrada, é destacable que en 16 se diga *ladreais* ó lado de *ladreales*, xa que neste lugar os elementos que rematan en *-n*, do tipo *escambrón*, fan o plural en

¹ En San Lourenzo, incluso existen topónimos con dobre forma: *Os Castrillós* e *Os Castrillois* (Rodríguez Cruz 2000: 350). Malia que o plural dos nomes que rematan en *-l* (*animal*) é, para a maioría, *-ales* (*animales*) e, para uns poucos, *-is* (*animais*), os topónimos que rematan en *-l* en singular tenden a presenta-la terminación *-is* no plural: *Os Carpezais*, *Os Queirugais*, etc. (Rodríguez Cruz 2000: 307 e 311).

-s (*escambrós*) e que en 26, onde o plural das palabras que terminan en *-l* se forma engadindo *-es* (*animales*), existan os fósiles *reás* e *ladreais*.

3. OUTRAS ISOGLOSAS MORFOLÓXICAS E FONÉTICAS ENTRE OS BLOQUES ORIENTAL E CENTRAL

Neste subapartado, centreime nas isoglosas de *tu veis*, *eles tein*, *est[ɛ]rco*, *mutu* e *cobertura* e non considereirei a isoglosa da gheada, a pesar de que creo que me sería moi útil para os meus propósitos, porque, ó non poder demorarme na investigación, corría o risco de que os informantes me escondesen a gheada cando os entrevistase por primeira vez.



Mapa 9



Mapa 10

As fronteiras do Mapa 9 coinciden coas de *-is* (vid. Mapa 7), salvo nas seguintes cuestións: a forma central *tu ves* aparece como a única recollida no punto oriental 8; o elemento oriental *tu veis* dise nos puntos centrais 24 e 25 e está sendo substituído pola secuencia *tu ves*, coa cal alterna no uso, nos puntos 17 e 26.

Con relación ó Mapa 10, cabe apuntar, en primeiro lugar, que *eles tein* se di na maioría dos puntos do bloque oriental (2, 3, 4, 6, 7, 8, 9, 11, 13, 14, 15, 18, 21 e 23), en segundo lugar, que *eles teñen* non só está substituíndo ás formas orientais nos puntos 17, 22 e 26, senón que tamén está varrendo as outras dúas formas do bloque central (*eles ten* e *eles teien*). O elemento *eles ten*

só o documentei na miña enquisa nos puntos 1 e 5 mentres que nos puntos 10, 12, 16, 19 e 20 rexistrei *eles teñen*. A forma *eles teien* alterna no punto 27 con *eles teñen* e tamén se usa nos puntos 24 e 25.

Guiado polo feito de que a isoglosa de *m[e]do* coincidía nesta zona coa isoglosa de *pantalois* (vid Mapas 15 e 68 do *ALGá*), escollín *est[e]rco* (vid. Mapa 11) para investiga-la súa liña divisoria. Unha vez recollidos os datos, constatei que as isoglosas de *est[e]rco* e da formación de plural das verbas rematadas en *-n* (vid. Mapa 7) coinciden *grosso modo*, dado que só quedan fóra da zona oriental, a cal pronuncia *est[e]rco*, os puntos 21, 22 e 26, nos cales se di *est[e]rco*. Pareceume, por outra parte, que os informantes percibían entre as dúas secuencias unha distinción equiparable á que se produce entre dúas palabras diferentes.



Mapa 11



Mapa 12

O mapa de *muto, truta* (vid. Mapa 12) só vale para establecer unha fronteira nítida entre o punto central 1 e o punto oriental 2 e entre o punto central 5 e os puntos orientais 3 e 7. No resto dos casos a fronteira dilúese, especialmente, porque as formas con *-ut-*, que só se rexistran como exclusivas nos puntos 2, 3, 4, 7, 9, 11 e 15, ven invadido o seu espacio por *-uit-* (17, 18 e 23) ou por *-oit-* (14). A favor da hipótese dunha difusión de formas centrais no bloque oriental xogan os seguintes datos:

a) O elemento *moito*, que rexistrei como exclusivo en 1, alterna con *-ut-* en 14.

b) *-ut-* alterna con *-uit-* en 17, 18 e 23 e, incluso, en 2. Neste último lugar, que se mantivo moi apartado e pouco contaminado lingüisticamente, a interferencia explícase porque usei como informante unha falante nova de 42 anos que residiu no bloque central. No punto 18, unha señora maior manifestou que os vellos de antes daquel lugar só dicían *truta*. Nos puntos 17 e 23, o normal é *-uit-* e os meus informantes, despois de preguntarlles con insistencia, admitiron que, antes, algúns dicían *truta* e *muto* e que, agora, case non se oen.

c) O emprego exclusivo de *-uit-* rexistrado en 6 e 8 parece ilustrar unha substitución lingüística xa que o informante da cabeza parroquial (7), hoxe alagada, só empregou *-ut-*. A substitución lingüística tamén parece que se operou en 13, onde o cambio debeu de producirse hai tempo, pois a miña informante de 76 anos só usa *-uit-* mentres que a súa sogra, xa morta, dicía *truta* e *muito*. Nesta última palabra, é posible que o ditongo *-ui-* se mantivese sen monotongar polo influxo de *mui* (Williams 1975: 51).


Por outra parte, a pesar de que Zamora Vicente (1986: 38) colocaba a Verín na área de *-oit-*; para Taboada (1979b: 89-90), *-oit-* substituíu a *-uit-* nos lugares do Val de Verín estudados por el máis afastados da raia portuguesa pero *-uit-* pervivía na zona meridional da comarca (O Rosal, Oímbra, San Cibrao, Tamagos, Mourazos, Tamaguelos, Mandín, Rabal, Feces de Abaixo e Feces de Cima), a cal coincidía no uso de *-uit-* co sur da provincia de Pontevedra. En apoio desta hipótese Taboada cita que Schneider recollera *muitas* na zona de Verín¹. Eu, tendo en conta que o ditongo *-ui-* de *chuiva* é, para Neto (1979: 376), un elemento característico do distrito de Vila Real e dalgunhas localidades do distrito de Bragança, pode engadir a esta argumentación que *-uit-* non só é a forma propia dos puntos centrais 5, 10, 12, 16, 19 e 20 senón que, posiblemente, tamén o é dos puntos raiotos 21, 22, 24, 25, 26 e 27. Así a todo, sobre estes lugares raiotos teño dúbidas, xa que rexistrei *-ut-* na Veiga do Seixo (23), aldea da parroquia de Castrelo de Cima moi vencellada lingüisticamente coa Barxa.

A palabra *cobertura*² ‘calquera elemento que usan os pastores para protexerse, especialmente da chuvia’ (vid. Mapa 13) case singulariza un tipo de fala estritamente astorgana, pois dise en tódolos lugares investigados do concello de Vilariño de Conso (2, 3, 4, 6, 7 e 8), no punto 9 (Carracedo da

1 Tamén Mariño Paz (1998: 186) menciona un exemplo de *-uit-* nun texto do cabido de Ourense de 1394.

2 Parece que se trata dunha substitución sufixal, dado que o informante de Veigas de Camba usa, ó lado de *cobertura*, *coiro*, *salmoira* e *treitoira*.

Serra) do concello da Gudiña, que pertenceu ó bispado de Astorga, e no punto 14 (Herosa) do concello da Gudiña, que está próximo á fronteira diocesana. A isoglosa de *cobertura* traza unha marxe clara coa antiga xurisdiccion de Laza do Conde (1, 5 e 10), onde se usa *cobertoira*. No resto dos puntos analizados, dise *cobertoira*, excepto no Navallo, no cal se emprega *coberteira*.



Mapa 13

Mapa 14

4. ISOGLOSAS LÉXICAS

Para presentar unha situación realista da diferenciación léxica entre o bloque central e o bloque oriental, válenme os Mapas 14 e 15. No Mapa 14, obsérvase que as formas orientais *a vime* e *o vimeiro* se din no concello de Vilaríño de Conso (2, 3, 4, 6 e 7¹) e nun punto do concello da Gudiña (9). Dado que en 1 e en 10 se di *a vimia* e *o vimieiro* e que en 5 se di *a vimbia*, o concello de Vilaríño de Conso marca unha fronteira nítida co concello de Laza (1) e co concello de Castrelo do Val (5 e 10). No resto do territorio analizado, a separación entre o bloque oriental e o central non é tan diáfana

1 No punto 8 deste concello só recollín *a vime*.

2 Taboada (1979b: 38; e 1988: 36) tamén recolle esta forma no Val de Verín.

e, dende un punto de vista diacrónico, obsérvase, por un lado, que as formas orientais *a vime* e *o vimeiro* se din nos puntos orientais (14, 15 e 17¹) e nos puntos centrais (12, 19, 20, 24, 25 e 27²) e, por outro, que, na actualidade, están sendo substituídas por formas centrais noutros puntos, nos cales, ó lado da forma oriental *a vime*, entraron os derivados de *a vimia*, *a vimiera* (11 e 18) e *o vimieiro* (18, 23 e 26). No Mapa 15, conséntase en 1, 15, 17, 18, 19, 21, 22, 24 e 25, onde se usa *bulló* só co significado de ‘castaña asada’ e *castaña* co valor de ‘froito do castiñeiro cando está cru’, un estado de lingua anterior ó dos demais lugares analizados; documéntase en 12, 14, 16, 20 e 27 a ampliación do significado de *bulló*, que pasa a designar ‘a froita do castiñeiro’ alternando con *castaña*; e tamén se confirma no norte, onde *castaña* é o elemento exclusivo en 1, unha fronteira clara delimitada pola presenza de *billote*³ / *bullote* no concello de Vilaríño de Conso⁴ e pola ausencia desta palabra nos actuais concellos de Laza e Castrelo do Val.



Mapa 15



Mapa 16

1 No punto 13 só recollín *a vime*.


2 No punto 16 só recollín *a vime*.

3 A vocal *i* de *billote* parece deberse á palatal contigua (cfr. *i* de *filloa*, evolución de FOLIOLA).

4 Nos puntos de Vilaríño de Conso 6 e 8 só documentei *bulló*; por contra, nos puntos 9 e 11 do concello da Gudiña só rexistrei *bullote*.

No resto dos mapas, obsérvanse estas mesmas tendencias:

a) A marxe non coincide exactamente coa de *-is* como se observa no Mapa 16. Nel, a palabra oriental *nixa* non a documentei nos puntos orientais 2, 4, 21, 22 e 26 e, por contra, rexisteina no punto central 10.



Mapa 17

Mapa 18

b) A fronteira aparece con bastante nitidez no norte. Así, no Mapa 17, a palabra *coiña* ‘verza para transplantar’ úsase en 2, 3, 6 e 7 e a verba *covella* en 1 e 5; no Mapa 18, a forma *rebolo* dise en 2, 3, 4, 7, 9 e 11² e *carballo* emprégase en 1 e 5; no Mapa 19, hai diferenza entre 2 (*amarolos*³) e 1 (*amoro*[b]os) e entre 5 (*amorodios*) e 3 (*amorodos*⁴); no Mapa 20, recollín o elemento oriental *o cereixal*⁵ en 2, 3, 4, 7 e o elemento central *a cerdeira* en 1 e 5; no Mapa 21, obsérvase que a verba *espalladoira* ‘forcada con gallos de ferro’, que tamén existe en portugués (Costa / Sampaio e Melo, s.v.) e en Vilardevós e na Gudiña (García González, s.v. *espalladoira*), parece que se estendeu dende a

1 Tamén se di en Pedrafita, Montederramo e Porto (García González, s.v. *coiña*).


2 En 6, 8, 13 e 14 *rebolo* está sendo substituído por *carballo*.

3 *Amarolo* dise en Ferreira de Valadouro e Cedofeita (García González, s.v. *morodo*).

4 Esta palabra tamén foi rexistrada por min en 4, 9 e 11 e por García González, s.v. *morodo*, en Val de Burón e Val do Suarna.

5 Úsase *cerexal* en Pedrafita e A Mezquita e *zreixal* en Val de Burón, Val do Suarna e Pedrafita (García González, s.v. *cerdeira*).

zona meridional lindante con Portugal a tódolos puntos, agás á parte norte do bloque central (1 e 5), onde se usa *gancha*, e excepto á parte norte do bloque oriental (2 e 3), onde se di *forqueta*, expresión que designa tamén a ‘forcada que ten gallos de madeira’. Así mesmo, son palabras meridionais e coincidentes co portugués *freixón* (vid. Mapa 22 e *fr.* portugués *feijão*), que eu recollín en 15, 17, 19, 20, 22, 24, 25, 26 e 27 e que García González, s.v. *freixón*, documentou en Goián, Verín e Vilardevós, e *rechiado* ‘embutido que se fai co estómago do porco enchéndoo con costelas deste animal’ (vid. Mapa 23 e *fr.* portugués *recheado* ‘que ten recheo’ (Costa / Sampaio e Melo, s.v.), rexistrada en 27 (Arzoá), o punto máis sureño dos estudiados.



Mapa 19

Mapa 21

c) As formas orientais recúan como demostran os Mapas 18, xa visto, e 24. No primeiro, vese que *rebolo* é a única forma en 2, 3, 4, 7, 9 e 11, que *carballo* invade o territorio de *rebolo* nos puntos orientais 6, 8, 13 e 14 e que *carballo* é o único elemento documentado no resto dos lugares. No segundo,

1 En 5, chámasele *furquita* á forca de madeira que se fai cortando dunha árbore unha galla con forma de gancho. Cómpre lembrar que *gancha* en Albacete e en León significa ‘rama de árbore’ (RAE, s.v. *gancha*) e que o latín *furca* designaba unha ferramenta que tiña a forma indicada arriba (vid. Blánquez, s.v. *furca*, *ae*).

2 En 21, recollín a variante *francós*.

a palabra *bidueiro* penetra na zona de *bedulo*¹, xa que en 16 alternan *bidueiro* e *bedulo*, en 5 só documentei *bidueiro* pero unha informante de 64 anos díxome que o seu pai dicía *bedulo* e nos puntos orientais 2 e 4 só rexistrei *bidueiro*. Outros exemplos que posiblemente ilustren esta tendencia son a presenza de *bulló* en 6 e 8 (*vid.* Mapa 15), a de *covella* en 9 (*vid.* Mapa 17), a de *chicha* en 4 (*vid.* Mapa 16) e a de *bandullo* en 4, 6, 14, 17, 18, 23 e 26 (*vid.* Mapa 23).



Mapa 20



Mapa 22

d) As formas orientais penetran no bloque central. Esta tendencia parece que é a que explica o Mapa 25 e o Mapa 26. No primeiro, documentei co significado de ‘chover con pouca intensidade’ *murrñar* na zona oriental (3, 4, 7, 8, 13) e na central (5) e *morrñar* na parte oriental (7, 9, 11, 14, 15) e na parte central (10). No segundo, *chuvirnar*², derivado de *chuvirna* ‘chuvia fina’, dise nos puntos orientais 2, 3, 4, 7, 8, 9, 14, 15, 18, 22, 23 e 26 e nos puntos centrais 5, 10, 12, 19, 20, 24, 25 e 27. Tamén no Mapa 23, xa visto, se observan dúas formas loitando: a palabra central *bandullo* invade a zona oriental (4,

1 Tamén se di no Incio, na Mezquita e en Vilardevós (García González, s.v. *bidueiro*).

2 García González, s.v. *chubiscar*, recolle *chobiznar* no Incio (Lugo). *Chviznar* rexistrase en Babia, Laciana e Omaña (Díez Suárez, s.v.) e *lloviznar* no Bierzo, na Luna, en Rueda, en V. Esla, Cistierna, León e Omaña (Díez Suárez, s.v.).

3 É moi posible que se forme a partir do latín *PLUVICINA con caída da vocal postónica (*cf.* o leonesismo do castelán *lobezno*, evolución de LUPICINU, e os leonesismos da nota inmediatamente anterior).

6, 14, 17, 18, 23, 26) e o elemento oriental *botello* chega ata o punto central 27 (Arzoá).



Mapa 23



Mapa 24



Mapa 25



Mapa 26

quia de Castrelo de Abaixo (*vid.* Madoz, s.v. *Castrelos de Abajo*) non forma parte do bloque oriental e presenta singularidades lingüísticas coincidentes con San Paio (24) e Arzoá (27). O resto dos puntos estudados, tanto tódolos da antiga xurisdicción de Laza do Conde coma os restantes da antiga xurisdicción de Souto Vermud, non forman parte do bloque oriental. Entre estes últimos, presentan unha evidente singularidade os lugares de Pedroso (12), Florderrei (19) e Covelas (20) do concello de Riós, xa que neles se usa a terminación *-ns* para a formación do plural das palabras rematadas en *-n*.

b) As isoglosas morfolóxicas e fonéticas escollidas neste estudio non coinciden exactamente coas de *-is* e marcan unha distinción máis nítida no norte, xa que o actual concello de Vilaríño de Conso e a antiga xurisdicción de Laza do Conde, onde houbo e hai *piliqueiros* (*vid.* Mapa 27), se diferencian claramente nos mapas de *est*[*e*]rco, *eles tein* e *cobertura*. Este último elemento case singulariza a zona pertencente á diocese de Astorga. Así mesmo, os mapas de *muto* e *tu veis*, aínda que presentan algunhas interferencias das formas centrais *muito* e *tu ves*, deberon discriminar no pasado estas dúas zonas. Sen embargo, a fronteira entre os puntos centrais do concello de Riós e os orientais do concello da Gudiña é menos clara cá citada anteriormente, xa que as formas orientais cruzan o río Mente e entran no concello de Riós nos seguintes casos: *est*[*e*]rco dise no punto 23, *eles tein* úsase nos puntos 21 e 23, *tu veis* pronúnciase nos puntos orientais 22, 23 e 26 e nos centrais 24 e 25 e *muto* óese no punto 23. Así a todo, tamén se poden trazar marxas entre 11 e 13 cos mapas de *est*[*e*]rco e *eles tein* e entre os puntos 16 e 17 co mapa de *est*[*e*]rco. Por outra parte, o uso de *eles teien* singulariza os lugares 24, 25 e 27.

c) Aínda que hai isoglosas léxicas que case coinciden coa fronteira de *-is* (*xíxa*), a maioría destas isoglosas (*coiña*, *rebolo*, *cereixal*, *vime*, *botello*, etc.) só marcan marxe nítida no norte da zona estudiada debido a causas históricas e xeográficas. As montañas, que constituían o límite entre a diocese asturicense e a diocese auriense, impedían unha comunicación fluída entre o bispado ourensán (especialmente 1 e 5) e o bispado astorgano (especialmente 2, 3 e 4 e, en menor medida, 6, 7 e 8). No resto do territorio analizado, as fronteiras entre os actuais concellos de Riós e A Gudiña dilúense pero en diferente grao. Así, a escasa comunicación entre Pedroso (12) e Parada da Serra¹ (13) debeu se-la causa dunha maior separación entre estes dous lugares e os outros puntos dos concellos de Riós e A Gudiña, onde os ríos constitúen frecuentemente a marxe.

d) No bloque oriental, é posible delimitar unha área léxica astorgana caracterizada polas palabras *fréxoles* / *fréxeles*, *billote* / *bullote* e *coiña*. Esta área,

1 Aínda hoxe entre Pedroso e Parada da Serra non existe unha estrada asfaltada.

case coincidente coa zona dos *b[ɔ]teiros* (2, 3, 4, 7 e 9), está formada, especialmente, polos puntos 2, 3, 4 e 7 de Vilariño de Conso e polo punto 9 do concello da Gudiña, que pertenceu ó bispado de Astorga, e, en menor medida, polos puntos fronteirizos 6 e 8 de Vilariño de Conso e polo punto 11 da Gudiña, no cal había unha parroquia que foi ata o século pasado da diocese astorgana.

e) O estudio léxico desta zona permite albiscar tres tendencias contrapostas loitando: por un lado, as formas orientais (*rebolo*, *bedulo*) recúan cara ó leste empuxadas polas palabras centrais (*carballo*, *bidueiro*); por outro, as formas orientais difúndense polo bloque central (*murruñar* / *morriñar*, *chuvirnar*); e, por outro, existen formas meridionais do extremo sur lindante con Portugal (*rechiado*, *freixón*) que, por veces, chegan a estenderse polo bloque central e oriental (*espalladoira*).

BIBLIOGRAFÍA

- ALGa = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. 2: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza.
- Blánquez, A. (1982): *Diccionario latino-español*. Barcelona: Ramón Sopena. 5ª ed. revisada, corregida y aumentada.
- Corominas, J. (1980): *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana*. Madrid: Gredos. 3ª ed., 3ª reimpresión.
- Costa, J. Almeida / Sampaio e Melo, A. (1983): *Diccionario da lingua portuguesa*. Lisboa: Porto Editora. 5ª ed.
- Dasairas Valsa, X. (1999): *Crónicas rexiomontanas*. Vigo: Mancomunidade de Concellos da Comarca de Monterrei.
- Díez Suárez, Mª. S. (1994): *Léxico leonés*. León: Universidade de León.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- García González, C. (1985): *Glosario de voces galegas de boxe*. Santiago de Compostela, anexo 27 de *Verba*.
- García Mañá, L. M. (1988): *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense*. Anexo 11 de *Boletín Avriense*.
- GEG = VV. AA. (1974): *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago / Gijón: Silverio Cañada. 30 vols.
- Madoz, P. (1986): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar. Galicia*. Madrid. 6 tomos.
- Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Neto, S. da Silva (1979): *História da lingua portuguesa*. Rio de Janeiro: Presença. 3ª ed.
- Torres Luna, Mª. P. de / Pazo Labrador, A. (1994): *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.

- Pazo Labrador, A. / Santos Solla, X. M. (1995): *Poboación e Territorio. As parroquias galegas nos últimos cen anos*. [Santiago de Compostela]: Difux.
- RAE = Real Academia Española (1984): *Diccionario de la Lengua Española*. Madrid: Espasa / Calpe. 2 vols. 20ª ed.
- Río Barja, F. (1989): “Mapa de las jurisdicciones de la provincia de Ourense en el XVIII”, en *Actas do Simposio Internacional Otero Pedrayo e a xeografía de Galicia*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 25-62 e un mapa.
- Rodríguez Colmenero, A. (1977): *Galicia meridional romana*. Bilbao: Universidade de Deusto.
- Rodríguez Cruz, X. (2000): *Así falan na Gudiña*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- Taboada, M. (1979a): “Afinidades lingüísticas galego-portuguesas na fronteira de Ourense (1): notas fonético-morfolóxicas sobre as nasais”, en *Senara* vol. I, 107-125.
- Taboada, M. (1979b): *El habla del Valle de Verín*. Santiago de Compostela, Anexo 15 de *Verba*.
- Taboada, M. (1988): *Léxico de la comarca de Verín*. Anexo 14 de *Boletín Avriense*.
- Williams, E. B. (1975): *Do latim ao portugués*. Río de Janeiro: Tempo brasileiro. 3ª ed.
- Zamora Vicente, A. (1986): “Los grupos *-uit-*, *-oit-* en gallego moderno: su repartición geográfica”, en *Estudios de dialectología hispánica*. Santiago de Compostela, Anexo 25 de *Verba*, 35-44.

LÉXICO FRONTEIRIZO NO BAIXO MIÑO:
A PESCA CON BARCO

Helena Pousa Ortega

IES Tui

Agradezo a extraordinaria colaboración de todos aqueles pescadores que amablemente me abriron as portas das súas casas e foron contestando ó cuestionario. Na parte galega a Julio César Piña Silva (Tui), José Álvarez Gayoso (Amorín), César Gómez Garreiro (Forcadela), Eloy Rodríguez González (Goián), Jorge Estévez Eiras (As Eiras), Saúl Carrera Blanco e Eduardo Rodríguez (Tabagón), Joaquín Castro Barcia (A Pasaxe) e a meu pai Pablo Pousa Carrera, coñecedor de tantas cousas (Goián). Na parte portuguesa a Manuel Esteves Fernandes (Valença), Joaquim Gomes Soares (São Pedro da Torre), Amado Aníbal de Figueiredo (A Carvalha), Alberto Castro (Vilanova de Cerveira), Luís e Luís Marrocos, pai e fillo que tanto saben do carochó (Lanhelas), José Fernando Torres Pereiro e outros que por alí andaban (Seixas), Alexandro António Duro (Gondarem, A Mota).

Cando o termo é común ou maioritario non sinalo as fontes. Se non o é, cito abreviadamente a localidade onde o recollín. Lista de abreviaturas empregadas:

T = Tui	V = Valença
A = Amorín	SP = São Pedro da Torre
F = Forcadela	C = A Carvalha
G = Goián	VC = Vilanova de Cerveira
E = Eiras	Gond = Gondarem
Tab = Tabagón	L = Lanhelas
Pa = A Pasaxe	S = Seixas

Non vou transcribir foneticamente tódolos termos recollidos; unicamente consignarei a pronuncia nalgúns casos. A gheada irá sempre marcada co dígrafo <gh> e, nas falas portuguesas, o dígrafo <ch> equivale ó fonema palatal fricativo [j]. Os termos rexistrados na parte portuguesa procuro escribilos coa grafía portuguesa para que queden máis claras algunhas diferencias de pronuncia (g, j, ç...) para non recarga-lo texto coa transcripción dos termos.



Mapa 1

1. ANTECEDENTES

Sempre botei de menos un estudio lexicográfico que reflectise as coincidencias e diverxencias léxico-orais dos falantes desta área lingüística separada politicamente. Ata agora os estudos filolóxicos centrados no léxico son recolleitas lexicográficas feitas só desde a perspectiva interna do galego ou do portugués. Da banda portuguesa coñezo o *Vocabulario Minhoto* de M. Boaventura ou *Apontamentos acerca do falar do Baixo-Minho* de F. J. Martins Sequeira, e da banda galega, un traballo de licenciatura, inédito, *Vocabulario de Goyán* de M^a J. Pérez Alonso. E desde unha perspectiva máis etnográfica, son moi interesantes os estudos de Eliseo Alonso, *Pescadores del río Miño (tramo gallego-portugués)* e *Gamelas y marineros*; a primeira de obrigada consulta por se-

-la máis completa investigación sobre a pesca neste tramo fluvial. Tamén cabe cita-lo estudio de Xaquín Lourenzo Fernández sobre os produtos do río Miño na *Historia de Galicia* dirixida por Otero Pedrayo, onde aparecen algúns termos propios da pesca miñoteira.

2. AS ESTRUCTURAS LÉXICAS

Para poder investiga-lo léxico de maneira sincrónica e de xeito máis ou menos estruturado, decanteime por segui-lo sistema de enquisa proposto a través dos cuestionarios do *ALGa* e do *ALEPG*, limitándome nesta ocasión á investigación dun “dominio parcial” ou “campo asociativo”¹, ligado a unha das actividades comúns nesta zona: a pesca con rede no Miño².

A investigación baséase en enquisas léxicas sobre termos da pesca que realicei en diferentes localidades de ámbalas marxes (*vid.* Mapa 1). A partir dos datos obtidos, tratei de analizar dous aspectos fundamentais: por unha parte, a vitalidade do léxico da pesca, anteriormente exposto por Eliseo Alonso (1989) e, por outra, a súa localización e distribución diatópica para analiza-las coincidencias e/ou diferencias codialectais no vocabulario de ámbalas marxes do Miño.

Tirando do fío e de maneira indirecta, tamén quixen comprobar ata que punto o léxico galego, por sobrevivir en distintas condicións sociolingüísticas, vai sendo desprazado, fixándome en especial nas interferencias que se observan no “sistema sémico da espacialidade”, que vai saíndo de maneira centrífuga en tódalas enquisas.

3. A PESCA, UNHA ACTIVIDADE COMÚN

É recoñecida como unha das actividades máis antigas da zona³, hogano exercida por pescadores profesionais (poucos) e labradores ou traballadores asalariados que combinan e complementan a súa economía coa pesca tem-

1 Estes campos asociativos diferéncianse das estruturas lexemáticas porque non se organizan por medio de trazos distintivos, senón que se deben a asociacións dun signo con outros signos non necesariamente lingüísticas, de validez individual e practicamente infinitas. Véxase a explicación dada por Freixeiro (1990: 32-33).

2 Na imposibilidade de face-lo inquérito en tódalas localidades miñoteiras que se dedican á pesca, o campo de estudio limiteino á zona onde se pesca con barco, desde Tui/Valença ata O Rosal/Seixas. Deixei fóra a zona da Guarda e Caminha, para centrarme exclusivamente na pesca fluvial. Alén diso, fixen unha pequena sondaxe na Pasaxe para recolle-los datos dun experto carpinteiro de ribeira.

3 Segundo Vila-Botanes (2001: 175-176), xa en 1125 Dona Tareixa de Portugal tiña o privilexio de acouta-lo río “dende a vila de Lazoiro ata a foz do río” e a igrexa tudense controlaba os portos e pesqueiras da cidade, tanto pola rendibilidade económica coma pola calidade do peixe (sollos, salmóns, lampreas...).

poreira. En ámbalas marxes pescan cos mesmos aparellos e embarcacións e séguense costumes similares. O máis interesante desde o punto de vista filolóxico é o léxico ligado a esta actividade, e niso vou centra-la miña exposición.

3.1. O barco

O tipo de barco desta zona, que se está a perder porque compite duramente cos de poliéster e xa non hai quen o faga, é moi singular. A maioría dos pescadores chámanlle *barco*, pero en São Pedro da Torre, Vilanova, Lanhelas e Seixas falan do *carocho*¹ [karó]o].

Segundo Luís Marrocos, carpinteiro de ribeira de 93 anos, este barco debe ter máis de douscentos anos, porque xa o construían así os seus bisavós e el segue usando os mesmos *riscos* (moldes). Nalgunhas localidades galegas recibe o nome de *caíuco*² (T, A e Pa).

Outras embarcacións como as *gamelas*³ [e], semellantes a unha artesa, son máis propias da desembocadura. Actualmente constrúense formas evolucionadas, ás que chaman *botes* (Pa, VC, S e en Caminha), *lanchas* (G e Caminha), *barcos* (A), *gamelas de punta* (T) ~ *ponta* (L) ou *chalanas* (T). Noutros tempos houbo unha *barcaza* (Pa) para transporte da madeira desde Tui; e embarcacións auxiliares máis pequenas como as *batelas* [e] (T) e os *chinchorros* (A). Hoxe triunfan as *lanchas* (Pa) ou *planeadoras* de poliéster (T, A, E).

3.1.1. Partes do barco

É un barco que pode ter distintas medidas, pero anda arredor dos 6 metros de *eslora* (parte galega) ou *cumprimento de sinal, de fóra a fóra* (parte portuguesa); 1,50 m de largo ou de *manga* ou *boca de sinal*, e 0,50 de alto, desde o bordo ata a quilla, isto é, de *puntal do medio* ou *pontal do sinal*. A súa estampa, con máis ou menos *arrufó* (T, Pa), isto é, curvatura, depende do estilo dos carpinteiros de ribeira. Na feitura presenta similitudes con

1 Segundo E. Alonso (1998: 52) a palabra *carocho* pode estar relacionada coa forma de caparazón de insecto que ten o casco do barco.

2 *Caíuco* tamén se lle chama en Ares a unha embarcación co fondo plano, tipo gamela. *Cayuco* é unha embarcación india pequena, que se usa en Venezuela, dunha soa peza, co fondo plano e sen quilla. Nas costas portuguesas, o único nome parecido é *caíca*, embarcación fluvial típica da Furada, na marxe esquerda do río Douro, tamén usada na pesca do sable. De feitura son parecidas ós barcos do río, pero teñen a proa cuberta (Lopes 1975: 130).

3 En Seixas algún pescador tamén citou o nome de *masseira* para a gamela, pero non é unha denominación común como a partir de Áncora, un pouco despois de Caminha. Segundo E. Alonso (1987: 58): “la gamela de río es más pequeña, liviana y de líneas más finas para navegar por las corrientes...”.

embarcacións doutras zonas como as *bateiras* portuguesas ou as *góndolas* de Venecia. Segundo Eliseo Alonso (1989: 50 e 52):

...estas graciosas y airosas embarcaciones de dos proas, de mucha eslora para muy poca manga e de inconfundible y esbelta silueta de luna menguante (..) sin lugar a dudas, (...) es nórdica y (...) sin aventurar demasiadas hipótesis, cabe la posibilidad de que nuestro modelo pudo haber sido primeramente observado en restos abandonados de naves de las invasiones normandas que remontaron el Miño hasta Tuy.

E segundo Staffan Mörling² segue, como na dorna, un sistema de construción bastante antigo, quizais derivado dun prototipo común.



Barco do Miño (deseño de Alberto Blanco Lliñares)

Na parte anterior sobresaie un pouco o *pinchón* (T), *carel* (Pa) ou *bico* (Pa), peza que á parte de enfeite, serve para cometidos prácticos como amarra-lo barco. Diante, na *proa*, leva unha *argola* para manobras. A *popa* [o], *cuaña* ou *ré* [e] (V, SP) é toda a parte traseira; no modelo antigo, a popa era pechada e no *codaste* tiña dúas *femias* (~ *fêmeas*) onde enfiá-los *machos* do

1 En cambio, Luís Chaves, que fixo un estudio dos barcos de dúas proas do litoral portugués, cre que “todos remontam a uma estirpe común e essa origem parece ser os barcos mediterrânicos” (*apud* Lopes 1975: 140).

2 S. Mörling (1989: 332) sitúa este barco do Miño e a dorna nun grupo á parte das máis embarcacións da costa galega.

leme [ɛ]; actualmente está cortada e leva o *espello* (T) ou *cúa* (V, F) para poderen enganchar facilmente o motor.

O *espiñazo* ~ *espinbaço* (VC, L) ou *esqueleto* (T, G, E, V) do barco está composto pola *quilla* e as *cavernas* [ɛ] (parte portuguesa) ou *cuadernas* [ɛ] (parte galega). As cuadernas constan de dúas pezas, a que vai na parte inferior unida á quilla é o *assento* (L) ou *varenga* (T) ~ *varenca* (Pa), e a outra é a *man* (L) ou *xinol* (Pa), que é máis curvada. A primeiras táboas que van montadas sobre a quilla son as *agullas*, e as outras, os *banzos* (T, Pa). O fondo vai cuberto polos *caniços* ~ *caniços* (VC) ou *paneiros* (*dianteiros* e *traseiros*), pousados nunhas pezas curvas laterais, e delgadas coma costelas, chamadas *peanas* (Pa); e na parte onde van os pés do remador, os *caniços dos pés* ~ *caniços* (VC, L, S), *verteaghuas* (~ *tornaghuas*), *peanas* (Pa), *solbete* [ɛ], e *solbetos* (SP).

No centro leva un ou dous asentos fixos, as *tostas*¹ ~ *tostes* [ɔ], *banco* (V, Pa), *bancada* (E), apoiados nunha peza chamada *durmiente* (Pa) e por riba, nos laterais, van outras pezas chamadas os *chapuços* (L) ou *ghamóns* (Pa) para que aguanten os bordos ó remar. Algúns debaixo da tosta do medio levan unha *ghabeta* (E), para garda-la merenda ou outras cousas, ou debaixo do canizo dianteiro a *secreta* (T) ~ *secreto* (G), *guarda-peixe* (VC). Nalgunha ocasión reforzan o asento cun *pedamigho* (T e Pa). Na popa vai outro asento máis pequeno chamado a *táboa peideira* (F, G, Gond e S), *banco* (V, Tab, Pa) *sela* [ɛ] (L) ou *tosta* (T, C). No paneiro de proa vai un buraco onde se mete o *mastro da vela* que encaixa nun rebaixe cadrado da quilla, a *terlinga* (L e S) ou *vertedeiro* (T).

Lateralmente, de proa á popa, van os *bordos* [o], divididos en tres pezas, *dianteiros*, *chumaceiros* e *traseiros* (L); nos chumaceiros ou centrais van as *remadouras* ~ *remadoiras* (L e Gond) ~ *remadeiras* (G e E) e os *toletes* [ɛ] ou *ichamas* (G) ~ *inchama* (L), dous de cada lado, de madeira ou ferro, e ó longo de todo o costado do barco, unidas ós bordos, as *cintas* ou *verduquillo* (T), que serven para reforza-la embarcación.

Móvense a remos ou a motor. Aqueles teñen varias partes: a *pá* ou *pala* (na parte galega) algo curva, o *cano* e a *olleira*, que enñan no tolete, e outra peza na parte contraria chamada *remadoura*, *seghorella* (F), *tarma* (L), *tarco* (Pa) ou *chumaceira* (SP, S), para evitaren o desgaste do remo. Os remos son longos e os *guións* (Pa) lévanse cruzados para conseguir máis forza; en moitas ocasións o mesmo remo servía de temón afincándoo na borda.

3.1.2. Aparellos que leva o barco

Os aparellos que levan son o *vertedouro* ~ *vertedeiro* (L e Gond) ~ *vertedeiro* (parte galega) para *vacia*-la auga do fondo da embarcación, xa que

1 Nome que só localicei no deseño do barco valboeiro (Filgueiras 1958: 8).

non ten “*enxaghiúe*” como as gamelas. Para *fondear* ~ *fundear* (V) levan o *ferro* ou *áncora* ~ *ancla* (na parte galega) de dúas uñas, ou o *rizón* (G e Pa) de catro, que tamén serve para *rocegar* (Pa), para recoller algo que se perdeu no fondo. Máis arcaica é a *poutada*, un esteo cun rebaixe no centro atado a un cabo e, na zona de sollas, o *piogheiro*¹, unha pedra lisa con un buraco que servía para reduci-la velocidade de navegación cando estaban a pescar. A *vara* e o *croque* (V) que ten un gancho na punta para enganchar.

V <i>barco</i>	SP <i>carocho</i>	C <i>barco</i>	VC <i>carocho</i>	L <i>carocho</i>	GOND <i>barco</i>	S <i>barco</i>
proa	proa	proa~bica	proa	proa argola	proa	proa roda de proa
poupa~ré cúa	popa~ré	cuanha	cuanha	coanha~ré o espelho	cuanha	popa
quilha	quilha	quilha	quilha	quilha	quilha	quilha
cavernas (costelas)	cavernas	cavernas	cadernas (cadername)	cavernas asento man	cavernas	cavernas
esqueleto	esquelete	—	espinhaço	espinhaço	—	—
bordos	bordo	bordo	bordos	bordos: traseiros, chumaceiros e dianteiros	bordos	bordo
friso	—	—	cinta	cinta	—	cintas
—	—	entaboamento	taboado costado	entaboado	táboas	—
—	agulhas	agulhas	agulhas, casco	agulhas	agulhas	agulhas
paneiro diante a atrás	paneiro da frente e detrás	paneiro de proa e detrás	caniços guarda-peixe	paneiro diante e atrás	paneiro da frente e detrás	paneiro de adiante e detrás
—	—	—	—	—	—	—
paneiro~taburro	—	solhete (diante)	caniço	caniço dos pés	verteagua	caniço dos pés (diante)
paneiro~taburro	—	solhetos (atrás)	caniço	a fin capés	verteagua	verteagua (atrás)
vertedouro	vertedouro	vertedouro	vertedouro	vertedouro	vertedouro	vertedouro
banco banco	tosta asento	asento tosta	tosta do meio —	toste sela	asento do meio peideira	banco ~ tosta peideira
—	mastro	mastro vela	buraco do m. mastro	buraco do m. mastro tomos terlinga vela~corda	—	mastro terlinga
toletes	tolete	tolete	tolete	inchama	tolete	tolete
almofadas	almofadas	—	remadouras	remadoira	remadoiras	remadouras
remo pá cabo	remo pá —	remo pá cano	remo pá cano	remo pá —	remo pá cano	remo pá cano (cepo)
—	olheira chumaceira	olheira —	olheira —	olheira~tarma remadoira	olheira remadoira	olheira~orolheira chumaceira~ remadoura
áncora	—	áncora	áncora	ferro	—	—
—	leme	leme	leme	leme cana do leme machos femia	—	leme

1 Unicamente localice nas costas portuguesas a denominación de *piobeiro*, pedra co mesmo uso, en Lopes (1975: 231).

T <i>caíño</i>	A <i>caíño</i>	F <i>barco</i>	G <i>barco</i>	E <i>barco</i>	TAB <i>barco</i>	PA <i>caíño</i>
proa~bica pinchón codaste	proa~bica	proa~bica	proa~bica	proa	proa	proa carel roda de proa
popa espello (a galleta) codaste de popa	popa	popa~cúa	popa~cuaña	cuaña	popa	popa codaste
quilla	quilla	quilla	quilla	quilla	quilla	quilla
cuadernas: varenga	cuadernas	cuadernas (costillas)	cuadernas	cuadernas	travesas (costillas)	cuadernas: varencas xinoles
espiñazo (esqueleto)	espiñazo	espiñazo (costillar)	espiñazo (esqueleto)	esqueleto	— costillar	—
bordas	bordos	bordo	bordos	bordos	bordos	bordas
verdugullo	—	—	cinta	—	—	cintas
entablado costado~amura banzos agullas	tablas costado — agullas	entaboado costado — —	casco — — —	casco — — —	tablas — — —	— os costados banzos —
taburnio ~canizos	taburnio [dianteiro e traseiro]	canizos [dianteiro, traseiro]	canizo [de diante e detrás]	canizo [de diante e detrás]	canizo [diante (~paneiro) e detrás]	canizos ~paneiros
a secreta	—	—	o secreto	—	—	—
canizos dos pés	verteaghuas	taburno (diante)	canizo pequeno	verteaghuas	verteaghuas	peana
tornaghuas	verteaghuas	verteaghuas (atrás)	canizo dos pés	verteaghuas	verteaghuas	peana
achicadeiro	vertedeiro	—	vertedeiro	achicadeira	vertedeiro	—
tosta do medio tosta	asento asento	tosta peideira	tosta peideira	bancada (ghabeta)	asento banco	banco banco de popa
furado do m.	—	buraco do m.	buraco do m.	buraco do p.	—	fura do plan
mastro (vertedeiro) vela	pau~mástil vela	mastro	mástil os ventos vela: ventos	pau vela	mastro	— vela: amura, escota, estais
tolete	toletes [dianteiro e traseiro]	tolete	tolete~ ichama	tolete	tolete	toletes
<i>sufádera</i>	remadoura	remadoura	remadeiras (coucóns)	remadeira	inchama	—
remo — — — remadoura	remo pala cano — remadoura (sobrerremadoura)	remo pala cano — olleira seghorella	remo pala cana — olleira —	remo pala cana — inchama —	remo pala — — inxama —	remo pala cano (guión) tarco tarco
ancla~ferro	ancla~rizón	ancla	ancla~rizón	ancla piogheiro	—	ancla~rizón
timón	timón	timón	lieme~timón	leme	timón	timón

3.1.3. A manobra de amarrar

Enváranse, isto é, átanse a unha vara como aínda fan en Vilanova de Cerveira ou átanse cun *tiravira* (G, E) que é un sistema de corda dupla: unha átese á argola da proa e outra pasa pola argola dunha boia, que está enganchada a unha pedra chamada *morto* [o] (G, E) ou *poutada* (C), e ámbalas dúas cordas van á terra e amárranse a calquera árbore.

Como as partes do barco reciben denominacións variadas tentarei expó-las todas no cadro¹ e deseño seguintes:

3.1.4. Coidados do barco

Cada tres ou catro anos hai que *entaboar* (V), cambia-las pezas podres do *entaboado* ~ *taboado*. As *agulbas* de piñeiro ~ piño (parte portuguesa) duran toda a vida se están debaixo da auga. A parte que vai por riba da liña de flotación facíase de carballo ou castaño, que non pode ter *sábagho* (T) porque nos empalmes chega a corcomerse e en menos dun ano vaise.

A maioría dos barcos teñen esa cor negra porque se embrean con *breu* [ɛ] ~ *brea* (F, Tab) dos piñeiros e *piche* (~ [piɛ] na parte portuguesa), *alquitrán* (A, E) ~ *alcitrão* (V, SP, C), *chapapote* (T) ~ *chapote* (Tab), ou *óleo*. Primeiro tempérase ben a mestura e despois cun *enxope* (T), *isqueiro* (A), *escopero*(F) ~ *estopeiro* (VC), *brocha* (SP), *brosa* (L), *trencha* (S), *toja* [o] (Gond) ou *vascallo* (G, E, C, SP), feito cun pao e un anaco de rede vella ou con farrapos de roupa vella, embreábase o barco. Antes de *embrear* ~ *brear* (T) ou *carenar* (T e S) hai que *gharafetar* (A) ~ *gharafetear* (G) ~ *galafetar* (L), *calafetiar* (SP) ~ *calafetar* (V), con *estopa* [o] ou *liño* (*estopar*, T ~ *estopear*, Tab).

3.2. O peixe

3.2.1. Nomenclatura das partes do peixe

A *cabeza* ~ *cabeça* (parte portuguesa) contén os *ollos*, a *boca*, *bico*² (C) ou *fucinho* (V), as *gharmelas* [ɛ] (na parte galega) ou *guelras* [ɛ] (localidades portuguesas) ~ *ghelra* [ɛ] (Tab) ~ *gherlas* (Pa)³. O primeiro toro pegado á cabeza é o *degoladouro* (T e VC) ~ *degholadoiro* (Pa), o *gharneleiro* (G), a *cachaça* (Tab), o *cachaço* (C), a primeira *posta da goleira* (S) ou a *posta do cangadouro* (L).


No corpo ten as *aletas* (só na parte galega) ou *pestanas* (C) ou *barbatanas* (V, VC). A aleta que vai pegada ás garmelas recibe o nome de *badana* (S). O *embigo* (C) por onde desova, o *rabo* (~ *cauda* en V, SP), o *buche* (Pa) ~ *bucho* (G, V), as *tripas*, o *flotador* ou *vexiga* (V) e a *espiña*. Se non teñen *escamas*, como a anguía ou lamprea, teñen a *pel* ~ *pele* (V) cuberta de *limo* (F, G, E, Tab, L) ~ *lismo* (T, V, SP, C) ~ *limallo* (Tab), *languño* (S) ou *lodo* [o] (C, S).

1 As columnas destacadas en cor máis escura son respostas dadas por carpinteiros de ribeira.

2 A forma *bico* está bastante atestada na parte galega, segundo recolle Ríos Panisse (1977: 160).

3 Forma rexistrada segundo Ríos Panisse só nos dicionarios de Rodríguez González, Franco Grande, Carré e Sarmiento. E *jelra* con gheada en Bueu, Mogor, A Guarda e Cesantes. En cambio *jelra* con metátese úsase en máis lugares de Galicia (1977: 155). Segundo comenta a mesma autora canto á etimoloxía parece que habería que pensar na posibilidade de que *guelra* derive de *grello*, *grilo* “xema, renovo” (lat. GRILLUS), pero recomenda explorar outras posibilidades (1977: 156).

As femias teñen as *ovas* [o] (C, S) ou *bragada* (T) ~ *braghada* (E) ou *míllaras*² (*mirillas* só para as da lamprea en T). Se son machos teñen as *léitaras* (E, Tab, Pa, VC) ~ *léiteras* (T, A, F, G), glándulas sexuais que van aumentando de tamaño se as condicións térmicas do río son as adecuadas.



En chegando a época dos sables, no mes de abril, é costume come-los *debullos*; este prato típico faise coa cabeza e a primeira posta da cachaza ou degoladouro, o rabo e as míllaras ou léitaras, acompañados de arroz ou patatas (batatas na parte portuguesa). Este manxar tamén recibe os nomes de os *miúdos* (G, E, Tab, V, SP), o *fato* ~ *fatiños do sábalo* (T e F), ou *debullada* (C).

3.2.2. A fauna ictiolóxica

O río Miño é un ecosistema extraordinariamente rico, aínda que para ser máis precisa debería empregar un tempo pasado, porque varias especies piscícolas están en perigo de extinción e algunhas xa desapareceron totalmente, como o abondoso *sollo*³ ou *peixe cuncho*. Xa se comentaba a comezos de século pasado, nun artigo⁴ publicado en 1908 no xornal *La Integridad*

1 A forma con gheada aparece bastantes veces rexistrada a nivel oral: A Guarda, Bueu, Portonovo, Panxón, Bouzas, Cesantes e Cangas, segundo Ríos Panisse (1977: 161).

2 Provéñ do gal. antigo “millo” do lat. MILIUM. As formas *millara* ou *mirilla* son derivados do sufixo átono *-ara* (Ríos Panisse 1977: 60-61).

3 O *sollo* ou *peixe cuncho* (cast. ‘esturión’) é un peixe de grandes dimensións que precisa de ríos profundos e que desapareceu do Miño (Vila-Botanes 2001: 192, n. 28).

4 “La pesca en el Miño. Un discurso”, artigo publicado en tres partes no xornal *La Integridad*, Tui, 1908. Aparece asinado coas abreviaturas xa pouco lexibles A. V. E., e non poden

de Tui, que “la pesca en el río Miño constituye la mayor riqueza fluvial en nuestro país” e que as autoridades debían potenciar “[el] estudio de disposiciones encaminadas al fomento y repoblación artificial del pescado en el Miño sin olvidarse de las condiciones de los afluentes de ambas márgenes para repoblarlos también a fin de dilatar más y más la acción de desove de los peces emigrados y hacer efectiva no sólo la conservación sino también el aumento de la riqueza piscícola contenida en el fondo del río”.

Segundo o calendario dos pescadores, empézase a pescar oficialmente a *lamprea* (*Petromyzon marinus* L.) ~ *lampreia* (na parte portuguesa) ou *peixe dos sete buracos* (VC), o quince de xaneiro, aínda que se pode adiantar ó 1 de xaneiro, e remata o 1 ou o quince de abril segundo se abrise a veda. Péscase por *maré* (na parte galega), na saída da lúa ou na metida da lúa, na *alba do día* ou no *asexo da noite* (T e Pa)¹. O mellor mes é marzo (*março*, *lampreaço*, VC).

No Miño só hai un tipo de lamprea, aínda que segundo algúns pescadores hai unhas que teñen a cabeza máis grande e están enterradas na area, á saída dos regatos, nas beiradas, ás que chaman *lampreia louca* (V, C), *lamprea cabezona* (T) ou *serodia* (G, E). Poida que se trate da lamprea de río *Lampreta fluviatilis* ou *Lampreta fluviatilis planeri*.

Se unha lamprea é pequena chámase *tolete* [e] (T) e á lamprea desovada, *touca* (F, V, VC, S,) ou *lamprea da desova* (V, S). Tamén din que ó desovaren alá polo mes de maio fan un niño entre os seixos onde tres ou catro lampreas poñen os ovos mentres un macho os fertiliza. A estas que xa van vellás e que volven cara ó mar, nácelles por riba do lombo un cordón, parecido a un dedo, son as lampreas *cavoucas* (T). Para uns hai que tirar con elas porque non valen para nada, para outros son as mellores para *escalar* (abrir ó medio e secalas ó fume). E ás crías (*ammocoetes*) chámanlles *lampreñás*, *lampreolas* ou *lambuxos*² (A, F).

Cando o río está *sereniño* e a lamprea *risca* (vai coa cabeza fóra da auga), *vai á tona da auga*, *vai á tonada* ou na *carrola* (S), practícase (practicábase) a pesca coa *fisga*, de día ou de noite sempre que fose unha noite moi clara e de luar. Disque ve moi ben pero como está xorda e fácil pórse detrás dela, *no camiño dela* (A), co barco. Un bo *firgador* púñase na bica do barco e lanzaba a

comprobar se se trata do mesmo artigo asinado por J. Cervera Valderrama, citado por varios investigadores en distintas publicacións.

1 En Vila do Conde dise cunha expresión moi semellante que para ir ó mar a mellor hora é ó pór do sol (*dar o assejo*) ou de madrugada (*dar o arbor*), segundo explica Netto (1949: 30). Tamén se rexistra na Póvoa *andar ao albor* e *lançar ao assejo*, *andar ao alseje* ‘cando se pon o sol’, segundo comenta Lopes (1975: 257); e igualmente nas lanchas xeiteiras de Galicia dise *largar ó asexo*, segundo rexistra A. Román (1988: 99).

2 Segundo E. Rodríguez, a *lampuxa* é un peixe pequeniño semellante á lamprea, que se usa como isca. Esta variante non coincide co significado dado a *lambuxo* nesta zona.

figsa e a lamprea quedaba presa cos dentes, e como no mango tiña unha cortizas non ía ó fondo.

Outro xeito de pescala, aínda que estaba prohibido, consistía en botar molles de vides no fondo do río para que a lamprea quedase *embodada* ~ *embudada*¹ (E), *focada* (G), isto é, agarrada coa ventosa ou chupón, entón *apatoa* (queda quieta, T) e coas figsas, espetábanas.

Antes de comela é conveniente tirarlle a *espicha* ou *fel* e a *berbeira* (G) ou tripa, para que non lle dea á boa carne da lamprea un sabor moi amargo.

En febreiro ábrese a pesca do *salmón* e *sábalo*, ata xuño. O *sábalo* (*Alosa alosa*) (T, A, Tab, Pa) ~ *sable* (A, F, G, E) recibe estes dous nomes na parte galega, mentres que na portuguesa é común *sável* (pl. *sáveis*). No mes de marzo e abril era un *peixe de fío* (F), e as *manadas* (T, E), *bandadas*, *bandos* ou *cardumes* (nome común na parte portuguesa) viñan seguido; en cambio, no mes de maio eran dun lance só. Teñen o costume de meterse nos pozos fondos, *encamar* (A), e cando *arrincan* (F) sempre é á mesma hora, tódolos días o mesmo.

Os sables pequenos, de arredor dun quilo, son as *rolas* [o] (G, VC, L), *rolñas* (S), *roleizinhos* (VC), *tafonas* (F), *catanas* (Tab) ou *meninas* (Gond). Algúns identifican estes sables máis pequenotes coa *savella* (*Alosa falax*) [e] (Tab, V) ~ [jaβeɫa] (C), *sabela* [e] (E, SP), *sableta* [e] (G), *samborga* [o] (Tui, L, S) ou *canino* (A). Para outros son peixes diferentes porque non teñen unha lista escura, porque son máis curtas ou ben porque son máis estreitas, teñen a escama máis grande e non teñen unhas pintas escuras polo lombo ben visibles.

Os sábalos pescábanse a centos³ e os *peixeiros/-as* que viñan compralos eran os *carrexóns* (Tab) ou *regateiras* (VC).

O *salmón* (*Salmo salar*) ~ [salmõ] (na parte portuguesa) de vez en cando aínda pañan algún; ós de catro ou cinco quilos chámanlles *furões de mar* (S) e ó que vai desovado, *trancas* (E, C). Cando se pescaba co alcherife facían unha festa ó pañaren o primeiro. Como é un peixe que ten moita potencia, dóbrase, entón para que quedase dereitiño e brillante había que quitarlle rapidamente a vida e pólo enriba dunha táboa para que non torcese, e para

1 Tamén utiliza esta palabra Vázquez Martínez cando conta como as lampreas baixan ó fondo do río polos cambios de temperatura, “para embudar y esperar templanza en la superficie” (1962: 6).

2 A variante *sabela* [e] está tamén rexistrada por Ríos Panisse en Noia e Sardiñeiro; e na Guarda con vocal pechada (1977: 212).

3 A pesca do sable sempre debeu ser moi abundosa e rendible pois xa en 1505, en Tui, permítese o aforamento para “sacar savelles con rrede barreadeira, 112 maravedís vellos” (Vila-Botanes 2001: 176). En 1940, recódanse mareas de ata 700 sábalos, segundo comenta E. Alonso (1987: 58) e conta un dos pescadores encuestados.

iso valía o mesmo canizo dos pés do barco. Antes de vendéreno, adornábano con loureiro na punta (VC, S). “Era uma alegria!” (S).

A *solla* [o] (*Platichthys flesus*) é outro dos peixes *entradiços* (C), peixes anadromas que veñen do mar. A súa pesca comeza o día 15 de agosto, véspera de San Roque (en Portugal vai do 1 de agosto ó 15 decembro). Agora está acabada, hai moi pouca, sobre todo por culpa das areceiras que extraían a area do leito do río hai uns anos ou dunha “*almegha*” rara que inzou e ninguén sabe como apareceu, e come os ovos dos areais.

Para algúns só hai un tipo de *solla*, a color depende da zona onde se pesque, pero case sempre é acastañada-verdosa por riba e por baixo branca. Outros distinguen entre a *solla* normal e o *solhão grande* (*Pleuronectes platessa*) (VC). En Seixas falan das *sollas avessas*, moi raras elas. E nas Eiras ou Goián, ás crías, polo seu pequeno tamaño, chámanlles *sellos*, *ghiros* ~ *ghirrios*.

Despois a seguir viña o *muxo* (pl. *muxos*) ~ *munxo* (A) ~ *múnxel* (A) / [múzo] (marxe portuguesa), outro peixe de verán que se pescaba frecuentemente e comíase afumado (L). Hai dúas ou tres clases: o *ordinario*, que é máis cabezudo, o *albor* (*Mugil auratus*), o *negbrón* (*Mugil provensalis*) ~ *negrão* (na parte portuguesa), que distinguen perfectamente en ámbalas marxes e concordán en que é o mellor porque non se alimenta de lodo; ten un sarabullo no *barbo* (F), na boca, case non ten espiña e é de carne branquiña e cando o xotas, salta, dá só un salto. Outros pescadores teiman en que os *muxos* son todos iguais e non os diferencian.

A *taíña* (*Mugil cephalus* ou *saliens*) (F) hai quen cre que é un tipo de *muxo*, pero a maioría opina que non ten nada que ver e que é ben fácil de distinguir porque sempre dá tres saltos fóra da auga (ou máis, T), e por veces páñanse sen rede porque ó daren eses saltos caen dentro do barco. Ten dúas *barbatanas* (VC), a cabeza máis cadrada ou chata e o rabo amareliño (G, Gond) e nos ollos ten unha especie de *teaxiña* (G).

A *truíta* (*Salmo trutta*) (parte galega) ~ *truta* (na parte portuguesa) pódese pescar desde febreiro á fin do verán. Hai varias clases: a *marisca* (*Salmo trutta trutta*) (G, Tab, Pa, VC, L, SP, C) ~ *marisqueira* (S) coa carne vermella hai quen a identifica coa *salmonera* (F) ~ *salmoreira* (V, S) ~ *salmonidea* (SP) ou *salmoeira* (C), que ten un dentiño parecido ó salmón no biquiño; a *sapeira* (A, F, VC), que é de pel máis escura, acastañada e coas pintas máis pequenas e anda máis *fondeira* (V), e a carne por dentro, amarela; e a *fario* (V) con pintas

1 Segundo Ríos Panisse (1977: 253) a orixe de *taíña* é incerta. Quizais habería que considerar *taíña* como diminutivo de *tea*, unha vez perdido o significado ‘banda’ na palabra *tea*. O que si está claro é que moitos a distinguen non polas *bandas*, que non as ten como outros peixes, senón pola *teaxe* que teñen nos ollos.

pretas e brancas. Para algúns pescadores o *reo* non é truita (T, A), para outros si e ten a carne rosada, parecido á truita asalmonada.

A *anguía* (*Anguilla anguilla*) (~ *anguila* T, A, Pa ~ *anquila* F) ou *enguía* (parte portuguesa) habíaa a montes, hoxe está desmada, xa non hai aquelas pesquerías doutros tempos. Hai unhas máis grandes, de arredor dos dous quilos, que van desovar ó mar, chamadas *sufios* (Gond) ou *safios*¹ (V, C) ~ *zafios* (E), escuras polo lombo e brancas por abaixo, que son perigosas porque teñen unha serriña de dentes. A anguía pescábase de moitas maneiras. Ó *engodo* [o] (L), ou *angodo* (T, G), ou *miñocada* (A, Pa) que consistía nun fío cheo de miñocas sen anzol, ó que lle botaba a boca a anguía e quedaba agarrada. Tamén se pescaban con nasas que levaban dous *celeiros* ou co espiñel e con figa, máis pequena cá da solla e con moitos dentes.

O *meixón*² [ɔ, 'o] (pl. *meixóns*) ~ [mej̞ɔ̞] (pl. *meixões*, S) vén sendo a cría da anguía. Este é o nome máis común, pero agora tamén recibe o nome de *angula*, mesmo na marxe portuguesa (VC, S). Para algúns pescadores a tempada (*faina*, V) da pesca comeza en realidade co meixón, en outubro-novembro. Noutros tempos o meixón só se pescaba por terra. Se o río levaba moita auga, *corría* o meixón, subía pegado á terra, entón podíase pescar abaixo, se levaba menos, máis arriba, e se o río estaba “normal”, en Tui ou en Caldelas. Cando din: “*dous, tres, media ducia...*” é que esa noite *corre* pouco meixón. Na parte de Goián e As Eiras (Forcadela e Tabagón) usábanse as *burras*, unhas armacións de madeira que se introducían na auga e ás que se lle acoplaba unha rede onde batía o meixón ó ir costeando polas beiras. Para alumeárense levaban un *candieiro* ou unha *lamparilla* (G, E, Tab), logo xa veu a luz de carburo, máis tarde o butano ou petromax, e hoxe xa usan batería. Como se pescaba en noites de moita chuva, vestían *carozas* [o] (A, F, G, Tab) ~ *corozas* (T) ~ *caroças* (VC, L) de xunco, ou puñan un *casaco*, un *sobretudo* ou facían os (*o*)*liados* (S), *os fatos oliados* (SP), traxes de pano cru untado con óleo de liñaza. Este invento daba só para un ano porque en seguida partía o óleo. E *meixoaban* (*meixoar*, A) cunha *peneira* (T, A, VC) á que lle puñan un mango, ou cun *peneirón* (E, Tab, L), *arrestón* (G), *ghanapán* (Pa) ou *rapeta* (T e parte portuguesa), *maquiando* (G) ou dando *rapetadas* na auga. Máis tarde empezáronse a pescar desde os barcos e gamelas cunha rede de

1 Este tipo de anguía non sei se é similar ó safío en portugués ou zafío en castelán, equivalente a determinadas especies de congro. Ríos Panisse tamén rexistra o nome na costa galega como un tipo de congro aínda novo, en Caminha e Cesantes, e a deformación *safiro* en Bouzas (1977: 235).

2 Este termo común en todo o Baixo Miño, segundo Ríos Panisse pode que se trate dun préstamo recente do galego no portugués, posterior ó enxordecemento de [ʃ]. De tódalas posibles orixes que dá, a que parece máis atinada é que pode derivar de meixón co significado de “montón”, dado o seu comportamento grupal (1977: 231 e 233).

malla fina, chamada *tela* [e] en ámbalas marxes, que se bota polo costado do barco a xeito de rampa pola que soben os meixóns

Se a auga vira ó norte, o meixón vai polo medio do río, e se vira para abaixo *encosta á beirada* (C), van costeando pola beira do río. Canto máis escura estea a noite e se está sur, no repunte da marea, máis se arrima á beira. Antes de abri-lo último *pantano*, as augas viraban sempre e no río entraba moito peixe (*empeixaba*), *enxurraba* (T), isto é, subía a auga e andaba o peixe. E os meixóns entraban pola barra, na foz do río, en *novelos* [e] (VC, S), en *bolos* [o] (Pa) porque viñan así en bólas, e ó entraren en contacto coa auga doce, separábanse formando *cordóns* (Pa). A mellor época para pesca-los meixóns era tres días antes ou despois da lúa nova, digo era porque agora están en perigo de extinción¹ e a penas se pescan, é un artigo de luxo.

A *bogha* [o] (*Boops boops*) ~ *boga* (parte portuguesa), ou *leiteiras* (V) viña no tarde, despois da solla (L). É similar ó escalo, pero ten a boca recta. Antes os portugueses pescábanas cunha rede *bogheira* (F) e non había unha no río.

O *robalo* (*Morone labrax*) é outro peixe de verán, sempre andan moitos xuntos formando *os almeiros* (A, F), ou *trulleras* (Pa). Como é peixe miúdo péscanse na *vargha de muxo* (F) alá para abaixo, e de tempos en tempos chega máis arriba. Cando subían os almeiros de robalo e rebulían na auga, chámase a *ardora* [o] *da aghuã* (A). En Amorín, ó grande, que pode chegar a pesar un catro quilos e ten uns picos polo lombo e as garnelas, chámanlle *escarpizo*.

A *robaliça* (Tab) ~ *robaliça* (S) é máis pequena, pesa arredor de un quilo, e hai quen a identifica cun robalo pequeno, pero seica se diferencian en que non andan xuntas en cardumes. Recibe tamén os nomes de *robaliño* (T), *robaliço* (VC, L, C), *chaliço* (SP) ~ *chaliço* (Pa)³.

Rodaballos (*Scoptithalmus maximus*) hai poucos, só na barra, na desembocadura. Ten moitas pintas e é redondo.

Linguado (*Solea solea*) (L, S) tamén só se pesca abaixo na desembocadura.

1 Xa propuña no seu tempo Rodríguez Santamaría (1911: 57-58) que “es la de la angula una pesca muy productiva; pero yo creo (...) que debiera prohibirse; porque siendo la angula la cría de la anguila, sería muy conveniente el que se protegiese á estos indefensos pececillos del abuso grande que con ellos se comete (...). Serán apetitosas y muy buenas para quien pueda pagarlas porque se venden bastante caras; pero mejor sería que todos mirásemos por el bien general, y entonces, no pescando estos pececillos (...) se notaría un aumento muy considerable en las anguilas”.

2 En Guipuscoa e Biscaia chámanlle así á fosforescencia que producen ó movérense dun lado a outro os peixes que forman bandos grandes, segundo comenta Rodríguez Santamaría (1911: 19). E na Fuseta, no Algarve, tamén usan *ardor* co mesmo significado ca ardentía ‘fosforescencia da auga do mar’, segundo Lopes (1975: 293). Na costa galega tamén é frecuente para referirse á fosforescencia dos cardumes de sardiña.

3 Ríos Panisse (1977: 272) rexistrou esta forma, de etimoloxía descoñecida, tan só na Guarda.

A *quisquilla*¹ (*Crangon vulgaris*) antes corría pola beira, no verán. Nin se pescaba nin se comía. Polas *canosas* (illas de area) ou nas regotas xa é medio *camarón* (T) ~ *camarão* (L). Usábase de isca para o espiñel e pescábanos cun viturón de noite.

Outros menos coñecidos por tódolos pescadores son o *pragado* (S), moi parecido á solla; o *burro*, que é parecido ó barbo e ten a boca puntiaguda (T), e o *achigã* (VC, S) (*Micropterus salmoides* -*Lacépède*-), que ten unha boca enorme e aliméntase doutros peixes.

Outros peixes menos apreciados por teren escaso valor culinario son o *carpín*, *pachorro* (G), *sarrán* (E) ou *pancho* (VC, A), *pimpões* (*pimpão*) (V, C) son peixes de color vermella ou negra. As *molcas* [ɔ] (*Atherina presbyter*) (G, E, L) ~ *morcas* (F) peixes pequeniños case transparentes; os *piardos* (*Atherina hepsetus*) (T). Os *escalos* (V) ~ *mughardos* (F), *bughardos* (T, G) ou *bogardos* (V, VC, L, C) son bos para iscar para pescar anguía; son pequenos, de boca puntiaguda e escama fina.

Cando o río estaba ben canalizado podíanse ver tamén *arroaces* (G) ou *toninbas* (E, S). Actualmente hai moitos peixes novos pero non saben como desinalgalos. Non son peixes *entradiços*, son repoboados, como a *carpa americana* (T, V) que deberon botar hai anos e que vén tendo un tamaño duns catro ou cinco quilos, as *percas* (T), as *almegbas* (T), por onde as hai non queda unha solla e parece que é unha das causas da súa extinción, ou o *cangrexo* “americano”, bastante depredador tamén. O río xa non dá peixe coma antes, agora hai bastante menos e xa non hai *fanecas* (Pa) que disque se pescaban nun dos pozos preto de Goián ou o *peixe cuncho* (*Acipenser sturio*, L.), así chamado por te-lo corpo cuberto de escudos óseos.

3.3. Artes de pesca

3.3.1. As redes

Os pescadores danlles nomes ás redes segundo a clase de peixe que pesquen. En realidade son moi parecidas, pero varían as medidas da largura e da malla.

1. As de tres panos ou tresmallos. A *lampreeira* é unha rede de tres panos, de 70 mallas de altura, de 7 cm, e de 140 m de cumprimento. En caso de que o río estreite non pode ocupa-las $\frac{3}{4}$ partes do cauce. En realidade é un tresmallo máis. Os dous panos de fóra que teñen unha malla máis grande,

1 Castelanismo de orixe dubidosa, quizais do lat. vulg. QUISQUILIAE ‘cousas sen importancia’ (Corominas 1980, s.v. *quisquilla*). Na Guarda chámanlle *camarón bravo* ou *camarón d’area* (Ríos Panisse 1977: 27).

chámanse *albitanas*¹ (~ *arbitanas*), e a que vai no medio é a *miúda* (C, G) ~ *miúdo*² (S), *a casa* (C), *tampo* (V) ou *o pano do medio* (T, G, Tab). A lamprea penetra pola primeira albitana, topa coa malla miúda que arrastra e, coa forza da fuga, enfía na segunda albitana formando un saco de onde non pode fuxir.

O *tresmallo* (~ *trasmallo*, T e L) serve para o sáballo e o salmón e úsase de *sol posto a sol nacido*. Diferénciase da anterior en que a malla é de 14 cm e non pode supera-los 150 m de largo e as 60 mallas de altura, e vai máis polo fondo, non se lle ve a cortiza. Esta rede é común en toda a costa Noroeste e no Algarve.

A *solleira*³ (para algúns *varga de solla*) é para a maioría dos pescadores moi parecida á lampreeira (de feito antes aproveitaban unha vella para faceren esta rede) só que as cortizas son máis pequenas, e máis separadas para que vaia máis ó fondo, medio deitada. A malla é igual, pero non pode supera-los 80 m de longo. Hai anos pescábanse moitas sollas, cando o río ía *ensollado* (E), agora xa case non hai.

A *varga do muxo* (~ *munxo* A) ou *varguinha* (L, S) é un tresmallo igual cá lampreeira.

2. As de un pano. A *picadeira* é unha rede de 70 mallas de altura, de 7 cm, e duns 30 m de cumprimento, e con moitos pandullos. Lárgase a rede conforme vai á marea e queda inclinada. Despois cunha vara longa, un *chuzo* (G), que remata nun *mazaroco* (L), *mazaroca* (G), *maceta* (C) ou *moquiña* [o] (VC), vaise vareando, chuzando na auga para xota-las sollas e así vaian pousar na rede, que está fixa, *apoitada* (C), isto é, nunha das puntas da corda dos pandullos pónselle un *anclote* ou *rizón* (A) e na outra punta, do lado do barco, unha lousa chamada *poutada*. Recollíase en sentido contrario á marea e a rede quedaba fechada e as sollas dentro. En Seixas vén equivalendo á varga de solla.

A *muxeira* (G, Tab, Pa, VC) ~ *mughileira* (T) ou *muxileira* (F) é unha rede volante de un só pano, de 70 mallas de altura, de 7 cm. Se sabían pescar ben collían a rede facendo *copio* (F), unha bolsa, e podían pañar tamén salmóns.

1 Nome que tamén se lle dá en moitos outros lugares da costa norte e portuguesa. Segundo Lopes (1975: 226) é un dos termos que procede da influencia árabe (< AL-BITĀNA).

2 En Buarcos, preto de Coímbra, o *miúdo*, en masc., tamén é o pano do centro (Lopes 1975: 259).

3 Segundo Lopes (1975: 210 e 260), tanto o *tresmallo* como a *solleira* son sistemas de pesca fluvial que pasaron a ser usados na pesca costeira do Algarve, adaptándoos ás novas circunstancias.

A *tela* [ε] ou *meixoeira* (V) ten a malla moi fina de 2 mm porque é para os meixóns. Ten 15 metros de *relinga* (T) na boca, 10 m a *relinga* de bóias (= rampla) e 8 m de altura.

3. De arrastre. A *varredoura* que era unha rede de arrastre, dun tamaño similar ó alcharife, moi pesada, de algodón, e de malla pequeniña (6 mm); largábase nos ariños e pañaba peixe miúdo e de todo. A *sacada* é unha arte de arrastre que usaban máis os portugueses; era similar ó alcharife pero de malla máis fina, e máis longa e alta (unhas doce *brazas*; cada *brazo* vén sendo 1,50 m) para largar ó fondo e pescar muxos (Tab, L); daquela ían pescar con ela uns nove homes, no verán, de día ata meterse o sol; Outros comentan que tamén servía para pescar lamprea (T). O *alcherife*¹ ~ *alxerife* (T, S) / *alcharife* (T, A, G) ~ *alxarife* (A, L, SP) ~ *aljarife* (C) ou *algeberife* (A, F, G) era outra das redes de arrastre desde terra que xa non se usa; agora hai unha rede de deriva parecida (C), que vai *volante* (A), *ambulante* (C), porque está prohibida toda rede *apoitada*, ou sexa, fixa; a rede debe ser móbil.

Segundo varios pescadores a rede divídese en varias partes: os laterais son os *calços* (Pa), *cabeços* (Pa), ou *volantes* (G) de terra e do alto, e a do centro é o *copo* ~ *cope*, cunha malla máis pequena. En Amorín, a *panería* (a rede en conxunto) era unha soa, pero estaba composta por tantos anacos coma quiñóns participanse na pesquería, se eran dez, pois dez anacos. E para arma-la rede seleccionábanse os anacos; púñanse os máis ruíns pegados ás *fondas*, despois púñanse as que tiñan algo máis de calidade, as *sobrefondas*, ata chegar á parte central ou *cope*, que era onde se puña a mellor rede, para que aguantase co peixe. No centro da rede puñan o *chícharo* (A, Pa), unha pequena cabaza, para marca-la situación do copo.

As cordas, que son máis longas ca noutras redes para arrastrar desde terra, reciben tamén distintos nomes. Non hai unha denominación común, uns distinguen no *cordiame* (C) entre o *chumbeiro da man* e o *chumbeiro do alto* (A), o primeiro era o que se largaba deste terra e o segundo, desde o barco; outros din *cordoeiro* (~ *corda*) de terra ou do alto. En Tabagón ó cordoeiro de terra chámalle *rabeiro*. Ós cabos que se unen formando unha pata de galo ás cordas das cortizas e pandullos, chámalle *fondas* ~ *fundas* (A, F, G, Pa). Para recolle-la rede, *inxurrar* (F), puxan polas cordas axudándose cuns cintos chamados *chicotes*. E ó rolo que se facía coa corda de terra chámalle *sacallo* (G).

1 Segundo E. Alonso (1989: 95), o “*aljerife*, según varios autores, es palabra que deriva del árabe *algaraf* o *algarif*, que significa arrancar o barrer hasta el fondo, sentido que cuadra bien a la forma de pescar desta red y a otra de mayor tamaño y malla muy pequeña, ya prohibida en el Miño, llamada *barredoira* o *sacada*”.

Agora esta rede non podería botarse de ningún xeito á terra porque primeiro terían que corta-las árbores todas da ribeira. Antes os portos estaban limpos e os campos cultivados, non había o mato que hai hoxe, e desde Goián podías ver toda a ribeira ata o monte Tegra. Esta arte usábase *de sol nacido a sol posto* (F), pois á noite tiña que deixar paso ó tresmallo. E o grupo de pescadores que traballaban con esta arte chamábase *quebrada*. Estas sociedades presentan algunhas variantes segundo se desprende dos comentarios feitos nas enquisas:

En Tabagón, por exemplo, había un xefe e un segundo xefe, e outro levaba as contas, o resto eran mariñeiros e chamábanse *carceleiros*. O diñeiro gañado repartíase a partes iguais, collesen o peixe que collesen (200, 300 sables...). Os carceleiros tiñan un número correlativo e largaban as redes por quendas. Se nun lance collían 10 sábalos, os pescadores tiña unha *promesa* (o sábalos máis grande dos dez). E se collían 20, pois dous. E se collían 20 e un salmón, pois tres. E se pañabas 19, pois tiñas unha promesa e mais un *cornio*. E se collías nove, pois un *cornio* só. E se se pescaban máis de trinta ou corenta, era igual. O máximo eran tres promesas.

Cada quebrada tiña 6, 7 ou 11 homes, non tiñan un número fixo. Ó mellor eran 30 homes, partíase a quebrada ó medio, quince ían para un porto, e os outros quince, para outro. E se os dun porto non pescaban nada, pois repartíase entre todos igual. Ás veces pescaban conxuntamente cos portugueses. En San Martiño (por debaixo das Eiras) xuntábanse dúas redes e tiraban todos, os das dúas embarcacións, mesmo chegaron a levar unha parella de bois. Doce ou quince *catas*¹ agarraban a corda, e cun *silicio*² tiraban desde terra. E gastábanse moitas bromas. Ó mellor todos en combinación deixaban a un só tirando pola rede, ó máis coitado, e era arrastrado polo peso da rede cara ó río, onde chupaba unha boa molladura.

En Amorín estaban compostas por 6 quiñóns, que equivalen a seis partes da rede. Ás veces repartían o quiñón entre dous e por iso había máis homes a pescar na mesma quebrada. O que tiña un quiñón podía pescar de día e de noite.

En Forcadela todos tiñan a mesma parte. E antes de empeza-la tempada de pesca celebraban un *alboroque* con bacallao. Celebrábano ó principio, daba igual como despois fose o negocio.

En Goián había tamén dúas quebradas. O patrón era o que puña todo, as redes e mailo barco. As ganancias, unha parte era para el, outra para a rede e outra para o barco; o resto entre os carceleiros e o patrón algunha parte

1 *Cata* 'guicho, un individuo', no verbo dos cavaqueiros.

2 *Silicio*, deformación de *alicio*, por analogía popular para designa-los chicotes, que lles lembrarían eses instrumentos de penitencia (igual ca *fenicios* no canto de *cinifes*, etc.).

tamén levaba polo seu traballo. Se pescaban dez sables, un era a *misa*; se pescaban vinte, eran dous, pero se viñan só nove facíanlle unha *apupada* ó que lle tocase do grupo.

Na parte portuguesa, en Vilanova da Cerveira tiñan un sistema similar ó de Tabagón. Había un xefe da quebrada e un segundo xefe e os pescadores. Facían a festa de *botar ao rol* con viño, chourizo e figos para reuni-los pescadores ó comezo, e ían a fiado porque aínda non había diñeiro, e ó final xuntábanse na *festa das contas*, por Santo Antonio.

Ó mellor nunha quebrada había cinco barcos a pescar e turnábanse. Ía un, ía outro. Se nunha rede viñan 20 sáveis, un pescador levaba un, a *misa*, e outro, outro. Os máis quedaban á espera doutra redada no que houbese como mínimo 10, porque se só pañaban nove, levaban unha *cornetada*. E se viñan máis de trinta, aínda que viñeran cen, pois só eran dous.

En Gondarem tamén teñen a *misa* cun reparto igual, de cada dez 1, e de vinte, dous.

En Seixas non había ningún xefe e o reparto era igualitario. Tamén se pescaban dez sáveis, un era a *promesa*, e se eran vinte, dous.

En A Carvalha ían catro pescadores, un por terra, dous ós remos e un largando desde a retagarda. O barco era tripulado polo *arraís*, que era un pescador que tiña que ir tódolos días pescar. Repartían por *quiñóns* ou medio quiñón. Se tiñas medio quiñón, ías pescar día si, día non. O *patrão* levaba a metade e os *carteleiros* a outra. O barco era completado como mínimo por catro persoas; ás veces oito porque tiñan só medio quiñón.


E en São Pedro da Torre ían catro pescadores e facían un reparto igual. O que comandaba no barco era o *arraís*.

4. Outras redes. A *rediña* que se botaba pola beira e pañaba distintos tipos de peixes. A *chumbeira* que era unha rede de lanzar desde barco ou terra, mesmo nos regueiros. E unha rede *musseira* de tres panos, máis pequena que se empregaba para cercar pozos onde había muxos (Tab).

3.3.2. Coidados das redes

Como xa indiquei anteriormente, as redes que constan de tres panos teñen as *albitanas*, ou panos de fóra cunha malla moi grande, e o *pano do medio*, *miúda* (L) ou *casa* (L), no medio das outras. Na corda superior levan as *cortiças* ~ *cortiças* (a *cortizada*). Na corda de abaixo, van os *pandullos* (a *pandullada*) que son bolsas cheas de area. Actualmente compran redes que xa traen unha *corda de chumbo* (S), a *chumbada* (L), pero seica non son tan boas para pescar porque os pandullos *rolan* (Gond) sempre, en cambio o chumbo non anda tan ben, *embaça* (*embaçar*, E) ou *apea* (Gond), crávase na area. Nas cabeceiras levan un *porfio* para que non fuxa o peixe por alí, non vai a rede

solta coma noutros casos. As cordas que forman a pata de galo chámase os *fames* ~ *fomes* [o] ou *fondas* ~ *fundas*.



Antes eran de *ticún* (F, G), unha fibra moi resistente que se obtiña da casca da árbore do caucho, ou de algodón, e había que darlles color tinxíndoas con casca de piñeiro ou pinho (C) (*pino*, F), amieiro ou salgueiro, que era moi boa para conservar (T, F) porque ten moito tanino e non admite a auga. Á operación de tinxilas chámase *encascar*. Nunhas *pías* (que na Guarda eran comunais) fervían con auga a casca de salgueiro e piñeiro, previamente machucada cun *mazaruco* (T) ou *mallo* (T) enriba dunha pedra. E nelas deixaban as redes durante un tempo para que collesen color.

Á operación de uni-lo pano do medio entre as dúas albitanas cunha tralla, chámase *entrallar*. O *entralle* ~ *entrallo* (A) faise a tramos iguais e hai que deixar uns espazos cunha pouca de bamba, onde van as cortizas, chamados *encolas*¹ (E, Pa) ~ *encalas* (G). É unha arte saber entrallala ben porque se lle pos máis pandullos ca cortizas, a rede vai ó fondo. No alcherife facíase un entralle moi pequeno cunha *bitola* (A), unha pauciño que servía para marca-la medida do entrallo da rede. E cando empataban, pegaban os distintos anacos de rede, uníanos cunha *nocha* [o] (A), un tipo de nó mariñeiro, de onde partía o porfío.

Se rompen hai que *atar* ou *remendar* con agullas (antes eran de buxo ou oliveira, hoxe son de plástico). Se o destrozo é moi grande pódese meter un *calzo* (A), un anaco de rede novo do tamaño do que rompeu. Outras operacións que hai que facer son *aclarar* (T) ou limparlle os lixos; *lastear* (pó-

1 En Rianxo, nas redes do xeito, segundo A. Romani (1988: 96), din *angola*.

-las redes nas *varas* (V, SP, VC, C) que están na beira do río onde deixan os barcos, tamén chamadas *estendeladas* (VC) ou *tendeladas* (F, G, E) ~ (var. *tumelada*, L), *estacadas* (A), *varal* (S), *tendal* (Tab, C, Gond, L). Nesas armacións, feitas con catro estacas e dúas varas longas, *pasan* (E) ou *catan* (V) as redes, isto é, van cos dedos puxando ou *chamando* polo pano do medio contra as cortizas, vano *paneando* (*panar*, E), *espanando* (*espanar*, G), para que quede frouxo e o peixe logo malle máis facilmente.

Se rompe unha corda pódese *inxirir* (G), unir a outra, desfacendo primeiro as puntas, e átanse sen que queden nós para que non se enganche a rede. Se a corda vai vella ou gastada pódese por unha relinga como *sobrecorda* (A).

Cando van no barco *largan* ou *lançan* (V) a rede, botan un *lance* ~ *lanço* (parte portuguesa) ou *botan unha redada* (VC) e antes de *collela* (ou *recollela*), *pañala* (E), *pandullan* (*pandullar*) levantan a rede pola parte dos pandullos para ver se hai algún peixe. Se a rede ten corda de chumbo e non pandullos, din *chumbeirar* (S). E se *pica* a cortiza saben que caeu algún peixe na rede e á operación de tira-lo peixe da rede denomínana *desmallar* (G) ou *cincear* (L).

É moi importante que a rede teña *tambo* (F) ~ *tampo* (E, C, S), isto é, que o pano do medio faga saco ou fol. Como ten máis cumprimento e altura cás albitanas, vai máis frouxo, facendo unha bolsa no medio das albitanas esticadas. Se ten pouco tampo, a rede queda coma unha táboa, e o peixe non corre tan ben, bate e non enmalla.

Con relación ás redes fan algunhas cerimoniais como pasalas entre as pernas dunha muller, seguramente por ter relación con ritos de fertilidade, para que así pesquen máis. E nos pandullos hai quen metía (ou mete) allos, ruda, unha medalla ou ó mellor algún anaco de estola. Se durante un tempo non pescan nada pois din: “*xa estou coa galiña*” (Gond), entón hai (había) que ir á bruxa ou darlle á rede unha tunda cun ramallo de *sabugheiro* ~ *sabugueiro* (VC, S) ou *buxo barbeiro* (*acivro*, F). Tamén se fan *defumadouros* (VC) ~ *fumadoiros* (Gond) con “herba da enveja, incenso, alecrim, folhas de alho porro numa telha velha duma casa”. Á parte hai que procurar un “lenço que vaia á misa e fazer uma crus co lenço e cruces por riba e por baixo da rede, e botar uma reça (un pai nosso, acto de contrição)”. Ó final bótase o fumadoiro ó río de pé e cara atrás. É unha postura que pode facerche perde-lo equilibrio e caer á auga tranquilamente. Contra a envexa ou outros males algúns pescadores levan debaixo dos paneiros unha mestura de “alhos porros, herba da enveja, trovisco” e outras cousas que non din... Antigamente en Seixas cando viña unha rede nova para o río facían un *feixoeiro* con figos e viño branco.

Se é un ano coma este de moitas cheas, o río arrastra todo canto se lle pon diante, desfai illas e areeiros e nas zonas de pesca (*reças*, S, Gond)

quedan moitos *cañotos* (G) ou raíces de árbores no leito do río, chamados *asidas* (T, G, Pa, Gond, S) ou *prisões* (S) nos que se enganchan moitas redes e alá vai o gaño do ano.

3.3.3. Outras artes

A *figa* (~ *figba*) ou *francada* (T) é unha especie de garfo cuns 18 dentes aguzados, rematados nunha(s) farpa(s) chamada(s) *mosca(s)*, e cun longo *mango* ou *cabo* (V) que serve para a pesca da solla, lamprea e anguía. Para a solla hai varios modelos, e algunha podía ter ata tres fias de dentes. A figa da lamprea leva cortizas para non afundir e fai un pouco de curva. É un dos aparellos actualmente prohibidos porque paña peixes de tódolos tamaños.

As *nasas* facianas de verga (T). Dentro da nasa hai unha trampa, o *secreto* (T).

O *vitirón* (parte galega) ou *viturón* (na parte portuguesa, pl. *vitões*, SP) ten dous *ceiros*.

O *camaroeiro* (L) é unha especie de vitirón para pañar camaróns para iscar.

O *espiñel* (~ *espinel*, Pa, L) pódese usar todo o ano. É unha *linha* (S) que leva a *madre* (Pa), *mãe* (V), *mestra* (V) ou corda principal á que se *empatan* ~ *engatan* (V, L, Gond) moitas *brazoladas* (T), *cordeletes* (T), *estrovos* (a *estrovada*, Pa, L) ou *tenços* (V, VC), uns fíos máis curtos que levan na punta un *anzol* ou *amocelo* (E, Tab, Pa) iscado. Estes cordeletes antigamente eran de algodón ou cánamo e había que facelos a man e *cochalos* (T), enrosca-lo fío pasando unha man. O antigo espiñel, segundo un dos pescadores (F), estaba feito con espiño de estripeiro, por iso se chama así. Non ten límite de largura (F) e algúns son de cen anzois, pero poden atarse e chegar ata os tres mil.

O *palangre* parece ser que unha variedade de espiñel, algo diferente que serve para pescar anguías ou troitas e vai iscado con *boghardos* ou *piardas* (T). Hoxe levan un *destrecedor* (V), unha peza xiratoria nos estrovos para que non enrosque o fío.

Os *caneiros* son nasas prohibidas que aquí non se usan, parecidas ós vitiróns.

A *anguieira* tamén é coma un vitirón de 2 m de longo e un diámetro de 80 cm, cunha malla de 3 cm.

O *rolo* (T) ou *rodillo* (E), aínda que está prohibido, seica hai quen o usa. Consiste nun rolo con picos que vai tirado desde a embarcación e por onde pasa, leva todo o peixe chato.

1 Este termo de probable procedencia catalana, segundo Lopes (1975: 267), débese “à sua semelhança com uma longa espinha de peixe”.

3.4. O río

Á parte de preguntar polos obxectos con que pescan tamén quixen saber qué chamadoiros lles dan ás condicións atmosféricas ou hidrolóxicas en que pescan e outros elementos da contorna en que realizan a súa actividade. E máis ou menos de xeito resumido temos:

3.4.1. Termos relativos á auga

Para designaren o aumento do caudal do río polas augas da chuva din *cbea* (na parte galega) ~ *cbeia* (na parte portuguesa). Outros termos para designaren o mesmo son: *crecida* (F, E), *enchenta* (E, Tab) ~ *enchente* (C), *riadas* (T, E), *ribadas* (Tab). As augas das enchentas son *aguas negras* (S, C) ~ *agbuas negbras* (G, E).

En cambio, se aumenta o caudal porque abren as comportas das presas, a esa auga que baixa de repente e que os pescadores distinguen perfectamente, chámalle *presada* (F), *tangada* (E), *caldeirada* (G, Tab), *penicada* (VC), *poçada* (V), *chiote* (F), *agua de cima* (L) ou *augas de fóra* (T, Tab).

O termo *augas de fóra* úsano tamén para referirse ás augas da chuva abundante, que nunca crecen tan rápido como cando abren os saltos. Se as augas veñen moi forte son *aguas grossas* (C) e para pescar necesítase menos pano, menos rede. Hai tamén *aguas claras* e *aguas escuras* (C); as primeiras non son boas porque o peixe de día non malla, en cambio as escuras si porque o peixe non ve a rede e queda alí.

Se a auga non ten forza ou está estancada dise *agua morta* ou *agbua parada*. Onde está a auga parada é unha *enseada* (L), unha *alloada* (F). Detrás dos areiros hai *remansos* (S), e as partes máis profundas son *pozos* ou *fondões* (C). Nesta parte do río hai *quedas* [e] (T, G, E, VC), *quebras* [e] (V), o fondón que queda despois dun areal ou areiro, pero por esta zona non hai *cascatas* (S), *cas cadas* (Tab) ou *cachoeiras* (A).

Ó longo do río podemos atopar *areiros* ~ *areales*, *ariños*, *areos* (Pa), *islas* (parte galega) ~ *ilhas* (A Sacadura, O Canguedo, Longarela, A Boega, Os Amores...), as *morraceiras* ou *morreiras* (V) (areais con algo de vexetación), *aloques* (Tab), lugares cheos de lodo onde se pode colle-lo *bicho* (*Nereis diversicolor*) (G) ou *sarradela*¹, anélido que se usa a miúdo para isca-los anzois.

No Miño desembocan outros *ríos* (Tollo, Furnia, Hospital...), *regueiros*, *regbatos* e *regbeiras*. Ó lugar onde desembocan algúns regueiros chámalle *esteiros*, ou mesmo a todo o regato (A). E a desembocadura do Miño é *a barra* (a barra norte na parte galega e a barra sur, na portuguesa).

O lugar onde atracan os barcos é o *ancoradouro* (C) ou *embarcadeiro* (G).

¹ *Sarradela*, *serradela* ou *cerradela* están atestados nalgúns lugares de Galicia, de xeito moi minoritario. É máis frecuente a var. *senrada* (Ríos Panisse 1977: 74).

O río pode estar moi calmo, entón dise que está *plateado*, *sereniño*, e é bo para pescar á fisga porque se ve o fondo. Se hai unhas ondiñas pequeniñas, está *riço* ou hai *maregita* [3] (S), e se hai moitas ondas, o tempo *está bravo* (S), hai *mareta* (L), o río *está picado* (G). As ondas grandes son *vaghas* (E), *cabalos* (G) ou *malagueiros* (VC)

3.4.2. As mareas

As *marés*, como din maiormente na marxe galega, teñen varias fases. Cando está baixa de todo e quere empezar a subir chámase a *repunta* (parte galega) ~ *reponta* (parte portuguesa). Cando está arriba de todo é *pleamar* (parte galega) ~ *o preamar* (A, E, Pa e parte portuguesa), e cando baixa, *baixamar*, *baixamaré* (E). Cando está baixa de todo dise que está no *escouso* (A, G, F), *escurricho* (F) ~ *escurricha* (V), *devalada* (E) ou dise *tá a maré escorrida* (Tab), *na espinha* (VC), *na devalante* (E). Cando acabou de baixar e empezou de novo a subir a medias augas, con a penas forza, é *o pé* e cando termina de subir e empeza de novo a auga a baixar é *o sopé* (Pa)

Hai *marés vivas* e *marés mortas*. As mareas vivas ou *fortes* (A) son as de lúa nova e lúa chea (cheia). Na barra é matemático, *lúa nova*, *lúa cheia*, *preamar ás dúas e meia* (VC) polo horario do sol; en A Carvalha sobe hora e media máis tarde ca na barra, e en São Pedro da Torre, *lúa nova*, *lúa cheia*, *preamar ás cuatro e meia*. As *marés ghañas* (A, F, E) ou *fracas* (F, VC, Gond, C), *frouxas* (E) son as de cuarto. Sempre dan máis peixe tres días antes ou tres días despois e lampreas máis grandes. Tamén cando as mareas empezan a coller forza e a subir de tamaño, vira máis para atrás a auga, dous ou tres días despois de cuarto, dise que *empezan a picar*. Se unha marea non dá peixe é unha *maré machorra* (VC).

4.3.3. Os ventos e outros fenómenos atmosféricos

O vento do *norte* é frío pero se o río está empeixado, é bo para a lamprea ou dá salmón. A *nortada* (FV, C, S) trae frío, ás veces curiscada, *curisca* (pedraza).

O vento do *sur* ~ *sul* (SP) é a *susada* (VC); se é suaviño chámase *mareiro* (A, E, VC), ou *vento de baixo*. Desá parte tamén pode vir un *vendaval* (F, Tab) ou pode haber *temporal* e o río pórse bravo. Co temporal do sur anda obrigada a lamprea porque hai *oleaje* (T) ata o fondo, e o peixe foxe todo. O *sudoeste* é mellor para a pesca, cando chuvioso dá sable.

O vento do leste, do *nascente* (SP) é bo, pero se é *sueste*, é un vento frío coma un veneno (F), é o vento *bragués* (VC) ~ *braghés* (Tab), xa se desprende destes refráns: “Nunca veu de Braga, nin bon vento, nin bon casamento”; “aire braghés, chuvia a cuatro pés”.

O vento do oeste ou máis ben noroeste, é un vento de *travesía*, *atravesado* (G), moi frío. Ó que vén da parte de Baiona, en Lanhelas chámanlle *vento galego*, e moitos dos encuestados *vento da cabra fanada* (T, A, F, G). Trae *pedrisco* ou *pedraza* e non hai peixe. É un vento ruín con chuvia e moito frío.

Os pescadores non se fixan nas nubes para iren pescar, aínda que se hai nubarróns de *tronada* ou *treboada* (SP, C) e pegan un par de chispazos, son bos para o sable (T). Ós *nubarróns* (T, Tab), tamén lles chaman *torreóns* ~ *torres* (G) ~ *torreões* (VC) ou *nubes en castelo* (V, SP). Cando veñen desde a barra, paralelas ó horizonte, chámanse *trabes* (G, Tab) e se aparecen, chuvia ó *naciente* (Tab). Se son nubes pequenas e desfeitas dise que está o *ceo escamento* e segundo reza o refrán e parece ser que non falla: “ceo escamento (escarpento, A), ou chuvia (chuva) ou vento”; tamén se pode ter en conta outro refrán: “rubias ó poniente, bo día, al día seguinte; rubias ó naciente, chuvia de repente” (Tab).

O tempo pode estar *nublado*, haber *neboeiro* cerrado, *neblinas* (V, C), que deixan na pel orballo, ou *néboas* que veñen do mar, de Baiona. Se está neboeiro cerrado, só os pescadores máis avezados saben navegar polo río sen perdérense de noite guiándose polas luces, polas árbores, pola marea, polo vento nas orellas, pois non levan compás e a penas entenden de estrelas.

4. CONCLUSIÓNS

4.1. *A comunidade léxica*

A nivel léxico destaca a enorme coincidencia na terminoloxía sobre a pesca. Máis ou menos partín dun cuestionario no que se recollían uns 90 termos básicos, entre partes do barco, tipos de redes e clases de peixes, mais ó longo das conversas espontáneas foron saíndo máis de catrocentos termos e expresións diferentes, sen conta-las variantes como: *bucho* ~ *buche*, *limo* ~ *lismo*, *breu* ~ *brea*, *embodada* ~ *embudada*, *muxo* ~ *munxo*, *isca* ~ *isco*, etc. E das noventa palabras “básicas”, 75 saíron nas 12 enquisas realizadas, coincidindo no significante máis dun 50% dos falantes. Exs.: *agullas*, *cuaña*, *léitaras*, *míllaras*, *mosca*, *olleira*, *pandullar*, *pandullos*, *picadeira*, etc. Tal é a comunidade lingüística que mesmo comparten formas que son de clara influencia española, como *tela* (rede do meixón) ou *angula* (S, VC), ou portuguesa como *esticar*.

É un dominio léxico dunha grande riqueza de termos porque as experiencias no río son moi variadas, non é coma noutros campos en que a relación humana cos obxectos é sempre a mesma, sen tantos cambios. E tal como foi saíndo nas enquisas, está claro que é un vocabulario que se mantén

con moita vitalidade porque a maior parte dos termos recollidos anteriormente polo investigador Eliseo Alonso, seguen sendo de uso común, aínda que hai vocábulos que os máis novos xa non empregan porque algunhas artes van sendo substituídas por outras máis modernas e rendosas, e a anterior rica fauna ictiolóxica vai decrecendo conforme aumenta a degradación do río. O desuso tamén afecta a algúns vocábulos relacionados con ritos, cerimoniais ou xogos, de enorme interese etnográfico, que non se practican “habitualmente” coma antano porque os costumes tradicionais van abandonándose nunha sociedade máis “modernizada”, sobre todo na marxe galega, o que pode ter tamén que ver co troco da cultura autóctona á que está sometida a nosa sociedade.

4.2. A variabilidade

A pesar da confluencia na terminoloxía pesqueira, hai que sinalar outra característica que se desprende dos resultados obtidos: a frecuente variabilidade léxica, que non se debe só as posibles diferencias entre as dúas marxes, senón ás particularidades diatópicas das localidades dunha banda ou da outra¹. Para un mesmo obxecto ou concepto poden rexistrarse dous ou tres termos, mesmo nalgún caso practicamente todos dixeron unha palabra diferente, como é o caso do nome dado ó aparello que usan para embrea-lo barco: *enxope*, *isqueiro*, *escopeiro*, *estopeiro*, *brocha*, *brasa*, *trencha*, *toja*, ou *vascallo*; ou cando se refiren á auga que soltan dos encoros: *aghuas de fóra*, *presada*, *caldeirada*, *tangada*, *agua das presas*, *agua da barragem*, *penicada*, *poçada*, *agua de cima*.

As diverxencias ou converxencias entre estes falantes son asistemáticas e como non se poden esquematizar conforme unhas regras, unicamente quero apuntar que as variacións léxicas son impredecibles, aínda que se dean coincidencias como:

a) Unha contigüidade no uso do sufixo *-doiro/-a* que se rexistra nunha área compacta e en localidades próximas con grande estabilidade, pois en Lanhelas e Gondarem din: *verteidoiro*, *fumadoiro*, *remadoira*; e en Goián, Eiras e Tabagón teñen o sufixo *-deiro/-a*: *vertedeiro*, *desaghuadeiro*, *embarcadeiro*, *achicadeira*, *remadeiras*; no resto das localidades sempre empregan o sufixo *-douro/-doura*.

1 Ás veces non chega con face-la enquisa a unha soa persoa porque se aprecian variantes dun falante a outros na mesma localidade, por iso cando cito o nome dunha localidade, non é seguro que toda a xente desa localidade respondese igual á mesma pregunta.

2 En portugués son poucas as palabras que rematan en *-doiro/-douro* e significan ‘instrumento’, porque esa función acaparouna o feminino *-doira/-doura* que, asociado a temas verbais, é o que serve para formar nomes de instrumentos que realizan a acción expresada polo verbo, como *remadoura*; no masculino o significado predominante é locativo, como en *ancoradouro*.

b) Unha certa proximidade xeográfica nos resultados, tanto na parte galega (*lamparilla* en Goián, Eiras e Tabagón, *taburnio* Tui e Amorín, *almeiros* Amorín e Forcadela, *lamprea serodia* en Goián e As Eiras, *lambuxos* Forcadela e Amorín, *caldeirada* en Goián e Tabagón) como na parte portuguesa (*terlinga* en Lanhelas e Seixas, *varguinha* en Lanhelas e Seixas), ou entre localidades fronteirizas separadas tan só polo río (*peneirón* en Tabagón e Lanhelas, *famos* en Tabagón e Lanhelas, *toniñas* nas Eiras e Seixas, *misa* entre Goián, Vilanova e Gondarem, *tendal* entre Tabagón e Gondarem, *estrovos* na Pasaxe e Lanhelas, *torreóns* ~ *torreões* en Goián e Vilanova).

c) Un mesmo termo en ámbalas marxes, aínda que sexa máis frecuente nunha das áreas e minoritaria na outra, como *agullas* común na parte portuguesa e só en Tui e Amorín; *guelra* na parte portuguesa e en Tabagón e A Pasaxe; *rapeta* na parte portuguesa e Tui; *caniços* na parte galega e en Vilanova de Cerveira; *cadernas* na parte galega e Vilanova; *bica* na parte galega e na Carvalha; os *miúdos* na parte galega e en São Pedro da Torre, etc.

A pesar de apreciar todas estas confluencias aínda así non se pode concluír que o uso dun mesmo termo por parte de dous encuestados estea relacionado coa súa proximidade xeográfica, xa que, en contra da aparente vecindade dos exemplos antes citados, tamén se rexistra a aparición dun mesmo vocábulo en puntos distantes entre si, moi afastados entre ámbalas marxes (*angodo* en Tui e Lanhelas, *carenar* en Tui e Seixas, *degoladouro* Tui e Vilanova, *peneira* en Tui e Vilanova, *sabela* nas Eiras e São Pedro da Torre, *samborga* en Tui e Seixas) ou en localidades distantes dentro da mesma beira (*banços* en Tui e A Pasaxe, *chumaceira* en São Pedro e Seixas, *varenga* en Tui, *varenca* na Pasaxe, *caíúco* en Tui e Amorín, próximos entre si, pero tamén na Pasaxe), etc.

Ante os datos obtidos que ofrecen continuos saltos na aparición dos termos, sen aparente orde ou casuística, non hai posibilidades de explicalas razóns desa variabilidade léxica. O que si se pode concluír claramente é que unicamente son predicibles as variantes lexemáticas existentes entre as dúas ribeiras, que dependen da distinta evolución fonética. Por suposto que non vou internarme nas diferencias entre os sistemas fonolóxicos galego e portugués por non se-lo obxectivo deste traballo, pero teño que salientar necesariamente que son áreas periféricas, “distantes” e afastadas da influencia da norma, cunha serie de trazos fonéticos, morfosintácticos ou léxicos comúns, algúns arcaicos (mantemento do pronome *le*) e outros máis modernos (a ditongación das vocais tónicas de abertura media, por ex. *chamadiela* en Valença, *chamadiala* en Goián). Pero entre as dúas ribeiras tamén hai uns trazos que as distinguen perfectamente, pois levan a solucións lexemáticas “diferentes”. Entre outros temos:

a) A nasalidade das vocais que non se conservan na área galega, aínda que, á parte da solución estándar *-ão* en posición tónica (con plural en *-ões*): *negrão, batelão, pimpão*, na área portuguesa tamén se rexistra a pronunciación *-om* ([-õ]) < -ONE, o que axuda a que a diferenza lexemática sexa a penas perceptible en casos como: *salm*[õ], *meix*[õ], *vitir*[õ].

b) A pronuncia do <ch> como fricativo [ʃ] e non como africado palatal xordo [tʃ]: *chumbo, inchama, chumbeirar*. Parece que nesta área non se mantén xa a distinción tradicional entre <ch> e <x> en parte dos dialectos do norte, como sinalaba Leite de Vasconcelos (1970: 99). Esta pronuncia dá lugar a certas confusións na transcripción dalgún que outro termo, como *alcharife* con <ch> ou con <x>, porque caben as dúas posibilidades.

c) A pronuncia port. de [s], fronte a [θ] nas falas galegas: *cabeça / cabeça, cortiça / cortiça, caniço / caniço, chaliço / chaliço, espinhaço / espiñazo...*

d) A oposición entre un fonema fricativo palatal sonoro /ʒ/ e outro xordo /ʃ/ nas falas portuguesas, que non se dá nas falas galegas: *aljarife / alxarife, mujo / muxo*.

e) A gheada na parte galega. Esta innovación fonética non a empregan na parte portuguesa a pesar de que si foi rexistrada por Alves Pereira en Paredes de Coura e por Carballo Calero no Alto Minho, sen precisar onde (Fernández Rei 1990: 177, n. 53). A pronuncia dos fonemas /g/ ou /h/ (~/x/): *firgba / firsga, bogba / boga, bragbés / bragués*, etc. leva a diferenciar claramente uns falantes doutros.

f) Os distintos resultados do sufixo -BILIS: *-ble / -vel* (pl. *-veis*): *sable / sável*.

Mesmo se poden engadir outras solucións diferentes entre unha ribeira e outra, que non sempre son exclusivas de calquera das dúas linguas. Así:

g) A evolución do grupo latino -ŪCT- > -UIT- ~ -UT-: *truíta / truta*.

h) A evolución do o ante nasal: *repunta / reponta e punta / ponta*.

i) As intercalacións dun iode en *lampreia, areia, cheia, meio* na parte portuguesa, igual ca no resto do portugués, fronte ás falas galegas que, igual ca no resto do territorio galego, manteñen *-eo* nas palabras patrimoniais como *cheo* ou *meo* (Pa), e *-ea* nos femininos (sexan populares ou cultas): *lampreia, areia, chea*, mesmo nos galicismos como *marea* (maré), *cheminea* (cheminé), a pesar de que nunha parte desta microsubárea (O Rosal, A Guarda) hai tendencia ó uso do iode antihiático nas formas verbais seguidas de pronome: *próbaio, fixéiraia*, etc. Na área portuguesa compórtanse como no resto do portugués, de xeito que nas formas populares teñen *-eu* ou *-eio / -eia*: *cheio, meio, areia...*

Por último, hai que destacar que a variabilidade lexemática afecta de maneira singular ó galego por causas diversas como as evolucións fonéticas internas (como o enordecemento do [g] no grupo [-ŋg]- > [-ŋk]-, igual que en moitos outros lugares do territorio da gheada: *anquila, varenca*) e as

interferencias léxicas. De entre estas, a máis común é a simple “interferencia do significante”: *lubina* / robalo, *anzuelo* / anzol, *caña* / cana, *ensenada* / enseada, etc. Neste grupo quizais habería que incluír unha posible interferencia que se integrou de xeito habitual no código. É o caso de *angula*, forma atestada no galego¹, pero que aquí nesta zona está a despraza-la forma propia *meixón*, e semella máis ben un cambio forzado pola influencia do castelán.

Outro tipo de interferencias, as chamadas *positivas* porque tenden a igualar elementos diferentes, son as “modificacións referenciais”, pois escóllense os trazos semánticos da lingua dominante, isto é, iguálanse homónimos non-sinónimos, e aparentemente non se produce “tanta perda” porque o lexema continúa, aínda que ocupando distinta posición. Isto é o que ocorre, por ex., no campo semántico dos adxectivos de “espacio” visto desde o p.v. do “tamaño”, tal como puiden comprobar ó preguntarlles polas medidas dos barcos e segundo ían saíndo os conceptos de cumprimento (ou longura), largura e altura e os correspondentes adxectivos espaciais que constitúen un campo semántico simple antonímico, baseado en oposicións privativas da dimensionalidade (Vilela 1979: 86-87). Pois ben, a partir dos datos recollidos vese claramente como nas falas da parte galega se aprecia a interferencia do castelán.

Na marxe portuguesa están claras as seguintes oposicións adxectivais:

<i>Dimensionalidade</i>		
<i>horizontalidade</i>		<i>verticalidade</i>
<i>perspectiva</i>	<i>lateralidade</i>	
cumprido/curto	largo/estreito	alto/baixo
↑	↑	↑
cumprimento	largura	altura

Por pertenceren a unha área en que a lingua está normalizada non se perciben cambios nos usos; en cambio, na parte galega, o sistema vese fortemente alterado pola influencia da lingua A, o castelán, que ten o seguinte sistema sémico:

<i>Dimensionalidade</i>		
<i>horizontalidade</i>		<i>verticalidade</i>
<i>perspectiva</i>	<i>lateralidade</i>	
largo/corto	ancho/estrecho	alto/bajo
↑	↑	↑
largura	anchura	altura

¹ Segundo se desprende dos datos ofrecidos por Ríos Panisse (1977: 232), documéntase escasamente en Galicia (só en Laxe).

A presenza dun novo termo na oposición de lateralidade (*ancho*) despraza ó que alí estaba para a oposición da perspectiva, ó igualarse co castelán, entrando así en clara competencia co termo *longo*, que vai derivando cara ó desuso, e hoxe temos:

Dimensionalidade		
horizontalidade		verticalidade
perspectiva	lateralidade	
largho (*longo)/curto ↓ ↑ longura~larghura	← ancho (*largho)/estreito ↓ ↑ *larghura~anchura	alto/baixo ↑ altura

O adxectivo *largho* e o substantivo *larghura* acaban funcionando polisemicamente ó non perderen totalmente a referencia espacial anterior e empregárense en contextos como: *un vestido largho* (co sentido de ‘amplo’).

4.3. As coincidencias coa nomenclatura doutras zonas pesqueiras

Moitos dos termos empregados polos pescadores miñoteiros non son exclusivos desta zona, pois aparecen atestados en moitos outros lugares da costa peninsular. Algúns son de uso corrente en galego, portugués e español, segundo comprobei ó confrontar dicionarios e estudos sobre o vocabulario marítimo referido ás partes das embarcacións e artes de pesca¹.

4.3.1. Partes do barco

Algúns vocábulos son comúns nas tres linguas (galego, portugués e español), aínda que non sempre teñan exactamente o mesmo significado: *amura* (1. cabo, 2. costado), *âncora* ~ *ancla* (de dúas uñas), *banco* (asento do remador), *barco* (como termo xenérico das embarcacións), *bordo* ~ *borda*, *cana* (do leme; en esp. *caña*), *calafetear* ~ *calafetar*, *carenar* (repara-lo casco dun barco, en port.estándar *querenar*), *caverna* ~ *cuaderna* ~ *caderna*, *casco*, *cinta*, *codaste* (port. *cadaste*, *cadraсте*, *cuadraсте*), *embrear*, *espello* (no galego aparece *papa de espello* rexistrada escasamente), *fêmeas* ~ *femias* e *machos* (do leme), *fundear* ~ *fondear*, *leme* (en castelán é un arcaísmo), *motor*, *obra morta/viva*, *pá* ~ *pala* (do remo), *papa*, *proa*, *quilla*, (*tapa*)*regala*, *remo*, *rizón* (âncora de catro brazos; en cast. *rezón* e en port. aparece rexistrada a nivel dialectal en Viana e Vila do Conde), *roda de proa/popa*, *tolete*, *vela*.

Moitos outros son comúns no galego e portugués: *cano* (do remo), *ferro* (en gal. na Guarda e no port. en falas próximas do norte; no resto é máis

¹ Á parte de dicionarios de carácter xeral, tiven en conta especialmente os traballos de M. Alvar (1985) e, para o portugués, a investigación de Lopes (1975).

común *ferro macho*), *gamela* (embarcación de proa e popa cortadas, semellante a unha artesa), *mastro*, *poita* (parte portuguesa) ~ *pouta* ~ *poutada* (1. áncora arcaica, 2. morto das boias), *vertedouro* (en gal. m.f. en feminino *vertedoirá*). Ou no galego e castelán: *bancada* (asento central da embarcación), *varenga* e *xinol* (cada unha das partes que compoñen as cuadernas; en esp. *genol*). Outros úsanse no portugués e español, pero non aparecen rexistrados en galego: *durmiente* (port. *durmente*), *verdugo* (esp. *verdugillo*).

E igual ca no portugués temos *toste* (banco ós que prendían os forzados de galeras), ou *tosta* a nivel dialectal no barco valboeiro. Outros tamén rexistrados localmente son *entaboado*, *entabuamento* (conxunto de táboas que forman o casco do barco), *paneiro* (bastante rexistrado a nivel oral no port.), *reregar* (co rizón), *ré* (popa)¹.

Uns cantos aparecen atestados unicamente no territorio galego: *banços* (costados na gamela coruxeira; E. Alonso 1987: 71), *carel* (gal. *cairel*), *olleira* (na gamela de Baiona, peza do remo que se introduce no tolete; E. Alonso 1987: 69), *remadoura* (peza que vai sobre os bordos centrais na que se introduce o tolete) ou *pedamigho*.

Outros termos cadran na forma cos rexistrados noutras partes, pero non se usan co mesmo significado ca no Miño, *agullas* (en port. e cast., os machos do leme), *bica* (port. só o pinchón), *travessa* (port., reforzo do remo), *taburno* (port. espaco debaixo da cuberta de proa), *chicote* (port., pequeno cabo que establece a unión entre os diversos panos dunha rede, etc.), *carel* (en esp., tolete), *pinchón* (en gal. é unha peza que vai na quilla).

E, por último, uns pouquiños cadran no significado, pero non teñen exactamente o mesmo significante: *terlinga* (buraco onde se introduce o pao do mastro) é o mesmo ca *carlinga* ~ *calringa* en port.; *piogbeiro* (pedra que serve para frear a embarcación cando se pesca) vén sendo o mesmo ca *piobeiro* usado en Póvoa de Varzim e Matosinhos.

4.3.2. Redes e aparellos

Canto ás redes e outros aparellos úsanse termos tamén coincidentes maiormente co portugués, *muxeira*, *solleira* (aínda que non ten a mesma forma), *tresmallo*, *albitana*, *brazoladas* (gal.), *vitirón* ~ *viturón*, *cortizada* ~ *cortizas*, *chumbada*, *chumbeira*, *chumbo*, *engodo*, *encascar*, *encolas* ~ *encalas* (port.), *entrallar*, *entralle* ~ *entrallo*, *espiñel* ~ *espinel*, *estrovo*, *fisga*, *ganapán* (gal. e port. especie de peneira), *lances* ~ *lanços*, *liña*, *madre* (gal. e port., corda principal do espiñel ou palangre), *nasa*, *copo* ~ *copio* ~ *cope* (parte central da rede), *palangre*, *pandullada*, *pandullos*, *porfio*, *porfiar*, etc.

¹ Na gamela da Guarda chámanlle *ré* a un dos tres buracos que van na pía do mastro da vela (E. Alonso 1987: 52).

Uns cantos vocábulos aparecen rexistrados na costa portuguesa esporadicamente, pero o que interesa e que coinciden cos que se usan aquí e polo tanto xa non os podemos considerar exclusivos do Miño: *miúdo* (pano do medio, en Buarcos), *inchamas* (*toletes* no barco de Nazaré, igual ca en Lanhelas e Goián) ou *chumaceiras* (remaduras do remo, nalgúns puntos da costa portuguesa, igual ca en São Pedro da Torre e Seixas).

Quitado todo o que acabo de citar, a verdade é que son moi poucos os termos realmente propios: *agullas*, *alcharife* ~ *alcherife* (e outras variantes), *picadeira*, *varredoura*, *sacada*, *cuaña*, *cúa*, *táboa peideira*, *canizos*, *esconso*, *asidas*, *chícharo* (boia do alcharife), *verteaghuas*...

Outra cuestión é descifra-la procedencia e as canles de penetración destes termos. Algúns sábese perfectamente que son de orixe árabe: *albitana*, *alcharife*, *alboroque*, *alefriz*, *calafetar*, etc.; outros quizais do español: *tolete* (polo -l- intervocálico), *paneiros* (de panas, polo -n- intervocálico; Lopes 1975: 235), *regala*, *palangre*, do catalán: *espiñel*, *ré*, *xinol*; e outros a través do propio galego ou portugués: *roda de proa*, *engodo*. Non sei se se está a elaborar algún dicionario galego neste sentido, mentres non o haxa deixarei aquí o meu traballo neste punto.

Para rematar este artigo só quixera lembrar unhas palabras de E. Alonso (1989: 198) sobre o Miño, onde os *rieiros* (Pa):

...aún continúan largando las redes, desde los barcos de tingladio con su silencioso navegar de sombras. De ribera a ribera, entre el maizal, se oye el saudoso cantar del galaico-portugués de las mozas. La gaviota del sur nos reitera su blanco saludo. La vida continua en el viejo Miño..

E oxalá continúe así esta actividade e con ela o *falar vedraño*¹ do Baixo Miño porque iso significaría que, nesta banda, a lingua segue o curso da normalización e navega parella á da outra marxe.

Baixo Miño 2001

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

- Alonso, E. (1987): *Gamelas y marineros*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
 Alonso, E. (1989): *Pescadores del río Miño (tramo gallego-portugués)*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
 Alvar, M. (1985): *Léxico de los marineros peninsulares*, 1, 2, 3 e 4. Madrid: Arco.
 Boaventura, M. (1916): *Vocabulário Minhoto*. Espozende: Tipografía Espozendense.
 Corominas, J. e J. A. Pascual (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.

1 Un feliz adxectivo utilizado por X. L. Méndez Ferrín na súa novela *O ventre do silencio*.

- Cunha, C. e L. F. L. Cintra (1992): *Nova Gramática do Português contemporâneo*. Lisboa: Edições João da Costa.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.
- Filgueiras, O. Lixa (1958): *A lancha poveira e o saveiro de Valbom*. Porto: Centro de Estudos Humanísticos-Universidade do Porto.
- Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da Lingua Galega III. Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.
- Lanhoso, A. Coutinho (1954): *Peixes das nossas águas. O Sável*. Separata do *Boletim da Pesca*, nº 43, Lisboa.
- Lopes, A. M^a Simões da Silva (1975): *O Vocabulário Marítimo Português e os Problemas dos Mediterraneísmos*. Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*.
- Lorenzo Fernández, X. (1962): “Etnografía: cultura material”, en R. Otero Pedrayo (dir.) *Historia de Galicia*. Vol. 2. Buenos Aires.
- Mörling, S. (1989): *As embarcacións tradicionais de Galicia*. Noia: Consellería de Pesca / Gráficas Sementeira.
- Netto, M^a T. Lino (1949): *A lingua dos pescadores e lavradores do Concelho de Vila do Conde*. Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*.
- Pérez Alonso, C. (1969): *Vocabulario de Goyán*. Tese de licenciatura. USC.
- Ríos Panisse, M^a C. (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I invertebrados y peces*. Anexo 7 de *Verba*.
- Rodríguez Fernández, J. L. (1970): *El habla de Vilanova da Cerveira-Portugal*. Tese de licenciatura. USC.
- Rodríguez González, E. (1958): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez Santamaría, B. (1911): *Diccionario ilustrado, descriptivo, valorado, numérico y estadístico de los artes, aparejos e instrumentos que se usan para la pesca marítima en las costas del Norte y Noroeste de España*. Madrid: Artes Gráficas Mateu.
- Romaní, A. (1988): “Xeito”, en *Coloquio de etnografía marítima*. Noia: Museo do Pobo Galego / Consellería de Pesca / Gráficas Sementeira.
- Santamarina, A. (2001): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sequeira, F. J. Martins (1957-58): *Apontamentos acerca do Falar do Baixo-Minho*. Lisboa: Edição da Revista de Portugal.
- Vasconcellos, J. Leite de (1970): *Esquisse d'une Dialectologie Portugaise*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos.
- Vázquez Martínez, A. (1962): *La lamprea del río Miño*. Ourense: Imp. La Región.
- Vila-Botanes, S. (2001): *Tui e Valença nos séculos XI a XV. Os acontecimentos históricos, sociais, artísticos e económicos*. Tui: Asociación de Amigos de la Catedral.
- Vilela, M. (1979): *Estruturas Léxicas do Português*. Coimbra: Livraria Almedina.

LÉXICO E FRONTEIRA NO VAL DO RÍO ELLAS

Xosé-Henrique Costas González

Universidade de Vigo

1. BREVE INTRODUCCIÓN HISTÓRICA

Nos séculos XII e XIII chamábaselle Estremadura á maior parte da actual provincia de Salamanca e á denominada Transerra leonesa que os monarcas do reino de Galicia, León e Asturias lles ían conquistando ós reinos musulmáns. O rei Afonso VII Fernández de Galicia, León e Asturias, estabilizou a fronteira meridional do seu reino no río Texo contra o ano 1188 e procedeu a fortificar e colonizar estas terras para perpetua-la conquista.

As ordes de Santiago (fundada posiblemente no mosteiro de Loio en Lugo) e Alcántara (ata 1214 denominada de San Xián do Pereiro) foron as encargadas de efectiviza-la repoboación. A Orde de Santiago, na súa “provincia de León” posuía vicarías en Destriana (León), A Veiga e Vilar de Santos (Ourense) e Porto (Zamora). Destes lugares e dos seus arredores tomou os colonos, é decer, de tres zonas galefófonas e unha leonesófona.

Fernando II (1157-1188) conquistáralles algunhas atalaias no Val do Ellas ós árabes pero nunca chegara a establecer colonias. O seu fillo Afonso VIII mándalle construír no 1227 o castelo e vila de Salvaleón (Valverde) á Orde do Pereiro e concédelle a repoboación de vilas e aldeas á Orde de Santiago. No 1298 temos noticias xa do castelo das Ellas.

Afonso VIII fixo enviar colonos a repoboaren as terras defendidas por numerosos castelos non só na Transerra senón tamén en Sabugal e Ribacoa, para estabiliza-la fronteira co reino portugués. No ano 1297 polo tratado de Alcanizas, Portugal e Castela trocaron Sabugal e Ribacoa por Toroño e Aliste.

O historiador Ángel Barrios, utilizando o método toponímico-comparativo, chega á conclusión de que o 80% dos microtopónimos da zona de Ledesma e A Cidai (Ciudad Rodrigo) son “occidentais” (galegos ou leoneses de Occidente). Lindley Cintra opina o mesmo da zona de Sabugal e Ribacoa. No campo de Salamanca a microtoponimia de orixe galega chega a representar un 40-55% do total dos topónimos.

2. AS VARIEDADES LINGÜÍSTICAS NESTAS ZONAS

Hoxe en Sabugal e Ribacoa emprégase un portugués dialectal de tipo beirão, no suroeste de Salamanca e noroeste de Cáceres a variedade lingüís-

tica empregada é un castelán dialectal con moitísimos restos (fonéticos, morfolóxicos e léxicos) do antigo leonés presente nestas áreas, e mesmo con algúns galeguismos léxicos.

Sen embargo a variedade lingüística empregada no Val do Río Ellas é “galega” en sentido amplo e histórico, aínda que con presenza de léxico de orixe leonesa e castelá (recente).

Temos dito en diversos foros que, na nosa opinión, o léxico do Val do Ellas presenta, en xeral, un forte compoñente arcaizante, unhas evolucións semánticas senlleiras e, sobre todo, amósasenos como unha maqueta da variedade léxica dialectal galega.

Con esta contribución pretendemos achegar algúns exemplos da singularidade léxica do Ellas, da súa forte conexión coas falas galegas, da súa sorprendente diversidade interna e do seu diferencialismo fronte ás falas veciñas portuguesas e castelás.

3. O MATERIAL LÉXICO

Para o Val do Ellas utilizamos materiais de noso recollidos en falantes das vilas de Valverde, As Ellas e San Martiño, e tamén na aldea do Carballal, no concello de Valverde, o núcleo habitado máis próximo da fronteira portuguesa, así como da aldea portuguesa das Aranhas, o núcleo máis próximo ó Carballal, do que dista uns 20 km.

Para as zonas castelás limítrofes botamos man dos traballos de Iglesias Ovejero (El Rebollar) e Cummins (Coria). Para as zonas portuguesas veciñas seguímo-los traballos de Maia (Sabugal e Riba-Coa) e Buescu (Monsanto).

3.1. Mu e múa



Son as únicas formas vivas no val (< latín MULU). No galego actual penetrrou o castelanismo *mulo/a*, aínda que teñamos topónimos que nos lembran a forma perdida (*Pé da Múa*, monte de Pontecaldelas). No portugués actual só se coñece a forma antiga no feminino. Coidamos que ten razón Corominas (G-MA, p. 750) ó supoñer que o substantivo *macho*, na acepción de equino, é un derivado do portugués *múo* a través de *muacho*. Mentres que no Ellas se conservan as formas antigas, en Sabugal a forma *mú* ou *múo* xa case non se usa porque a forma usual é *macho*.

3.2. *Donicela*

No Ellas coexiste a forma base, *dona*, con dous derivados: *doniña* e *donicela*, todas tres tamén en Galicia. No Sabugal predomina *doniña* e en Montsanto *doneyinba*. Na zona de fala castelá ou castelá-aleonesada veciña hai diversas formas pero ningunha delas ten como base **dueña*.

3.6. *Bubela*

Mentres que o castelán e o portugués presentan cadansúa única forma (*abubilla* e *poupa*) o valego do Ellas ten unha rica variedade: *poupa* (con monotongación, ¿do latín UPUPA?), común co *poupa* do galego do sur de Pontevedra e do portugués; *galo do campo* (*galo de campina* nalgún punto do mediodía portugués) e *bubela* (< UPUELLA), coincidentes estas dúas últimas con formas galegas. En Olivença chámanlle *galinha popada* a aquela que ten unha crista máis grande do normal.

3.10. Migrá



Tanto o valego coma algunhas falas de Sabugal e Monsanto, como ocorre con algunhas falas de Trás-os-Montes, teñen formas derivadas de MILE GRANATA, en troques do latín común MELA GRANATA: *migrá* nas Ellas, *migrada* en Sabugal e *merigrada* en Monsanto, testemuñadas xa no galego medieval. No resto do portugués danse as formas *romá* e *romazeira*, *romêra* e *romanêra*. Na parte castelá achamos *graná* e *granau/granado* para a árbore. *Meli-grana* tamén é forma mirandesa.

3.11. Cerdeira



Media Galicia di *cerdeira* (forma máis antiga) e a outra media *cereixeira* (formada sobre *cereixa*). No Ellas teñen as dúas formas. No portugués *cerdeira* só é forma coñecida en puntos do norte de Trás-os-Montes, e é forma descoñecida no portugués da Beira. O castelán veciño coñece as formas *cerezo* ou *ceredo*. Ó igual que viamos anteriormente coas formas *rebolo*/*carballo*, neste caso as dúas formas galegas seguen plenamente vivas no Ellas.

3.13. Filloa / Magosto



É importante sobrancea-lo arcaísmo *follo* (< FOLIOLA) que rexistramos no Ellas. No portugués veciño témo-la forma *filbó*, cun plural *filboses* que tamén encontramos en Galicia en áreas onde *-óa* > *-ó* [ɔ].

O 'magosto' ten aquí lexema de seu, porque se fai botando as castañas directamente nas cinsas, na *borralla*, de aí a *borrallá*. A forma *magusto* é a propia portuguesa e, parcialmente, tamén galega. No castelán veciño o lexema base é *castaña*.

3.15. *Aninovo, Xoves, Mércoles*



Os días da semana teñen as formas pagás tan ben conservadas no galego exterior e tan perdidas no galego popular. En valverdeiro *jovis*, en lagarteiro *ijovis* e en mañego *jovis* [3]. Sorprende de novo a forma diferencial galega *Aninovo* fronte a *Ano Bom* ou *Año Nuevo*.

3.18. Ballón



No val temos multiplicidade de formas, pero ningunha ten como base a forma *agua* (como ocorre en portugués e en castelán: *aguaceiro, aguacero,...*). Á parte de *batigón* (SMT) e *bátiga* en Sabugal (galego *bategada*, formado sobre *bater*), témo-lo castelanismo *chaparrón*, e tres formas autóctonas co sufixo *-ada* (golpe): *garabaná* en Valverde (un *garabano* é un caldeiro en puntos do norte de Trás-os-Montes; nos dicionarios galegos só topamos no de D. Eladio *garabano* co sentido de aguador), o significado é claro ‘caldeirada (de auga)’; *chumbá* en SMT, porque cae a auga a chumbo, unha ‘chumbada (de auga)’, e por último temos *chorrá* nas Ellas, unha ‘enxurrada (de auga)’ (en portugués de Badalouce: *aguacero, aguacerada, enxurrada, pancada, porrada de auga*, e tamén *chaparrão*).

leonés. Chama a atención que a denominación dun invento relativamente recente resista vivísima fronte á forma *cerilla* do castelán e do portugués.

Do latín TABULA temos en galego dous resultados: *traba* (e variantes) e *táboa*. A forma *trave* rexístrase unicamente en Monsanto e As Aranhas, mentres que a forma normal do portugués veciño é *tábua*. No Ellas temos *traba* (como *nebra*, leste de Lugo) e un derivado de táboa: *tabica*.

A forma castelá *ventana* penetra en Sabugal e compite coa forma lexítima portuguesa *janela*, pero no Ellas a forma única é *ventán* (pl. *ventáns* en valverdeiro e *ventás* en mañego e lagarteiro).

4. CONCLUSIÓNS

Deixándonos a un lado aspectos fonolóxicos ou morfolóxicos, é no léxico destas falas onde mellor se aprecia o seu carácter e filiación galega que se presenta do seguinte xeito:

a) Arcaísmos: os casos xa vistos de *mu-múa*, *migrá*, *migreira*, *folló* ou *atró*, inexistentes hoxe en día no galego común e presentes algúns deles microdialectalmente en falas veciñas portuguesas.

b) Macrodialectalismos galegos: é o caso da distribución de *cerdeira-cereixeira*, *chíchari-ervilla*, *carballo-rebolo*, *dona-doniña-donicela*, *bubela-po(u)pa-galo do campo*, etc. Concéntranse no val do Ellas unha serie de formas de ampla distribución en Galicia. O léxico do Ellas funciona logo como unha “maqueta” da realidade léxica galega. Isto acontece tamén noutras áreas de repoboación, como por exemplo no sur de Alacant, onde se rexistran sinónimos procedentes de diversas zonas do centro e norte de Cataluña.

c) Microdialectalismos galegos: *coco de lu* ou *coco de lume* (vagalume), *muíña-muñia* (frouma), *garabaná* (ballón), etc, presentes en puntos illados Galicia.

d) Voces de creación propia: *estoxar* (aforrar), *chumbá* (ballón), *chorrá* (enxurrada), *borrallá* (magosto), *orfandai* (pandilla), etc, formadas sobre *estoxo*, *chumbo*, *chorro*, *borralla*, *orfo*, etc.

e) Voces compartidas con variedades lingüísticas portuguesas veciñas: *ci-gañote-zagñote* (saltón), *molisna* (poalla), *maripoisa* (bolboreta), etc.

f) Voces compartidas co galego inexistentes no portugués: á parte das xa vistas nos puntos a), b) e c) temos que sobrancear aquí as formas *aninovo*, *luns-lus*, *mércoles*, *xovís*, *vernes*, *xilgueiro*, *arrincar*, *repolo*, *trabe*, *passim*.

Faise urxente unha recollida exhaustiva do léxico do Val do Ellas, pois estamos convencidos de que, á vista destas calas que acabamos de expor, son aínda unhas poucas as sorpresas que nos agardan e que de seguro nos reafirmarán na galegitude histórica das falas dos descendentes dos colonos de Afonso VIII Rex Gallaecia.

BIBLIOGRAFÍA

- Barros, Á. (1985): “Repoblación en la zona meridional del Duero, fases de ocupación, procedencias y distribución espacial de los grupos repobladores”, en *Studia Historica. Historia Medieval*, II-2, pp. 33-82.
- Buescu, M^a. L. Carvalhão (1961): *Monsanto. Etnografia e linguagem*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos.
- Cummins, J. G. (1984): *El habla de Coria y sus cercanías*. Londres: Támesis Book Ltd.
- Iglesias Ovejero, A. (1982): *El habla de El Rebollar*. Salamanca: Diputación.
- Maia, C. de Azevedo (1977): *Os falares fronteiriços do concelho de Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilla*. Suplemento IV da *Revista de Filologia Portuguesa*. Coimbra.

AS DENOMINACIÓNS DOS DEDOS DA MAN: UN ESTUDIO MOTIVACIONAL

Mario Romero Triñanes e Larisa Santos Suárez

Instituto da Lingua Galega. USC

1. INTRODUCCIÓN

Unha ollada ós cuestionarios do *Atlas Lingüístico Galego* revela a gran complexidade á hora de denominar as partes “menores” ou “subpartes” que compoñen as divisións principais do corpo humano. Así por exemplo, fronte á escasa diverxencia de formas empregadas para denominar *as mans* en todo o territorio galego, e mesmo *os dedos*, termo xenérico que designa as cinco subpartes que compoñen cada unha das nosas mans, existen serias dificultades á hora de establecer unha forma xenérica de uso común coa que denominar cada un deses cinco dedos de forma individual. A ampla variedade de formas recollidas en distintos puntos do territorio galego, todas elas tan distintas desde o punto de vista formal, espertou o noso interese por intentar descubrir a procedencia de toda esa variedade que, a fin de contas, se traduce nunha gran riqueza dialectal. E isto levounos a centrar a descrición e a análise destas formas na teoría da motivación.

1.1. A motivación fronte á arbitrariedade do signo

De acordo coas últimas tendencias na investigación lingüística, seguindo autores como Heine (1997) ou Alinei (1974, 1980, 1984, 1994, 1996, 1998), todas as formas léxicas existentes para expresar un significado son motivadas, é dicir, no momento de selección dunha palabra como denominadora dunha realidade o falante é perfectamente consciente dos trazos semánticos que a compoñen. É máis, se escolle esa palabra e non outra é porque lle parece que é ela a que mellor transmite os trazos semánticos que segundo a súa percepción do mundo definen de forma máis axeitada a realidade que quere denominar. Detrás de toda denominación existe, pois, unha motivación determinada, sexa cal sexa.

Para soste esta idea cómpre remontarse á teoría da análise compoñencial, defendida desde xa hai ben anos por autores como Hjelmslev, segundo a cal un concepto está composto por varios compoñentes ou trazos semánticos que podemos clasificar en dous tipos: os trazos primarios son todos aqueles necesarios e ó mesmo tempo suficientes para diferenciar un lexema de todos os demais pertencentes ó seu campo léxico; os trazos secundarios, pola súa banda, son todos os redundantes ou

asociativos, é dicir, aqueles que dan unha información que poderíamos considerar como “adicional” sobre o concepto. De acordo con isto, o proceso de denominación de calquera realidade nova parte da análise ou división do concepto asociado a esa realidade en todos os seus trazos semánticos, e baséase na escolla de un ou varios deses trazos como aqueles motivadores dunha ou outra forma léxica. A teoría da arbitrariedade do signo de F. de Saussure radica precisamente neste feito, i.e. na liberdade ou variabilidade que os falantes dunha lingua ou outra amosan á hora de seleccionar uns trazos semánticos e non outros como motivo para a denominación de cada realidade distinta. Así podemos explicar, por exemplo, o feito de que o galego, como veremos máis adiante, dea primacía ó trazo ‘tamaño pequeno’ á hora de denominar o primeiro dedo da man (de aí denominacións coma *o meniño* ou *o máis pequeniño*), mentres que noutras linguas como o castelán ou o francés se lles dá preferencia, alomenos nalgunha das denominacións posibles deste dedo, a outros trazos como o de ‘uso para limpar a orella’ (de onde sae a denominación *auricular/auriculaire*). Tamén podemos explicar o feito de que nunha mesma lingua poidan existir denominacións completamente distintas dunha mesma realidade, cada unha delas produto dunha escolla de trazos semánticos diferentes. Así, a denominación castelá *auricular* non é a única posible para este dedo, senón que os falantes desta lingua recorreron tamén a outras motivacións distintas que deron lugar a denominacións diferentes na mesma lingua. Sen ir máis lonxe, o trazo ‘tamaño pequeno’ foi a motivación escollida para denominacións como *dedo chico* ou *dedo pequeno*, formas de ampla extensión en Andalucía ou nas Illas Canarias. Ou, sen saírmos do galego, o dedo gordo tanto pode recibir esta denominación, *dedo gordo*, motivada polo seu volume, como a denominación *matapiollos*, motivada polo seu uso para matar os piollos, ou a denominación *o da señal*, motivada polo seu uso ó persignarse.

A modo de resumo, pódese dicir que a denominación dos tres primeiros dedos aparece motivada polo tamaño (e en menor medida pola súa posición no conxunto da man), xa sexa a través da linguaxe referencial ou a través de recursos metafóricos. A natureza do cuarto e quinto dedo, que son os que realmente se usan na maioría das accións, motiva a escolla preferente de trazos de uso para as denominacións. Deste xeito, a tendencia é á constitución dun campo semántico de dúas dimensións: unha baseada en oposicións de tamaño ou de orde entre os tres primeiros dedos, e outra na que o cuarto e quinto dedo se opoñen a todos os demais por trazos propios.

Cómpre sinalar tamén o predominio absoluto de formas populares fronte a aquelas de procedencia máis culta e máis próximas ó castelán. En relación con isto, débese incidir na idea de que boa parte destas formas máis que denominacións propiamente ditas e posibles no discurso espontáneo son sospeitosas de seren denominacións culturais, cun contexto de uso se cadra limitado ó propio folclore infantil ou simplemente como resposta á pregunta *¿como se chama este dedo?* (de aí os recorrentes erros nas denominacións ou simplemente a ausencia de respostas). De calquera xeito, se cadra non estaría de máis complementar esta panorámica cun estudio que se achegase ás posibilidades combinatorias destas formas tanto na fala viva como na propia literatura e que permitise precisar este punto.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alinei, M. (1974): *La Struttura del Lessico*. Bologna: Il Mulino.
- Alinei, M. (1980): "The Structure of Meaning Revisited", en *Quaderni di Semantica* II, 2, 289-305.
- Alinei, M. (1984): "Le due strutture del significato", en *Lingua e dialetti: struttura, storia e geografia*. Bologna: Il Mulino, 13-21.
- Alinei, M. (1994): "Trentacinque definizioni di etimologia, ovvero: il concetto di etimologia rivisitato", en *Quaderni di Semantica* XV, 2, 199-221.
- Alinei, M. (1996): "Aspetti teorici della motivazione", en *Quaderni di Semantica* XXXIII, 1, 7-17.
- Alinei, M. (1998): "Nuove prospettive nella ricerca storico-semantica ed etimologica", en *Quaderni di Semantica* XXXVIII, 2, 199-212.
- Alvar, M. (1961-1965): *Atlas Lingüístico y etnográfico de Andalucía (ALEA)*. Vol. IV. Universidad de Granada, CSIC.
- Alvar, M. (1976): *Atlas Lingüístico y etnográfico de las Islas Canarias (ALEIC)*. Vol. II. Islas Canarias: Excelentísimo Cabildo Insular de Gran Canaria.
- Baamonde Traveso, G. (1977): *A fala das parroquias de Arante e Cedofeita*. Tese de licenciatura. USC.
- Barrio, M. e H. Harguindey (1983): *Lerías e enredos para os máis pequenos*. Vigo: Galaxia.
- Bouza Brey, F. (1963): "Xogos iniciáticos infantiles da Galiza", en *Revista de Etnografía* 1, 181-187.
- Cobas Brenlla, X. (1995): *Acción madurativa e integradora do folclore infantil: o xogo do folclore infantil*. Santiago de Compostela: Tórculo D.L.
- Corominas, J. e J. A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- Cunha, A. G. da (1994): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. 2ª ed. revista e acrescida de um suplemento. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.
- Ebeling, W. e F. Krüger (1952): "La castaña en el noroeste de la Península Ibérica", en *Anales del Instituto de Lingüística* V, 153-277.
- Heine, B. (1997): *Cognitive Foundations of Grammar*. New York: Oxford University Press.
- Instituto da Língua Galega (1995-1999): *Atlas lingüístico galego (ALGa)*. Vol. I-III. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- López Fernández, J. (1969): *Vocabulario de Novfontes. Contribución a un estudio lingüístico*. Tese de licenciatura. USC.
- Machado y Álvarez, A. (1881): "Juegos infantiles españoles", en *Giornale di Filologia Romana* 8, 50-62.
- Machado, J. P. (1977³): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. 5 vols. Lisboa: Horizonte.
- Petruck, M. R. L. (1986): *Body Part Terminology in Hebrew: A Study in Lexical Semantics*. Tese doutoral. University of California, Berkeley.
- Rivas Quintas, E. (1997): *O castiñeiro e as castañas*. Ourense: Grafo DOS.
- Rodríguez González, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. Vigo: Galaxia.

- Sarmiento, M. (1973): *Catálogo de voces y frases gallegas*. Ed. y estudio de J.L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- VV.AA. (1990): *Dedín Dedín de Pequenequín (folklore infantil)*. Sada (A Coruña): Edición do Castro.
- Zauner, A. (1903): “Die romanischen Namen der Körperteile”, en *Romanische Forschungen* XIV, 448-454.

AS DENOMINACIÓNS DA ‘CHUVIA MIÚDA’: VARIEDADES DIATÓPICAS E LINGUA LITERARIA

María González González e Begoña Varela Vázquez

Instituto da Lingua Galega. USC

A Xano, Xavier e Josep

1. INTRODUCCIÓN

Este relatorio ten a pretensión de percorrer de forma sintética e xeral as diferentes, e abundantes, denominacións que recibe o orballo ‘chuvia miúda’ no territorio de fala galega. Trátase dun estudio histórico-etimolóxico e motivacional dos datos dialectais e da súa presenza nos dicionarios e na literatura galega.

Para realizarmos este estudio baseámonos nun corpus de datos de tipo léxico recompilados no *Cuestionario* do Atlas Lingüístico Galego (*ALGa*), e en concreto na pregunta 589 ‘chuvia miudiña e compacta, orballo’; empregamos ademais informacións do ficheiro dialectal da lingua galega e outros materiais bibliográficos (tesinas, nomenclátors, atlas xeográficos, etc.), así como o *Diccionario de dicionarios* e algúns dicionarios contemporáneos das diferentes linguas románicas; recorreremos tamén, no último chanzo desta achega, é dicir, na parte que lle atinxe á literatura, á *Base de Datos para a formación dun Diccionario da Lingua Galega Moderna* que se elabora no Instituto da Lingua Galega.


Interésanos advertir que non hai entre as voces que aquí presentamos unha fronteira clara na conciencia das persoas enquisadas entre o orballo entendido como aquelas pingas pequenas de auga que proceden de todas partes e que así como empezan rematan, e o tipo de orballo que ten un comezo pero que a miúdo carece de final e deixa no ambiente unha cor agrisada e unha sensación de humidade. É dicir, o significado das variantes rexistradas non aparece ben delimitado senón que estas designan un continuo de diferentes tipos de chuvia (da máis fina á máis grossa, da de menor duración á máis persistente...).

2. AS DENOMINACIÓNS DE ORBALLO

Neste primeiro apartado tratarémo-las designacións galegas de *orballo* na súa acepción de ‘chuvia miúda’ e observarémo-la súa gran variedade. Deste xeito, á beira dos tipos que seguen o lat. ORBU (ou RÖS, para algúns filólogos, como veremos máis adiante) que atopamos en practicamente todo o

territorio de fala galega, ou as formas analíticas compostas de *auga* ou *chuvia* acompañadas dun cualificativo, atopamos un verdadeiro agromar de formas caracterizadas, na súa gran maioría, por un corremento de sentido considerable: designacións vinculadas ó xeito de cae-la chuva (*poalleira*, *molura*, etc.), substantivos ligados á sensación de pechazón ambiental (*cerrallada*), formacións metonímicas (*mancha*), etc.

- ◆ Orballo e derivados
- ◆ Zarzallo e derivados
- ✚ Mera e derivados
- ✚ Molura e derivados
- Chuvia, *auga*, *mollar*
- ◎ *Barr-*, *borr-*, *born-*, *morr-*, *morm-*, *barb-*, *marm-*, *bab-*
- Denominacións relacionadas con 'partículas finas espalladas polo aire'



Mapa 1: Resumo das denominacións para 'chuvia miúda'

Tivemos que distribuí-los datos en varias cartas xa que contabamos cunha cantidade inxente de formas para representar este contido. Para evitarmos que a multiplicidade de formas fixese perder de vista o posible agrupamento xeográfico das familias, confeccionámo-lo Mapa 1, que non presenta tódalas formas, pero si as máis representativas.

Os mapas que seguen presentan a información segmentada. Para presentármolas variantes recollidas non podíamos levar a cabo unha clasificación atendendo ós lexemas xa que a cantidade de familias léxicas resultantes era enorme e non era rendible cartografa-los lexemas en cadanseu mapa. Por iso desbotamos esta posibilidade e optamos por estoutra clasificación, que responde a criterios semánticos e formais e que, aínda que discutible, permite cartografar tódalas formas recollidas no *Cuestionario* do *ALGa* nun número reducido de mapas. En xeral, as denominacións galegas da chuvia miúda, como se pode apreciar nos mapas que seguen, poden clasificarse da maneira seguinte: (1) algunhas denominacións relacionadas con fenómenos atmosféricos (*brétema, mera, garía*, etc.); (2) denominacións relacionadas con chuvia, auga ou mollar (*auga de grelos, chuvia, mollaparvos*, etc.); (3) denominacións constituídas a partir das raíces *barr-*, *borr-*, *morr-*, *morm-*, *barb-*, *marm-*, *bab-*... (*barruzo, marmaño, babuxa*...); (4) Denominacións que teñen que ver cunha masa de partículas finas espalladas polo aire (*poalla, muiña*...); (5) outras denominacións (*caraxía, emiza, cerrallada, froalleira, mocallo, patoña*...). Nas páxinas que seguen presentamos unha análise destas xeovariantes.

2.1. Algunhas denominacións relacionadas con fenómenos atmosféricos

2.1.1. Orballo, orballeira, orballeda, orballeirada...

Como se pode apreciar no Mapa 2, as formas máis comúns en toda a superficie de Galicia para designa-la chuvia miúda son *orballo* e as súas variantes; podemos falar, neste sentido, dunha área definida.


Respecto desta xeovariante faremos un breve apuntamento sobre o carácter polisémico que posúe na nosa lingua. A xeito de ilustración recollémo-la voz *orballo* coas seguintes acepcións no diccionario de E. Rodríguez:

- (1) Lluvia menuda y fina que suavemente cae de las nubes.
- (2) Neblina acuosa de las BRÉTEMAS húmedas, que también se llama ORBALLEIRA.
- (3) Rocío de la noche, que se condensa en gotas diminutas sobre las plantas y favorece especialmente al maíz en el verano; RECÍO.
- (4) Erupción cutánea, que más bien se llama COLLETITZO. Recibe además el nombre de ORBALLO, el ántrax, cualquier flemón séptico y sobre todo el panadizo; ORVALLO.

Nuestras gentes labradoras llaman ORBALLO a cualquier divieso, tumor o grano más o menos maligno, porque creen supersticiosamente que toda erupción

cutánea es producida por una especie de efluvio dañino que dejan los animales ponzoñosos por donde pasan. Por eso cuando se mudan la ropa interior, tienen especial cuidado de pasarla por encima de la llama—pues al fuego lo creen purificador— para quitarle el ORBALLO que pudiera haber dejado cualquiera de los bichos.

○ orballo	⊙ erballo	■ neboeiro
● urballo	⊗ erballada	▣ neboeirada
⊖ orballa	⊙ erballeira	▣ niebleceira
● orballada	⊙ está orballando	+ brétema
⊕ orballar	▲ mera	⊕ bretemar
★ orballeira	▼ merea	⬢ garúa
● orballeirada	◀ meriña	● guerúe
⊙ orballo	▶ meruxeira	



Mapa 2: Denominacións relacionadas con fenómenos atmosféricos

Posiblemente esta cuarta e última acepción de *orballo*, a única que desapareceu nos dicionarios actuais, está motivada pola semellanza de aparencia entre o resío e a pegada ponzoñenta que deixan algúns animais (píntegas, sapos, etc.) nas follas. Tamén se podería tratar dun icónimo¹ orixinado polo feito de que a través do resío se lle contaxia ó home este 'efluvio daniño'.

Esta polisemia provoca que a miúdo a fronteira entre a chuva miúda e o resío non estea demasiado delimitada para as nosas xentes e isto reflíctese dun xeito evidente nalgunhas das súas designacións.

A etimoloxía deste termo foi moi discutida por algúns filólogos, xa que a hipótese na que teimaran Meyer-Lübke e Leite de Vasconcelos, entre outros romanistas, de que tanto a forma galega *orballo* coma a portuguesa *orvalho* poderían derivar dunha forma latina RŌS, RŌRIS, que xa na súa orixe significaba 'resío'; esta etimoloxía sortearía moitas dificultades fonéticas seguindo esta evolución, polo cal parece moi pouco probable. Sen embargo, cremos que é moi atinada a proposta de Corominas e Pascual (s.v. *orvalho*), que lle dan a esta voz unha orixe latina, ORBU 'cego', polas tebras nas que deixa sumido o campo. Non hai ningunha dificultade, xa que logo, para a súa evolución fonética ata *orballo*; en canto á súa evolución semántica, darlle á brétema un cualificativo de 'cega', como en galego, *cegoña*, é habitual noutras linguas románicas, como é o caso dalgúns dialectos italianos: piemontés *ëga*, *ëca*, *scega*..., ou no romanés *ceață*. A nosa proposta etimolóxica para a voz *orballo* é a dunha raíz *orb-* + suf. *-allo* (< lat. *-ACULU*). Os trazos semánticos 'fluxo, río', 'humidade, brétema' e 'chuvia, chuviaña' que se dan en *orballo* e *orballar* son moi frecuentes nas raíces hidronímicas.

Bascuas (inéxito, apartados 29.2 e 29.3) descarta a orixe romance de *orballo* e propón unha formación paleoeuropea *ORW-ALIUM a partir do grao pleno de *OR- da raíz *ER- 'moverse', seguido dun alongamento -W + suf. -ALI; pero tamén considera a posibilidade dun diminutivo *ORV-ACULUM. Esta raíz aparece nos hidrónimos *Orbus*, *Orbegu*, *Orbi*, *Orballeira*... Dende o punto de vista semántico reconece *REOW 'tempestuoso' dun tema *ORWO-. Deste xeito, a tronada do ORWO- xermánico convértese en chuviaña no noso territorio.

Respecto das tres xeovariantes (*erballo* [C.11, 17, 18, 21, 22, 23, 27], *erballleira*, cunha escasísima representación [C.17, O.28 e P.18] e, por último, *erballada*, tan só presente no concello de Cerceda [C.23]), consideramos necesario procurar outras fontes nas que se atestase efectivamente a existencia destas denominacións para *orballo*; para iso botamos man do *Tesouro*

1 Termo científico acuñado por Mario Alinei para designa-lo 'nome-icona', nome motivante. Partindo desta base, Alinei tamén propón os termos *iconimia*, para designa-lo estudio da motivación, e *iconomística*, para referirse ó conxunto dos *icónimos*.

Lexicográfico da Língua Galega (ILG) no que atestámo-las seguintes acepcións para *erballo* / *-a*: (1) despectivo ou diminutivo de *herba*; (2) herba que non come o gando por ter nacido sobre bostas. En cambio, *erballada* aparece nos dicionarios como: (1) herba acabada de cortar; (2) conxunto de herbas espontáneas que nacen nun lugar.

Trátase, logo, dun cruzamento entre *orballo* e *herba* pola súa proximidade fonética. Se temos en conta ademais a dificultade de xebra-lo orballo da mañá do orballo referido á chuvia, e que o primeiro só se ve porque deixa a súa pegada na herba, a etimoloxía popular ten trazado o camiño.

Cómpre apuntar ademais que E. Rodríguez (Santamarina 2001) rexistra *orballo*, *orballeira* e *erballada* e que o *GDXL*, ademais das formas anteriores, recolle *orballa*, *orballeiro*, *orballedo*, *orbaloso* e *orballeirada*.

Sobre a palabra *orballo*, xa lexicalizada de antigo, formáronse outras moitas por medio de sufixación. *Orballeira*, designación formada sobre *orball(o)*- + suf. *-eira* (< lat. *-ARIA*) está lexicalizada e sobre ela, coa axuda de sufixación, fórmanse outras denominacións, como *orballeirada*, lexicalización formada sobre *orballeira*, engadindo o suf. *-ada* (< lat. *-ATA*), tan só rexistrada en Boborás. *Orballada*, de *orball(o)*- + *-ada*.

2.1.2. Neboeiro, neboeirada, niebleceira

Rexistráronse varias formas con orixe no lat. *NEBULA*, que ademais de significar ‘néboa’ significaba ‘nube’. Nesta última acepción pódese pensar que as nubes producen a precipitación e de aí a motivación. *Neboeiro*, de *néboa* + suf. *-eiro* (< lat. *-ARIU*). *Neboeirada* está constituída pola forma lexicalizada *neboeiro* + suf. *-ada*, que pode facer referencia á duración da chuvia ou ben ser un sufixo deverbal indicando a acción ou o efecto do *neboeiro*. *Niebleceira*, segundo o propio informante, designa o ‘orballo con néboa’; é unha forma constituída polo cast. *niebla* + acumulación dos sufixos *-eza* (< lat. *-ITIA*) e *-eira*.

En toda a área peninsular existen formas referidas á chuvia miúda a partir do lat. *NEBULA*: ex. *nieblilla* en Jaén, Granada e Sevilla; *nieblina* na Rioja, etc.

2.1.3. Brétema

Actualmente na lingua galega *brétema* é unha voz polisémica que significa por unha banda ‘fusco’, é dicir, condensación de auga na atmosfera; e por outra banda ‘xistra’, ou sexa, chuvia forte acompañada de vento.

Historicamente, se seguimos a Corominas e Pascual (s.v. *brétema*) que propoñen unha etimoloxía gótica **BRĒTHMS* ‘vapor’, significaría primeiro fusco e logo derivaría a xistra. Con esta segunda acepción aparece no dicionario de E. Rodríguez na entrada *brétema* como ‘chuvia forte’ e ‘auga

con vento', formas documentadas en Triacastela e Lemos, respectivamente. No material do *ALGa* só se documentou co significado que aquí nos interesa en Agolada (P.2). No diccionario de E. Rodríguez documentouse ademais este substantivo acompañado de distintos adxectivos designando o tipo de néboa ó que fai referencia:

La BRÉTEMA recibe varios nombres, según las cualidades y condiciones con que se presenta. Llámase BARRUFA cuando es muy húmeda y sus gotas son casi imperceptibles; MALINA, cuando abrasa y quema las mieses y los frutos; MERA, cuando es fría y daña los plantíos, amerando sus frutos; MEXONA cuando es persistente y cae en menudas gotas que mojan; NÉBOA, cuando obscurece más o menos la atmósfera y anda tan baja que cubre de NEBOEIRO los campos sin mojarlos; y ORBALLENTE, cuando es tan lloviznosa y tan mansa que parece columpiarse en el aire a merced del tiempo.

2.1.4. Mera, merea, meriña, meruxeira

Corominas e Pascual (s.v. *amerar*) apuntan a posibilidade dunha procedencia *EMERARE derivado de MERUS. É unha forma que se documenta en catalán e en mallorquino co sentido de 'pór a remollo, empapar'. É o mesmo tipo de néboa que fai (a)mera-la colleita. En *brétema* (§ 2.1.3) xa recolleemos o que E. Rodríguez di sobre a *mera*: provoca que xermolos, flores e froitas se boten a perder, se estraguen, cando aínda non madureceron. *Mera*, recollida en San Amaro (O.6); o informante precisa que neste caso esta voz designa a néboa que molla; a mesma acepción que lle dan Cuveiro, Valladares, Filgueira, Carré e E. Rodríguez nos seus dicionarios (este último ademais recolle o refrán *A mera no san Xoán leva o viño e mais o pan*). *Merea*, o informante enquisado neste punto apuntou esta forma e tamén a de *chuvisca*, o que nos leva a pensar que neste caso *merea* podería designar-la néboa húmida e non tanto a chuvía miúda. *Meriña*, derivado de *mera* + suf. *-iña* (< lat. *-INA*). *Meruxeira*, formada sobre *meruxa* + suf. *-eira*; de forma ilustrativa apuntamos que no portugués contemporáneo teñen moita vitalidade *merujinba* 'chuvisca' e *merujar* 'chuviscar'.

2.1.5. Garúa, guerúe

Podería tratarse dun americanismo e dunha variante fonética deste, que se introduciu pola linguaxe dos mariñeiros e significaba 'chuviaña' e antigamente 'brétema'. O que non ofrece dúbida é a súa etimoloxía a partir do lat. vg. *CALŪGO, -ŪGĪNIS variante do lat. CALĪGO, -ĪGĪNIS 'fume negro', 'nube ou brétema opaca e escura'. Neste sentido, estas variantes pódense relacionar con *cerrallada*, a motivación está segundo Fidalgo (1986: 78) no escurecemento do ambiente que se produce cando chove.

b) Denominacións para designa-la ‘chuvia persistente’. *Chuviẽira* (*chuvia* + suf. *-eira*, o sufixo confirelle á chuvia o carácter de duración e intensidade), nos dicionarios de Valladares, Filgueira, Carré e E. Rodríguez recóllese esta forma só coa acepción ‘ballón’. As dúas designacións que seguen son herdeiras do lat. PLŪVIA e conteñen o sufixo xermánico *-isca*. Dun lado, *chuwiscada*; formada a partir de *chuwisca* + suf. *-ada*, sufixo aumentativo que normalmente aumenta as características da base (neste caso, xa que logo, expresaría a duración no tempo da chuvisca: chuvia miúda de longa duración); no dicionario de E. Rodríguez aparece esta forma como ‘llovizna que cae con persistencia o que se repite máis o menos frecuentemente’. E doutro lado *chuwisqueira*, formada a partir de *chuwisca* + suf. *-eira*; existe unha forma semellante en catalán: *plovisqueig*.

c) Por outra banda, recóllese *chwasco* en Navia de Suarna (L.23), formada sobre *chuvia* + suf. *-asco*; trátase dun substantivo empregado decote para referirse á chuvia forte, probablemente resultado dunha confusión con *chuwisco* (xa que en todo o territorio galego parece estar máis que clara a distinción entre ámbolos dous tipos de chuvias)¹. E en Vilalba (L.11) aparece *chwasco fino*, foma analítica composta a partir da palabra xa lexicalizada *chwasco* + adx. *fino* (desenvolvido por varios romances a partir do substantivo *fin*, descendente semiculto do lat. FĪNIS ‘límite, fin’ que, nun principio tiña o sentido de ‘o sumo, o perfecto’, posteriormente ‘sutil’).

d) Para rematar tamén se rexistra o castelanismo *llovizna*, formación construída tamén sobre o lat. PLŪVIA + suf. *-izna* (< lat. -ĪCINA), que lle achega un valor diminutivo.

2.2.2. Auga chuviosa, agua peneirada, de corvos, de grelos, de mollabobos...

Cómpre indicar que en galego *auga* e *chuvia* son voces sinónimas en contextos como “dan auga / chuvia para mañá”, por iso decidimos incluílas neste grupo de denominacións.

Derivados do lat. AQUA que, na súa orixe, designaban un dos elementos constitutivos da natureza, xunto coa terra e co lume, e que posteriormente pasaron a denomina-la auga como fenómeno atmosférico, é dicir, a que cae do ceo; acepción esta última que se conservou nas linguas romances, entre elas en galego, na que para designa-lo orballo só rexistramos formas analíticas que, mediante adxectivos máis ou menos expresivos, fan referencia á intensidade ou cantidade da auga que cae. *Auga chuviosa*: probablemente formada sobre a forma lexicalizada a partir do diminutivo *chuvia* + suf. *-osa*,

¹ Interesa apuntar como curiosidade unha das acepcións recollidas no dicionario de J.M. Pintos para esta voz: ‘persona de mal agüero por su aspecto y trazas’.

que lle conferiría neste caso o sentido de 'chea de'. *Auga chuviscosa*: formada sobre o substantivo lexicalizado *chuvisca* (suf. xermánico *-iske* < *-isca*) + suf. *-osa* (< lat. *-OSA*). *Auga peneirada*: o significado do verbo 'peneirar' en calquera diccionario de lingua galega é 'pasar pola peneira' (a *peneira* é un 'instrumento circular de madeira co fondo de tea ou de arame fino entretecido, que permite o paso da fariña máis fina, sacándolle o farelo'); queremos facer fincapé na calidade da fariña, a máis fina, porque se trataría, daquela, dunha evidente referencia ó ínfimo tamaño das pingas que conforman este tipo de chuvia, como se as pasaran por unha peneira antes de chegar ata nós, así como da forma que ten de caer este tipo de chuvia, é dicir en tódolos sentidos. *Auga de corvos*: designación que poderíamos explicar, se cadra, pola cor negra deste paxaro que quizais se pode relacionar coa escuridade do ambiente cando orballa; neste sentido, estaría en relación coa forma *cerrallada* (§ 2.5). *Auga de grelos*: quizais reciba esta denominación o *orballo* porque aínda que cando se sementan os grelos ten que estar seco o ambiente cómpre que chova un pouquiño para que enganche ben a semente na terra; Corominas e Pascual (s.v. *grillo*) documentan que en Aragón existe un verbo *grillar* ('el trigo grilla') que significa 'se pudre por la mucha lluvia'. *Auga de mollabobos*: véxase *chuvia de mollabobos*. *Auga de bobos*: véxase *chuvia de mollabobos*.

Outras variantes relacionadas son: *calabobos*, designación formada sobre o verbo *calar* (< lat. tardío CALARE 'facér baixar' < do grego χαλασν) + *bobos*; para *bobos* véx. *chuvia de mollabobos*); *mollabobos* (véxase *chuvia de mollabobos*); *mollaparvos* (véxase *chuvia de mollaparvos*); *mollapitos*, denominación formada sobre *mollar* (véxase *auga de mollabobos* e *chuvia de mollabobos*) + *pito(s)* (< lat. PITO, construción onomatopeica de asubío que pasou a designa-lo chifre), é unha forma que ten a súa motivación no símil co aspecto do animal mollado.

2.2.3. Cerzo, zarzallo, zarzalleira

Segundo Fidalgo (1986: 46) este grupo de designacións proceden da forma do lat. CÉRCIUS, var. de CÍRCIUS, documéntase case exclusivamente na área iberorromance e, sobre todo, no territorio galego, polo menos co significado de 'orballo'. Segundo esta autora estas formas proceden do significado latino 'vento do norte' pasando a 'vento do noroeste' e estarían motivadas pola crenza popular de que o vento do noroeste soprando dende o mar cara ó interior arrastra as nubes que producen un tipo de precipitación débil.

Para Bascuas (§ 29.4) a explicación detallada arriba non é unha proposta válida. Este autor considera unha raíz **ser-* 'fluír' da que proceden o nome dos ríos galegos Sar, Sor e Sarria, de onde **sron-* 'molla, humedece'. De aí que nós incluíramos estas variantes neste grupo.

Nos datos tirados de diferentes cuestionarios do *ALGa* documentouse a resposta *cerzo* coas seguintes acepcións ‘vento moi frío, escarabana’ en L.34, ‘néboa, brétema’ en A.4 e ‘nuboeiro baixo’ en A.2, ademais da acepción que aquí nos interesa. *Cerzo*, no diccionario de E. Rodríguez documentouse esta xeovariante pero só co significado ‘vento do norte’. *Zarzal*, probablemente de *zarz* + *-allo* (< lat. -ALEU), que lle confire aquí un valor diminutivo con matiz pexorativo; rexistrouse con este sentido nos dicionarios de Leiras e de Carré. *Zarzalleira*, derivado de *zarzal* + suf. *-eira*, que lle dá o valor de ‘efecto de’ (acción de *caer zarzal*).

2.2.4. Casimba

Podería tratarse dun africanismo que xuntamente coa súa variante *cacimba* significa ‘fochanca ou poza chea de auga’, tamén ‘pipa’; probablemente sexa unha forma procedente do quimbundo [kišimɔ] ‘poza’. A única lingua na que *cacimba* significa chuvia ou relente é o portugués onde se distingue de *cachimbo* que ten as seguintes acepcións: ‘pipa’, ‘quicio’ e ‘furado do candeeiro onde encaixan as velas’. Dado que se rexistra nun punto fronteirizo con Portugal e que tan só se recolle nesa localización podería tratarse dun préstamo luso á nosa lingua.

2.3. *Barr-, borr-, morr-, morm-, barb-, marm-, bab-...*

Este grupo de denominacións están representadas no Mapa 4.


2.3.1. Base *barr-*

Fidalgo (1986: 43-44) supón que as primeiras denominacións, as que teñen o lexema *barr-*, son derivadas do grego βορραζ ‘vento do norte’ > lat. BŎREĀS, AE (substituto do lat. AQUILŎ) que pasou da linguaxe poética á linguaxe mariñeira e de aí ás linguas romances co significado de ‘néboa’ e só nalgunhas co de ‘zarzal’.

Formas afíns aparecen no territorio catalán e galego aínda que é en Galicia onde son máis abundantes. Exemplos do catalán son *borrifa* ‘vento que trae neve’, *borrafa* ‘vento branco’, *brufada* ‘tronada de neve’. Tanto no catalán coma no galego aparece unha forma *borrifar* que significa ‘zarrapicar, mollando ou humedecendo, con pingas de auga’.

Sen embargo cómpre ter en conta a hipótese de Rivas (1994: 45) que, seguindo a Rostaing e a Dauzat entre outros, considera que a raíz *bar(r)-* > *br-* ‘monte, rocha’ é de orixe prerromana; esta reconécese na base de moitos topónimos como por exemplo Bariña (Xunqueira de Ambía), Barixonza (entre Cortegada e Perrelos), Barreira (Allariz). Este *barr-* é sen dúbida o mesmo que aparece nas formas *barbaña*, *barbuña* ou *marmañeira* por cruzamento.

● barruzo	⊙ barrallo	◆ mormuruxa	▲ baballeira
○ baruzo	× boreas	■ barbaña	▼ baballón
⊗ barruzada	+ borralleira	□ barbañeira	△ babaxa
⊙ barruma	× bornallo	⊗ barbuña	◀ babuña
● barrufo	* morriñada	◻ barbuxo	▶ babuñeira
● barrufalleira	* morriñeira	⊞ barbuza	▲ babuxa
○ barrufada	* morruña	■ barmaño	▲ babuxada
⊙ barruceira	◇ mormaceira	▧ marmañeira	▲ babuxadela
● barraceira	◇ mormallada	■ marmaño	▼ babuxeira
⊙ barralla	◇ mormaza	⊕ marmuña	



Mapa 4: Formas coas raíces barr-; borr-; morr-; morm-; barb-; marm-; bab-...

Para Bascuas (inédito: § 29.4 e 29.5) *barruzar* e as súas variantes relaciónanse con varios hidrónimos galegos como *Vara*, *Varón*... Considera que todos eles proceden da raíz indoeuropea *AWER- 'auga, mollar, chover, fluxo'. Dende o punto de vista morfolóxico *barruzar* pódese explicar como

*WARRUTIARE, relacionado polo mesmo autor coas formacións prerromanas *Sar, Sarria...*

Barruzar, zarzallar e orballar teñen para Bascuas o mesmo significado e, fronte das dificultades de calquera explicación romance, considera que é doada a súa vinculación con raíces hidronímicas paleoeuropeas tanto no que atinxe ó seu significado coma no que se refire á morfoloxía. Este autor apunta diferencias de significado nestas tres variantes que non se documentaron na información que achegaron as persoas enquisadas para a elaboración do *Cuestionario do ALGa*: o barruzo é máis denso, o zarzallo é máis intenso e o orballo é máis fino. *Barruzo*, de *barr(o)*- + suf. *-uzo* (diminutivo con valor despectivo), substantivo sobre o que se formarán os dous seguintes que presentan cambio de xénero. *Barruceira*, de *barruzo* + suf. *-eira*, referido á acción ou efecto de caer barruzo. *Barruzada*, de *barruzo* + suf. *-ada*, deverbal que lle dá o valor de ‘acción’ ou ‘efecto de caer barruzo’. *Barrufo*, substantivo masculino. *Barrufada*, de *barruf(o)* + suf. *-ada*, aquí sufixo deverbal (‘efecto de barrufar’); ademais de documentarse no *DRAG* e no diccionario de E. Rodríguez co sentido que aquí nos interesa, rexístrase no de Filgueira co de ‘cosa despreciable, nonada, friolera’. Este significado permítenos relacionalo co tipo de chuvia: non cae auga a caldeiros senón que se trata dunha chuvía. *Barrufalleira*, formada sobre *barruf(o)* + acumulación de sufixos: suf. *-alla* (< lat. ALEA) e suf. *-eira*.

Incluímo-las variantes que seguen neste mesmo grupo dada a súa localización xeográfica no territorio galego e porque comparten unha mesma raíz *barr-* (*vid. supra*) coas formas anteriores. *Barrallo*, de *borra* (con cambio de vocal tónica) + suf. *-allo*; Carré, no seu diccionario, atesta esta forma co mesmo significado en Meira, Lugo. *Baralla*, feminino (véxase o anterior). *Barruma*, a diferencia das anteriores, probablemente de *borra* (con cambio de vocal tónica) + suf. *-ume* (< lat. -UMINE) que indica colectividade, dando un substantivo *barrume* que, dado o seu xénero feminino, posteriormente pasaría a *barruma* por asociación.

2.3.2. Base *borr-* / *morr-*

No que se refire ás formas coa raíz *borr-*, Fidalgo (1986: 43) recolle o étimo BÖREĀS ‘vento do norte’ e ‘rexión onde sopra o vento’ (segundo a García de Diego); Corominas e Pascual recolle o latín tardío BŪRRA (segundo a Meyer-Lübke), suposta abreviación de *la burra* ‘la vermella’. De aí daría lugar a derivados varios nas linguas romances (murc. e cat. *borradura* ‘sarabullo’ e outros derivados con raíz *borr-* co sentido de ‘po, cinza’: *borra*, *borralla*, *borralleiro*, *borrallento...*). Outras das súas acepcións son ‘moreas de vexetais que se empregan para fertilizar’ (*aborrea*, *borralleira*, *borrea*, *borroeira...*) e ‘chuvisca’.

Rivas (1982: 38-41), aínda que sen pronunciarse abertamente sobre a etimoloxía deste grupo léxico, considera que estas formas son derivadas dunha raíz precéltica *bor(r)-* / *bur(r)-*, *mor(r)-*. Apunta tamén que entre os lexemas *borr-* / *morr-* existe unha equivalencia acústica que os leva a mesturarse (por exemplo: *borralla* / *morrallá*).

Este mesmo autor realiza un clasificación semántica dos termos derivados destes lexemas: a) concepto de morea en xeral (*aborroarse as abellas* 'amorearse ó entrar na colmea...'); b) concepto de morea que se queima e lixo (*borralla* 'cinza'...) e último c) concepto de po, orballo, brétema, partindo de cinza (*borralleiro* 'chuviña'...). Por causa da riqueza da base *borr-* / *morr-*, Rivas (1982: 40) propón o seguinte esquema de clasificación: (a) *borr-* / *morr-* 'montón, hinchazón'; (b) *borr-* / *morr-* 'llovizna, polvo'; (c) *borr-* / *morr-* 'montón que se quema: Galicia lingüística'.

As formas que recollemos con esta raíz do *Cuestionario* do *ALGa* relaciónanse perfectamente coa segunda acepción. A raíz *borr-* / *morr-* coa acepción 'chuvia miúda' só se documenta en Galicia, no norte de Portugal, en Asturias e en Cataluña. As variantes recollidas con esta raíz foron *borraxeiro*, con xénero masculino, de *borra* + suf. *-axa* ou *-axo* + suf. *-eiro* que neste caso parece darlle un valor colectivo. *Borraxeira*, *borraxa* + suf. *-eira*; mesmo caso có anterior con cambio de xénero. *Borralleira*, derivada de *borralla* (*borra* + suf. *-alla*) + suf. *-eira*. *Bornallo*, trátase dunha denominación despectiva polo valor que lle confire o sufixo *-allo*, que ás veces tamén leva consigo un matiz colectivo que non estaría fóra de contexto no caso que nos ocupa. *Morruña*, forma lexicalizada, de *morr-* + suf. *-uña*, que lle confire un matiz despectivo. *Morriñada*, de *morriña* (*morr-* + *-iña*) + suf. *-ada*. Documentase nos dicionarios de Valladares, Filgueira, Carré e E. Rodríguez co sentido de 'fruslería, cosa de poca entidade', 'inmundicia' e mesmo 'refugallo'. *Morriñeira*, do mesmo xeito có anterior, formada sobre a raíz *morriña* + suf. *-eira*.

As seguintes formas con raíz *morm-* semellan ser cruzamentos entre os derivados de *morr-* (*morriñada*, *morruña*...) e *marm-* (*marmuña*, *marmañeira*...). *Mormaza*, de *mor(m)-* + suf. *-aza* (< lat. *-ACEA*), sufixo aumentativo, probablemente o máis representativo de tódolos sufixos acumulativos intencionais e que a miúdo vai acompañado dun certo matiz pexorativo, como probablemente sexa o caso aquí. *Mormaceira*, forma derivada de *mormaza* (substantivo lexicalizado) + suf. *-eira* con valor de 'acción ou efecto de'. *Mormallada*, forma derivada, como a anterior, de *mormallo* (*morm(o)-* + *-allo*, que lle confire á raíz un valor despectivo con certo matiz colectivo) + suf. de verbal *-ada*. *Mormuruxa*, forma composta de *mormura(r)* + suf. *-uxa*.

2.3.3. Base: *barb-* / *marm-*

Rivas (1982: 28-31) reconece un prefixo precéltico *barb-* co significado de ‘monte’. Documenta os topónimos *Barbudo*, *Barduda*, *Barbeiros...* e considéraos falsamente transparentes xa que segundo a súa opinión non gardan ningunha relación cun home barbudo. Os topónimos que rexistra son sempre outeiros ou castros así que el considera que a raíz debe ser oronímica. Para explica-la súa orixe afirma que vén do precéltico *bar-* ‘altura’ enfatizado con xeminación de inicial en *barb-* ‘monte’.

Concordamos con Fidalgo (1986: 76) en que a etimoloxía achegada por García de Diego para as variantes con raíz *marm-* que as relaciona con MALUM FOLIUM, MALA FOLIA ‘desperdicio ou desfeito de herbas e plantas’ parécenos moi pouco probable. Para nós, *barb-* e *marm-* teñen unha orixe común que nos atrevemos a emparentar coa mesma raíz indoeuropea **aver-* xa comentada. *Barbaña*, de *barb(a)-* + suf. *-aña* (< lat. *-ANEA*), que lle confire un certo matiz despectivo á palabra na que xa non se percibe como un sufixo; de feito, sobre esta palabra lexicalizada formaranse, por derivación sufixal, outras designacións como veremos de seguido; esta forma só a documentamos no diccionario de E. Rodríguez. *Barbuña*, de *barb(a)-* + suf. *-uña*, que lle dá un matiz despectivo. *Barbañeiro*, de *barbañ(a)* + suf. *-eiro*. *Barbusco*, con cambio de xénero, de *barb-* + suf. *-usco*, é un substantivo masculino na súa orixe formado por derivación coa axuda dun sufixo diminutivo cun forte valor despectivo. *Barbuza*, de *barb-* + suf. *-uza*, é o mesmo caso có anterior, aínda que feminino, e pode que froito dun cruzamento con *barruza*. *Barmaño*, segundo a nosa opinión, podería se-lo resultado dun cruzamento entre as formas *marmaño* e *barbaño*; esta hipótese é debida á proximidade xeográfica desta variante léxica con *barbaña* que se rexistra en L.37 e *babuña*, recollida en O.4, ámbolos dous concellos próximos ó punto en que se atestou a forma que nos ocupa, L.38. *Marmaño*, de *marm-* + suf. *-año* (< lat. *-ANEU*), que lle confire simplemente un matiz despectivo. *Marmañeiro*, denominación formada sobre *marmaño* + suf. *-eiro*, que lle dá un valor de colectividade. *Marmuña*, de *marm-* + suf. *-uña* que lle dá un valor despectivo (pode que por contaminación con *babuña* que aparece en O.9).

2.3.4. Base *bab-*

Tódalas designacións con raíz *bab-* inclúeas Fidalgo (1986: 55-56), seguindo a Corominas e Pascual (s.v. *baba*), na familia das onomatopeas e voces expresivas seguidoras do lat. vg. **BABA*, voz expresiva creada pola linguaxe infantil coa repetición da sílaba *ba-* para expresa-lo babexo mesturado co balbuzo dos nenos pequenos. Esta autora considera que a motivación está na relación entre o cuspe e o pinguenexar do orballo polo efecto de viscosidade que ocasiona esta chuviña na atmosfera.

A explicación semántica que vimos de achegar podería ser probable pero cremos que as formas con raíz *bab-* gardan relación ou son variantes da mesma raíz *barr-* (< *AWER-).

Convén salientar que tódalas formas con raíz *bab-* aparecen documentadas con esta mesma acepción pola meirande parte dos autores incluídos no *Diccionario de dicionarios* (Santamarina 2001).

Dentro desta familia léxica de denominacións rexistráronse numerosas formas que comentamos sucintamente. *Baballón*, denominación resultado da acumulación de sufixos: primeiro *-alla*, un colectivo con marcado valor despectivo que probablemente pasou a formar un substantivo feminino lexicalizado *baballa* (do tipo *poalla...*) e, segundo, un sufixo aumentativo *-ón* (< lat. -ONE), un dos máis rendibles e de maior vitalidade en galego, que leva consigo, a miúdo, un marcado valor pexorativo. *Baballeira*, tamén formada sobre *baballa* pero co sufixo *-eira*. *Babaxa*, de *bab-* + suf. feminino *-axa*. *Babuxa*, de *bab-* + suf. *-uxa*, palabra lexicalizada que na súa orixe presenta un sufixo colectivo con valor despectivo, e que será a base sobre a que se van formar algunhas designacións. *Babuxeira*, formada sobre o nome anterior *babuxa* + suf. *-eira*. *Babuxada*, formada tamén sobre *babuxa* + suf. *-ada*, que neste caso lle pode conferir un valor de duración (do tipo *estiñada*, *esteada*, *invernada*) ou tamén se podería tratar dun sufixo deverbais polo contacto con *barruzada* e outras denominacións deste tipo. *Babuxadela*, formada por derivación sobre a forma anterior *babuxada* + suf. *-ela* (< lat. -ELLA), que intensifican o seu valor, de por si pexorativo (*-uxa*) e de acción e duración (*-ada*) mediante a derradeira acumulación sufixal *-ela*.

Para rematar cos seguidores de *bab-*, mencionáremo-la forma *babuña* e o seu derivado *babuñeira*. *Babuña*, de *bab-* + suf. *-uña*, palabra lexicalizada que na súa orixe presenta un sufixo colectivo con valor despectivo. *Babuñeira*, derivada directa do nome anterior *babuña* + suf. *-eira*.

2.4. Denominacións referidas a unha 'masa de partículas finas espalladas polo aire'


As variantes comentadas neste grupo aparecen cartografadas no Mapa 5 que ilustramos a continuación.

2.4.1. Poalla, puallo, poalleira, poallada, pañía

Grupo léxico seguidor do lat. vg. *PŪLVUS (< lat. cl. PŪLVIS); a forma galega *po* procede de *PU(L)US. De *po* derivará a nosa forma *poa* (*poia*) 'substancia adherida ó gran que se separaba del bañándo e aireándo, despois de golpeala con mallas e de aventala'. A motivación está, xa que logo, directamente relacionada co xeito molesto que ten de cae-lo orballo, é dicir, en tódalas direccións e en pingas moi miúdas. Agás a xeovariante *poallada*, o resto das formas aparecen documentadas, na súa maioría por E. Rodríguez

(Santamarina 2001). *Poalla*, de *poa* + suf. *-alla*, que lle confire un valor despectivo con valor colectivo do tipo *barrufalla*. Sobre esta palabra lexicalizada formáronse os derivados sufixais seguintes: *puallo*, variante fonética da anterior que presenta cambio de xénero; *poalleira*, derivado de *poalla* + suf. *-eira*; *pualleira*, variante fonética da forma anterior; e *poallada*, formado tamén sobre *poalla* + suf. *-ada*, sufixo deverbal que lle achega á denominación o valor de acción ou efecto. *Paña* é unha formación creada a partir de *p(o)aña*, debido a un desprazamento acentual tralo que desaparecería a vocal pretónica *-o*.

- | | |
|-------------|-------------|
| ● poalla | ○ pualleira |
| ◎ pualla | ✱ paña |
| ● puallo | ■ muiña |
| ⊗ poallada | □ muiñeira |
| ○ poalleira | + farelos |



Mapa 5. Denominacións referidas a unha 'masa de partículas finas espalladas polo aire'

2.4.2. Muíña, muiñeira

Muíña é o po que se xebra do gran cando se limpa. Ámbalas dúas formas rexistráronse no mesmo punto (P.30) xunto con *farelos*, que veremos a continuación (§ 2.4.3.). *Muíña* e *muiñeira*, formado sobre *muíña* + suf. *-eira*.

2.4.3. Farelos

A xeovariante *farelo(s)* é un derivado do lat. FARĪNA, que entre outras acepcións significa en plural 'anacos pequenos dalgunha cousa branda e fácil de desunir ou de desfacer'. Existen para designa-lo orballo outras formas relacionadas semanticamente co cereal ou co seu proceso de elaboración, algunhas das cales aparecen recollidas por Fidalgo (1986: 60-62); por ex: arag. *agna cernida* (< lat. CERNĒRE), alm. *salvadillo* (< lat. SALVUS), cast. *harinilla*, *harinita* (< lat. FARĪNA).

As denominacións deste apartado están asentadas sobre a idea de cantidade e de aglomeración de partículas moi miúdas.

2.5. Outras denominacións


Carcaxía. Esta forma rexistrouse só en C.9. Tanto nos dicionarios actuais coma naqueles incluídos en Santamarina (2001) documéntase *carcaxía* co significado de 'chuvia miúda', 'chuvia mol' e 'néboa húmida'; no dicionario de E. Rodríguez recóllense ademais estes dous refráns: *carcaxía norte cría* e *carcaxía, polo norte pia*. Tamén documentamos algunha variante desta forma na toponimia onde parece ter bastante vitalidade (realizamos esta pescuda co fin de procurar, infructuosamente, unha posible explicación motivacional da forma; é dicir, podería tratarse dun derivado do topónimo se se entendese '[aire de] Carcasía' ou '[auga de] Carcasía' pero non hai coincidencia xeográfica entre os lugares onde se rexistraron os topónimos e a localización desta forma no *Cuestionario* do *ALGa*. Así, na *GEG* aparecen tres topónimos: Carcacia, parroquia de Oleiros, concello de Carballedo (Lugo); San Pedro de Carcacia, parroquia, concello de Padrón (A Coruña); Carcasía, aldea da parroquia de Barro, concello de Noia (A Coruña).

Cerrallada. Do lat. tardío SERARE derivado de SERA 'fecho', 'pechadura'. Unha das acepcións do verbo *cerrar* na actualidade é 'cubrirse o ceo de nubes escurecéndose o día'. Está xustificada a motivación a partir desta acepción: cando barruza o día está fechado. *Cerrallada* fórmase sobre o verbo *cerrar* + suf. *-allo* + suf. *-ada*, sufixo deverbais que indica acción ou efecto, como noutros casos xa rexistrados: *barrufada* ou *barruzada*.

Emizga. Esta forma rexistrouse en C.32 e dela ignoramos tanto a etimoloxía coma a súa motivación. Apuntamos de xeito ilustrativo que aparece documentado en varios dicionarios o verbo *amizar* co significado de 'deixar de chover, escampar'. É por isto que nos aventuramos a dicir que se podería

tratar dunha posible variación fonética de *(a)miza(r)*. En *emiza* recoñecemos un suf. *-iza* (< lat. *-ICEA*).

- | | | |
|------------|-------------------|--------------|
| ⊙ melaeira | ■ batuñeira | ◇ emiza |
| ○ meleada | ▲ mexa a niebla | + froalleira |
| ● meliada | ▼ mexa-las moscas | ⊗ grumazo |
| ● meluria | ⊕ carcaxía | ★ lapiñeira |
| ● molura | ✱ casimba | ➤ mocallo |
| ■ patoña | * cerrallada | ↑ papuxeira |



Mapa 6. Outras denominacións

Froalleira. Fidalgo (1986: 76) presenta a posibilidade de que proveña do lat. *FLOCCUM* ‘copo de la’ e explica a motivación na lixeireza e suavidade das pingas do orballo. Sen embargo, nós consideramos moi difícil explica-la evolución fonética a partir deste étimo e moi arriscada a explicación semántica. *Froalleira*, de *froallo* + suf. *-eira*. Esta denominación en xénero masculino

(*froalleiro*) rexístrase no diccionario de E. Rodríguez facendo referencia ó tempo ou ó día en que cae con intensidade un orballo persistente.

Grumazo. Descoñecemos-la súa orixe pero non desbotamos unha posible orixe 'bruma'. Neste sentido, cómpre ter en conta que nesta zona (L.2) os falantes empregan *uga* no canto de *uva* ou *golpe* a partir de VULPES. *Grumazo*, de *grumo* + suf. *-azo* (< lat. *-ACEU*).

Lapiñeira. E. Rodríguez no seu diccionario ilustra esta forma en Láncara. Unha acepción de *lapar* hoxe en día é 'lamber ou sorber un animal comida líquida facendo ruído'. Se cadra pódese establecer unha relación do líquido que se sorbe coa auga da chuva. *Lapiñeira* está constituída a partir da forma lexicalizada *lapiña* (orixinariamente *lapa* + suf. *-iña*) + suf. *-eira*, obxectivada pola existencia dun verbo *lapiñar*.

Mancha. Documentouse en A.7, onde o informante indicou que o termo se aplica ó orballo do tempo da calor. Voz derivada directa do lat. MANCŪLA 'parte dun corpo de distinta cor có xeral'. Hogano é o sinal de sucidade que aparece nun corpo deixado por unha substancia. A forma *mancha* emprégase para designa-la enfermidade das patacas, chamáselle así porque a folla da pataca aparece manchada pola mera. A motivación explícase porque o efecto (a enfermidade) pasou a designa-la causa que o produce (a mera).

Mocallo. Esta forma só a rexistramos no *ALGa* en O.19; Fidalgo (1986: 78), pola súa banda, documenta mocadeira en Cangas do Morrazo (Pontevedra). Segundo esta autora estamos fronte dun derivado do lat. vg. *MŪCCUS (lat. cl. MŪCUS 'moco'). Se é certa esta hipótese o icónimo escóllese neste caso polo carácter pegañento e espeso deste tipo de chuva. No diccionario de E. Rodríguez documéntase esta entrada coa acepción de 'llovizna, lluvia fina'. A voz *mocallo* está formada sobre *moco* + suf. *-allo*, que lle contaxia carácter despectivo con matiz colectivo á denominación.

Molura, meleada, meliada, melaeira, meluria. Estas variantes quizais teñan a súa base etimolóxica no lat. MŌLLIS 'flexible, mol, suave', e están relacionadas coa suavidade da chuva da que estamos a falar. Fidalgo (1986: 35) explica que a partir deste étimo se chega ó significado de 'chuviña' polo procedemento metonímico do efecto e a causa: o efecto é estar mollado e a causa a chuva fina; esta autora considera que a forma *meleada* é un derivado de MĒL, MELLIS e explica a motivación 'polo carácter pastoso e espeso da chuva' (*Ibidem*: 78). Dende o noso punto de vista, parece máis xustificable que as formas *meleada, melaeira* e *meluria* sexan variantes fonéticas de *molura* e teñan a súa orixe na raíz *mol-*. *Molura* está formada sobre a raíz *mol* + suf. *-ura* que indica unha calidade abstracta do tipo: frescura, negrura; rexístrase en Valladares, Filgueira e Carré con este significado. *Meleada* e *meliada* están formadas sobre a raíz *mel* + suf. *-ada*, que lles contaxia un valor á vez de 'colectividade' e de 'semellanza con'. *Melaeira* está formada sobre a raíz *mel* +

-a (morfema de xénero para que o substantivo funcione como tal, pero que, considerado como sufixo, lle confire na súa orixe un valor colectivo a un substantivo masculino) + suf. -eira. *Meluria*, derivada de *mel* + suf. -uria; rexistramos unha variante *melura* con este mesmo significado ('chuviaña'), entre outros, nos dicionarios de Filgueira, Carré e E. Rodríguez.

Papuxeira. Tanto en galego coma en portugués é unha raíz que presenta unha gran produtividade para designar realidades de pouco valor ou de consistencia líquida. Algunhas destas formas son *papas*, *paparruchas*, *papallada*, *paparrulleiro*... A motivación explícase quizais polo carácter líquido e espeso do orballo e das papas, característica que permite asocialos. A forma *papuxeira* está formada sobre *papa* con acumulación de dous sufixos: -uxa (con matiz diminutivo-despectivo) e -eira.

Patoña, *batuñeira*. E. Rodríguez rexistra *patoña* co significado de 'miope' e como variante de *pitoño* (en Ribadavía e Cangas do Morrazo). Tamén se vincula co cast. *cegajoso*, 'que ten os ollos chorosos'. Neste sentido, podemos relacionar estas formas coas do § 2.1.1 no que se explicaba a orixe etimolóxica de orballo a partir de ORBU 'cego'. García tamén rexistrou esta voz co significado 'lluvia fina'. No material do *ALGa* recóllese *batuñeira* en P.1. Fidalgo (1986: 58) rexistrou as formas *pateira*, *patuñeira*, *auga patañeira*... na provincia de Lugo. Respecto de *batuñeira* pode explicarse como sonorización da oclusiva inicial aínda que non desbotamos unha posible etimoloxía BATTUÈRE (< bater) xa que en galego existen as variantes *batucar*, *batuxar*, *batumar* que teñen como significado común 'salpicar, chover miúdo'. *Patoña*, forma expresiva lexicalizada, na súa orixe formada por adición do suf. -oña de tipo despectivo. *Batuñeira* está formada sobre a voz lexicalizada *patuña* + suf. -eira (< lat. -ARIA) cun matiz que indica 'acción ou efecto de patuñar' co sentido de 'chapuzar'.

Mexa a niebla, *mexa-las moscas*. Rexistráronse dúas formas analíticas constituídas polo verbo *mexar*, do lat. vg. MEIARE (< lat. cl. MEJÈRE) acompañado en ámbolos dous casos dun substantivo formando unha locución referida a orballo. *Mexa a niebla*, forma da 3ª persoa singular do presente do verbo *mexar* + art. fem. sing. *a* e o cast. *niebla* (< lat. NEBULA 'nube', 'néboa'); respecto da súa motivación, *mexar* emprégase para referirse á 'chuvia miúda que pinga'. A forma *néboa*, pola súa banda, non é estraña con esta acepción xa que no territorio galego rexistramos outras formas da familia: *neboeiro*, *neboeirada*, *niebleceira*..., como xa se comentou en § 2.1.2. *Mexa-las moscas*, documentada en Valdoviño (C.4), designa o 'orballar máis cativo'; a etimoloxía é evidente; en canto á motivación debe estar relacionada coa pouca entidade da chuvia, é dicir, que a cantidade de auga que cae é pobre e escasa, como acontecía en *mexa a niebla*. Fidalgo (1986: 52) documentou varias designa-

cións deste tipo en Granada: unha delas está formada por *auga* e un derivado de *mexar*, *agua meoncilla*; outro exemplo sería *niebla meona*.

3. ANÁLISE COMPARATIVA DOS DATOS DIALECTAIS E DOS DATOS DA LINGUA LITERARIA

Nesta derradeira parte da nosa contribución levamos a cabo unha análise comparativa dos datos dialectais fronte dos datos literarios. Para isto empregámo-las informacións do *ALGa* da pregunta 589 'chuvia miudiña e compacta, orballo' que xa representamos nos mapas anteriores e cruzámolas con aquelas rexistradas na *Base de datos para a formación dun diccionario da lingua moderna*¹. ¿Cal é a finalidade de presentar agora as formas escolleitas polos nosos escritores para designar este tipo de chuvia? O motivo desta análise é pescudar cómo actúan os nosos escritores fronte da escolla lexical dun termo para designa-la chuvia miúda: ¿empregan a forma dialectal que lles corresponde polo seu lugar de nacemento ou polo lugar en que viven ou ben hai outros lexemas que non concordan coas súas variantes dialectais pero que semellan ter máis vitalidade no estándar literario?

Este labor comparativo realizámolo con tódalas formas léxicas que rexistráramos no *ALGa*; cómpre sinalar que, como é esperable, fronte da riqueza de lexemas do *ALGa*, na *Base de datos para a formación dun diccionario da lingua moderna* non se documentan tódolos lexemas ou, ás veces, rexístranse con outras acepcións que nada teñen que ver co 'orballo' aquí tratado.

Nun primeiro momento procurámo-los exemplos literarios e o autor e obra no que se incluían. Logo empregamos fundamentalmente o *Diccionario da literatura galega, Tomo I (autores)* (Vilavedra 1995), e outras fontes para coñece-lo lugar de nacemento e outros datos biográficos sobre o autor. O segundo chanzo no noso labor foi asignarlles a esas xeovariantes literarias un punto xeográfico máis ou menos coincidente cos puntos cos que conta o *ALGa* para establecermos unha comparanza.

Cómpre apuntar que, deste xeito, decidimos desbotar aquelas formas pouco representadas nas variedades diatópicas e na lingua literaria pola súa escasa rendibilidade. Aínda así presentamos de maneira ilustrativa algúns casos nos que, aínda que a frecuencia no territorio galego da forma léxica é mínima e o uso que fan os escritores dela se reduce a uns poucos casos, existe unha proximidade xeográfica evidente entre as formas documentadas

¹ Trátase dun proxecto de enorme magnitude que comezou a súa andaina no Instituto da Lingua Galega (ILG) da man do seu director, Antón Santamarina Fernández, no ano 1985 e que aínda non rematou. Dende a súa xénese ata o momento presente conta con aproximadamente 11 000 000 de rexistros entre os que se inclúen dende textos de finais do século XVII ata obras literarias do ano 2001.


nas distintas fontes. Neste caso, estarían a forma *carcasía* que se documenta no *ALGa* en Pontedeume (C.9) e que emprega un só escritor en tres ocasións na mesma obra. Trátase de Xelucho Abella Chouciño (*A ermida do diaño*, Galaxia, 1998), que é de Malpica (C.12):

Orballo miúdo de gotiñas case carcasía

As pingas buligantes de carcasía, sen chegaren a orballo auguran no aire o vento...

Carcasía. Orballo miúdo de gotiñas case inapreciable


Só un informante do *ALGa* achegou esta forma. A partir deste datos podemos comproba-la evidencia da proximidade xeográfica dos lugares dos que se tira por un banda o dato literario e por outra a información dialectal.



Mapa 7. Distribución diatópica de orballo, barruzo, zarzallo e poalla

Outro exemplo sería a forma *marmañeira* que nos datos do *ALGa* só aparece documentada en Folgoso do Courel (L.32). Empregan esta forma Uxío Novoneira (Parada de Moreda, O Courel: “Marmañeira. Chove pausiño prás sombras”, *Os eidos* 2) e Fiz Vergara Vilariño (Santalla de Lóuzara, Samos: “Marmañeira: chuvia fina”, *Orfo de ti en terra adentro*). De novo, xa que logo, comprobámo-la coincidencia entre a zona xeográfica na que se documenta o dato no material dialectal e o punto xeográfico no que naceron os autores.

Á parte de documentar estas formas, o que máis nos interesaba era ver qué vitalidade tiñan na lingua literaria as formas léxicas máis representativas dos datos tirados do *ALGa*. Estamos a referirnos ós icónimos *orballo*, *barruzo*, *zarzallo* e *poalla*. Debaixo destas formas incluimos tódalas súas variantes. É dicir: *orballo* {orballo, herballo, orballeira, herballeira, orballada, herballada, orballeirada}, *barruzo* {barruzo, barruceira, barruzada, barrufo, barrufada, barrufalleira, barrallo, barruma}, *zarzallo* {zarzallo, zarzalleira e cerzo} e *poalla* {poalla, puallo, poalleira, poallada}.



Mapa 8. Distribución de orballo, barruzo, zarzallo e poalla na lingua literaria segundo a procedencia dos autores

Orballo e as súas variantes presentan unha distribución moi espallada polo territorio galego. Con todo, concéntranse no noroeste e teñen presenza ademais nalgúns puntos da provincia de Lugo, Ourense, Pontevedra e no norte de Asturias. Respecto da localización dos datos dialectais, entre outros puntos, o informante escolleu a forma *orballo* ou algunha das súas variantes para designa-la 'chuvia miúda' en C.1, C.2, C.3, C.4, C.5, C.7, C.8, C.11, C.12, C.14, C.16, C.17, C.18, C.19, C.21, C.22, C.23, C.24, C.25, C.26, C.27, C.29, C.31, C.32, C.33, C.34, C.36, C.37, C.43, C.45, L.17, L.19, L.21, L.27, L.28, L.31, O.2, O.5, O.8, O.11, O.15, O.21, O.23, O.24, O.26, O.27, O.28, O.30, P.2, P.7, P.10, P.11, P.18, P.21, P.25, P.28, P.31, P.33 e A.7.

Polo que respecta ós datos literarios que documentamos foi necesario descartar aquelas acepcións de orballo que non facían referencia a chuva fina. Trala eliminación destes rexistros verificamos que os exemplos pertencen a obras de autores que proceden de Ferrol (C.7), Bergondo (\approx C.10), Arteixo (\approx C.11, C.13), Malpica (C.12), Carballo (C.18), Muxía (C.24), Cee (\approx C.29), Santiago de Compostela (C.35), Brión (\approx C.39), Muros (C.43), Ribadeo (L.4), Riotorto (\approx L.13), Castro de Rei (L.18), Lugo (L.22), Guntín (L.24), Chantada (L.31), Val do Incio (L.33), Quiroga (\approx L.37), Samos (\approx L.37), Ourense (\approx O.7), Nogueira de Ramuín (\approx O.7), Celanova (\approx O.15), A Estrada (P.3-P.4), Cambados (P.12), Pontevedra (P.15), Cangas (\approx P.21), Vigo (P.24), O Rosal (\approx P.32)...

Hai coincidencia entre a área de *orballo* nos dous mapas aínda que, como sempre, hai menos datos no corpus literario empregado. Algúns dos exemplos rexistrados pertencen as obras dos escritores Gonzalo López Abente (Muxía: “orballo miúdo”, *O novo xuezo*), Dictionio del Castillo-Elejabeytia (Ferrol: “chuva e paxaros... orballo e...”, *O espello das brétemas*), Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada: “O orballo, anque lixeiro, enchoupábame a roupa”, *Os culpables*), Eliseo Alonso (Goián, Tomiño: “Polos ollos tristes e húmidos como un serán de orballo, esvaíanselle ao capitán as derradeiras visións”, *Contos do Miño*).

Barruzo e as súas variantes esténdense por todo o nordeste galego. É a forma que escolleron os informantes de L.4, L.6, L.9, L.11, L.12, L.13, L.19..., entre outros puntos; ademais tamén é unha forma que se documentou en Asturias: A.1, A.3, A.5... Tamén se rexistran estas formas en diversos traballos de investigación desta área: no occidente de Asturias (Álvarez Valdés 1992), A Veiga (Fernández Vior 1997), Eilao (Álvarez Blanco 1983), a Terra Chá (Regueira 1989). Os autores que empregan esta forma léxica son Aquilino Iglesias Alvariño (Seivane-Abadín, *Quinto Horacio Flacco: Cancións, Libro 1*), Dino Pacio Lindín (A Pastoriza, *Terra húmeda*), Xavier Rodríguez Baixeras (que pasou a súa infancia en Ribadeo, *Anos de viaxe*), Manuel M. Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, *Obras completas*) e Xosé Miranda (Lugo, *O demo á orella*). Observamos, xa que logo, unha total coincidencia entre a localización desta forma na xeografía galega e a orixe do autor.

Zarzallos e as súas variantes documentáronse no centro da provincia de Lugo e están en contacto coa zona de *barruzo*. É, sen dúbida, a forma léxica das cartografadas nesta análise con menos presenza no territorio de fala galega. Segundo os datos dialectais rexistrados no *ALGa* é a forma que se emprega para designa-la ‘chuva miúda’ nos seguintes puntos: C.14, L.9, L.14, L.15, L.18 e L.21. No que atinxe ós datos literarios botan man desta forma Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo), Xesús Manuel Valcárcel (Lugo), Xesús Rábade Paredes (Cospeito), Camilo Cao Martínez (Celanova),

Aquilino Iglesias Alvariño (Seivane-Abadín) e Arcadio López Casanova (Lugo). Unha mostra desta recolleita aparece no libro de Xesús Rábade Paredes *A palabra secreta*: “iniciouse un zarzallo cabreante. É o sinal de invernia”. Agás o exemplo empregado por Camilo Cao Martínez, procedente de Celanova e fóra da zona desta xeovariante, atéstase, de novo, unha coincidencia entre a escolla dialectal e a forma utilizada polos escritores.

Poalla e as súas variantes son algunhas das formas para designa-lo 'orballo' que ocupan a zona sudoeste de Galicia. Tódolos puntos nos que se localizou esta forma no *ALGa* están situados na provincia de Pontevedra: P.13, P.18, P.19, P.21, P.24, P.26, P.28 e P.33. Os escritores que utilizan esta variante segundo a información tirada da *Base de datos para a formación dun diccionario da lingua moderna* son orixinarios ou residiron nesta zona: Xoán Bernárdez Villar (Marín) en *No ano do cometa*, Anxo Quintela (Vigo) en *O asasino estrábico*, Manuel Forcadela (Forcadela, Tomiño) en *Barato, barato*, Cándido Pazó (Vigo) en *Raiñas de pedra*, Xosé Luís Méndez Ferrín en *Bretaña esmeraldina* e Paulino Vázquez en *Aquí podían ser os pés de arxila*. Estes dous últimos autores merecen unha pequena aclaración; ámbolos dous naceron en Vilanova dos Infantes (O.15) —punto cartografado no mapa de datos literarios en cor verde e no dos datos dialectolóxicos en cor gris—; sen embargo, esta diverxencia entre mapas pódese xustificar polo feito de que, malia a súa orixe ourensá, tanto Ferrín —que estudou bacharelato en Pontevedra e Vigo onde foi docente de literatura— coma Paulino —que pasou en Vigo a súa adolescencia— reflicten nas súas obras a influencia da fala do sur de Pontevedra. Algúns exemplos desta forma nos autores citados son: “A noite choveu unha chuva desas que nin sequera poalla nin balón” (Cándido Pazó, *Raiñas de pedra*), “Pinga hoxe a poalla sobre as carballeiras fondas” (Xosé Luís Méndez Ferrín, *Bretaña esmeraldina*). Para rematar, cómpre apuntar que Manuel Rivas (A Coruña) en *En salvaxe compañía* utiliza a forma *poalla* na zona dialectal de *orballo*; desbotámo-la súa presentación no mapa, dado que na Coruña, tanto na lingua oral coma na literaria, a forma *orballo* é a máis representativa.

Da análise contrastiva entre a lingua literaria e os datos dialectais pódese deducir que para designa-la 'chuvia miúda' no territorio de fala galega *orballo* é a forma común que non está marcada dialectalmente. Respecto das outras xeovariantes analizadas non hai unha forma que impere sobre as demais e que teña unha extensión tal que eclipse as outras. Moi pola contra, os nosos escritores empregan as variantes dialectais representativas do seu lugar de orixe ou daquel no que viviron ou residiron un tempo determinado. Polos datos que aquí expuxemos e representamos graficamente a través dos mapas obsérvase en xeral unha correspondencia entre a información dialectal

recollida nos cuestionarios do *ALGa* e aquela outra pertencente ó eido da lingua literaria.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alinei, M. (1974): *La Struttura del Lessico*. Bologna: Il Mulino.
- Alinei, M. (1980): “The Structure of Meaning Revisited”, en *Quaderni di Semantica*, II, 2, 289-305.
- Alinei, M. (1984): “Le due strutture del significato”, en *Lingua e dialetti: struttura, storia e geografia*. Bologna: Il Mulino, 13-21.
- Alinei, M. (1994): “Trentacinque definizioni di etimologia, ovvero: il concetto di etimologia rivisitato”, en *Quaderni di Semantica*, XV, 2, 199-221.
- Alinei, M. (1996): “Aspetti teorici della motivazione”, en *Quaderni di Semantica*, XXXIII, 1, 7-17.
- Alinei, M. (1998): “Nuove prospettive nella ricerca storico-semantica ed etimologica”, en *Quaderni di Semantica*, XXXVIII, 2.
- Álvarez Blanco, J. C. (1983): *El habla del concejo de Illano (Margen occidental del río Navia)*. Tese de licenciatura. Universidad de Oviedo.
- Álvarez Valdés, J. (1992): *As costumbres foron deste xeito (Occidente de Asturias)*. Navia: Ayuntamiento de El Franco.
- Bascuas, E. (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba*, Santiago de Compostela: USC.
- Corominas, J. e J. A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- DLG = Alonso Estravís, I. (1995): *Dicionário da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- DRAG = García, C. e M. González González (dirs.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- Fernández Vior, J. A. (1997): *El habla de Vegadeo (A Veiga y su Concejo)*. Uvieu: Academia de la Llingua Asturiana.
- Fidalgo Francisco, E. (1986): *Las denominaciones románicas de la lluvia / llover*. Tese de licenciatura. USC.
- Fidalgo Francisco, E. (1991): “A onomatopeia como creadora de denominaciones de lluvia / chover”, en M. Brea e F. Fernández Rei (eds.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, 1. Santiago de Compostela: USC, 163-170.
- GDXL = Carballeira Anllo, X. M. (coord.) (2000): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- GEG = *Gran enciclopedia gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, 1974-2000.
- Machado, J. P. (1984): *Diccionario onomástico etimológico da lingua portuguesa*. Lisboa: Confluência.
- Martínez Cortizas, A. e A. Pérez Alberti (dirs.) (1999): *Atlas climático de Galicia*. Santiago de Compostela: Grafisant.
- Nomenclátor de Galicia (Lugo)*. Xunta de Galicia, 2000.
- Nomenclátor de Galicia (Ourense)*. Xunta de Galicia, 1996.

Nomenclátor de Galicia (Pontevedra). Xunta de Galicia, 1998.

Pueblos de España. Nomenclátor comercial. Madrid, 1992.

Regueira, X. L. (1989): *A fala do norte da Terra Cba.* Tese de doutoramento. USC.

Rivas Quintas, E. (1982): *Toponimia de Marín*. Anexo 18 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.

Rivas Quintas, E. (1994): *Lingua galega, niveis primitivos*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Santamarina Fernández, A. (ed.) (2001): *Diccionario de diccionarios 2*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Vilavedra, D. (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega. Autores*. Vigo: Galaxia.

AS DENOMINACIÓNS DOS MESES DO ANO: PERSPECTIVA LEXICOGRÁFICA

Raquel Aira González e Mónica Martínez Baleirón

Instituto da Lingua Galega. USC

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Interese e obxectivos desta investigación

O obxectivo deste traballo é ofrecer unha achega ó estudio das denominacións populares dos meses que van de *xuño* a *decembro* e apuntar algunhas ideas sobre o uso de distintos campos semánticos para nomealos.

Intentaremos superar unha visión descritiva sinalando algunhas liñas de interpretación lingüística e antropolóxica que axuden a explica-la presenza de diferentes grupos motivacionais na conceptualización do ciclo anual. No plano lexicográfico analizáremo-lo tratamento que os dicionarios galegos deron ás distintas solucións denominativas das divisións do ano.

1.2. Metodoloxía

Os datos empregados na nosa investigación refírense fundamentalmente á lingua popular e están tirados da cuestión 553 do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*: “nomes dos meses (proprios e segundo a festividade ou santo máis importante)”¹. Nos cadernos do *ALGa*, ademais de recollérense unha ou varias solucións léxicas para cada mes, rexístrouse información fraseolóxica e paremiolóxica de moito interese para dar coa motivación das distintas designacións léxicas².

Ademais do *ALGa*, empregamos outras fontes léxicas coa intención de avalía-la representatividade dos datos obtidos no traballo de campo e para recoñecer tamén comportamentos formais e tendencias de uso. Estoutras fontes son o *Glosario de voces galegas de boxe* (García 1985), pola súa contribución ó coñecemento da fala, e, fundamentalmente, o corpus textual do proxecto *Base de datos lexicográfica para a elaboración dun dicionario da lingua galega moderna*, que dirixe o profesor Antón Santamarina no Instituto da Lingua Galega.

1 Os mapas dialectais elaborados sobre esta cuestión publicáranse proximamente como *ALGa* IV.

2 Os refráns recollidos na *Cuest. 554* (“Ditos e refráns dos meses”) adoitan referirse ós labores do campo, á estacionalidade do clima e dos froitos, á duración dos días, etc.

1.3. O calendario en galego

Coma acontece noutras linguas occidentais, en galego emprégase para nomea-los meses un sistema denominativo herdado da cultura latina. O estándar do galego actual adoptou o sistema romano —coñecido como calendario xuliano, gregoriano¹ ou pagán— para achega-la norma á das outras linguas románicas.

Sen embargo, a carón deste sistema que todos temos aprendido e interiorizado, na Romanía empréganse tamén outras denominacións², coñecidas habitualmente como populares, que están motivadas polos seguintes semas: labores do campo (ou ciclo agrícola), festas anuais (ou ciclo ecolóxico) e efemérides cristiás (ou ciclo relixioso cristián). A falta de recoñecemento e uso das formas que conteñen estes semas levounos a pensar nas causas que deberon dar na súa regresión: (a) son formas marcadas como non-formais en canto ó rexistro; (b) son confusas e anfibolóxicas.

O momento de aparición das solucións motivadas en galego é difícil de determinar. Na documentación medieval só aparecen a efectos de datación as formas achegadas polo calendario xuliano. Sen embargo, si aparece na prosa notarial a expresión do día pola efeméride establecida no misal, co que se apuntaba xa unha tendencia á superación do complexo sistema de calendación romano³. Ferro Ruibal advirte tamén esta tendencia:

É sabido que entre o complicado sistema romano de nomealos días (*kalendas / nonas / idus*) e o sistema actual de numeralos, houbo na Idade Media un sistema intermedio consistente en sinalalos polo nome do santo do día (1992: 75).

Así, a carón do sistema culto das *calendas* (con fórmulas do tipo *undécimo día das calendas de novembro*) comezouse a empregar un sistema de cómputo baseado na numeración, isto é, na identificación dos días pola posición absoluta que estes tiñan no mes (fórmula: *catro de setembro*). Así mesmo, para identifica-lo día comezouse a emprega-la súa efeméride (fórmula: *véspera de san Martiño*).

Por extensión semántica pasouse de nomea-lo día en función do santoral a nomea-lo período, época ou mes por medio do nome da festividade que mellor lle servía de referente. O éxito de determinadas figuras do santoral na representación referencial dos meses ten que ver con factores antropolóxi-

1 Anque popularmente se denomine o calendario actual indistintamente como *xuliano* ou *gregoriano*, estas voces non deben entenderse como sinónimas.

2 Para a consulta das distintas solucións no mundo románico recomendamos a consulta do *ALEICan* (1975-1978), que remite en cada mapa á consulta da mesma cuestión noutros atlas lingüísticos.

3 Para comprende-lo sistema de datación que rexía na calendación romana e medieval véxase García Larragueta (1976: 42 e ss. e 60 e ss.).

cos e confesionais: que se trate dun santo milagreiro, que fose mártir, que teña unha tradición devota antiga, que teña tradición romeira, que teña significación simbólica, etc.

Dito queda que as efemérides e as denominacións do santoral comezaron sinalando o día concreto en que se celebraba unha festividade. Hoxe podemos recorrer ó refraneiro para documentar este uso do santoral como elemento eficaz na datación: no refraneiro constátase que o santoral é un recurso productivo na fixación do calendario de actividades agropecuarias¹.

2. MOTIVACIÓNS LÉXICAS NAS DENOMINACIÓNS DOS MESES

2.1. *Sobre a conceptualización do tempo: ¿por que xorden as formas populares?*

Xa vimos que o santoral é un recurso de grande importancia na datación popular. Sen embargo, o método polo que no rexistro popular se expresa a datación dos acontecementos deixa ver que a segmentación do ano para os galegos está fortemente vinculada á labranza e á festa.

A propósito da conceptualización do tempo, o antropólogo González Reborado (1989: 8-11) sostén que a estacionalidade e a climatoloxía inciden e determinan o calendario dos traballos (fundamentalmente na sociedade tradicional), e sobre este calendario de actividades establécense unha serie de celebracións culturais fortemente simbolizadas que, en moitos casos, transcenden a cultura tradicional e acaban sendo un referente festivo para toda a sociedade².

2.2. *Campos semánticos que motivaron as denominacións populares*

Imos ve-los tres campos semánticos que serven de fonte á periodización do calendario para analizar cómo motivaron a denominación popular dos meses.

2.2.1. Os labores do campo (ciclo agrícola)

Parece lóxico pensar que os labores do campo sexan un factor determinante na conceptualización do tempo se temos en conta o vencello que existe entre estes e a estacionalidade. Por isto, ademais da idea abstracta e conceptual que temos todos do mes, hai unha parte da poboación para a que

1 Véxase como exemplo “polo san Martiño mata o teu porquiño”, “no tempo de san Vicente planta o nabo da semente”, “por san Xoán québralle a primeira raíz ó pan” ou “pola santa Mariña pousa a sacha e colle a fouciña” (fonte: *ALGa*).

2 “Existe unha concepción reiterativa do tempo baseada no ciclo anual que condiciona radicalmente as formas de vida das sociedades agrarias. Pero as distintas comunidades humanas intentaron encher de significados culturais eses ritmos de tempo anuais mediante unha serie de mecanismos entre os que destaca a festa” (González Reborado 1989: 9).

o ano é ademais un conxunto de períodos, descontinuos e desiguais nos que se desenvolven determinados traballos. A Galicia rural bota as patacas, mata o porco, malla o liño, fai a vendima, apaña as castañas...¹ e en función destas actividades establece unha segmentación cronolóxica propia. Isto é o que explica a presenza de fórmulas referidas á *sega* e á *seitura* ou ó *san Martiño*.

Fronte á importancia do elemento agrícola no refraneiro, a súa representación como denominación do mes é escasa (*vid.* mapas correspondentes): *mes da sega* (para xullo ou agosto), *mes da seitura* (para xullo), *mes da recoleita* ou *a malla* (para setembro) e *mes morto* (para decembro).

2.2.2. As festas do ano (ciclo ecolóxico)

Arredor dos labores agropecuarios e dos períodos de produtividade e fartura establecéronse tradicionalmente celebracións de simboloxía gastronómica coas que se festexaba, por exemplo, o remate das colleitas. Pero coa festa celébranse tamén as distintas etapas do ciclo ecolóxico, os solsticios, hoxe asimilados baixo as formas *san Xoán* (do santoral) e *nadal* (da liturxia). A festa é, en definitiva, unha motivación a ter en conta pola súa importancia na secuencialización dos ritmos ecolóxicos do ano: *mes das flores* (para maio), *outono* (para outubro e novembro) e *outoniño* (para novembro)².

2.2.3. Efemérides cristiás (ciclo litúrxico)

Xa indicamos que por veces atopamos, baixo formas motivadas por este campo semántico, realidades culturais pagás e non relixiosas. A Igrexa católica deu en assimilar e reciclar manifestacións culturais e lugares de culto anteriores á chegada do cristianismo en Galicia³. A espiritualidade popular do medievo permitiu asumir como propias esas formas ata callaren na cultura galega. A forte pegada deixada polo catolicismo na nosa cultura explica, entre outras cousas, a forte presenza do santoral como recurso lingüístico na datación.

En canto á fortuna denominativa de cada un dos santos hai que dicir que a devoción popular é un factor a ter en conta entre outros moitos, pero, sen embargo, non é un motivo de éxito asegurado. Os que máis funcionan como

1 Inda que algunhas destas actividades seguen sendo hoxe elementos vivos na sociedade rural, moitas outras son xa actividades que están en involución.

2 Outras formas rexistradas fóra do *ALGa* dan conta do *mes do Entroido* ou do *mes dos maíos*. Trátase de formas nas que —como acontece noutros moitos exemplos— ten máis peso a función poética cá referencial, pero testemuñan a importancia do elemento ecolóxico no ciclo anual.

3 *De correctione rusticorum* (traducido como *Sermón contra as supersticións rurais*) de Martiño de Dumio dá boa conta das intencións asimiladoras da cultura católica, entre elas, “buscábase sen dúbida a suplantación do antigo calendario latino por un calendario cristián” (Castiñeiras 1995: 26). Hai que ter en conta tamén neste contexto a suplantación do semanario latino polo semanario cristián rexido por feiras.

denominacións de meses testemuñanos ben E. Rodríguez e Carré (Santamarina 2001: s.v. *mes*).

3. DOCUMENTACIÓN DIALECTAL DO *ALGA*: DESCRICIÓN DOS MAPAS

Imos facer fincapé, como xa se dixo, naqueles meses nos que a variedade denominativa é maior, isto é, os que van de xuño a decembro¹.

3.1. O mes de xuño e a celebración do san Xoán

O mes de xuño está bautizado popularmente co nome de san Xoán Bautista, curmán de Xesucristo. A documentación histórica testemuña que san Xoán sufriu martirio e faleceu este día en que se lle recorda (24 xuño). Desde tempo inmemorial a celebración máis importante de xuño fora a do solsticio de verán, que transcende fronteiras culturais. O cristianismo asimilou a data —aunque non a simboloxía— desta celebración pagá presentándolla á sociedade baixo o nome dunha forma cristiá, *san Xoán*:

As sociedades tradicionais europeas esforzaronse en enchelo ciclo anual de concepcións simbólicas vencelladas ben a circunstancias referidas á natureza, ben a elementos do seu sistema ideolóxico, este último moi condicionado polo cristianismo (González Reboredo 1989: 11).

A tradición cristiá marcou esta última data [25 de decembro] co nacemento de Cristo e a segunda [24 de xuño] coa do seu precursor, san Xoán Bautista, es tablecendo así unha íntima relación relixiosa entre as dúas (*ibidem*: 20).

Sendo unha celebración popular fortemente representada na nosa cultura, *san Xoán* rexistrouse de forma máis ou menos uniforme en todo o territorio² como denominación do sexto mes do ano (*vid.* Mapa 1), aunque fundamentalmente a través dunha forma interferida (108 formas de *san Juan*, 47 de *san Xoán*, 3 de *san Xan*, 2 de *mes de san Juan* e 1 de *mes de san Xoán*). Inda que a solución pagá (*xuño*) tamén ten unha forte presenza, a forma do santoral é a que presenta maior pegada na fala: en 53 ocasións foi resposta única dos informantes; é pois a máis coñecida e frecuente na fala (as ocorrencias foron 97 formas de *junio*, 12 de *xunio*, 4 de *xuio*, 1 de *xuño*).

1 As ocorrencias rexistradas para a primeira serie de meses non pasa de tres solucións diferentes da forma estándar: *mes de san Mauro* (1) para xaneiro, *san Blas* (3) para febreiro, *san José* (1) para marzo, *Pascua* (1) para abril, *mes da Ascensión* (1) e *mes das flores* (1) para maio. É coñecido o uso doutras moitas formas (*mes da Candeloria* para febreiro, *mes de san Marcos* para abril, *mes dos maíos* para maio, etc.) que non foron rexistradas polo *ALGA* pero que teñen documentación escrita.

2 Agás no galego exterior, onde a súa presenza é menor.

San Xoán é a forma do santoral de presenza máis forte no calendario¹. A súa importancia reflíctese tamén na antroponimia galega e no refraneiro; ademais é un referente constante (fronte a *xuño*) na fraseoloxía deste mes². A lexicalización desta forma pódese ver tamén no adxectivo *sansxoaneiro*, que se aplica a algúns froitos propios do mes de san Xoán.




Mapa 1. Mes de xuño

- 1 *San Xoán* é o caso que mellor reflicte a tendencia popular de denominación do mes. Na *Base de datos lexicográfica* do ILG hai abondosos exemplos deste uso: “polo mes de *sansxoán*” a carón de “o trece de *sansxoán*”, “de xaneiro a *sansxoán*”, “un mencer de *sansxoán*”. Repárese na lexicalización da estrutura.
- 2 “En san Xoán as nove con día dan”, “a auga de san Xoán quita o viño e non dá pan”, “en san Xoán a sardiña molla o pan”, “en san Xoán tanto queixo coma pan”, “en san Xoán carda a ovella a lán”, “o día de san Xoán sécalle a primeira raíz ó pan, o día de Santiago a do cabo, e pola santa Mariña bótalle a fouciña” (fonte: *ALGa*).

No que se refire ó nivel de castelanización, vese unha interferencia forte que non se concentra territorialmente. Hai sen embargo unha serie de puntos nos que se rexistra na súa forma patrimonial a denominación cristiá e na súa forma interferida a denominación pagá. Este feito permite intuí-la reintroducción desta última a través do castelán.

3.2. O mes de xullo, Santiago, santa Mariña ou a sega

Se no caso anterior falabamos dunha celebración ecolóxica e universal, no que toca a xullo acontece que as denominacións recollidas popularmente non se explican sen facer referencia á cultura do país, especialmente á súa vertente relixiosa. Se temos en conta a distribución complementaria que presentan as formas Santiago e santa Mariña, as formas cristiás son as que maior presenza rexistran tamén na denominación do sétimo mes do ano. A forza destas dúas festividades despraza a presenza da forma pagá en moitos puntos: Santiago rexístrase de maneira exclusiva en 43 puntos e santa Mariña en 7.



Mapa 2. Mes de xullo

O 25 de xullo celébrase en toda Galicia o día de Santiago Apóstolo¹. Sen embargo, a distribución das formas relixiosas permítenos ver que o culto xacobeo ten a súa influencia na parte máis occidental do territorio galegofalante para introducirse logo cara ó interior. O peso da forma Santiago explícase pola importancia cultural e litúrxica da figura deste apóstolo e do fenómeno do Ano Santo, e non pola vivencia que da súa devoción hai a nivel popular, que é ben pouca: a Santiago non se rende culto en Galicia a nivel popular coma no caso doutros santos². Se temos en conta que o fenómeno culto da peregrinaxe a Compostela se difundiu entre a poboación coa rebaudización³ das advocacións parroquiais poderemos explica-la aparente contradición que xorde ó compara-lo feito de que Santiago sexa o terceiro santo con representación parroquial (é a advocación de 277 parroquias) coa súa escasa incidencia a nivel antroponímico (sitúase no 22º lugar no índice de frecuencias de nomes de home segundo Ferro Ruibal (1992: 42).

Fronte ó carácter culto e á distribución territorial occidental de *Santiago*, *santa Mariña* é un referente de devoción popular asentado na parte oriental de Ourense. O seu culto lévanos a Santa Mariña de Augas Santas, en Allariz, onde a historia desta muller galega deixou a súa pegada (Fraguas 1989²: 241-244). A localización deste culto sitúanos tamén na antiga área galega da diocese de Astorga, co que se localiza a presenza de *santa Mariña* lonxe da zona de influencia da diocese de Compostela.

Por outra banda, obsérvanse dúas áreas dialectais nas que a motivación da denominación vén do ciclo agrícola: *a sega* nunha zona pouco compacta do centro e norte de Lugo e *a seitura* na Limia Baixa. Estas dúas solucións léxicas danse onde efectivamente os labores do trigo eran importantes.

No que se refire á castellanización, reflíctese un alto nivel de interferencia da forma pagá: rexistrouse *julio* en 92 respostas.

3.3. O mes de agosto ou da Nosa Señora

O mes de agosto, xunto co de xullo, non formaba parte do calendario romano, foi introducido polo emperador César Augusto en honor ó seu nome (o de xullo en honor a Xulio César).

1 O 25 de xullo celébrase tamén o Día da Patria Galega, que, anque non é unha celebración tradicional, reafirma a importancia simbólica do seu día.

2 “[...] o feito compostelán non tivo practicamente repercusión relixiosa en Galicia, e moi escaso foi o beneficio cultural. [...] dende o punto de vista relixioso, o Ano Santo nunca significou moito en Galicia, en contraste con outros santuarios, coma o de Santo André de Teixido e moitos máis” (Chao Rego 1999: 164).

3 Parece ser que a advocación de Santiago foi un fenómeno progresivo desde o medievo. A imposición da advocación de Santiago serviu de mecanismo de difusión popular do seu culto.

O que máis chama a atención deste mes é que, de tódolos que forman o verán, é no que menos presenza teñen as denominacións de carácter popular. Como se pode observar, domina por todo o territorio a forma xuliana, que é a atestada en tódolos puntos do Mapa 3. Só en nove puntos illados convive coas formas: *Nosa Señora* (e variantes), *santa Mariña*, *santa María* e *a sega*. Isto pode ser debido a que:

a) A única festividade relixiosa relevante neste mes é a dedicada á Nosa Señora (o día 15). Malia a importancia que se lle dá á tal celebración, *Nosa Señora* (ou variantes) é a resposta recollida en só 4 puntos. A súa escasa presenza débese a que se trata dunha denominación moi pouco precisa, xa que pode remitir a varias advocacións (máis información en Ferro Ruibal 1992: 356). Por outra banda, a Virxe, na pirámide do santoral, ocupa o lugar inmediatamente inferior a Cristo, é dicir, que está por riba de tódolos santos. Sen embargo, en Galicia, tivo un gran competidor no Apóstolo Santiago. O culto destes dous santos compite sobre todo a partir de que Afonso X tentou atraer-la peregrinación cara á corte de Toledo e afastala de Compostela (isto foi o que o levou a face-las *Cantigas de Santa María*). A devoción que desde as esferas eclesiásticas, e polo tanto desde un ámbito culto, se lle dispensou ó Apóstolo a partir do século IX seguramente eclipsou ós ollos das nosas xentes a figura de María que, a pesar de todo, serve de advocación a 791 parroquias, sendo entre os santos quen máis parroquias ten¹.


Outros santos que celebran o seu día en agosto non chegaron a denomina-lo mes: *san Bernaldo*, *san Bertolameo*, *santa Clara*, *san Lourenzo*... Con todo, aparecen minoritariamente as denominacións *santa María* e *santa Mariña*. Esta última pode estar motivada polo feito de que popularmente se identifica coa santa María, pois Mariña aseméllase moito ó diminutivo de María (Mariña), aínda que non é esta a etimoloxía que se adoita propoñer para explica-lo nome (Ferro Ruibal 1992: 355 e 365).

b) Tampouco a Virxe se relaciona con ningunha faena agrícola en particular. De feito hai moi poucos refráns en que a Virxe de agosto se vincule ó mundo do campo: “de Nosa Señora de agosto a Nosa Señora de setembro, ou se perde a anada ou se gana”, “Nosa Señora coa súa fartura toda”, “santa María chega, volve galego para a túa terra”, “pola santa María de agosto, o sol posto”, “pola santa María de agosto a xovenca repasta un pouco”...

c) O mes por excelencia dedicado á Virxe é o de maio, en que ten lugar a celebración da Visitación da Virxe (o día 31). Aínda que non se atestou a sinapsia *mes da Virxe* nas respostas do *ALGa*, no dicionario de A. Estravís

¹ Proba da importancia que se lle dá a María a nivel popular é o feito de que como nome de pía ocupa o primeiro lugar no índice de frecuencia na nosa comunidade (Ferro Ruibal 1992: 43).

recóllese *mes de María* para referirse a maio. Tamén na literatura se documentou *mes da Virxe*¹.



Mapa 3. Mes de agosto

d) *Agosto* é o suficientemente significativo para designa-lo oitavo mes, pois é unha forma que está na base doutras voces relacionadas con feitos característicos dese tempo referidos á vida agrícola, por exemplo *agostar*: (α) murcha-las plantas pola moita calor, (β) seca-las fontes pola calor, (γ) labra-la terra despois da seitura (a seitura facíase a finais de xuño e durante o mes de xullo).


e) O peso da castelanización, xa que *agosto* coincide coa denominación castelá.

1 Esta información foi tirada da *Base de datos lexicográfica* do ILG.

Sorprendente resulta a resposta obtida en Cerceda (C.23), *a sega*, pois este labor véñse realizando comunmente en xullo. Cabe a posibilidade de que a sega sexa a do trigo serodio que madura máis tarde có normal. De feito, se nos fixamos no Mapa 4, neste mesmo punto rexístrase a denominación de *a malla*, que sería o paso seguinte ó da sega. Aínda sendo así, segue a resultar estraño que nunha zona de millo teña importancia a sega do trigo e do centeo.

3.4. O mes de setembro, san Miguel, a malla ou a colleita

No Mapa 4 salta á vista que as formas máis estendidas son as xulianas. De xeito minoritario aparecen as denominacións populares: *san Miguel*, *a malla* e *a colleita* (as dúas últimas baseadas en labores agrícolas).



Mapa 4. Mes de setembro

A festividade de san Miguel ten lugar o 29 de setembro, o que xustifica esta denominación. É un santo que popularmente se vincula á faena da vendima, que se realiza durante o mes de setembro; así temos refráns do

tipo: “polo san Miguel uvas e mel”, “¡aí vén san Miguel co seu tonel!”, “polo san Miguel uvas e mel”, “san Migueliño das uvas maduras, moito nos tardas e pouco nos duras”. Curiosamente a denominación *san Miguel* concéntrase en zona de produción vinícola. A lexicalización desta forma pode verse no adxectivo e substantivo *migueliño/-a* referido a un tipo de figos, ameixas e sardiñas que se dan en setembro, polo san Miguel (“setembro trae as castañas e as sardiñas migueliñas”)¹. Tamén no refraneiro constatamos a existencia do adxectivo feminino *sanmiguela* para referirse ás sardiñas desta época: “a sardiña sanmiguela ¡eis, a ela!”.

Chaman a atención as respostas *a malla e mes da colleita* (ámbalas dúas conviven co castelanismo *setiembre*). A primeira obtívose en Cerceda (C.23), no mesmo lugar en que para agosto se rexistrou *a sega*. A colleita probablemente sexa a do millo pois as patacas, nesta zona, véñense apanando no mes anterior.

De entre as formas xulianas, a que se impón por todo o territorio é o castelanismo, que está a acurruncha-las voces patrimoniais *setembro* e *setembre* polas beiras. Neste caso o castelanismo foille moi fácil instalarse pois non tiña case competidores noutras formas léxicas diferentes. En ocasións, cando conviven nun mesmo punto varias respostas, existe consciencia nos falantes de que a forma castelanizada é propia da xente nova, por exemplo en Agolada (P.2). Noutros puntos, o refraneiro conserva a forma galega *setembre* fronte á fala viva en que domina o castelanismo, é o caso de Ramirás (O.15) onde se recolleu o seguinte refrán: “En setembro i outubro as uvas, patacas, fabas e millo reculle”. Neste mapa ocorre o mesmo que imos mostrar para os meses seguintes: a forma máis próxima ó étimo latino-clásico², é dicir, setembro, é a que está máis estendida, pois recolléronse 30 *setembre* fronte a 13 *setembro*. Na lingua literaria comezou a coller pulo *setembro* a partir da década dos oitenta, xa que antes desta data o máis empregado era *setembre*. Estes datos son moi significativos, xa que poñen de manifesto que no eido da literatura a escolla estándar é moderna, socializada co proceso de normatización que foi desprazando pouco a pouco *setembre*.

3.5. O mes de outubro, san Lucas ou outono

A forma castelanizada *octubre* aparece moi estendida, sobre todo pola zona máis oriental e occidental do territorio. Con todo, en moitos casos, convive no mesmo punto con algunha das denominacións tradicionais; así

1 Ferro Ruibal (1992: 382) recolle refráns como: “polo san Miguel figos de mel”, “polo san Miguel figos a vender”.

2 A forma *setembro*, igual que *outubro*, *novembro* e *decembro*, presenta *-o* por hipercharacterización xenérica.

convive maioritariamente coa outra resposta máis recollida despois do castelanismo: *outono* e variantes (*mes del outono*, *autono*, *outoño*), formas únicas en 46 puntos.

A voz *outono* pode responder a varias motivacións. Non se pode explicar polo feito de que esta estación do ano comece neste mes (empeza o 21 de setembro). Probablemente, estea motivada por: (a) homofonía entre *outubro* e *outono* e (b) porque os efectos da estación se comezan a sentir dun xeito máis acentuado neste mes e non no anterior¹.


Son respostas minoritarias e rechamantes *san Miguel* (4 veces), que se festexa o 29 de setembro, e *santos* (5 veces), o 1 de novembro. Son festividades moi próximas ó mes de outubro, de aí que poidan chegar a denominalo.

Máis fácil de explicar é a resposta *san Lucas*, xa que, por un lado, a festividade deste santo é o 18 deste mes, por outro lado, esta resposta concéntrase nunha pequena zona ó norte de Lugo: en Viveiro (L.1), no Valadouro (L.5) e en Mondoñedo (L.9). Concretamente en Mondoñedo se festexa este santo, que é o patrón do concello, sendo moi concorrida a súa feira cabalar anual que coincide co día da festa. San Lucas é un santo que non pertenceu ó colexio apostólico (foi cristianizado por san Paulo), sen embargo, en Galicia, recibe un gran culto popular.

As únicas formas xulianas que se atestan son o castelanismo e a solución patrimonial *outubre*. A forma estándar *outubro* non aparece. Tampouco no refraneiro se constata. Nas fontes literarias máis antigas consultadas atopamos maioritariamente a forma *outono* e minoritariamente *outubre* (só dúas ocorrencias). *Outubro* aparece nas obras máis modernas e a partir dos anos oitenta. Igual que sucedía con *setembro*, *outubro*, na lingua literaria, foi desprazando a outra solución de carácter máis popular e de maior tradición, que era *outono*.

O dato máis interesante que nos ofrece o Mapa 5 é que a solución *outono* constitúe unha área compacta no centro do territorio fronte ás zonas máis exteriores en que dominan as formas xulianas. É dicir, que fixo recua-la solución *outubre*, que probablemente estaba moito máis estendida en épocas pasadas. Precisamente nas zonas en que se atesta *outubre* é onde se concentra de xeito máis palpable o castelanismo *octubre*, única resposta en moitos puntos. Isto mostra que foi nos lugares en que se empregaba unicamente a forma xuliana onde o castelán se instalou con maior facilidade posto que a semellanza fónica o favorecía.

1 De chover en setembro, en outubro os campos rebentan e dan *outono* ou *outonizo* (herba que se sega verde para o gando). Tamén é neste mes cando as follas das árbores se poñen marelas e comezan a caer (isto asóciase co outono).



Mapa 5. Mes de outubro

3.6. O mes de novembro, san Martiño, santo André, Santos, outonín ou outoniño

Constátase un forte grao de castelanización da forma xuliana, xa que só se recolleron 5 *novembro* e 5 *novembre* fronte a 103 *noviembre* (vid. Mapa 6). Con todo, hai 50 puntos en que os informantes non mencionan o castelanismo, 28 en que *noviembre* é resposta única, 2 en que convive con outras formas castelanizadas e 73 en que convive con solucións patrimoniais galegas. Ante estes datos, cómpre salienta-lo feito de que as formas patrimoniais contan cunha grande vitalidade malia teren un gran competidor no castelanismo *noviembre*. A presenza deste último é máis acusada nos extremos do territorio ca no interior.

Quitando *noviembre*, dominan as formas baseadas no santoral: *Santos*, *san Martiño* (*san Martín*), *Difuntos* e *san Andrés*. *Santos* e *san Martiño* son case excluíntes, só en 8 puntos conviven as dúas respostas. Hai maior concentración de *Santos* en Ourense, norte e sur de Lugo e da Coruña, centro e sur de


Pontevedra e na zona leonesa. *San Martiño* concéntrase na provincia da Coruña, no norte de Pontevedra e no centro de Lugo.

A grande presenza de *san Martiño* é debida á dobre influencia que no noso territorio exerceron san Martiño de Tours e san Martiño de Dumio/Braga (máis información en Ferro Ruibal 1992: 369 e ss.). O culto que se lle dispensou ó primeiro é o máis antigo, sen embargo a devoción popular confundíunos frecuentemente, sobre todo na zona sur de Galicia, debido á súa maior proximidade a Portugal. Hoxe en día, o san Martiño de Tours é titular de 235 parroquias e é o que se celebra o 11 de novembro. A devoción cara a san Martiño de Dumio (celebrase o 20 de marzo) comezou a decaer a partir da invasión musulmana, que deixou destruída a cidade de Dumio de xeito que perdeu a súa influencia eclesiástica. Por outro lado, e xa bastantes séculos máis tarde (século XII, cando Portugal se independiza en 1138), tiveron lugar enfrontamentos entre a sé compostelá e a diocese de Braga, por iso desde finais do século XIV as dioceses de Galicia, que dependían de Braga, deixaron de prestarlle obediencia ó arcebispo portugués e Santiago de Compostela se erixiu como cabeza das dioceses galegas. O esmorecemento do culto a san Martiño de Dumio está apoiado polo feito de que algúns lugares de Galicia, que nun principio festexaban este santo, pasasen a festexalo san Martiño de novembro.

Tamén a denominación relixiosa *Santos* callou fortemente (contrasta cos poucos *Difuntos*). Parte do éxito desta forma, xunto coa de *san Martiño*, é debido a que a tradición relixiosa se mesturou cun rito antigo en Galicia: o dos magostos, que se adoitan face-lo día de Tódolos Santos ou o de san Martiño. Este rito, coma todos aqueles en que aparece o lume (por exemplo no san Xoán), ten unha forte simboloxía e conecta directamente coas crezas relixiosas, xa que o lume das fogueiras non se pode apagar voluntariamente, senón que hai que deixar que se consuma porque a el se irán quenta-las almas defuntas.

